



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 36

**Sesión Plenaria**  
12 de xullo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.1 8042 (10/PNP-000741)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa materia de Historia da Filosofía, de 2º de bacharelato, e as probas de avaliación final de bacharelato, así como os aspectos que debe incluír ao respecto nas negociacións co Ministerio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

#### **4.2 8631 (10/PNP-000810)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

#### **4.3 9648 (10/PNP-000901)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Murillo Solís, María Guadalupe, e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 124, do 07.06.2017

#### **4.4 9980 (10/PNP-000932)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Solla Fernández, Eva**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

#### **4.5 10414 (10/PNP-000970)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **González Vázquez, José, e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 132, do 21.06.2017

**4.6 10444 (10/PNP-000975)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

**4.7 10795 (10/PNP-001014)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

**4.8 10801 (10/PNP-001016)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 1468 (10/INT-000054)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**5.2 6953 (10/INT-000285)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

**5.3 7198 (10/INT-000298)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

**5.4 10071 (10/INT-000428)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 11322 (10/POPX-000043)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa defensa dos intereses de Galicia  
no que vai da X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

**6.2 11394 (10/POPX-000044)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego no primeiro semestre de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

**6.3 11395 (10/POPX-000045)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a cabo en relación  
cos últimos conflitos xurdidos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 7011 (10/POP-000931)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das pemes aos con-  
tratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e  
locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

**7.2 11388 (10/PUP-000100)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e dez deputados/as máis**

Sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da Área Metropolitana da  
Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

**7.3 11392 (10/PUP-000101)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coas propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

#### **7.4 10373 (10/PUP-000091)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para dedicalo a museo como estaba previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

#### **7.5 2648 (10/POP-000244)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde da implantación do Plan Ictus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

#### **7.6 3857 (10/POP-000470)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

#### **7.7 10347 (10/POP-001397)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención da cirurxía pediátrica en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

#### **7.8 10481 (10/POP-001412)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis**

Sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

#### **7.9 10738 (10/POP-001450)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137, do 29.06.2017

**7.10 11333 (10/PUP-000096)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para tentar acadar a implantación en Galicia do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

*Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente pídelles ás señoras e aos señores deputados que garden un minuto de silencio na memoria de todas as vítimas da barbarie terrorista. (Páx. 14.)*

*O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e de dona Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 14.)*

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra por unha cuestión de orde na que manifesta a súa a queixa formal, así como o seu desacordo, e o do seu grupo parlamentario, con que se acumulen as preguntas que lle formulan ao presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 14.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa defensa dos intereses de Galicia no que vai da X lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego no primeiro semestre de 2017. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención dos autores: Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 15.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)*

*Réplica dos autores: Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 20.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)*

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a cabo en relación cos últimos conflitos xurdidos en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 25.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 26.)*

*Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 28.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 30.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e catorce deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e o establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 40.)

*A señora Murillo Solís (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 42.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 47) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 48.)

*A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 51.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 57.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 60.)

*O señor González Vázquez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 62.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor.** (Punto cuarto da orde do día.)



Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergatiños (BNG)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 67.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 69.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 70.)

*Nova intervención da señora Presas Bergatiños (BNG)*. (Páx. 71.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular-Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergatiños (BNG)* (Páx. 78.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 79.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 81.)

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 82.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergatiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 88.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 90.)

*A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 93.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

*O señor Quiroga Díaz (S) intervén para comunicar o resultado da transacción.* (Páx. 96.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e catorce deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e o establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de fazendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados: *aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións.* (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor: *rexeitada por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular-Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no medio rural.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 103.)

Réplica da autora: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 126.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) suspende a sesión por un tempo de cinco minutos.* (Páx. 128.)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria relativa a que a continuación se vai proceder ao debate da pregunta núm. 7.4, do Bloque Nacionalista Galego, para seguir logo co debate da interpelación núm. 5.4.* (Páx. 128.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para dedicalo a museo, como estaba previsto.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 132.)

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 133.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)* (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 142.)

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 147.)

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da Área Metropolitana da Coruña.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 149.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 151.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coas propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, no concello de Vigo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 154.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)* (Páx. 156.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde da implantación do Plan Ictus.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 157.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 158.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 159.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

*O señor presidente comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto.* (Páx. 160.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención da cirurxía pediátrica en Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención das autoras: *Sra. Blanco Rodríguez (S) e Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 163.)

Réplica das autoras: *Sra. Blanco Rodríguez (S) e Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 167.)

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 169.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 170.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 171.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 172.)

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 173.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 174.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 176.)

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para tentar acadar a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 177.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 178.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 179.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 180.)

*Remata a sesión ás sete e corenta e sete minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos retomar a sesión.

Antes de entrar no desenrolo da sesión, quixera comentarlles que hoxe se cumpren vinte anos do secuestro e posterior asasinato de Miguel Ángel Blanco. E por iso convido a todas as súas señorías e os invitados que están na tribuna a gardar un minuto de silencio na súa memoria e na memoria de todas as vítimas da barbarie terrorista.

*(Todos os membros da Cámara, así como os invitados á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Aplausos.)*

Retomamos a sesión co turno de preguntas para resposta oral do presidente. Comezamos co debate acumulado das preguntas de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e dona Ana Belén Pontón Mondelo.

*(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente, aínda que vostede non sexa adiviño, estou segura de que é perfectamente consciente de que pido a palabra por unha cuestión de orde, precisamente pola acumulación que vostede acaba de anunciar. Eu quero que conste neste pleno e neste Parlamento a queixa formal do noso grupo e o desacordo profundo con que se acumulen as preguntas que lle formulamos ao presidente da Xunta de Galiza. É evidente que esta acumulación desvirtúa o sentido desta sesión de control, que está pensada para que cada grupo, co seu enfoque, coas súas propostas e co sustento que lle queira dar a esa pregunta, poida formulalas. E claramente parece que o presidente da Xunta o que quere é escurrerse nun debate conxunto cada vez que ten ocasión.

Tamén quero sinalar que, tal e como vostede fai a acumulación das preguntas, o que está é alterando as regras de xogo deste Parlamento. Se son a mesma pregunta, ¿por que lle dá o dobre de tempo para contestar ao presidente? Se é a mesma pregunta, o que non pode ser é que o presidente, de repente, porque o decide vostede, teña o dobre do tempo do que recolle o propio Regulamento. E vostede sabe que os tempos nun parlamento son importantes, que son importantes para un debate. Están marcados no Regulamento, e, con claridade, o que se está facendo coa acumulación é intentar darlle máis vantaxe ao presidente da Xunta cando sempre, ademais, ten a última palabra para pechar os debates.

Eu creo que é un abuso. Acabamos este período de sesións no que, ademais, o noso grupo, por segunda vez, ve como se lle acumulan as súas preguntas, o que nos impide ter un debate de tu a tu co presidente da Xunta. Non sei se iso é precisamente o que se quere evitar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Como ben sabe, a decisión de acumular as preguntas é unha decisión do presidente do Parlamento, non do presidente da Xunta. O presidente da Xunta aquí non entra, entra o presidente do Parlamento.

Segundo, con respecto ao tempo, eu o único que fago é tomar como referencia o tempo que aquí historicamente se deu cando hai un debate acumulado. Non é a primeira vez que se produce un debate acumulado neste Parlamento. Polo tanto, eu creo que... E, ademais, estou respectando, como non pode ser doutro xeito, o Regulamento. Non podería ser doutra forma.

Polo tanto, comezamos co debate acumulado das seguintes preguntas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa defensa dos intereses de Galicia no que vai da X lexislatura**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego no primeiro semestre de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a súa pregunta o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días, señoras e señores parlamentarios.

Señor Núñez Feijóo, desde as últimas eleccións autonómicas, a miña impresión é que a súa estrela política brilla menos no firmamento da política española. Está pesando pouco nesa política —pesando, non pensando, que iso non o sei—. O Goberno do Partido Popular non deixa de darlle malas novas e voulle pór algúns exemplos. O PNV conseguiu arrancarlle ao Goberno do señor Rajoy a conexión do porto de Bilbao e as súas plataformas loxísticas co corredor ferroviario europeo. E de Galicia ¿que? Pois non houbo nada, non hai fondos para a conexión da Plisán á liña ferroviaria actual, e xa non falamos da modernización da conexión ferroviaria co porto de Vigo ou do inicio da liña que, vía Monforte ata Venta de Baños, faría posible a conexión dos portos galegos co corredor europeo.

Nos investimentos do Estado para Galicia en 2017 perdemos 400 millóns de euros, fundamentalmente para o AVE. Como levan cinco anos executando arredor do 40 % dos fondos previstos, estamos acumulando un retraso no financiamento do AVE de máis de 2.200 millóns de euros, o equivalente aproximadamente a catro anos de investimento. En 2017 recórtanse os fondos porque antes se gastou menos; é dicir, como quedamos a deber, agora non lle pagamos. Esa é a conclusión deste caso.

E, por último, o señor Rajoy lembrounos ao inicio do debate sobre o financiamento autonómico que as comunidades de réxime común terían que axustarse ao que hai. Pero ás comunidades do cupo, neste caso ao País Vasco, condónalle 1.400 millóns de euros e rebáixalle *ad futurum* o cupo en 400 millóns cada ano. Para Galicia non hai nada.

E agora, o veto da AP-9, perpetrado con premeditación, con aleivosía e con reiteración. O Goberno do señor Rajoy vetou unha vez a lei con criterios discutibles. Refixémola coidando os detalles, introducindo cláusulas de salvagarda para evitar o veto, convenientemente asesorados xustamente para que non houbera problemas. Aprobamos de xeito unánime esa proposición de lei no Parlamento de Galicia —co seu voto tamén—, limpa, digamos, como unha patena de consecuencias financeiras para a Administración Xeral do Estado. Pero o ministro De la Serna declarou xa antes de nada que a titularidade tiña que quedar onde estaba, antes de analizar sequera a proposición de lei. ¿Como cualificaría vostede esta actuación se estivese na oposición?

E, mentres, a Xunta de Galicia dálle coartadas ao Ministerio de Fomento creando comisións e posando ao seu carón.

¿Como respondeu o Goberno do señor Rajoy a esta actitude comprensiva? Vetando de novo a proposición de lei con falacias e con disparates conceptuais. O informe do Ministerio viste con pseudoargumentos a posición previa que xa adoptara o ministro. O Ministerio de Fomento despreza ao Parlamento de Galicia, e con el a todos nós. Rise de todos, e iso inclúeo tamén a vostede, e quere que traguemos con rodas de muíño. E, mentres, vostede mantén unha comisión de xestión da AP-9, unha comisión do servilismo, a submisión e o descrédito do noso autogoberno.

Señor Núñez Feijóo, mentres non considere persoa non grata o ministro de Fomento e rache as relacións institucionais con el, dando por pechada a comisión de xestión da AP-9, vai parecer cómplice desta situación, vai parecer cómplice. Pode que non o sexa, pode que sexa mera impotencia para, nesta situación, ter a capacidade de defender os intereses de Galicia diante do Goberno do señor Rajoy. Pero para gañar ese crédito ten que ser directo, contundente e firme.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Este é o último pleno ordinario deste período de sesións e a miña pregunta é se vostede, honestamente, pensa que gañou as súas vacacións. Pódolle asegurar que, vendo cal é o balanço do curso, ten vostede un suspenso coma unha catedral, porque leva vostede non só un curso, senón oito anos aplicando o mesmo método de estudo absolutamente fracasado. Un método de estudo



que se resume fundamentalmente en non escoitar a ninguén a non ser que lle dea a razón, e en ser absolutamente submiso ás decisións de Rajoy, custe o que custe e caia quen caia.

E ¿cal é o resultado? Pois permítame que llo explique con algúns exemplos.

A xente nova só ten dúas opcións: emigrar ou a precariedade. Os nosos pensionistas seguen tendo as segundas pensións máis baixas de todo o Estado. Pecha colexios públicos mentres lle dá máis recursos ao ensino privado. E creou un conflito no sector do transporte que xa lle digo eu que non se vai solucionar nin con chulería e soberbia nin co ordeno e mando do Consello da Xunta.

O problema deste método fracasado non é que vostede suspenda —iso levaríámolo con alegría, case llo podo dicir—. O problema é que Galiza queda atrás, o problema é que lle fai ao noso país repetir ano tras ano as mesmas asignaturas. Un ano máis Galiza vai perder 3.500 millóns porque vostede non negocia un sistema de financiamento xusto; un ano máis retrasos no AVE mentres vemos como noutros territorios levan décadas desfrutándoo; un ano máis discriminación do Estado con Galiza cun recortazo de 442 millóns de euros mentres outros conseguiron unha chuvia de millóns; un ano máis estafas bancarias con miles de persoas ás que vostede deixa soas e co finiquito do sistema financeiro galego; un ano máis vemos como a corrupción do Partido Popular pode poñer en risco 300 empregos na Costa da Morte se vostede cede á chantaxe de Villar Mir. E un ano máis, señor Feijóo, os galegos e galegas, Galiza, soporta as peaxes da AP-9 mentres Rajoy ten 4.000 ou o que faga falta para rescatar as radiais madrileñas.

E permítame que me deteña un pouco máis no tema da AP-9 á vista das últimas novidades. Vostede anunciounos unha subida das peaxes, e empezan as retencións quilométricas con cero sancións a Audasa. E temos o segundo vergoñento veto de Rajoy a unha lei que aprobamos por unanimidade neste Parlamento solicitando a transferencia. E eu preguntolle: ante este agravio ¿vostede vai seguir co método da submisión a Rajoy ou, como dicía o seu slogan, vai exercer como militante de Galiza? Propóñolle, señor Feijóo, que cambie de método, que exerza como presidente de Galiza.

Hai unha cousa que é moi sinxela. Pode vostede levantar o teléfono e recordarlle a Ana Pastor, presidenta do Congreso e que é deputada por Pontevedra, que sería indecente que traizoara os intereses da xente que a elixiu, incluído vostede, que supoño que a votou.

Isto, señor Feijóo, non vai de informes xurídicos, isto vai de facerse respectar como país. Se non o fai, o que nos queda é pensar que nisto da AP-9 o que fixo foi marcarse un farol e que todo foi un paripé. E créame que non queremos pensar iso.

E, por todo isto, preguntolle, señor Feijóo, se realmente con este expediente vostede cre que gañou as súas vacacións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, di vostede que, despois das eleccións autonómicas en Galicia, a nosa estrela política brilla menos. Esa é unha forma de entender a consecución dunha maioría absoluta. Certamente nunca me sentín tan feliz de ser presidente da Xunta como neste último semestre. Dígollo para aclarar: este último semestre é o mellor de Galicia dende o ano 2008; e este último semestre, señoría, é o semestre con máis noticias positivas de Galicia, para Galicia e en Galicia dende o ano 2008. Iso non significa, señoría, que o balance que fago deste inicio de lexislatura, dende decembro ata o de agora, non sexa o suficientemente prudente como para seguir amosando preocupación: preocupación, porque hai aínda moitas galegas e moitos galegos que non teñen traballo, e preocupación porque hai que consolidar a recuperación económica. Pero tampouco significa que non debamos ser optimistas ante todos os datos irrefutables, señor Leiceaga. Vostede sabe que a economía galega está crecendo máis que nunca dende o ano 2008; vostede sabe que o paro en Galicia está baixando máis que nunca dende o ano 2008; vostede sabe que as apostas na educación pública, na sanidade pública e nos servizos sociais están sendo máis e con máis intensidade que dende o ano 2008.

Señoría, levamos tres anos crecendo ao 3 %. Todo invita a pensar que este ano volveremos outra vez á barreira do 3 %. Dende que asumimos o goberno, o consumo dos fogares está incrementándose tres veces máis que no resto de España; as exportacións seguen marcando récord histórico semestre a semestre; o déficit público segue controlado; a débeda pública segue por debaixo da media en cinco puntos, en termos de PIB, das comunidades autónomas; somos a segunda comunidade autónoma que mellor paga de todo o Estado; en ámbitos do paro, hoxe temos menos paro que cando vostedes estaban no Goberno, en plena bonanza económica. Señoría, hoxe, dende que iniciamos a lexislatura, temos 16.000 parados menos e 16.000 afiliacións máis á Seguridade Social, é dicir, o paro en Galicia, dende que comezou a lexislatura, baixa ¡70 persoas cada día!

Señoría, temos proxectos para o rural; temos proxectos para os autónomos, pactados con eles; temos proxectos para a industria 4.0 —pregúntelle á Citroën ou a Televés ou a outras—; temos proxectos para a internacionalización e, de feito, as empresas están exportando máis que nunca; temos un plan de turismo; temos nada máis e nada menos que toda unha axenda de formación e de fomento do emprego para toda a lexislatura. Por iso me sorprende que vostede nos veña aquí con este tipo de cuestións.

En todo caso, alá vostedes; pero si me gustaría, dado que falan de cuestións concretas, falar de cuestións concretas. Fálame vostede da AP-9. Eu estou moi satisfeito de poder ter este debate da AP-9, señora Pontón, señor Leiceaga. Vostedes estaban en contra de que pediramos a transferencia da AP-9 —si, señoría, está no *Diario de Sesións*—. E por iso, nós sempre mantivemos o mesmo plantexamento: cando estábamos na oposición e no Goberno queríamos a transferencia da AP-9. Vostedes, cando estaban apoiando o Goberno de Madrid, ¡en contra da transferencia da AP-9!, ¡señora Pontón, iso está dentro da biografía dos nacionalistas galegos! E agora resulta que vostedes se sorprenden de que o Goberno de España siga plantexando o mesmo que plantexou sempre, co PSOE e co PP: non á transferencia da AP-9. Pero nós imos seguir, señor Leiceaga. Temos tres obxectivos: o primeiro, que, efectivamente, na AP-9 non se fagan investimentos sen contar coa Xunta de Galicia: obxectivo

conseguido. Segundo obxectivo, que paguen o diñeiro que os galegos estamos adicando á peaxe de Rande e á peaxe da Barcala: sete millóns de euros cada ano, 180 millóns de euros ata o ano 2048. Segundo obxectivo, que os pague o Goberno de España. Dado que di que a titularidade da autoestrada é do Goberno, que pague. E, terceiro obxectivo, conseguir a transferencia.

Señor Leiceaga, espero que me acompañe nestes tres obxectivos, ¿ou quere vostede que paguemos nós as peaxes de Rande e A Barcala, como pactaron o PSOE e o BNG co Goberno de España, e non pedir a transferencia, como pactaron o PSOE e o BNG?

Señor Leiceaga, señora Pontón, fálánme vostedes do AVE. Somos a segunda comunidade autónoma con maior investimento de España por habitante: temos o 11 % do total dos presupostos do Ministerio de Fomento; cando vostedes gobernaban, chegáballes o 8. E non se esqueza, señor Leiceaga: non teña mala conciencia, pero o «no es no» dun ano sen presupostos e sen Goberno en España ten as súas consecuencias nos atrasos do AVE.

Dixen diante do ministro que nós non estamos satisfeitos co deslizamento, co atraso de tres trimestres —ata finais do ano 2019— no AVE, e mantéño na Cámara. Pero hai unha data certa e concreta en Galicia: que o AVE entre en 2019 en probas e que se vendan billetes no ano 2020. Señor Leiceaga, non me vai apartar dos intereses de Galicia, en ningún caso.

Sobre Euskadi, ¿de que me fala, señor Leiceaga? ¿Acaso vostede está en contra de conseguir o que o Partido Socialista de Euskadi, apoiando o Goberno de Euskadi, pide en Vitoria, e agora resulta que vostede está en contra, en Santiago? Señor Leiceaga, hai que ter un pouco de memoria, porque os galegos tamén sabemos ler os periódicos de fóra de Galicia. Vostedes din que o cupo está mal hallado en Euskadi, e aquí, que está sobrefinanciado. Señor Leiceaga, eu dixen o de sempre: que o cupo non está suficientemente explicado e que non hai transparencia do Goberno, do meu Goberno en España, cos acordos do PNV; e reitéroo como presidente de Galicia; e por iso eu milito en Galicia, señora Pontón, non teña vostede ningunha dúbida.

E como milito en Galicia vou defender os transportes dos galegos. Vou defender os transportes dos galegos do medio rural; vou defender o transporte da pequena e mediana empresa; vou defender o transporte dos traballadores, a súa subrogación e os seus contratos.

Señora Pontón, ¿a quen defende vostede no transporte? Espero que no turno de réplica o aclare. Nós estamos defendendo os traballadores; ¿a quen defende vostede no transporte, señora Pontón? Está clarísimo a quen defende vostede no transporte, os traballadores xa o saben: a patronal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Xa entendo que onte non quedou moi satisfeito da prestación do seu conselleiro de Facenda; por iso hoxe ten que vir aquí repetir os argumentos. Pero non vou entrar niso, non vou entrar niso, non vou entrar niso. (*Aplausos.*)

A cuestión do cupo é fácil de entender: se hai diñeiro para as comunidades autónomas para o financiamento dos servizos básicos, debe repartirse con criterios de necesidade. E vostede, coma min, sabe que o financiamento da Comunidade Autónoma vasca está por riba, bastante por riba, das comunidades de réxime común e, en concreto, Galicia. Por tanto, se hai diñeiro para o País Vasco, tamén para aquí: iso é o que reclamo eu. Supoño que coincidirá comigo, señor presidente da Xunta.

Pero mire, non quero que me explique por que o señor Rajoy o ten castigado: vostede e el saberán. Non me preocuparía se non fose porque, castigando o presidente da Xunta, están castigando a Galicia, e iso non pode ser. E, se un non pode, o que debe facer é solicitar axuda dos que estamos dispostos a colaborar, porque nós nos ofrecemos a pechar acordos en favor dos intereses de Galicia. Xa o fixemos no financiamento, parcialmente; xustamente, o que vostedes non quixeron foi reclamarlle máis recursos ao señor Rajoy. E debemos facelo tamén en infraestruturas: hai que pechar un gran pacto, un gran pacto en infraestruturas, que necesita este país, e precisamos un acordo para vencer a resistencia do Goberno do Partido Popular a someter a trámite a transferencia da AP-9; necesitamos ese acordo. Fíxese vostede: o veto do Goberno do señor Rajoy á discusión da lei da AP-9 no Congreso dos Deputados é un veto á discusión, non ao resultado: non hai nada máis antidemocrático que isto. En realidade, o Partido Popular en Madrid estase comportando como un partido antisistema, que non é capaz de respectar o cometido de cada un dos órganos constitucionais, que está corrompendo o funcionamento das institucións por intereses partidarios. E neste caso o veto ten que ser referendado pola Mesa do Congreso dos Deputados, na que o PP ten unha posición decisiva e na que está —si— a señora Ana Pastor, deputada por Pontevedra, do seu mesmo grupo.

Escoitei que o seu grupo definía como un erro a posición do ministro de Fomento. Eu creo que é unha posición cínica, pero en todo caso aceptemos o de *erro*, os erros eméndanse. Pode que os membros da mesa do Congreso descoñezan as razóns do Parlamento de Galicia: expliquémolles, fagamos unha comisión dunha persoa por grupo que se dirixa á Mesa do Congreso, con Ana Pastor á cabeza, e expliquémolles a nosa razón, expliquémolles que non estamos reclamando os fondos hoxe. Estou de acordo con vostede en todas estas cuestións que plantexou en relación coa AP-9, pero non son suficientes: consigamos tamén a transferencia e empecemos a xestionar esa infraestrutura desde aquí. Deámoslles a coñecer, con esta embaixada pacífica da razón e da dignidade deste Parlamento, deámoslles a coñecer as nosas explicacións sobre por que debe someterse a trámite a lei da AP-9.

Digámoslles que non se fala da recuperación da concesión, que as cuestións financeiras teñen que ser discutidas na Comisión Mixta de Transferencias, e que calquera carga financeira sobre a Administración xeral do Estado se traslada a un orzamento posterior, porque iso é o que está na lei, que non hai escusas para que deixe de tramitarse esa proposición de lei.

Señor Núñez Feijóo, se quere recuperar a credibilidade sobre este tema, rompa relacións co ministro, desactive a comisión da AP-9 e mentres non se resolva esta cuestión...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...acepte esta comisión que eu lle propoño para explicarlle as razóns á señora Ana Pastor e, de non ser así, eu xa lle anuncio que solicitaréi aos outros grupos da oposición que convoquemos un pleno extraordinario para tratar esa cuestión nas próximas semanas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, ¿por que vostede engana os galegos e as galegas? Dígamo. ¿Por que ten que vir a este Parlamento mentir sobre a historia e sobre a realidade e a responsabilidade de cadaquén?

Mire, o BNG no transporte teno moi claro: nós defendemos os traballadores e as traballadoras, defendemos os usuarios e defendemos os escolares, que teñen dereito a un transporte digno. E defendemos que non se finiquite unha parte do tecido empresarial do noso país, como parece que pretende vostede. (*Aplausos.*) ¿Que está defendendo vostede, señor Feijóo? ¿Facer do transporte público un negocio? ¿Que o asesor da conselleira leve contratos millonarios para facer unhas liñas que son un absoluto desastre? ¿Que está defendendo, que dúas transnacionais se queden con todo o transporte público e que en vez de defender os usuarios vexamos como son as grandes empresas as que fan negocio cun servizo que é público?

Pero mire, en relación co tema da AP-9, vostede ten a memoria moi fráxil. ¿Cal foi o primeiro goberno que solicitou a transferencia da AP-9? Non foi o seu, non; foi o Goberno que gobernou lexítima e democraticamente Galiza entre o ano 2005 e o ano 2009. E vostede viña a rebufo das propostas do Goberno e agora pretende crear unha gran mentira, cando esa foi a primeira vez que se solicitou a transferencia. ¿Sabe que fixera vostede antes en relación coa AP-9?: vir a este Parlamento xustificar que se privatizara a AP-9 e que se ampliaran as peaxes até o ano 2053. Esa é a súa carteira de servizos, está nos diarios de sesións que vostede viña aquí dicirnos que non pasaba nada pola privatización da AP-9, que era un bo negocio para Galiza vender a AP-9 por 1.500 millóns de euros, e ter peaxes até o ano 2053. Esta foi a súa carta de presentación en Galiza como conselleiro de Política Territorial en relación coa AP-9. Polo tanto, señor Feijóo, leccións sobre a AP-9, cero; leccións sobre a AP-9, ¡cero!

E mire, ¿sabe quen foi o primeiro grupo que trouxo a este Parlamento a proposta de transferencia a través dunha lei?: o BNG. E se hoxe estamos aquí é grazas a esa iniciativa, non a ningunha iniciativa do Goberno. Esa mesma lei podía estar aprobada hai anos, porque se debateu no Congreso dos Deputados e o seu partido, señor Feijóo, o Partido Popular, votou en contra desta transferencia.

Pero mire, eu o que lle recomendo é que vostede non se confunda de inimigo. No BNG estamos traballando para conseguir a AP-9, para conseguir esa transferencia e acabar coa estafa das peaxes que sofren cada día miles de galegos.

Neste tema ten vostede o inimigo na casa. Un está sentado no Ministerio de Fomento, outra está sentada na presidencia do Congreso dos Deputados e outro está sentado na presidencia do Goberno. Pídlle, señor Feijóo, que cambie de guión, ¿está vostede disposto a enfrontarse a ese tridente ou simplemente vén aquí, en relación co tema da AP-9, ver se botan atrás iso en Madrid e se quita un problema? Porque é sospeitoso que vostede nin tan sequera...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...levantara o teléfono para chamar a señora Ana Pastor e reclamarlle que se levante no Congreso ese veto. Porque a decisión depende da Mesa do Congreso, e o voto da señora Ana Pastor é absolutamente decisivo para esa toma en consideración.

¿Está vostede disposto a levantar ese teléfono ou simplemente prefire quedar sentado e quedar de perfil?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Mire, a súa posición co tema da AP-9 está rozando o ridículo, igual que as súas declaracións en relación co tema dos investimentos do Estado. Euskadi, Cataluña, Valencia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...todos conseguiron investimentos multimillonarios. Estase acelerando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Terminou o tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...estase acelerando o AVE no corredor do Mediterráneo, e vostede ¿que lle deixa a este país, señor Feijóo? ¿Como non imos....

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ¿Que lle deixa a este país, señor Feijóo? ¿Como non imos...?

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señora Pontón, non nos imos de vacacións, hai que facer o teito de gasto. Espero desfrutar da súa presenza no pleno onde aprobamos o teito de gasto. *(Murmurios.)*

Mire, señora Pontón, di vostede se lle minto a Galicia. No seu turno de réplica contou catro falsidades, ¡catro! *(Murmurios.)*

A primeira. Que se a conselleira ten un asesor en materia de transporte que lle dá contratos. Falso. Debería de revisar quen lle daba contratos a esa persoa no Goberno, o Bipartito. *(Murmurios.)*

A segunda. Que vostede defendía a transferencia da AP-9. *Diario de Sesións*, data 30 de marzo de 2007. Votos en contra da transferencia da AP-9, o da señora Pontón mais os seus compañeiros do BNG e do Partido Socialista Obreiro Español.

Señor Leiceaga, ¿estaba vostede de deputado daquela? Vostede votou en contra da transferencia da AP-9, e vostedes tamén, señora Pontón. *(Aplausos.)* Vostede tamén.

Terceira. Investimentos multimillonarios no Levante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Resulta que cando vostedes estaban no goberno querían o 8 % do investimento total do Estado, e agora que temos o 11 %, vostede se queixa.

E, señora Pontón, a última. ¿Quen defende os traballadores no transporte? Defende os traballadores aquel que fai un prego para que os traballadores queden automaticamente subrogados nas liñas concesionais, sexa quen sexa o empresario que resulte adxudicatario. *(Aplausos.)* Ese é o que defende os traballadores. Defende os traballadores a Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras, e non algún sindicato que ten unha pinza coa patronal e que vostede representa. *(Murmurios.)* Señora Pontón, en catro minutos dixo vostede tantas falsidades que non teño tempo para contestarlle a moitas máis.

Señor Leiceaga, ¿pero é que acaso lle molesta que a economía galega vaia mellor que nunca dende o ano 2008? ¿É que acaso lle molesta que o primeiro semestre deste ano sexa o mellor semestre dende que son presidente da Xunta? ¿É que acaso lle molesta que todos os indicadores económicos e sociais estean en positivo, señor Leiceaga? Vostede me propón agora que rexeitemos a figura do ministro de Fomento. Pero, señor Leiceaga, ¿non se acorda de que vostedes e mais o BNG non quixeron reprobar a ministra do Plan Galicia de mier..., a señora Magdalena Álvarez? Pero, señor Leiceaga, ¿é que acaso vostede non ten memoria do que facía o seu partido cando gobernaba? ¿É que acaso, señora Pontón, no Senado o BNG impediu a reprobación da señora Magdalena Álvarez? Iso si, reprobárona os votos e os tribunais. *(Aplausos.)* Señor Leiceaga, un pouco de respecto pola memoria. Un pouco de respecto pola memoria, que en Galicia temos memoria.

Señor Leiceaga, proponme vostede axudarnos para a transferencia da AP-9. Estou de acordo. Propúxenlle tres cuestións. A primeira, unha comisión que está funcionando para que os investimentos da AP-9 se pacten con Galicia. A segunda, recuperar 180 millóns para os galegos e non pagar as peaxes dunha autoestrada do Estado. E a terceira, insistir e persistir todo o

tempo que faga falta para a transferencia da AP-9. ¿Estamos de acordo, señor Leiceaga? Manteñamos a unidade.

¿Pero vostede estaría de acordo en asumir a transferencia da AP-9 e que fora Galicia quen pagara as peaxes de Rande e A Barcala? ¿Vostede firmaría esa transferencia? Eu non, xa o anticipo. Polo tanto, non firmarei ningunha transferencia que supoña incremento de gasto para Galicia como consecuencia da asunción desa competencia.

Primeiro limpemos a transferencia, limpemos a AP-9 de obrigas presupostarias, e sigamos pedindo a transferencia da AP-9 estea gobernando quen estea, señor Leiceaga. ¿Ese é o pacto que vostede me propón? Eu acéptoo. Agora ben, se vostede o que me propón son pactos espurios como seguir pagando unha peaxe ao Goberno de España co diñeiro dos galegos nunha autoestrada de titularidade estatal, non conte comigo para esa broma que vostedes asinaron. (*Aplausos.*) Non conte comigo para iso, señor Leiceaga.

Señor Leiceaga, dígollo con absoluta cordialidade: eu non vou falar do seu balance dende que está vostede de portavoz do grupo, pero —como vostede imaxinará— creo que todos os galegos o saben: crise, división e desconcerto. Agora por fin saben quen manda no Partido Socialista; manda exactamente aquel que sacou os peores datos da historia do Partido Socialista. Agora vostedes xa saben que queren ser de maiores; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de maiores queren ser aliados das mareas de Podemos. E agora vostedes xa teñen un proxecto claro para España: en Madrid están en contra do referéndum de autodeterminación en Cataluña, e en Cataluña queren participar nese referéndum de autodeterminación. O que aínda non sabemos, señoría, é quen manda no Partido Socialista en Galicia. Iso seguro que o saberemos despois das vacacións.

Comprenderá, señora Pontón, que o señor Leiceaga ten que coller vacacións. En todo caso, señora Pontón, vostede comprenderá que o balance do BNG durante estes meses foi esclarecedor. (*Murmurios.*) Señora Pontón, o primeiro que fixo o BNG durante estes seis meses nos que vostede é a lideresa foi cambiar de logo. Agora as letras do BNG xa non están en maiúsculas, están en minúsculas. (*Aplausos.*) Probablemente, señoría, porque esa é a aportación máis importante do que vostedes fixeron.

Miren, señora Pontón e señor Leiceaga, se queren falar en serio da transferencia da AP-9, estamos de acordo. Se queren seguir solicitando a transferencia da AP-9, conten co Goberno, co grupo maioritario, co presidente da Xunta. Agora ben, se o que queren é simplemente facer ruído, ¡alá vostedes!, pero síntome moi tranquilo, moi satisfeito e moi honesto coa miña posición política. Estivera quen estivera no Goberno, pedín a transferencia da AP-9. Xa sei que agora non é o mellor momento para facer transferencias ás comunidades autónomas. Si. Xa sei que agora hai moitas autoestradas de Cataluña para as que se pide a transferencia do Estado á Generalitat de Cataluña. Si. Xa sei que agora, señoría, é o peor momento para falar de transferencias. Si. Pero, aceptando todo isto, eu non podo aceptar, señoría, que a transferencia dunha autoestrada vital para Galicia estea condicionada aos problemas estruturais e territoriais do Estado español.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Esa é a miña postura, señor Leiceaga, pero, evidentemente, iso non me leva máis que a confirmar que estamos planteando os intereses de Galicia con honradez, que non temos ningún compromiso con ninguén mais que cos galegos, e que levamos o mellor semestre dende o ano 2008, cando empezou esta lexislatura.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a cabo en relación cos últimos conflitos xurdidos en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, acaba o final de curso e, polo tanto, é momento de facer balance. Vostede recibiu unha maioría para gobernar e a xente confioulle o Goberno, e ao cabo deste primeiro curso a xente pensa que a situación é de completo desgoberno. Estará vostede moi satisfeito do último semestre, pero é un semestre de desgoberno no que a cidadanía está descontenta coa súa xestión.

A mocidade quería ter oportunidades de estudar e de vivir con dignidade na súa propia terra e 15.000 persoas tiveron que emigrar; 15.000 universitarias e universitarios tiveron que emigrar durante estes anos do seu desgoberno. ¿E cal é a súa resposta durante este último semestre? Pechar escolas, pechar o futuro, ou mellor dito, por ser literais co que di o *Diario Oficial de Galicia*, extinguilas. O peche aínda evoca a posibilidade de volver abrir, pero a extinción evoca a desaparición completa. ¿Iso é o que vostede quere para a nosa mocidade?, ¿a súa extinción no país? ¿Iso é o que quere para o ensino rural?, ¿a súa extinción, o seu abandono? ¿Iso é o que quere para o noso interior?, ¿unha desertización completa? ¿Ese é o futuro que vostede ten para a mocidade deste país?

A súa falta de plan, a súa falta de ideas, levouno a unha inmovilización completa de Galicia. Conseguiu vostede o que parecía inédito: poñer de acordo a patronal e sindicatos para facerlle unha folga de transporte porque non tiñan plan para desenvolver Galicia, porque non ten un plan de ordenación do territorio.

Ese é o plan do Partido Popular para Galicia: o inmovilismo, que a xente non poida marchar nin a un lado nin ao outro. A xente espera na parada do bus e pensa: non votamos o Partido Popular para isto. Haberá un bo curso, haberá un bo máster, pero será en desgoberno.

Moita xente non puido operarse, segue en lista de espera con agardas que superan os 90 días en espera cirúrxica; e nin sequera temos datos de cal vai ser o número de peche de camas este verán.

Vostede fixo da saúde, que era un dereito, un negocio para os seus amigos, e agora estámolo pagando todas e todos. Vai a custa da saúde de toda a cidadanía. ¿Está vostede satisfeito con iso? A xente agarda na consulta do médico a seren atendidos e din: non votamos o Partido Popular para isto.

A falta de iniciativas levounos o ano pasado a deixar sen gastar 57 millóns de euros en materia de formación e promoción de emprego e emprego en igualdade, o que levou unha vez máis a consolidar unha liña que era a anomalía do emprego en Galicia. Unha política de recortes que levou a un maior desemprego e a unha peor recuperación agora que a economía está en positivo. A xente que espera na cola do Inem di: non votamos a Feijóo para isto.

A súa falta de estratexia industrial leva ás novas empresas de automoción a instalarse fóra do cinturón industrial de Vigo. E os obreiros parados, esperando por carga de traballo, preguntanse, ¿por que Feijóo nos castiga desta maneira, sen ter un plan industrial que viabilice o noso país? Aquí parece que a única estratexia de estímulo industrial —xa o di así o señor Rueda— son precisamente os contratos do seu amigo Faílde para a adquisición de material de emerxencias. Esa é a única política empresarial e de compra estratéxica que ten —parece— para este país.

A economía medra, pero non beneficia a todos por igual. Durante o último ano aumentou o índice de pobreza e de exclusión social o 37 % entre a mocidade, e o risco de pobreza infantil un 7 %. A xente que non ten diñeiro para chegar a fin de mes e que non pode pagar as súas facturas, entre elas as da luz, pregúntase por que vostedes destinan os cartos da pobreza enerxética para comprar bombillas para o Gaiás.

Faga vostede balance deste curso académico, faga vostede balance dese máster de desgoberno, e díganos se está ou non satisfeito. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señor Villares, vostede fala de desgoberno e de conflitos. Dende logo, vostede é un experto, é un experto de conflitos. Entende tanto de conflitos, señor Villares, que precisamente non se dá conta de que o maior conflito político que hai en Galicia é coa súa persoa. Si, si. Os problemas que vostede acaba de relatar seguro que teñen solución; agora, dáme a sensación de que o conflito que vostede produce no seu grupo só ten unha solución. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Evidentemente, señoría, eu non vou dar... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. Silencio. Eu escoitei tamén a pregunta. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu non vou dar a solución para o conflito do señor Villares. *(Murmurios.)* E non a vou dar, entre outras cousas, porque

os seus compañeiros de escano, sobre todo os máis próximos, estarían encantados de que eu dera a solución. Pero non a vou dar, señoría. *(Aplausos.)* Non a vou dar.

Señorías, ¿pero é que acaso xa non son galegos? Os galegos temos retranca, señorías. *(Murmurios.)* Sexan vostedes receptores da retranca do presidente da Xunta porque é galego polos catro costados, señor Villares. Non crea que galegos son os que o queren votar a vostede. Non, non, galegos somos todos, señoría. Incluso a maioría que nos puxo no goberno. ¿Para que? Para gobernar. Exactamente o contrario de desgobernar.

Vostede fálame de conflitos, de inaccións e ademais de desgoberno. Pero, señor Villares, vostedes gobernan nalgún sitio en Galicia. Por gobernar enténdese tomar decisións. ¿Pode vostede, no turno de réplica, falar-me dos gobernos que desgobernan en Ferrol, en Santiago e na Coruña?

Señor Villares, eu vou falar dos galegos. Mire, señor Villares, con todo respecto, nós o que intentamos é mellorar, por suposto, os contidos da educación. ¿Vostede está en contra de que os alumnos de primaria estean en centros de primaria e de que os alumnos de instituto estean nos institutos? ¿Está vostede en contra diso? É o que fixemos: que os alumnos de primaria sigan nos centros de primaria e que os alumnos de secundaria se concentren nos centros de secundaria. ¿E somos culpables por facer iso, señor Villares?

Resulta que nos asuntos do transporte agora somos culpables, señoría, por defender que os galegos teñan transporte a partir de agosto. Señor Villares, teño á súa disposición as renuncias das empresas, son estas; están asinadas polas empresas. Renunciaron ao transporte. ¿Vostede que me propón?

Señor Villares, ¿acórdase de cumprir a lei? ¿Acórdase vostede aínda da importancia da lei? ¿Acórdase vostede da importancia de cumprir as sentenzas dos tribunais, especialmente do Tribunal Supremo? ¿Acúsame vostede de cumprir a lei e de cumprir as sentenzas do Tribunal Supremo? Señor Villares, era o último que me esperaba de vostede.

¿Acúsame vostede de defender os traballadores? ¿Un 25 % máis de diñeiro para defender os traballadores; dous millóns de euros máis cada ano nos contratos de concesións para que os traballadores sigan co seu posto de traballo?, *(Aplausos.)* ¿iso é do que me acusa, señor Villares? Señorías, ¿de que lado están?, ¿dos traballadores ou da patronal?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Están do lado dos cidadáns do rural ou están do lado simplemente dos intereses de determinadas empresas?

Señor Villares, eu entendo todo. Entendo as incertezas que provocan as novas decisións, por suposto, pero eu vou gobernar Galicia, porque non gobernar non é de recibo para alguén que ten unha maioría importante na Cámara.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E dígolle unha cousa: non é delegable o goberno. Eu asumo os meus erros e asumo tamén as miñas decisións.

O que si me gustaría, señor Leiceaga, é que votedes asumiran de vez en cando algunha postura... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Perdón, señor Villares, perdón. Digo que me gustaría que vostedes asumiran unha postura, unha, para saber exactamente que é o que propoñen, porque así sería...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...posible falar con vostede de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Pregunta, señor Feijóo, de que lado estamos. Nós, da xente que traballa na Costa da Morte. Vostede, do lado de Villar Mir, que para iso lle financia o Partido Popular. *(Aplausos.)*

É ben fácil, e ademais non vai con retranca, por se acaso non entendía. Podemos abusar da retranca e dicir que con ese financiamento ilegal talvez poidan pagar as fianzas de todos aqueles que hoxe están en Soto del Real, porque, se queren retranca, tamén a temos.

Pero sexamos serios, porque algúns queremos ofrecer unha alternativa política para este país fronte ao seu desgoberno. ¡Claro! É que aquí hai dúas formas de entender o país. O País das marabillas, no que parece que vive o señor Feijóo e unha parte importante do partido Popular, e despois está a Galicia real, a Galicia que non cre as súas mentiras, a Galicia que non se resigna, a Galicia que sae ás rúas... Se vostede pensa que o maior conflito que ten o país é este que lle fala é que vostede está xordo, é que vostede é miope, é que vostede non escoita, é que vostede non ve.

Hai unha mobilización cidadá inxente en calquera lugar onde mire. De feito, a súa Delegación do Goberno dixo que era o territorio do Estado con máis conflictividade social, con máis mobilización cidadá. ¿Por que? Porque hai un país que vive na rúa, á marxe das mentiras do Partido Popular, comezando polo ensino. A xente non se resigna a que lle pechen escolas, non se resigna a que lles extingan dereitos, non se resigna a que os boten do rural. E nós todas defendemos con esa xente o dereito a unha nova lei galega de educación dialogada; o dereito a que se pechen as fendas entre o rural e a cidade a nivel de ensino. Queremos que todo o mundo teña acceso a todos os principios básicos de educación, algo que vostedes lles negan.

Hai unha activa marea por unha sanidade pública que quere que non fagan diso un negocio, que non quere que pechen as camas, que quere que lle presten atención á Atención Primaria, que reduzan as listas de agarda... Iso é o que queren, iso é o que esperan de vostede.

Hai un sector do transporte que espera que levante a inmovilización e o inmovilismo ao que vostede ten sometido o país. Faga caso a algo máis que non sexa a aqueles Vega Sicilia que aínda lle veñen ao padal, ¡home! Non ceda ás chantaxes dos monopolios.

¡Claro que cumpren as sentenzas, porque non lles queda máis remedio! Pero a esas sentenzas chégase tras a súa vontade rebelde de non cumprilas precisamente pola chantaxe dalgúns empresarios que actuaban en réxime de monopolio e vivindo moi ben grazas a vostedes.

Pero non só isto, a conflitividade social, esa que vostede non escoita porque lle parece que non existe, tamén levou aos traballadores de PSA a facer unha folga, leva aos traballadores do metal a facer unha folga porque queren mellorar as súas condicións de traballo, levaron tamén aos do 112, de Emerxencias, tamén a facer folga porque queren condicións laborais dignas. ¿Do lado de quen está?, ¿de quen quere condicións laborais dignas ou de quen abusa dos traballadores? Parece que o ten moi claro.

En Marea presentou aínda onte aquí unha batería de iniciativas de emprego. Copien algunha, ¡non nos parece mal! Ían corenta, escollan as que queiran, pero promocionen o emprego neste país para que a xente non teña que emigrar, teña dereitos e teña calidade de vida sen ter que andar esmolando, sen ter que andar buscando pan noutras partes. E sobre todo, en relación coa Costa da Morte e en relación con Ferroatlántica, non ceda ás chantaxes de Villar Mir. Estea do lado da xente, estea do lado do pobo. Nós ímolo apoiar se está dese lado. Estea do lado da legalidade, xa que fala de legalidade.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Impida a segregación —e vou rematando—. Póñase do lado do 99 % da Costa da Morte e non do 1 % dos intereses de Villar Mir. Póñase do lado da xente.

E en relación —e remato xa— coa AP-9, polo tema final, desde logo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, claro.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿De que lle serviu a Galicia ter unha maioría absoluta do Partido Popular se nin sequera é capaz vostede de facer valer a posición unánime desta Cámara, que expresa a posición unánime de todo o país en relación cunha infraestrutura que é esencial. ¡Bochorno prodúcelle á cidadanía de Galicia esta situación de indefensión na que vostede nos deixa!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, evidentemente, vostede retranca non ten, non sabe diso. Vostede, de imputar delitos, diso si. Agora dime que en Ferroatlántica cumpra a lei e que no tema dos transporte incumpra a lei. Bueno, eu vou en transportes a cumprir a lei e en Forratlántica a cumprir a lei. *(Aplausos.)* Iso é o que imos facer: cumprir a lei nos transportes e cumprir a lei en Ferroatlántica.

¿De que lado estamos? Estamos do lado dos galegos, punto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estamos do lado dos galegos que están sendo maltratados, expropiados e secuestrados en Venezuela. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Deses tamén estamos... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¿E vostedes por que votan en contra deses galegos? *(Aplausos.)* ¿Por que lles interesa máis defender o réxime do señor Maduro que defender as liberdades dos galegos en Venezuela?

Señor Villares, iso xa forma parte da súa biografía política para sempre.

Mire, señor Villares, siga vostede calumniando...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...eu simplemente leo o *Diario de Sesións*. Non se preocupe.

¿De que lado estamos? Dos galegos. ¿De que lado estamos? Da sanidade pública. O 67 % dos hospitais en Galicia neste momento está ampliándose ou reformándose, porque o resto xa son novos.

Debería dar vostede unha volta polos hospitais, non soamente ler determinados comunicados de determinados sindicatos, señor Villares. Porque vostede de sanidade o que sabe é o que lle contan, pero se quere saber algo de sanidade, faga preguntas sobre sanidade. Mire, estamos reformando todos os hospitais de Galicia salvo os que xa están novos. *(Aplausos.)*

Señor Villares, fala vostede das aulas. Sabe que o número de alumnos por aula en infantil é de 25 e en secundaria é de 30. O que acabamos de facer é respectar absolutamente esas ratios, pero por abaixo. Nas Pontes o número de alumnos será entre 20 e 23, en Ribadavia 27, no Porriño 24 e en Outes 14. ¿De que se nos acusa, señor Villares? ¿De que se nos acusa?

Acúsasenos de que os rapaces de secundaria nas Pontes vaian e se consoliden nun instituto que está a 500 metros dese propio centro que se adica a primaria. Deixemos aos rapaces de primaria en primaria e aos de secundaria en secundaria. ¿É que acaso cando vostede e eu

estudamos no instituto non funcionaba así, señor Villares? ¿De que se nos acusa? En Ribadavia, ¿sabe cal é a diferenza dun centro a outro centro? Unha valla.

Señoría, pero se quere vostede falar do que se facía aquí en sanidade... A verdade é que di: sempre está mirando para atrás. Non, non estamos mirando para atrás, é que o que estamos facendo é mirando para o ano 2008, as decisións que tomaron os que defenden a educación pública. A educación pública consistía, en doce centros que afectaban a 291 alumnos, separalos, pero non uns metros. Os de Samos tiveron que ir a Sarria, 12 quilómetros; e os de Portomarín tiveron que ir a Lugo, 28 quilómetros. Señor Villares, ¿onde estaba vostede cando ocorría todo isto no Goberno democrático de Galicia? Eu estaba aquí, señoría, e polo tanto sei os datos do que ocorría.

Señor Villares..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...os galegos temos memoria; memoria de todo e memoria para todo. Dos nosos erros e, por suposto, tamén dos nosos compromisos.

Señor Villares, díxenllo moi claramente, se está vostede preocupado polos traballadores do transporte, ten vostede o acordo asinado cos traballadores do transporte. Se vostede está preocupado polas empresas, ten vostede a renuncia das empresas ás que neste momento imos volver adxudicar. Se está vostede preocupado por cumprir a lei, non teña vostede ningunha dúbida de que o presidente da Xunta cumprirá sempre a lei.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Agora ben, non quero falar do desgoverno nin dos conflitos dos gobernos das Mareas co PSOE nos concellos, porque, evidentemente, cumprirían varios plenos. Pero o que si lle digo é, mire, nós somos auto-críticos e recoñecemos os nosos erros. Se hai que seguir dialogando nas Pontes, seguiremos. Se hai que seguir dialogando cos transportistas, seguiremos. Recoñecemos os nosos erros.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Vostedes, nas Mareas, non recoñecen un só erro. Bueno, minto, só recoñecen un erro: nomealo a vostede portavoz.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e catorce deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e o establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentáronse emendas de En Marea, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda nº 1, de engádega.*

*Débase engadir un novo apartado no punto 1 co seguinte texto:*

*<<c) Instar o Goberno de España a modificar os artigos 140, 142, 152, 379, 380 e 382 de acordo co plantexado pola Mesa Española da Bicicleta e coa súa participación.>>*

*Emenda nº 2, de engádega.*

*Débase incorporar o seguinte apartado no punto 2:*

*<<d) Incrementar os medios humanos e materiais necesarios para os controis de velocidade, alcohol, drogas e emprego de dispositivos electrónicos que fomentan a condución desatendida, xa que son as causas da inmensa maioría dos sinistros viarios.>>*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir na parte resolutiva dous novos apartados, que serían o 5 e o 6, co seguinte texto:*

*<<5. Crear unha mesa galega pola mobilidade ciclista para estudar e planificar actuacións encamiñadas a mellorar a seguranza viaria e a promover o uso da bicicleta como modo de transporte, deporte e lecer.*

*Formarán parte desta mesa as administracións relacionadas coa seguranza viaria e a mobilidade (Administración do Estado, Xunta de Galiza, deputacións e concellos) e as entidades relacionadas coa promoción e uso da bicicleta.*

*6. Dirixirse ao Goberno do Estado para que impulse as reformas normativas necesarias (lei de tráfico e código da circulación) para promover e protexer os modos de mobilidade saudábel, nomeadamente o peonil e ciclista.>>*



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<4 bis. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consolidar, antes de finais de 2019 un plan director de mobilidade alternativa de Galicia dotado cos recursos necesarios.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Murillo.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A proposición non de lei que vén hoxe ao noso Parlamento é especialmente relevante, por canto, pese a ser unha proposición que moito ten que ver co eido deportivo, imos falar de risco para a vida e para a integridade das persoas.

O uso da bicicleta implica facer deporte, o deporte é saúde. Dende todas as administracións públicas estamos a fomentar a práctica do deporte, entre outros motivos, polos beneficios que aporta á saúde dos cidadáns. Por estes motivos o número de usuarios da bicicleta aumentou considerablemente nos últimos anos.

O uso da bicicleta como medio de transporte ten beneficios, evidentemente, tamén na mellora do medio ambiente. Nestes momentos, neste país, existe unha fonda preocupación polo coidado que debemos ter co mundo no que vivimos. Dende todas as administracións públicas tentamos concienciar a xente dos beneficios do uso dos medios de transporte menos contaminantes. Polo tanto...

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, silencio.

**A señora MURILLO SOLÍS:** ...o uso da bicicleta é relevante como medio de transporte non contaminante, é relevante como forma de facer deporte, tanto afeccionado como profesional, e o uso da bicicleta facilita o benestar e a saúde dos seus practicantes. Por iso non deberíamos ter que falar de mortos e de feridos cando estamos a falar dunha actividade que facemos para mellorar a vida e a saúde de todos.

No programa electoral con que conquerimos o Goberno da Xunta de Galicia amosamos xa o noso compromiso e preocupación por un feito que, dun tempo a esta parte, gañou presenza e notoriedade nos medios de comunicación, e non por cousa boa, senón por todo o contrario.

O incremento no número de usuarios, e pode que a falta de concienciación de moitos que comparten estrada cada día con eles, dá como resultado un alto índice de sinistralidade nas nosas estradas. É certo que o número de vítimas mortais é menor cada ano dos derradeiros analizados, pero non é menos certo que cada vez é maior o número de accidentes con feridos nas nosas estradas.

Nese compromiso do PP, do que falabamos, «identificaranse aqueles percorridos da rede autonómica de estradas con presenza habitual de ciclistas para a súa adecuación e axeitada sinalización, advertindo aos condutores de vehículos da súa presenza» debemos amplialo hoxe, buscando ser máis contundentes aínda pola realidade ante a que nos atopamos nos últimos tempos, que amosa a existencia dunha debilidade, xa ben na nosa lexislación, xa ben na percepción dos cidadáns sobre os perigos da falta de precaución nas estradas españolas.

A proposición que hoxe trasladamos a esta Cámara ten dúas vertentes. A primeira é tomar medidas in situ nos lugares onde se produce maior número de accidentes. E a segunda, solicitar a reforma do Código penal para que as condutas negligentes non queden impunes. Situación que está a xerar na cidadanía e nos afectados por este tipo de accidentes unha situación de impotencia.

Dende a Xunta de Galicia existiu e existe unha fonda preocupación pola seguridade nas estradas galegas. O Plan de seguridade viaria 2011-2015 primeiro, e agora o que está vixente, o 2016-2020, ten como obxectivo a diminución do número de accidentes e sinistros nas nosas carreteras. As accións contempladas baséanse en gran medida naquelas que foron realizadas con éxito en plans anteriores. O novo plan de seguridade viaria 2016-2020 dá continuidade ao anterior. Este plan elaborouse cunha participación altísima de moita xente, xa que se tratou na Comisión autonómica de tráfico e seguridade viaria, onde están representadas todas as administracións con competencias na xestión de infraestruturas viarias de Galicia, a DXT e a Agrupación de Tráfico da Garda civil. Ademais, contou tamén coa implicación das distintas consellerías da Xunta de Galicia e coa participación dos diferentes axentes sociais. En definitiva, tratouse de involucrar neste plan 2016-2020 a todos os axentes que teñen algún tipo de relación coa seguridade viaria de Galicia. Ambos os dous plans tiñan como un dos seus obxectivos prioritarios e estratéxicos as medidas de seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables, dos usuarios de vehículos sen motor, nas nosas estradas.

Asemade a Secretaría Xeral para o Deporte promove o ciclismo como deporte completo e coordina as relacións institucionais entre as federacións deste ámbito, que son a de ciclismo e a de triatlón, e as distintas consellerías coas que poden ter intereses comúns.

Dende os dous órganos do goberno mantense un fluído diálogo con este colectivo, para afondar en medidas que reforcen a seguridade viaria dos ciclistas como usuarios máis vulnerables das nosas estradas. Como exemplo diso, a Axencia Galega de Infraestruturas está a desenvolver dende o ano 2016 o Plan de sendas de Galicia, que comezou coa elaboración dunha estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia en coordinación co Plan de seguridade viaria 2016-2020 e co Programa operativo Feder 2014-2020, que recolle entre as súas liñas de actuación as medidas de apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentábel, sendas peonís e ciclistas.

A estratexia está centrada no fomento da mobilidade alternativa a nivel local, cotián e comarcal, de xeito que se favoreza a conexión e acceso das zonas residenciais ás zonas de servizos a través dos medios non motorizados.

A seguridade destes desprazamentos é un dos obxectivos. Busca crear sendas ao longo das estradas de titularidade autonómica que diminúan o perigo nas estradas para as persoas que opten pola mobilidade alternativa e que faciliten e fagan posible que o conxunto dos usuarios circule en condicións de maior seguridade.

A permanente relación coa Federación Galega de Ciclismo como interlocutora dos máis de 250 clubs de Galicia, e a súa cercanía cos case máis de 7.000 ciclistas federados, xeran sinerxías que deron como consecuencia a sinatura de convenios entre a AXI, a Axencia de Infraestruturas de Galicia, e a Federación de Ciclismo, co obxecto de establecer as bases para colaborar nas actuacións de fomento da seguridade viaria dos ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no tránsito polas estradas. Polo tanto, deste xeito, como podemos ver, estanse a trasladar en tempo real as necesidades e preferencias deste colectivo para a práctica desta disciplina deportiva.

Non vou falar máis do que xa está feito, senón do que aínda queda por facer, para que co acordo de todos traballemos para crear algo mellor neste eido. Centrareime nos catro puntos da proposición que traemos a pleno, que —como xa avancei— tenta mellorar a seguridade dos ciclistas nas nosas estradas.

Presentamos dous tipos de iniciativas diferentes. Unhas que teñen unhas medidas que se tratarán *in situ*. E outra que é a reforma do Código penal.

Entre as primeiras, pedimos que se intensifiquen os controis de vixilancia habitual exercida polos corpos e forzas de seguridade nas zonas con máis presenza ciclista, e tamén que se intensifiquen especialmente aqueles controis de análises de alcohol e drogas. Tamén que se realice unha correcta, visible e abundante sinalización, con carteis que lembren a distancia que hai que manter —dun metro e medio— para adiantamentos aos ciclistas, e naquelas estradas nas que hai maior presenza de ciclistas, que se sinalice nelas. Isto dixémoslle a todas as administracións: á autonómica, á do Estado, ás provinciais e ás locais.

Así mesmo, tamén lles pedimos a estas mesmas administracións que desenvolvan campañas de promoción do uso da bicicleta xunto con campañas de concienciación do perigo de non ter precaución nas estradas.

En segundo lugar, instamos a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan a reforma do Código penal que sirva para acadar a mellora do marco normativo que regula os delitos relacionados coa seguridade vial, como usuarios —os ciclistas— máis vulnerables destas estradas.

Pedimos a recuperación da figura da imprudencia con resultado de lesión ou falecemento como suposto legal, e que se revise o concepto de imprudencia grave cando se provoca un accidente con alcohol ou drogas, para que pase a considerarse delito por dolo eventual, e así aumentar a súa pena.

Aínda que o Congreso dos Deputados vén de aprobar por unanimidade unha proposición non de lei na que lle dá un prazo de tres meses ao Goberno para que presente un proxecto de lei orgánica de reforma do Código penal, entre outras cousas. Aínda que o Partido Popular no Congreso dos Deputados rexistrara unha proposición de lei orgánica de modificación da Lei orgánica 10/1995, do Código penal, en materia de imprudencia na condución de vehículos a motor. E aínda que todo indica que daremos un paso adiante en temas de seguridade nas estradas por interese de todos, entende este grupo que a especial sensibilidade deste Parlamento e a boa sintonía con que todas as asociacións de ciclistas presentes na nosa comunidade teñen connosco, merecen o noso total respaldo e un contundente pronunciamento.

Por iso, e porque temos que velar pola vida e boa saúde das persoas ás que cada día animamos a practicar este deporte, agardo contar co seu respaldo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Murillo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Bo día.

Menos mal que tiña aquí o texto da iniciativa, querida Lupe Murillo, porque vai tan rápido que é difícil seguirlle o ritmo. (*Murmurios.*) En todo caso, teño que dicir que compartimos a necesidade de debater e de actuar nesta materia, aínda que tamén é certo que temos discrepancias en relación coa política de mobilidade e co enfoque que lle dan a este tema.

Falou vostede da mobilidade ciclista como deporte. Eu creo que hai que ter unha visión máis ampla, porque a mobilidade ciclista cumpre máis funcións que a deportiva, como sabemos. Ademais tampouco compartimos este enfoque case exclusivamente centrado no debate sobre os accidentes, sobre os atropelos e sobre as vítimas mortais, que nos preocupan, desde logo, moitísimo —onte mesmo houbo un atropelo mortal nunha rúa moi céntrica de Madrid, está habendo todos os días casos que son dramáticos e, desde logo, temos que actuar para combater estes accidentes, esta mortalidade, e evitar que as estradas e as rúas sexan unha ameaza e unha trampa mortal para os peóns e para os ciclistas, para os usuarios máis vulnerables—, pero pensamos que hai que ir máis alá das medidas concretas, que hai que ir máis alá da resposta co Código penal, que soe ser unha reacción en quente, de lexislación en quente, e isto pensamos que non é unha boa solución, polo menos non é a solución completa.

Polo tanto, o que pedimos é que se faga desde unha visión máis ampla, máis global, e que fagamos tamén un debate sobre as políticas de promoción da bici e da mobilidade que responda ás tres <<s>>: saudábel, sustentábel e segura.

Eu creo que aquí temos que avogar pola necesidade dunha estratexia propia, dunha estratexia galega, dunha estratexia ademais participada a prol da promoción da mobilidade na-

tural, que é a mobilidade a pé, a mobilidade en bici, e que non é a mobilidade alternativa, en todo caso, preferimos chamarlle mobilidade natural.

Temos que constatar neste sentido —temos que dicilo así— o fracaso das políticas de mobilidade e seguraza viaria do Goberno galego. Onte falabamos do tema do transporte público e hoxe temos que falar da mobilidade ciclista, e a evidencia é que hai un desnorte, unha deriva e unha política de bandazos.

Os datos de utilización da bicicleta en Galiza son raquíuticos, son ridículos, estamos por debaixo do 1 % de utilización da bici, e na maior parte dos casos en desprazamentos por razóns recreativas e deportivas, non de mobilidade, de transporte propiamente dito.

Existe un exemplo clarísimo dese fracaso e desa parálise das políticas de mobilidade natural que é o propio Plan director de mobilidade que lle chaman vostedes alternativa, que se iniciou no ano 2010, que foi contratado a unha consultora madrileña, GEA21, cun prezo de 340.000 euros e que está gardado nun caixón. Non chegaron nunca a aplicalo, nin sequera hai un documento definitivo dese plan. ¿Onde está? Porque claro, vostedes presumen de ser os grandes xestores das contas públicas e resulta que contratan un plan por máis de 300.000 euros e agora téñeno aí, gardado nun caixón. Só se fixo o documento de diagnose, fíxose un documento de criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas no ano 2012, que non aplicaron nunca, por certo, porque agora están con esta idea de que non son vías ciclistas as sendas verdes, son outra cousa, cumpren outra función, e na web da Consellería só existen uns documentos cunha serie de vaguidades.

Polo tanto, nestes anos perdeuse unha grande oportunidade de avanzar de verdade neste tema. Non houbo unha política decidida e clara, con medidas de apoio e de promoción da mobilidade ciclista, e así estamos como estamos, coas estradas que temos, coas vías que temos e coa ausencia na maior parte das cidades de políticas claras a favor doutros modelos de mobilidade.

Polo tanto, temos que desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, en materia de seguraza viaria. Actuacións tamén de sensibilización, de promoción e de incentivo do uso da bicicleta. Actuacións tamén de formación e información, por exemplo, a respecto dos adiantamentos a ciclistas, do famoso metro e medio. Informar de que se pode invadir o carril contrario, por exemplo, para facer ese adiantamento; hai moitos condutores que non coñecen esta norma. Ou actuacións relacionadas tamén coa actividade económica e co turismo, porque a bicicleta tamén é un poderoso motor da actividade económica e hai moitas iniciativas neste sentido.

Polo tanto, quero transmitir aquí a nosa disposición a apoiar as medidas propostas polo Partido Popular. En todo caso, pensamos que tamén debían ter receptividade a respecto das emendas que presentan os grupos da oposición e que presenta tamén o BNG, e podíase chegar a un acordo para tomar realmente unha resolución moito máis ampla, máis integral, cunha visión máis completa da que propoñen vostedes, que falan case exclusivamente de medidas penais e de medidas preventivas, que son necesarias, pero non localizadas en determinadas zonas. Porque ¿cales son as vías de máis uso ciclista? ¿As que utilizan os ciclistas

para a actividade deportiva? Tamén as vías urbanas son de uso ciclista, as vías interurbanas son de uso ciclista, polo tanto, temos que ter unha visión máis ampla.

Propoñémoslles tamén aprobar e desenvolver ese plan director, actualizado, negociado e participado con todos os axentes sociais. Propoñémoslles crear unha mesa galega pola mobilidade ciclista, onde estean todas as administracións con competencias na materia e tamén as entidades que traballan neste sector, que teñen moitas ideas e que teñen moita vontade de colaborar, de traballar e de participar para facer realidade estas propostas. E tamén propoñemos que haxa un desenvolvemento normativo e unha actualización normativa fundamentalmente en dúas normas. Na Lei de tráfico, que debe deixar de chamarse Lei de tráfico xa dunha vez, porque o tráfico remite ao tráfico motorizado e a mobilidade é un concepto moito máis amplo, e temos que incorporar aí...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...as políticas a favor da mobilidade natural. E tamén no Código de circulación, onde ten que incorporarse a bicicleta e a mobilidade ciclista como un dos aspectos centrais da mobilidade.

Polo tanto, se hai receptividade por parte do Partido Popular, teñan por seguro que imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Murillo, que vértigo. A verdade é que me rompeu vostede absolutamente o ritmo. Daba a sensación, nestes días que estamos de volta ciclista, que eu ía subindo o Tourmalet e vostede ía baixando. Despacio, amodiño. (*Aplausos.*) Eu creo que todos os vehículos, motorizados e non motorizados, temos que ir a xeito. E neste caso, sendo non motorizados como é a bicicleta, aínda con máis calma.

En todo caso, evidentemente, é unha situación complicada, fundamentalmente porque se están producindo dúas cuestións que teñen que ver moito coa seguridade na estrada, cos accidentes, e iso realmente é o que nos debe preocupar. Unha situación complicada na que é verdade que vemos constantemente, permanentemente, que o uso da bicicleta é cada vez maior, que hai unha inclinación á utilización da bicicleta e que temos unhas dificultades estruturais e tamén conxunturais, pero sobre todo estruturais, importantes. Unhas dificultades estruturais que teñen que ver coas propias infraestruturas da estrada.

Debemos recoñecer que a nosas estradas non están, a maior parte delas, preparadas para asumir nin o que había xa en usuarios da bicicleta, nin o que se está producindo con respecto

ao aumento deses usuarios. Non temos preparadas, polo tanto, as infraestruturas, e cunha chamada á maior utilización, evidentemente temos unha maior presenza e, polo tanto, aumentan as dificultades.

Somos conscientes de que non hai medidas máxicas para evitar os accidentes, non as hai. Hai medidas que podemos tomar, algunhas de carácter xeral e outras de carácter puntual, en cada un daqueles sitios en que ten lugar fundamentalmente o uso desas infraestruturas.

É un tema do que xa se vén falando desde hai tempo. En concreto, no ano 2011 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas amosou xa o seu interese por ese desprazamento alternativo creando un plan director de mobilidade para aplicalo xa no ano 2012. É verdade que practicamente desapareceu do calendario, ou desapareceu do calendario, e non se chegou a facer practicamente nada ou moi pouco no aumento de ciclistas ás infraestruturas, que foron medrando.

Tamén é verdade que as infraestruturas non teñen que ser as mesmas en todos os sitios, porque teñen que ir en función do tipo de usuarios, do lugar dos usuarios e da utilización para a que se fai a bicicleta. No medio rural é habitual que unha persoa maior ou unha persoa nova, simplemente para desprazarse cincuenta ou cen metros, colla a bicicleta para ir á tenda, para ir ao bar. Sen embargo, hai tamén outro tipo de uso no tema do desprazamento, por exemplo ao lugar de traballo, para facer actividades, fundamentalmente nas zonas periurbanas e nas zonas urbanas, e aí xa hai a utilización máis clásica da bicicleta como un deporte. Son situacións diferentes que temos que analizar tamén na súa diferenza. Non pode ser, polo tanto, unha situación de tabula rasa continua, onde busquemos alternativas para uns e non para outros.

Dos beneficios do uso da bicicleta xa non fai falta falar, con respecto ao cambio climático, con respecto a todas esas medidas positivas que temos coa súa utilización. Como dicía, non hai solucións máxicas, pero si hai moito que facer, e diso temos que ser conscientes. Hai moito traballo que facer eu creo que fundamentalmente en dous ámbitos, e tamén nun engadido. O primeiro, no sentido do traballo de infraestruturas. O segundo, no traballo de formación e sensibilización.

Nós, o Grupo Socialista, consideramos —e de feito así o reflectimos na Comisión de seguridade viaria da lexislatura pasada— que a formación é absolutamente imprescindible para que todos os usuarios da estrada: condutores, vehículos motorizados e non motorizados, e peóns sexamos capaces de convivir na propia estrada cos mínimos accidentes posibles, e para iso a formación, a sensibilización e a educación vial é absolutamente imprescindible.

Cada un ten que saber o seu papel, ten que saber cales son os seus dereitos, pero tamén cales son os dereitos dos demais, para poder respectarse e —como digo— poder convivir nun ámbito que é único para eses usuarios. Polo tanto, nós somos incluso partidarios de que dentro da educación infantil, dentro da educación primaria, se inicie un proceso de formación e de educación vial, porque nos parece absolutamente imprescindible para o uso da estrada como medio de desprazamento, coas diversas características e usos que ten.

Nós imos apoiar esta iniciativa porque nos parece importante —e de feito así o veñen pedindo as federacións—, fundamentalmente nas fins de semana. Hai que ter en conta que a maior parte dos accidentes se producen os domingos pola mañá, cando os que saíron pola noite están de regreso e os que saen pola mañá a andar en bicicleta están de inicio, polo tanto é unha confluencia moi complicada. Polo tanto, estamos de acordo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Xa remato, señor presidente.

Ten que haber unha presenza, dalgunha forma, de tráfico que sexa capaz de evitar esas cuestións.

Somo tamén partidarios de que poida haber determinadas vías que teñen agora menos utilización, como son, por exemplo, as nacionais, que van paralelas ás autovías, que poden estar mellor sinalizadas e dalgunha forma «reservadas» para facer deporte.

E nós simplemente presentamos unha emenda de adición, dirixida ao Goberno galego, no sentido de que o Parlamento galego inste a Xunta de Galicia a consolidar, antes de finais de 2019, un plan director de mobilidade alternativa de Galicia dotado con recursos suficientes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Grupo parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Vese que o Grupo Popular de Galicia non ten moita comunicación co seu ministro de Xustiza nin co seu grupo parlamentar no Congreso dos Deputados, porque o día 16 de xuño, hai menos dun mes, como xa comentou a súa voceira, o seu grupo no Congreso, o Partido Popular, vostedes, presentaron unha proposición de lei orgánica de modificación do Código penal para emendar a desfeita que o seu grupo Parlamentario en Madrid, o Partido Popular, vostedes, artellaron coa reforma do Código penal do 2015 en materia de seguranza viaria.

E quero insistir nisto porque pode parecer que o Partido Popular non ten ningún tipo de responsabilidade na desprotección coa que se atopan os ciclistas. Os que despenalizaron en xullo de 2015 a imprudencia leve foron vostedes. Os que fixeron que matar un peón, un ciclista, na vía pública non teña ningunha contestación na vía penal, no caso de imprudencia leve, foron vostedes.

E non moveron nada ata que o tremendo labor de Ana González López, á que lle mataron ao seu marido e nin sequera se abriu xuízo oral grazas á súa modificación da lei, fixo o esforzo



de xuntar máis de 200.000 firmas contra a súa reforma do Código penal. O seu ministro de Xustiza —ese demócrata exemplar— tivo que asumir como propia esta reivindicación da reforma do Código penal para devolvela a unha situación parecida á que se atopaba antes da súa chapuza lexislativa do 2015, e esa chapuza lexislativa é xa algo moi habitual no Partido Popular.

Pero as chapuzas seguen. A proposta de reforma que presentou o PP, vostedes, en Madrid hai menos dun mes segue a ser incompleta. A Mesa española da bicicleta, onde se integran a Real Federación Española de Ciclismo, a Asociación de Ciclistas Profesionales, Ciclojuristas, ConBici e outros, non está contenta coa súa proposta de reforma, xa que apenas soluciona o problema e se incorpora un novo delito de abandono del lugar del accidente.

Segue sen penalizar as imprudencias leves. Mantén que os excesos de velocidade teñan que ser esaxeradamente altos para considerar unha imprudencia como grave; máis de 110 quilómetros por hora en vías urbanas e máis de 180 quilómetros por hora en vía convencional, e unha taxa de alcohol en aire espirado totalmente ilóxica, de 0,60 miligramos por litro para considerar unha imprudencia como grave e non ser leve. Pero, aínda así, no caso de que se determine que a imprudencia sexa grave, a pena de cárcere é mínima, de tan só un ano, o mesmo que a retirada de licenza de condución, polo que a súa reforma segue a considerar que matar a un ser humano dentro dunha cidade, circulando co coche a 150 quilómetros por hora ou triplicando a taxa de alcohol, pode terminar cunha pena de cárcere de tan só un ano, e que coa actual lexislación este homicida non chegue a pasar nin un só día no cárcere.

Por estes motivos e máis supostos que aclara a Mesa española da bicicleta no seu último comunicado, entendemos que esta reforma do Código penal é insuficiente en materia de seguranza viaria. Pero é que, ademais disto, esta PNL que traen hoxe aquí é tamén claramente insuficiente. Non atende as peticións da propia Mesa da bicicleta, que son totalmente razoables e razoadas en termos xurídicos por Francisco Bastida, catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Oviedo e partícipe na Mesa española da bicicleta por Ciclojuristas, porque se esquecen —e non se preocupen que xa o solucionamos nós coas nosas emendas de engádega— dunha reforma máis completa e profunda dos artigos 140, 142, 152, 379, 380 e 382 do Código pena, que son os que están a facer que as imprudencias moi graves non estean penadas de acordo cos feitos acaecidos. E ese é o motivo polo que propoñemos as nosas emendas de engádega, para que esta PNL recolla todas as cuestións máis importantes e urxentes nesta materia, pois compartimos nos argumentos e nos discursos que a vida dos ciclistas e das ciclistas merecen actuacións importantes e non declaracións de intencións a medias e tibias.

Se queren ser contundentes e que os infractores non queden impunes, como dixo na súa intervención, acepten as nosas emendas, e terán o noso apoio.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Murillo Solís.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Moitas grazas a todos polos apoios recibidos.

Señor Bará, querido amigo, tes razón, pero é que esta PNL ten que ver moito cos ciclistas que fan deporte e probablemente o que ti queres é algo máis amplo que haberá que falar noutra comisión, noutra PNL, na Comisión de seguridade vial deste Parlamento, non permanente. Facer alí máis suxerencias, porque esta é como moi concreta, fala de seguridade nas estradas galegas, nada máis.

Señor Fernández, asumo ao cento por cen o seu discurso. Eu penso moi parecido ao que vos-  
tede acaba de dicir.

Señor Cal, eu non lle vou falar do relato do que se fixo no Congreso dos Deputados porque xa falei do que pasou e xa falei de que nós queremos facer algo máis. Entón, penso que xa está todo dito.

Sendo como é un tema sensible para todos, coñecendo como coñecemos todos tanta xente que practica este deporte, seguro que agradecerán o noso interese e a nosa vontade na busca da mellora da seguridade dos ciclistas. Agradecerán o ton, agradecerán o consenso e, sobre todo, agradecerán que as medidas que instamos a adoptar sexan realidade e amosen a súa efectividade. Que acertemos esta vez será importante.

Finalmente, só resta recomendar prudencia nas estradas a todos. Respecto aos ciclistas, que non esquezan as normas. Que canto máis á dereita da calzada mellor, e como moito en parella, non en pelotón, que as multas empezan a chegar tamén para eles.

Os condutores de vehículos a motor teñan presentes as normas, circulen con precaución. E sobre todo non esquezan nunca que o ciclismo é un deporte, que nas estradas habilitadas cabemos todos, e que un pouco de precaución ben vale unha vida.

En relación coas emendas presentadas, proporei un texto alternativo que incorpora máis ou menos as dúas propostas de En Marea e unha do BNG. A proposta do PSOE, que insta a Xunta de Galicia a consolidar antes de 2019 un plan director de mobilidade de alternativa para Galicia non se vai incorporar porque —como xa dixen— está incluído no Plan de sendas de Galicia que se está a desenvolver neste momento, dende o ano 2006, neste senso, e que ten un plan de actualización que finalizará no 2020.

Sobre a non inclusión da creación da Mesa galega pola mobilidade, proposta polo BNG, penso que no meu relato xa quedou explicado que son varios os organismos que neste momento están velando por estudar a mellora das condicións da seguridade dos usuarios máis vulnerables, e non por crear máis comisións imos acadar mellores resultados. En todo caso, como vostedes ben coñecen, temos unha comisión específica non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia neste Parlamento, á que se poden achegar todo tipo de suxerencias. Como poden escoitar, tentamos incorporar as emendas de todos os grupos da Cámara, porque é importante garantir a integridade das persoas; persoas que só querían facer deporte cando saíron da casa.

Señor Bará, de verdade que eu sei que o que vostede quere é máis. Ve máis o ciclismo como transporte e non como facer deporte, eu sei. Pero esta PNL tiña máis que ver coa seguridade dos ciclistas, que estamos a ver con problemas cada día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Murillo.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a cumprir a legalidade, convocando de inmediato a mesa sectorial do Sergas para negociar coas organizacións sindicais un calendario de recuperación dos acordos asinados e suspendidos desde o ano 2010, e que polo tanto teñen carácter de norma. As sucesivas leis de orzamentos da Xunta de Galiza recollerán as contías pactadas.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Non son poucas as ocasións que nesta Cámara, nesta tribuna e tamén na Comisión de Sanidade, o Grupo Parlamentario Popular e o Goberno se fardan de gabar os profesionais sanitarios, e debe ser probablemente o único no que coincidimos, porque, se non fose polo persoal sanitario, a realidade é que o sistema a día de hoxe, cos seus recortes, practicamente non podería funcionar.

O persoal sanitario traballa en ocasións en condicións precarias, tamén o persoal dos PAC, dos puntos de atención continuada. Persoal médico e de enfermaría que atende todas as urxencias que entran pola porta, non só as urxencias de atención primaria, atenden infartos, atenden tráfico, e calquera tipo de emerxencia, e mesmo cada vez máis doentes que acoden as urxencias debido ás interminables listas de espera causadas pola política da Xunta de Galicia.

Traballan tamén con escaseza de recursos materiais —témolo discutido nalgunhas ocasións— e sen equipos de protección individual cando atenden accidentes e emerxencias fóra do centro de saúde, e son imprescindibles en todo o territorio, pero moito máis no rural, nos puntos que están máis afastados dos hospitais. E nun país con carencia precisamente de ambulancias, como xa temos denunciado na Comisión de Sanidade con esa solicitude que fan os compañeiros e compañeiras do 061, e tamén con dificultades de transporte e de conexión, como temos discutido en moitas outras comisións deste Parlamento. E nesas condicións de traballo, e cando a Xunta di que valora tanto estes profesionais e estas profesionais, mantenos sen cobrar a totalidade do seu salario.

A atención urxente extrahospitalaria en Galicia foi regulada polo Decreto 172/1995, do 18 de maio, coa creación dos puntos de atención continuada, e modificada parcialmente no ano 2005 co Decreto 156/2005.

Neste sentido, e mediante a Orde do 4 de xuño de 2008, acordouse regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermaría dos puntos de atención continuada. É dicir, que xa na década pasada quedou regulado o traballo e as retribucións deste persoal.

A disposición adicional transitoria desa orde á que facemos referencia fai relación á aplicación paulatina dos complementos de nocturnidade e festividade nas contías previstas no seu artigo 6.2, de xeito que no ano 2010 se aplicaría xa o cen por cento da contía. É dicir, ata o ano 2008 os médicos e as médicas e o persoal de enfermería dos puntos de atención continuada cobrarían o 40 % desas retribucións; en 2009 aplicaríase xa o 80 %; e no ano 2010 os traballadores e as traballadoras dos puntos de atención continuada xa terían que estar cobrando o cen por cento desas retribucións, pero resulta que estamos no ano 2017, sete anos despois, e os médicos, médicas, enfermeiros e enfermeiras dos puntos de atención continuada de toda Galicia non cobran a totalidade dos complementos de nocturnidade e festividade, chegaron só ao 80 %. É dicir, é un problema grave, e temos profesionais arriba visitando e atendendo a este debate. *(Aplausos.)*

Temos o persoal de medicina e de enfermaría atendendo as urxencias de atención primaria sen pagarlles a totalidade das noites e das fins de semana, incumprindo, polo tanto, a legalidade vixente e creando un agravio comparativo evidente. Son os e as únicas profesionais do Servizo Galego de Saúde que non cobran os complementos por traballar de noite e as fins de semana, cando ademais, obviamente, teñen dereito.

Non se solicita, polo tanto, nesta proposición non de lei que se lles incremente o salario; non se solicitan melloras nos dereitos laborais ou nos dereitos sociais; pídese simplemente que a Xunta cumpra coa normativa, que a Xunta deixe de quitarlles cada mes o 20 % dunha parte relevante do seu salario.

Eu, señorías, creo que é lamentable ter que chegar a vir a este Parlamento sete anos despois para pedirlle á Xunta de Galicia que pague os salarios do persoal da sanidade pública. É o mínimo que poden facer, e é o persoal que nos atende nas urxencias.

No ano 2010 produciuse unha efectiva equiparación que soamente foi efectiva no papel. É ficticia porque non se lles está a pagar ese salario completo, e non serven como escusa as circunstancias económicas. Non serven porque tanto o Goberno da Xunta de Galicia como o Goberno central fartáronse de dicir que existe unha recuperación económica, froito diso son esas medidas que veñen tamén de aprobar con esa modificación dos orzamentos segundo a Xunta de Galicia. Pero, aínda que así fora, aínda que se debera ese argumento ás restricións económicas dende o ano 2009, non sería de aplicación neste caso porque, con todo, nos orzamentos de 2010 a Xunta trasladou que se suspendía a aplicación dos pactos ou acordos que supuxeran incrementos retributivos. O que sucede neste caso é que non estamos falando de incrementos retributivos, estamos falando de equiparar o salario ao resto do persoal do Servizo Galego de Saúde, non de subirlles o salario aos profesionais. Non é unha extra, non é unha suba, é, polo tanto, pagarlle a totalidade do salario.

Coido que está ben explicado, que é unha iniciativa bastante sinxela e que é —repito— bastante vergoñento. E non o digo por dicir ou como ladaíña que poidamos repetir nas iniciativas. Paréceme que é lamentable que nun pleno de 2017 teñamos que vir ao Parlamento a pedir que ao persoal que atende as urxencias se lle pague todo o salario porque a Xunta leva sete anos retirándolle parte dos seus salarios.

Máis nada por agora. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Interveñen agora o resto dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas, e tamén ás profesionais que nos acompañan desde a tribuna.

O BNG temos denunciado moitas veces desde a tribuna deste Parlamento que os recortes do Partido Popular en materia de sanidade están levando á sanidade pública galega a unha situación de deterioración constante, premeditada e organizada; que dentro dese sangrado da sanidade pública os profesionais son dos máis damnificados; e que non é posible unha sanidade pública sen profesionais cualificados e sen profesionais en número suficiente para poder prestar unha asistencia sanitaria en condicións.

Trouxemos a este Parlamento iniciativas nesta dirección en máis dunha ocasión. No ano 2010, coa escusa da crise —¡como non, a escusa da crise!—, a Consellería de Sanidade do Partido Popular, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados en mesa sectorial, aos que se chegara no ano 2008, en canto a melloras retributivas do persoal estatutario e das condicións de traballo dos profesionais. O argumento foi, evidentemente, como sempre, a crise, e dixo naquel momento, naquela altura, o Partido Popular que a suspensión era temporal, á espera dunha pronta recuperación económica.

Os acordos aos que se chegara non foran unha ocorrencia, foran froito de traballo e de negociación e chegárase a eles tras meses de negociación en mesa sectorial, e tiñan moita, moitísima, xustificación. Tiñan como obxectivo permitir que as retribucións do persoal do Sergas estiveran na media do resto das retribucións dos servizos de saúde a nivel estatal, porque o persoal do Sergas era dos peor pagados do Estado español. Era e segue a ser dos peor pagados do Estado español, segue á cola, xa que aqueles acordos non foron efectivizados. Retribucións específicas referentes á penosidade da prestación do servizo: traballo a quendas, domingos, festivos, gardas; o recoñecemento de días especiais como o 24, o 25, o 31 de decembro ou o 1 de xaneiro, días feriados para a inmensa maioría da poboación, para a inmensa maioría das persoas traballadoras, agás para os traballadores e traballadoras que de xeito continuado prestan un servizo esencial á poboación como é o da sanidade; e o tema da carreira profesional.

Mais transcorridas dúas lexislaturas, e imos pola terceira, o Goberno galego do Partido Popular está a facer un balance positivo dos recursos económicos, estanos a intentar convencer de que estamos xa nunha senda de recuperación, que a crise é historia, que os datos de recuperación do produto interior bruto e de recuperación do emprego son xa unha evidencia. Mais, se iso é certo, están negándolles aos traballadores e traballadoras da sanidade pública esa recuperación. Os traballadores e traballadoras da sanidade seguen agardando por esa recuperación nas súas retribucións e seguen conxeladas esas melloras que xa estaban negociadas.

Por iso hoxe o BNG presentamos unha emenda a esta iniciativa que presenta En Marea, facéndonos eco da petición que nos trasladaron as organizacións sindicais CIG, Comisións, CSIF, SATSE e UXT, que se reuniron con todos os grupos con representación neste Parlamento solicitándonos que instáramos o Goberno galego a cumprir a legalidade —porque un acordo negociado en mesa sectorial e asinado é norma, iso é legalidade, non é un papel mollado, iso é norma—, para que se convoque esa mesa sectorial, para que se negocie coas organizacións sindicais ese calendario de recuperación dos acordos asinados e suspendidos desde o ano 2010, que —insisto— polo tanto teñen carácter de norma, e que as sucesivas leis de orzamentos da Xunta de Galiza recollan esas contías pactadas e non levadas a cabo.

Desde logo, recoñecemos a reivindicación concreta do colectivo que hoxe nos acompaña, mais cremos que forma parte das reivindicacións globais do persoal do conxunto da sanidade pública, que, dende logo, non merece que só no discurso político do Partido Popular sexa recoñecido o seu inmenso labor, que, evidentemente, recoñecemos por parte do Bloque Nacionalista Galego...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e que a sanidade pública de Galiza, se non está en peores condicións, é grazas ao esforzo continuado e ao voluntarismo dos profesionais, mais iso ten que ir acompañado logo de cuestións concretas. Non basta con recoñecer o seu labor, senón que logo hai que recoñecelo tamén na súa remuneración e no resto de dereitos que defenden e que, dende logo, apoiamos dende o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente. Bo día.

Quero aproveitar para saudar tamén as persoas que nos acompañan na tribuna e ademais agradecerlles o seu traballo. Aquí se nos acusa moitísimas veces, inxustificadamente, de que cada vez que facemos unha crítica estamos criticando o persoal. Non hai ninguén que defenda o persoal do sistema sanitario mellor que os partidos que vimos defendendo cousas como esta, e, polo tanto, queremos agradecerlle o seu traballo moi sinceramente. (*Aplausos.*)

Antes de expoñer tamén unha serie de cuestións quería manifestar o noso apoio completo á iniciativa. Compartímola dende o primeiro punto ata o último. Cremos que non só é necesaria, senón que xa supera a urxencia, xa tiña que ser unha cuestión de por si. E compartimos que é lamentable ter que estar demandando isto dende un Parlamento.

Dende o noso punto de vista non se trata unicamente de defender esta proposta —que tamén, por suposto, como xa temos feito co rexistro de iniciativas ao respecto e coa defensa destas posicións na Comisión de Sanidade—, senón que a necesidade maior, como xa se ten dito aquí, é recuperar os acordos retributivos 2008-2012 que foron paralizados coa chegada do Partido Popular ao Goberno en 2010, sinxelamente paralizados.

Cabe lembrar que aqueles acordos plantexaban como obxectivo en 2012 igualar os profesionais sanitarios de Galicia co resto da media de España. Xa naquel momento o interese era igualar os nosos profesionais coa media de España, e paralizáronse no 2010. Se antes de cumprir o obxectivo de igualarse se paralizaron, e dende aquela non se retomaron, ¿cal é a posición dos nosos profesionais da sanidade hoxe con respecto á media de España? Xa non dicimos con respecto ás mellores comunidades, senón coa media. Pois claramente que temos os profesionais menos recoñecidos por parte da xestión da sanidade galega, menos recoñecidos de todo o país, de toda España, e temos os profesionais menos retribuídos, que tamén é unha maneira —non só a única, para nada, pero tamén é unha maneira— de recoñecer o traballo dos profesionais.

Hai comunidades autónomas que xa o fan, que xa recuperaron dereitos para os traballadores, como, por exemplo, Euskadi. A min gústame, cando se poñen exemplos aquí de comunidades autónomas, como dicíamos onte, que se poña tamén algún exemplo que é bo, porque parece que só poñemos exemplos cando queremos comparar a peor. Sen embargo, sen necesidade de irse fóra de Galicia, eu lembro aquel acordo do Goberno de 2008, que asinou aquel acordo para recuperar dereitos e para recuperar a carreira profesional. En fin, cuestións que os profesionais merecen e ás que non se lles está dando saída.

Isto trae consigo un problema bastante grave que nós vimos defendendo e denunciando dende hai tempo, que é a sobreexplotación do noso persoal. Temos unha sanidade que funciona grazas aos nosos profesionais e a pesar dos nosos dirixentes. Temos unha sanidade que funciona cun persoal que está facendo un sobreesforzo que van empezar a pagar física e mentalmente. Un sobreesforzo moi duro no seu traballo porque non son capaces de desconectar; chegan á súa casa e están chamando para ver como quedou aquel enfermo; están pendentes de facer todos os turnos necesarios para que o servizo siga sendo de calidade, porque son corresponsables co servizo público que están facendo. Temos profesionais cun sobreesforzo enorme que van caer en problemas de queime profesional. Temos persoal ao que non se lle está recoñecendo. Temos —diciáo onte— unha das peores ratios de España en profesionais sanitarios por persoa. Temos a peor baixada interanual na ratio de profesionais por persoa de toda España, só superando a Ceuta. Temos unha das peores condicións retributivas de toda España. As mellores ratios de persoal que existen en España citábaas onte: Euskadi, Navarra, Aragón e Asturias. Ningún deles gobernado polo Partido Popular.

Onte reprochábame que utilizo o Barómetro sanitario para dar algúns datos. Diciáseme: só utilizas dous datos. Tiven a oportunidade de ler tres minutos e lembrar algúns deles máis. Claro, só dei dous datos. Podemos facer un pleno monográfico sobre o Barómetro sanitario, e entón, ademais dos dous datos que dou sempre, unha das tres sanidades peor valoradas polos usuarios en toda España. E ademais outro dato que dou: 4 de cada 5 usuarios din que a sanidade galega necesita melloras. Tamén podo dar outro dato: menos do 50 % da poboación galega di que as súas autoridades lle dan información suficiente sobre a sanidade. Tamén podo dicir que o 75 % din que as listas de espera nos últimos anos están igual ou peor. Tamén podo dicir que 3 de cada 20 persoas din que a sanidade mellorou nos últimos cinco anos e as outras 17 din o contrario. Podo dicir isto e podemos dicir todos gran cantidade de cousas.

O que din as enquisas do Barómetro sanitario é o que nós defendemos aquí hai tempo: que as persoas, os usuarios, valoran moitísimo os seus profesionais e suspenden claramente os seus xestores. E o que nós defendemos é que a nosa sanidade se sostén fundamentalmente porque temos dos mellores profesionais do mundo. Pero non vale subir aquí dicir que temos uns grandes profesionais, o que hai que facer é pagarlles como se merecen, darlles os dereitos laborais que se merecen e respectalos como se merecen.

Por iso imos apoiar esta e outras iniciativas que veñan neste sentido, que celebremos que cheguen. Porque —insisto— temos unha das mellores sanidades do mundo grazas aos nosos profesionais e a pesar dos nosos dirixentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días. Moitas grazas, presidente.



Saúdo tamén aos representantes dos traballadores que están arriba na tribuna.

Quero comezar dicíndolle á señora Solla que as urxencias están para atender, tanto nos centros de saúde como nos PAC, aqueles pacientes que entran pola porta. E se un infarto ou un accidente de tráfico non é unha urxencia, xa nos dirá vostede cando volva aquí o que é unha urxencia. (*Aplausos.*)

O Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermería dos puntos de atención continuada foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 115, do 16 de xuño de 2008. Este acordo prevé, en atención ás características dos postos de traballo dos PAC, e por riba das retribucións previstas na normativa vixente para o persoal médico de familia e diplomado universitario de enfermería de atención primaria, a remuneración adicional de varios factores específicos no desempeño das súas funcións, como son a nocturnidade e a festividade. No mesmo acordo tamén se establece a aplicación paulatina dos devanditos incrementos retributivos, sinalando que as contías previstas para os complementos de nocturnidade e festividade se ían aplicar no ano 2008 cun 40 %, no ano 2009 con outro 40 %, chegando ao 80 %, e o 20 % restante sería no ano 2010.

Así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia* do 10 de decembro de 2008 publicouse o acordo 2008-2012, para mellora das condicións de traballo retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o cal incorpora unha serie de previsións específicas en relación cos factores de nocturnidade e festividade recollidos no acordo precedente, xunto coa distribución de acordo cunha secuencia temporal que se iniciaba no propio ano 2008 e chegaría ata o 2012.

Dito o anterior, é necesario subliñar que os citados acordos foron levados a efecto durante os anos 2008 e 2009, non así dende o ano 2010 por razóns que se derivan do directo cumprimento do principio de legalidade ao que a Administración se encontra necesariamente supeditada, de conformidade co artigo 103.1 e concordantes da Constitución Española.

Así, e desde a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, as sucesivas regulacións orzamentarias anuais veñen recollendo, dentro das bases de actividade económica en materia de gastos de persoal, un mandato en virtude do cal, e debido ás actuais circunstancias económicas, fica suspendida a aplicación dos pactos e acordos que supoñen incrementos retributivos, baseándose no disposto no artigo 38.10 da Lei do estatuto básico do empregado público.

En cumprimento do propio estatuto, na Mesa sectorial de negociación do persoal...

**O señor PRESIDENTE:** Un momento, señora Amigo.

Os invitados na tribuna non poden facer ningún tipo de... é a norma no Parlamento. Polo tanto, prérgolles, por favor, se a poden cumprir.

Grazas.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Como dicía, en cumprimento do propio estatuto, na Mesa sectorial de negociación do persoal do Servizo Galego de Saúde a Administración sanitaria deu conta ás organizacións sindicais con representación na dita mesa da suspensión dos acordos e pactos que supuñan incrementos retributivos para o persoal do organismo, así como das causas da suspensión recollidas na mesma lei. Polo demais, a conformidade desta actuación co conxunto do ordenamento xurídico foi ratificada de feito reiterado por diversos órganos xurisdicionais de orde contencioso-administrativa existentes en Galicia.

Polo que atinxe, finalmente, á suposta vulneración do principio de igualdade, asemade invocado polo Grupo Parlamentario de En Marea, non cabe aceptar a directa comparación con outros colectivos; por exemplo, o persoal de atención hospitalaria, cuxa xornada, condicións e ámbito de prestación, así como a propia normativa que regula o seu réxime retributivo, é diferente ao do persoal dos PAC. A este respecto, procede sinalar que o Tribunal Constitucional vén interpretando desde a súa Sentenza 67/1982, do 15 de novembro, que o principio de igualdade non proscribe unha previsión normativa ou aplicación legal diversa se concorre unha xustificación obxectiva e razoable para isto.

Señora Solla, vostedes son especialistas en dicir unha cousa e a contraria sen inmutarse. Onte mesmo votaron en contra dunha lei que permite unha subida do 1 % para todos os empregados públicos. Sexan coherentes, non sei se iso é pedirilles demasiado. Non poden pedir subida salarial para un colectivo e no mesmo salón plenario votar en contra da lei e votar en contra do reforzo de gasto social que fará o Goberno da Xunta, entre o que se encontra unha partida notable de melloras en sanidade, investindo, por exemplo, 1.400 millóns de euros no Programa galego de vacinación, 61.261 millóns de euros en produtos farmacéuticos e material sanitario, no que se encontra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...o tratamento total de todos os pacientes con hepatite C, 1.000 millóns de euros en reformas de centros de saúde de titularidade municipal, entre outras; e tamén en asistencia a drogodependencias.

Non quería rematar esta comparecencia sen dicir que aquí estamos en Galicia, non en Andalucía. En Andalucía é onde se pagan os peores soldos. Nós estamos entre a mínima...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...é a Comunidade Autónoma andaluza a que paga menos por hora...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...a que ten a retribución bruta menor por hora. Non podemos confundir e temos que dicir verdades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Non sei a que se referiu coas urxencias, non a entendín. Claro que son urxencias, é evidente, e atenden todo tipo de urxencias. E vostedes téñenos sen recursos para atender esas urxencias e ademais tampouco lles pagan a totalidade do salario.

Eu, polo menos, agradezo o apoio dos grupos da oposición. E no tocante á emenda, se ao grupo que a propón lle parece ben, podémola aceptar como engádega, porque é certo que hai outros acordos que están sen cumprir. Nós tamén nos reunimos coas centrais sindicais e é vergoñento, porque a pesar de que o Goberno está defendendo un incremento do PIB, unha previsión dun crecemento de máis dun 2 %, resulta que paralelamente non se lles compensan aos profesionais todos os recortes e as penurias que non só se practicaron durante todos estes anos, senón que a día de hoxe veñen padecendo, porque onte debatemos que non se cobren tampouco as vacacións do persoal, e iso tamén incrementa a carga de traballo. Pero no caso destes profesionais é aínda máis gravoso, porque nin sequera estamos falando dun incremento retributivo, senón dunha equiparación do seu salario co resto dos profesionais médicos e de enfermería.

Resulta bastante vergoñento —repito unha vez máis— ter que traer esta iniciativa e, aínda por enriba, escoitar xustificar e amparar que se lles retire todos os meses o 20 % dunha parte relevante do salario. Seguro que vostedes non teñen problemas en investilos noutros aspectos.

E teño que dicir aquí que o debate sobre a modificación dos orzamentos foi onte, señora Amigo, e vostede debería de estar atenta aos argumentos que deu o grupo parlamentario, entre outras cousas, utilizando o Partido Popular unha forma tramposa de traer a lei aquí, sen posibilidade de que este grupo e o resto de grupos presenten emendas.

Ademais non esqueza tamén que hai partidas para a sanidade privada, porque durante todos estes anos, mentres vostedes lles recortaron a eses profesionais e ao resto dos profesionais da sanidade pública, a privada seguiu incrementando os beneficios, na privada non se pechan camas, na privada non hai restricións, e vostedes levan incrementando cada ano, segundo o Consello de Contas, o que dedican á privada. Para aí non hai problemas, aí non hai restricións e aí non hai que aplicar as normas da Unión Europea.

Vostedes non poden trasladarlles aos profesionais o sufrimento que vostedes mesmos causan. E neste caso, cando falan vostedes desas restricións orzamentarias, é incomprendible que esas restricións se manteñan cando ao mesmo tempo vostedes defenden que hai unha recuperación económica. Os incoherentes son vostedes; os que din que defenden a sanidade e non apoiaban os profesionais sanitarios son vostedes; os que din que hai recuperación e manteñen os recortes son vostedes; o mesmo que pasa cos profesionais do resto da Xunta de Galicia, que teñen suspendido tamén o seu convenio colectivo por mor da Lei 1/2012 que vostedes manteñen.

Pero é que neste caso —repito unha vez máis— non estamos falando dun incremento salarial, senón de equiparar o salario ao do resto dos profesionais do Sergas. Moito apoian vostedes os profesionais do Sergas, pero despois manteñen os médicos, as médicas, os enfermeiros e as enfermeiras sen cobrar a totalidade do salario. Creo que é o mínimo que ten que facer a Xunta de Galicia, pagarlles aos profesionais sanitarios. Pero vostedes non teñen capacidade nin tan sequera de cumprir con iso.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados**

**O señor PRESIDENTE:** Presentaron emendas todos os grupos parlamentarios.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:*

*«2. Incluir unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas, os concellos devolvan de oficio o liquidado e recadado indebidamente, e asumindo o Estado a responsabilidade de dita devolución, compensando economicamente aos concellos por dito importe.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:*

*«1bis) Demandar do Goberno de España a elaboración dun estudo sobre a perda de ingresos que supón para os concellos ter que devolver estes ingresos cobrados indebidamente.*

*1ter) Demandar do Goberno de España a busca de compensacións desta perda de ingresos nas xa febles facendas locais.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:*

*1.- Demandar do Goberno do Estado a modificación, previa negociación coa FEMP, do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de axeitalo ás sentenzas do Tribunal Constitucional.*

*2.- Demandar ao Goberno do Estado que compense aos concellos polas devolucións do imposto, así como polos importes que deixen de ingresar como consecuencia da existencia de transmisións nas que se acredite a ausencia de incremento do valor dos terreos.*

*3.- Solicitar do Goberno do Estado a aprobación dunhas directrices, acordadas coa FEMP, para regular a devolución polos concellos das cantidades cobradas indebidamente, de acordo cos supostos declarados ilegais polo Tribunal Constitucional.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Bos días, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha iniciativa do noso grupo parlamentario relativa ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana que está regulado no Real decreto lexislativo 2/2004, do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Eu de agora en diante voulle chamar —para entendernos todos— a plusvalía municipal, porque é como comunmente se chama.

Falamos dunha iniciativa que xa debatemos tamén na Comisión 3ª —non esta iniciativa, pero iniciativas dos grupos da oposición—, con diferente texto resolutivo, por suposto.

Por facer unha breve explicación do imposto da plusvalía, do que estamos a falar, en primeiro lugar, temos que sinalar que se trata dun imposto local; é dicir, é un imposto dos concellos. Ademais é un imposto dos chamados potestativos; é dicir, dentro da autonomía que teñen os concellos, pódese ter ou pódese non recadar.

Segundo datos do 2017 do Ministerio de Facenda, os concellos que teñen tipos aprobados para aplicar este imposto en Galicia son 115. Estamos a falar fundamentalmente das sete cidades e das cabeceiras de comarca. Se imos á distribución por provincias, temos a plusvalía na Coruña en 52 concellos; en Lugo en 10; en Ourense en 13; en Pontevedra en 40.

¿Que é o que grava a plusvalía? O feito impoñible do imposto é o incremento de valor que experimentan os terreos urbanos e que se pon de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera causa. É dicir, o caso máis habitual, e o que nos pode preocupar fundamentalmente polos cidadáns que están afectados, é a venda dun piso, por exemplo, que é terreo urbano. Nese momento cuantifícase o incremento do valor e tribútase pola plusvalía.

O problema —e aquí está a cuestión que nos trae hoxe en relación con esta iniciativa— é que a cuantificación do imposto se fai de forma obxectiva; é dicir, non se atende ao incremento real de valor que se puido producir, senón que se fai dunha forma obxectiva, atendendo a dous elementos. Por un lado, o valor catastral, e por outro lado, o tempo de permanencia do inmovible no patrimonio do que fai a venda, cun límite neste caso de vinte anos.

É certo que este método de cuantificación se estableceu por razóns de simplificación, de aplicación do imposto, pero provoca situacións —agora veremos cal é a problemática todas— nas que a pesar de non existir un incremento do valor, ou mesmo unha perda de valor, a aplicación da norma determina a tributación por este imposto.

Eu teño que dicir que nestes últimos anos o problema se recrudeceu porque a crise inmobiliaria provocou unha perda xeneralizada de valor dos inmoables urbanos. Polo tanto, como primeira aproximación, e para que entendamos todos, temos que subliñar que unha parte importante dos afectados son aqueles que por dificultades de pago das súas hipotecas tiveron que malvender os seus pisos. Na práctica totalidade destes casos realizaron unha venda con perda; é dicir, compramos o piso por 100.000 e tivémolo que vender, por dificultades económicas, por 80.000, por exemplo, e temos unha perda de 20.000.

A consideración de que non se debería pagar a plusvalía municipal nestes casos nos que se produciu unha venda a perda deu lugar a unha serie de reclamacións xudiciais que finalmente desembocaron no plantexamento de cuestións de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional. O que se dicía aquí é que gravar cando se produce unha perda é contrario ao principio de capacidade económica contido no artigo 31 da Constitución Española.

Parece claro para o noso grupo parlamentario, por suposto, que non debería haber tributación naqueles casos nos que non existiu incremento de valor; é dicir, nas vendas a perda.

Tamén isto o acolleu o Tribunal Constitucional, primeiro a través de sentenzas nas que declara inconstitucional a normativa foral do País Vasco; sentenzas do 16 de febreiro e do 1 de marzo do Tribunal Constitucional. E finalmente a norma nacional artigos 107 e 110 da Lei reguladora das facendas locais, na sentenza do 11 de maio de 2017. Nesta sentenza decláranse inconstitucionais e nulos os artigos da lei de facendas locais unicamente na medida en que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor. Volvo repetir: vendas a perda.

Temos que ser claros, señorías, neste punto, sobre todo se non queremos xerar confusión nos cidadáns galegos que foron contribuíntes.

En primeiro lugar, o Tribunal Constitucional sinala claramente que a plusvalía municipal non é, con carácter xeral, contraria á Constitución española; éo unicamente naqueles supostos nos que se someten a tributación casos que non reflicten capacidade económica. Volvo repetir: vendas con perda. Non afecta, polo tanto, os casos nos que existiu un incremento de valor, aínda que o método de cálculo —volvo repetir— segue sendo obxectivo e podería haber algún problema no futuro; pero, por agora, unicamente declara inconstitucional gravar coa plusvalía nas vendas a perda.

En segundo lugar —e isto é importante tamén—, a sentenza non establece limitación de efectos, o que determina que imos ter que realizar —ou os concellos van ter que realizar— as devolucións de todos os supostos nos que se pagou a plusvalía nos casos de vendas a perda correspondentes a exercicios non prescritos. Porque, señorías, as obrigacións tributarias teñen un prazo de prescrición, amparado nun principio constitucional que é o principio de seguridade xurídica. É dicir, non podemos ir cara a atrás, *ad infinitum*, sen consideración dun período temporal.

Señorías, estamos, sen dúbida, ante un problema de gran relevancia polo número de afectados e pola contía das cantidades indebidamente cobradas. Miren, manexamos neste momento un informe da taxadora Tinsa, que é público, que estima que os afectados no conxunto do Estado español se sitúan arredor dos 550.000 cidadáns. En Galicia, o número de casos nos que se pagou plusvalía sen que a vivenda incrementase realmente o seu valor estaría arredor dos 18.300 dende o ano 2013. Por provincias, case a metade das vendas a perdas producíronse na Coruña, 8.100, seguida de Pontevedra, 5.600, Lugo, 2.600 e Ourense, 2.000.

Estamos a falar de que os concellos galegos no ano 2015, que é o último do que temos datos, recadaron máis de 41 millóns de euros por este imposto. As sete cidades recadaron o 80 % destes 41 millóns, case 29 millóns de euros. 8 de cada 10 euros que se recadan por este imposto recádanse nas provincias da Coruña e de Pontevedra.

Moitos dos casos de vendas con perdas correspóndense con propietarios de pisos, probablemente comprados na época de prezos altos —de 2000 a 2009—, que se venderon en momentos nos que os prezos das vivendas experimentaron unha forte baixada. Trátase, señorías, de xente humilde que non puido soste as súas hipotecas e tivo que malvender as súas vivendas —¡estes son os afectados de verdade!— a un importe medio, cada un deles, de 4.500 euros —que non é baladí, son cartos—.

Polo tanto, a nosa iniciativa divídese en dous puntos. O primeiro deles é demandar o Goberno de España a modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para adecuarse ás sentenzas do Tribunal Constitucional. É que isto é unha competencia estatal, a norma é estatal e, polo tanto, hai que modificar a normativa reguladora de facendas locais para evitar que se siga gravando coa plusvalía nos casos de venda a perda. Isto supón adecuar a normativa de cara ao futuro, pero temos que resolver as situacións anteriores, porque —repito— as sentenzas do Tribunal Constitucional o que veñen a dicir é que non hai limitación de efectos; polo tanto, hai posibilidades de solicitar a devolución.

Dado o perfil dos afectados, que —repito— son fundamentalmente xente que tivo que malvender as súas vivendas, nós entendemos —e este é o motivo do segundo punto da nosa

iniciativa— que a principal preocupación dos concellos que recadaron indebidamente ten que ser a axilización das devolucións das plusvalías indebidamente cobradas. Por iso no punto segundo da nosa iniciativa, que penso que debe ser apoiada por todos os grupos, demandamos dos concellos galegos a habilitación de mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas. E pedimos tamén que estes mecanismos promovan que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, e que non haxa conflitividade neste tema: é un tema resolto polo Tribunal Constitucional e os concellos o que teñen que facer é devolver.

Nós entendemos que na configuración destes procedementos debe terse en conta que non cabe a devolución de oficio por parte dos concellos, non andemos con cousas que non teñen sustento legal; ten que facerse a iniciativa dos contribuíntes afectados. O que teñen que facer os concellos é informar debidamente a xente para que non perda o seu dereito a reclamar.

Miren, se o mecanismo que utiliza o concello para recadar este imposto é a autoliquidación, os contribuíntes terán que presentar a rectificación desa autoliquidación e a conseguinte devolución dos ingresos indebidos; e teñen un prazo de catro anos para facelo. Se o mecanismo utilizado, aínda que non é o común, fora o da liquidación, habería que utilizar algún procedemento extraordinario de revisión previsto pola Lei xeral tributaria. Eu entendo, ou o noso grupo entende, que debería ser, probablemente, o procedemento de revogación. Tamén entendemos que os procedementos de devolución que teñen que levar a cabo os concellos deberán simplificar as exixencias probatorias aos contribuíntes para poder acreditar a venda con perda. O que non podemos facer é que, dilatando o procedemento, pedindo máis probas e máis probas, moitas delas imposibles de cumprir, os nosos cidadáns perdan o dereito á devolución. Todo iso, señorías, co fin de facilitar a recuperación por parte dos afectados das cantidades indebidamente recadadas e, ao mesmo tempo, evitar a xudicialización dos procedementos. É dicir, protexer os contribuíntes que pagaran o imposto de forma indebida.

Desde este plantexamento tamén, non podemos defender que sexa o Estado quen asuma a responsabilidade da devolución, compensando economicamente os concellos por este importe. Hoxe hai unha reforma da financiación local: aí terase que discutir, no seu caso, unha reforma integral deste imposto. É un tema complexo, sobre todo pola dificultade de determinar que indicadores son os máis áxiles, os máis axeitados, para reflectir a devolución do valor dos inmobles. Hai un documento da Federación Española de Municipios e Provincias que xa propón algunha medida.

Pero, máis alá de que lexislación que regula o imposto é estatal, o certo é que quen ten que proceder á devolución é o concello recadador. A protección dos dereitos dos cidadáns exige, sen dúbida, que os concellos dean unha resposta áxil e simple aos afectados. Non nos podemos amparar en supostas responsabilidades do Estado lexislador para demorar os pagos que temos que facer aos cidadáns. Só así os concellos poden defender adecuadamente os dereitos dos cidadáns afectados. Este, señorías, e non outro —sobre todo o punto segundo—, é o obxectivo da iniciativa que hoxe presenta o meu grupo parlamentario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** A respecto da devolución do imposto coñecido como imposto de plusvalía, no caso de non incremento do valor dos terreos ou inmobles, desde logo, paréce-nos xusta e, ademais, é de lei, porque hai sentenzas xa que obrigan a facer esa devolución. Por certo, unha devolución que xa se estaba facendo por vía administrativa, por reclamacións xa resoltas por tribunais económico-administrativos que impugnaban liquidacións concretas do imposto. E tamén había xa sentenzas xudiciais que obrigaban os concellos a devolver este imposto cobrado indebidamente, cunha argumentación que é absolutamente contundente: non cabe exixir o pagamento do imposto cando non se produciu o feito imponible; isto é, hai un incremento do valor. Penso que estamos todos de acordo. Agora, nos últimos dous anos, produciuse a novidade das sentenzas do Tribunal Constitucional que establecen a inconstitucionalidade desta lei e da súa aplicación. Aínda que inicialmente está referida a unha norma do territorio histórico de Guipúscoa, o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, a verdade é que esta norma ten o mesmo contido, practicamente o mesmo que os artigos 107 e 110 do Real decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais. Polo tanto, esas sentenzas son tamén de obrigado cumprimento en todo o ámbito do Estado.

Aínda que tamén é certo que ten a súa complexidade o procedemento para cumprir esta sentenza e, neste sentido, hai algúns informes, e tamén un da Fegamp, que fala desta complexidade e da interpretación destas sentenzas. Como xa dixo o portavoz do Partido Popular, afecta 115 concellos que teñen este imposto, que ademais é a segunda ou a terceira fonte de ingresos, e, como xa se dixo, sobre todo no caso das cidades. Polo tanto, pensamos que se deben establecer uns criterios comúns para todo o ámbito do Estado —para todo o ámbito galego desde logo—, para a interpretación e a aplicación da sentenza. E quen debería facelo, entendemos nós, debería ser o Ministerio da Facenda, para que teña aplicación xeral e acorde común para todos os casos.

Tamén, desde logo, estamos de acordo en que hai que cambiar a Lei de facendas locais, que ten que facelo o Goberno do Estado, e xa se fixo un anuncio de que se ía facer nun prazo relativamente rápido; pero polas nosas noticias, polas nosas informacións, non se iniciou aínda a tramitación. En todo caso, nós insistimos: insistimos en que este cambio debe estar acordado coa FEMP e en que debe ir —entendemos— no sentido do que xa fixo a norma da Deputación Foral de Guipúscoa, que estableceu os casos nos que se debería cobrar este imposto.

Entre tanto non se modifique a lei, como dixemos, pensamos que se debe aplicar un criterio coherente e común e, neste sentido, existe este informe. Teño aquí un informe da Fegamp onde establece unha serie de criterios para a aplicación da norma. E tamén nos parece fundamental, e insistimos moito e as nosas emendas van tamén neste sentido, en que se debe establecer un mecanismo de compensación aos concellos por parte do Ministerio da Facenda, porque foi o Goberno do Estado o responsábel da aprobación e da aplicación da lei. E aínda que é un imposto facultativo, a realidade é que os concellos están facendo uso dunha prerrogativa que lles dá a lei para aplicar esta norma e para cobrar o imposto.

Polo tanto, vai supoñer unha importante merma nos ingresos, no financiamento dos concellos, que se suma xa ao déficit de financiamento que teñen os concellos galegos, que están padecendo unha situación —como xa denunciámos aquí— absolutamente inxusta a respecto da financiación local, con ingresos moi por debaixo da media do Estado. Polo tanto, isto xustifica —pensamos—, con máis razón, a necesaria compensación aos concellos que se vexan afectados por esta merma de ingresos.

Polo tanto, a nosa dispoñibilidade a aprobar esta iniciativa é, en todo caso, cunha serie de emendas que propoñemos. A primeira delas, relativa a que se debe acordar o cambio normativo, o cambio lexislativo, coa FEMP; débese negociar no ámbito da FEMP. A segunda é a compensación aos concellos, dando por feito que teñen que facer a devolución e que ten que ser por un procedemento, desde logo, áxil. E a terceira é que se fixen uns criterios claros e comúns para regular esa devolución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Señor González Vázquez, é curioso que hoxe traia aquí unha iniciativa que foi presentada en dúas ocasións en comisión. Unha primeira, na Comisión 3ª, presentada polo Grupo de En Marea e unha segunda, na Comisión 1ª, presentada polo Grupo dos Socialistas de Galicia.

Gustaríame saber cal foi o motivo do cambio. Pode ser que as relacións co Estado non estean no mellor momento, ou será que os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular lles teñen tirado das orellas, posto que é dificilmente entendible por parte das corporacións locais.

Vostedes votaron en contra en dúas ocasións e, que eu recorde, non pediron a votación por puntos; é dicir, xustificaron que ían votar en contra e votaron en contra das iniciativas que, fundamentalmente, pedían practicamente o mesmo que está contemplado na súa proposición non de lei.

É verdade que vostedes, na súa iniciativa —e ademais na súa exposición xa o comentou—, non contemplan que os concellos deban ser compensados por deixar de percibir esta parte dos ingresos, afondando aínda máis na grave situación das facendas locais; e, ademais, fálanos de que no financiamento local é no lugar no que se teñen que ter en conta estas compensacións.

E eu preguntolle: ¿cando vai ser esta solución final do financiamento local? ¿Cando a van asumir? ¿Cando a van ter en conta, tanto o Estado como a Comunidade Autónoma? (*Aplausos.*) Porque cada vez que traemos aquí, a este Parlamento, algún tema para solucionar o financiamento das corporacións locais, o Partido Popular vota en contra sempre, en calquera caso.

Polo tanto, tamén vostede nos dicía que o lexislador lexislou este imposto buscando unha maneira obxectiva e que fose unha simplificación. Pero vostede apunta algo importante: o lexislador. Polo tanto, debe ser o lexislador, unha vez que se tomba cunha sentenza do Tribunal Constitucional unha parte dese imposto lexislado, o que teña que asumir eses erros e, polo tanto, compensar desas perdas. E neste caso, compensar os concellos que estaban aplicando a lei que o lexislador lles permitía aplicar nos seus concellos. Polo tanto, ten que asumir os erros cometidos.

Mire, non vou entrar na exposición das sentenzas do Tribunal Constitucional porque vostede xa o fixo, pero si quero dicir que xa en febreiro, o 16 de febreiro de 2017, houbo unha sentenza en Guipúzcoa que abría a porta a que os suxeitos pasivos puideran recuperar o pagado aos concellos por este concepto. Pero o Ministerio de Facenda non fixo os seus deberes, e, polo tanto, dende ese momento xa tiña que ter artellada unha fórmula para articular e para regular esta situación, que sabía que moi pronto se ía dar. E así foi que o 11 de maio se estendeu a todo o territorio español.

Pero mire, dígolle máis, a Federación Española de Municipios e Provincias, a FEMP, si que elaborou este documento; un documento que ademais remitiu ao Ministerio de Facenda para que se resolvera na maior brevidade posible, adiantando traballo —insisto— que tiña que ter feito o Ministerio de Facenda unha vez que se coñeceu a sentenza de febreiro. Este documento que remite a FEMP contempla tres puntos. No primeiro demandan do executivo que compense aqueles concellos que tiñan aprobado o imposto na data de publicación da sentenza polas perdas de recadación. No punto número 2 esíxenlle ao Ministerio de Facenda que publique unha nota aclaratoria sobre o procedemento de actuación ata que se aprobe esa reforma. E, por último, pídelles a creación dun grupo de traballo conxunto entre o Goberno central e a FEMP para concretar os termos da dita reforma.

Neste documento tamén presenta dúas alternativas: unha sería modificar o imposto en función da evolución do mercado inmobiliario e outra, a segunda, que sería pola capacidade económica do contribuínte. A primeira sería en función da evolución real do mercado inmobiliario, tendo en conta os coeficientes de variación do prezo do solo en cada municipio e con referencia ao valor catastral. E tamén propoñen gravar as plusvalías inferiores ao ano para que todos contribúan en igualdade ao sostemento dos gastos públicos. E, por outro lado, din que esta medida podería axudar os contribuíntes a acreditar, no caso de que así fora, que non existe un incremento do valor para o cálculo da base imponible no dito período.

Pero presentan unha segunda proposta, e é que vai en función da capacidade económica do contribuínte. É introducir a plusvalía dentro do IRPF, substituíndo a actual base obxectiva por outra que grave a capacidade económica real do suxeito. Esta opción busca reducir ao máximo a litixiosidade do imposto outorgándolle a maior relevancia á capacidade económica do contribuínte. Tamén introduce un cambio novo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E é que gravarían tamén os inmobles rústicos e tamén se gravarían as plusvalías xeradas dentro do ano, para evitar unha dobre imposición. Posto que

o beneficio obtido na venda dunha vivenda ou dun ben tamén se tributa no IRPF, poderíase descontar esta cota xa pagada por este tributo e que se deduza nos impostos estatais.

E, ademais, dígolle máis, os expertos, o comité de expertos que nomeou o Ministerio de Facenda, en principio están de acordo con esta segunda opción que se lles plantexa. E nós por iso presentamos unhas emendas á proposta.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Xa se coñecen.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Xa coñecen as emendas.

E, polo tanto, creo que deben reconsiderar tamén neste punto a súa aprobación posto que os concellos non teñen que pagar os erros dos lexisladores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamento de En Marea, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Aquí no Parlamento galego xa estamos acostumados ás piruetas parlamentarias do Partido Popular, xa non nos sorprende nada. Dende que nos acusan, dende o partido que recibía botellas de Vega Sicilia das empresas que resultaron agraciadas con concesións por dez anos, de estar nós coas empresas, pois xa podemos esperar calquera cousa. Por iso esta iniciativa tampouco deixa de sorprendernos.

Tamén cando o señor Feijóo fala de impostos cero no rural, e cando os datos din que entre 2013 e 2016 o incremento da recadación dos valores dos bens rústicos dos concellos galegos se incrementou un 50 %, que vén significar 1.285 millóns de euros, podemos esperar de todo. Porque aquí non impera a razón nin os argumentos. Aquí o que impera é a forza e a irracionalidade dun Partido Popular que di: nós temos 41 e podemos aprobar o que queiramos, podemos vender o que queiramos, controlamos a mensaxe fóra e, polo tanto, ¡para que imos vir a razoar!

Aínda así, nós levantámonos todas as mañás co firme propósito de utilizar o único que podemos ter, que é a razón. É dicir, nós presentamos unha iniciativa na Comisión 3ª sobre iso —xa se dixo—. Vostedes votaron en contra. ¿De que estamos falando? Estamos falando de que estamos de acordo en case todo o que vostede dixo aquí, señor González Vázquez, claro que si. Pero o que se declara inconstitucional é unha lei que posibilitaba que se lle cobrase o imposto de plusvalía a quen non tivo ganancias ou incremento de valor. Polo tanto, nós fixemos a nosa iniciativa xa cando se cuestionou por inconstitucional a norma foral —porque tiña a mesma redacción que a norma estatal, por iso o fixemos—, e confirmouse despois

coa seguinte sentenza, que tamén cuestiona o artigo 104.1 e o 107 do texto regulador da Lei de facendas locais aprobada polo señor Aznar. Vostede ¿por que vén dicir que é potestativa a utilización? Si, claro que é potestativa. É un instrumento legal que teñen os concellos. Esta sentenza non é porque os concellos aplicasen ilegalmente isto, aplicárono legalmente. Ben, pero vostede está facendo unha trampa política moi grave, que é dicir: os concellos tiveron que pagar servizos no peor da crise e tiñan unha carteira de recursos para recadar o suficiente para dar estes servizos; nun contexto onde vostedes tamén aprobaron outras leis que minaron a súa capacidade financeira e non fixeron esa reforma do financiamento local da que veu falar vostede. Porque isto xa ten efectos agora, pero aquí hai un acordo unánime do Parlamento galego de pedir a reforma do financiamento local, que discrimina gravemente os concellos galegos, dende o ano 2014. E vostedes e este goberno non moveron un dedo en Madrid para cambiar este réxime de financiamento.

Entón, un alcalde, un goberno que ten que recadar para dar servizos, pois ten un instrumento perfectamente legal, o imposto de plusvalía. ¿Gustaríalle aplicalo máis xustamente? Pois posiblemente, cando houbese incremento de valor. Ben, aplícao perfectamente, legalmente. E entón vostedes agora están obrigando os concellos a devolver o indebidamente cobrado porque aplicaron a lei aprobada polo señor Aznar, ¿verdade? E iso, indirectamente, está castigando a cidadanía. Evidentemente, están devolvendo diñeiro que se lles cobrou... ¡Por favor! Eu xa dixen que vou intentar razoar. É dicir, está devolvendo o cobrado indebidamente pero está pagando un concello que ten que detraer do seu orzamento —que ten que pagar gasto social, que ten que pagar obras, que ten que pagar mantemento— para pagar por unha responsabilidade do Goberno central do Partido Popular. Iso é o que nos están propoñendo vostedes. Hoxe estannos propoñendo isto.

Nós estamos de acordo en que hai que devolver o que se cobrou indebidamente. Non volva aquí a darnos unha clase maxistral de como funciona. Xa sabemos que só é cando non houbo incremento de valor. Iso xa o puxemos nós na iniciativa que vostedes votaron en contra. A cuestión é por que vostedes lles queren cargar o morto aos concellos. Vostede diferiu a solución —estilo Cospedal— á reforma do financiamento local. ¿Para cando? ¿Para cando a reforma do financiamento local? ¿Que seguridade hai de que esa reforma do financiamento local non vai ir no mesmo sentido que fixeron vostedes afogando a autonomía dos concellos? Isto é precisamente o que nós e toda a oposición presentamos na emenda, a responsabilidade. Como tamén di no artigo 32 da Lei 40/2015, cando a lesión é consecuencia da aplicación dunha norma con rango de lei declarada inconstitucional, débese asumir a responsabilidade e que ao consumidor ao que se lle cobrou indebidamente se lle devolva —na Lei 40/2015, a pesar de que é moi restritiva, si que consta—. Polo tanto, é de caixón, é de xustiza que se lle devolva á xente o que tivo que pagar inxustamente por unha lei que aprobou o Partido Popular de Aznar, e que o Estado asuma a súa responsabilidade como lexislador. Porque a sentenza o que insta é o cambio da lei do Estado. A sentenza insta xa o lexislador, insta para que se cambie a lei. Non instamos nós, non insta o Partido Popular, xa na sentenza vén implícito que hai que reformar a lei, claro que si. E, polo tanto, vostedes quérenlles encasquetar unha vez máis a responsabilidade aos concellos, cando a responsabilidade é —clarísimo, clarísimo— por unha mala redacción de dous artigos da Lei de facendas locais.

Vostedes pasarán o rodillo, farán aquí o que queiran, pero a verdade só ten un camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Señorías.

Cando se fan tantas piruetas, é difícil argumentar. Pero eu vou tratar de recordar o que dixo onte o voceiro de cultura do Partido Popular, o de que imos tratar de ser rigorosos. Entón, voume referir un pouquiño ás emendas, a ver se os convenzo; polo menos, aquí estamos para intentalo.

Mire, con carácter previo, eu quero facer unha reflexión. Eu penso que o Parlamento, o Parlamento galego e todos os parlamentos, están para defender os cidadáns. Agora resulta que os concellos tamén votan, agora resulta que os concellos tamén votan.

Aquí hai unha cousa clara, o punto segundo —e xa lle digo que tanto o Bloque como En Marea non queren este punto segundo— di: «Demandar dos concellos galegos a habilitación de mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas». Xa expliquei antes que estes contribuíntes son xente que tiveron que malvender as súas vivendas. Debémolles 4.500 euros a cada un.

Pedimos tamén, pedimos tamén... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, eu dígolle que o rigor se demostra con datos, e, se quere, fágolle as contas sen problema ningún.

Fíxense no que pedimos nós. E a este punto da nosa emenda eles din que non, cárganse por completo... E despois veremos o rigor que ten a súa emenda, señor Sánchez. Pedimos tamén que estes mecanismos promovan que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflictividade neste ámbito tributario. Pero, ¡vamos ver!, cando vostedes están a falar das cláusulas suelo, ¿non dicimos todos o mesmo? Temos que defender os cidadáns que pagaron indebidamente este imposto.

E hai unha cousa, que son as normas xurídicas. Quen ten que facer a devolución é quen recadou, que é o concello. Poderemos falar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, se me desculpa, non a interrompín.

Eu o único que digo é que nós non estamos a falar neste momento dos concellos e dos termos de negociación que teñen que ter co Estado. Nós estamos a falar dos cidadáns, que son os que queremos defender, por suposto.

Ben, polo tanto, excepto o Partido Socialista —que non quita na súa emenda, fai unha emenda de adición—, os outros partidos da oposición fannos unha emenda de substitución precisamente para que non procedamos ás devolucions. En concreto, En Marea fálanos de que hai que incluír unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas... ¡Señor Sánchez, rigor! A prescrición tributaria son catro

anos. Isto non o podemos facer. Pero, ¡como se vai facer isto! E ¿cantos anos lle pon vostede? ¿Vinte e cinco? «Que os concellos devolvan de oficio». ¡Señor Sánchez, rigor! Non se pode facer de oficio, é un procedemento de autoliquidación.

Ao mellor a súa preocupación é que nos concellos 8 de cada 10 euros son da provincia da Coruña e de Pontevedra, e todos sabemos quen goberna neses concellos. Igual están máis preocupados por eses concellos que non polos cidadáns. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Mire, á xente humilde que non puido pagar as súas hipotecas, a eles témoslles que facer a devolución de forma áxil. *(Murmurios.)*

Mire, señora Rumbo, eu atendín á súa explicación do documento da FEMP, non da Fegamp, senón da FEMP. Coñezo ese documento pero entenda o que lle vou trasladar: é de cara a futuro. *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Non dialoguen!

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, señor Vega, non dialoguen. ¡Ningún! ¡Silencio!

Sempre é o mesmo. Por favor, non dialoguen. Sempre é o mesmo, xa son famosos. *(Murmurios.)*

¡Por favor, silencio! Imos a este asunto, que parece que é bastante interesante.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Eu pídlle que me dea trinta segundos máis, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Claro que os ten, porque foi interrompido. Trinta segundos. ¡Veña, vamos!

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** ¡Rigor, señor Sánchez! Así acabamos ben. ¡Rigor!

Mire, eu diríalle que estamos a falar de propostas de cara ao futuro, pero hai xa neste momento decisións que se poden tomar. Por exemplo, o Concello de Málaga decidiu suspender, polo de agora, os casos nos que fora claro que non había incrementos de valor. Sen embargo, o Concello da Coruña está enchendo os contribuíntes que solicitan as devolucións —segundo a resposta que deron o outro día— de peticións e de probas imposibles precisamente para non facer a devolución. Esa é a súa política, e iso é o que está detrás das súas emendas.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** E nós non imos aceptar ningunha delas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non acepta ningunha, vale. Pois moitas grazas. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio! ¡Silencio, señor Sánchez! ¡Silencio!

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!

Señor Sánchez, silencio, se non, vou ter que chamalo á orde, e non quería eu, que estamos no último pleno. Non quero chamar a ninguén á orde. A ver se podemos acabar o pleno sen chamar á orde a ninguén, por favor. ¡Vamos alá!

### **Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGATIÑOS:** Pois a ver se acabamos entón o último pleno do período de sesións sen chamadas á orde e decidindo algo importante, como esta proposta que traemos hoxe desde o BNG.

Ben, como todos e todas sabemos, hai practicamente dez anos estalaba unha profunda crise que afectaría de forma definitiva a configuración dos sectores financeiros. Pero nós pensamos que 2008 non será recordado só na historia, non terá só a historia que estudalo, por ser o inicio dunha profunda crise, que representará tamén unha crise do sistema e non só unha crise financeira. Nós pensamos que terá que ser estudado tamén por ser o punto de inicio para toda unha escalada de decisións, moitas delas políticas, que, baixo esa etiqueta de reestruturación bancaria, camiñaron na contra dos intereses das maiorías sociais, e con consecuencias graves que chegan até o día de hoxe.

O inicio desa denominada crise abriu unha oportunidade, puido abrir un camiño: o de reforzar a transparencia, o control e a capacidade de intervención desde os sectores públicos para evitar así a repetición dos procesos que nos levaran a ese punto, como, por exemplo, a burbulla inmobiliaria. Porén, os grandes partidos do Estado, PP e PSOE, en complicidade tamén coas grandes familias da banca, decidiron emprender outro, o camiño da reestruturación bancaria, que, lonxe de ser un tratamento de urxencia, era ao noso ver unha estratexia planificada; unha estratexia conducente a concentrar e centralizar o sector financeiro que fixo que se sucederan fitos claves que condicionan o panorama económico.

En primeiro lugar, cabe recordar unha cuestión que xa temos analizado polo miúdo aquí, que é que se privatizaron as caixas de aforros e se converteron en bancos. Sucedéronse tamén millónarios rescates bancarios e unhas entidades foron absorbendo outras. Avanzou así, estrepitosamente, un proceso que, á luz dos últimos acontecementos, podemos dicir que non



está rematado e que levou parella a redución do número de entidades e, polo tanto, a concentración de cada vez máis poder económico en menos mans.

Estas consecuencias que poden parecer abstractas afectan dunha maneira moi importante a economía galega, en xeral, e a vida dos galegos e galegas, de forma máis concreta. Porque, ollo, falamos non só de concentración, tamén de centralización. E neste proceso de centralización, Galiza sempre perde. Dunha banda, no taboleiro queda un menor número de entidades. Cando comezou ese proceso de reestruturación tiñamos arredor de dez, e agora podemos contalas cunha soa man. Polo tanto, vanse afastando progresivamente os centros de decisión e, desta forma, desnaturalizouse tamén o sentido orixinal das caixas como entes vinculados ao territorio. Pero é que tamén se perdeu, como dicía, a capacidade de decisión. Esa centralización trae unha menor capacidade de intervención e de fiscalización por parte do sector público galego. Non é menor —e despois falaremos máis disto— que a supervisión pase neste momento a ser única por parte das institucións centrais do Estado, pois, como veremos, non é nin moito menos para estar satisfeitas.

Non dirán que non é paradóxico. A grande banca, a detonante dunha parte importante desa grande crise, máis desregulada en lugar de máis controlada. Case unha década despois, podemos constatar que a crise foi aproveitada pola banca e polo máis encarnizado neoliberalismo para evitar un maior control destes servizos, deste sistema financeiro. Así, favorecéronse os seus intereses e retroalimentáronse á custa dos traballadores e traballadoras, á custa das maiorías sociais, que fomos quen máis sufrimos estas consecuencias. No lugar de depurarse responsabilidades de quen decidiran ese proceso, cada vez vimos como máis recursos se destinaban a soste un entramado financeiro absolutamente escuro.

Porén, malia esa escuridade, anos despois van saíndo as cifras. E agora vimos como, por exemplo, en xaneiro o Tribunal de Contas contabilizaba máis de 60.000 millóns de euros para o rescate público, unhas cifras que vén de avalar tamén o informe do Banco de España. Esas cifras son absolutamente desorbitadas, e, para que nos fagamos unha idea, equivalen ao orzamento da Xunta de máis de seis anos.

A hemeroteca, ademais, é maldita. Circulaban recentemente tamén polas redes sociais as declaracións que fixera o señor De Gindos en maio de 2012, para quen desde aquí propoñemos que lle dean o premio estatal ao cinismo, porque dicía daquela —e vou ler literalmente—: «*Me gustaría especificarlo muy claramente: aquí no hay un coste para los contribuyentes españoles.*». Agora o Banco de España pois vén de recoñecer que de todo ese rescate só se vai recuperar arredor dun 20 % do total, arredor só dun 20 % do total. ¿Que é isto —pregunto— se non é unha grande estafa, unha grande estafa acompañada, ademais, de grandes políticas de recortes, políticas antisociais, unha progresiva perda de dereitos orquestrada pola dereita? Porque, diante dunha estafa, pódese reaccionar ou facer parte dela. E, desde logo, o Partido Popular foi e é parte da grande estafa bancaria. Sen a súa complicidade non tería sido posible.

Vou poñer, por falta de tempo, só un exemplo práctico das repercusións que isto pode ter na vida de todos nós e na vida de moitas xeracións: a cuestión das pensións. Durante os últimos anos están intentando convencernos desde Madrid de que tamén coas pensións vivimos por

riba das nosas posibilidades, que ese sistema —sen dúbida mellorable— non pode sosterse, de forma que se vaia camiñando cara á privatización tamén da cuestión das pensións. Ben, pois se desde 2012 se retiraron máis de 54.000 millóns de euros do fondo de reserva das pensións e o rescate dos bancos custou unha cantidade similar á máxima que se acumulou neste fondo de reserva das pensións, pois teremos que preguntarnos: ¿non se poden soste as pensións ou é que hai que soste a grande banca?

En fin, como dicimos, para nós, nesta grande estafa, hai responsabilidades, nas entidades, nos equipos directivos, pero tamén responsabilidades políticas nos partidos e persoas que permitiron esta política de deixar facer. Despois, na réplica, detereime nalgún exemplo máis.

Agora, recentemente, como saben as súas señorías e como xa temos falado aquí, consumouse a venda a prezo de saldo do Banco Popular; un novo calote patrocinado, ademais, polos organismos supervisores. As consecuencias son tremendas —despois falaremos máis delas— : unha oferta financeira máis reducida, triplicidade de redes comerciais, que terá peche de servizos e que terá seguramente un custo laboral moi importante tanto para traballadores directamente destas entidades como para as empresas auxiliares, e unha estafa para moitas persoas, moitas e moitos deles traballadores e traballadoras do Pastor e persoas clientes de confianza que foron coaccionados.

Pero é que esta venda hai que vela máis alá, hai que vela tamén no seu conxunto e qué significa, pois é a proba de que o rescate non só foi caro senón que foi ineficaz e que os problemas da grande banca, lonxe de solucionarse, continúan, e que os gobernos estatais e galego, así como os reguladores, pois algunha responsabilidade teñen. Por exemplo, desde a ausencia de control por parte do Banco de España á falta de actuación da CNMV ante a aposta baixista contra o Banco Popular, e tamén un uso, constatado xa a estas alturas, de información privilexiada por parte do Banco Santander e tamén un dubidoso papel do mecanismo único de resolución e doutros instrumentos de ámbito supraestatal.

Ben, en conclusión, á luz dos feitos, desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que neste escenario, desde logo, o que non cabe é unha actitude pasiva, o que non cabe é dicir que non temos competencias. Entón, polo tanto, nesta cuestión que nos afecta de forma tan fundamental e que afecta a vida de tantas persoas, que afecta o presente e o futuro do noso tecido produtivo, que non é a nosa competencia, non cabe, xa que logo, quedar sentado sen facer nada. Entendemos que non cabe tampouco dicirlles aos supervisores que fallaron que se supervisen. Isto é coma se alguén copiase nun exame e para o seguinte exame dicimos que sexa a persoa que se vixie a si mesma. Nin cabe tampouco —entendemos— confiar no Estado español nin no que nos poida vir por parte do Congreso.

Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é hora de sentarse en serio a investigar esta cuestión. Entendemos que o Parlamento de Galiza debe exercitar as súas competencias e abrir un proceso de investigación das diferentes actuacións e responsabilidades do cadro directivo, dos organismos supervisores e dos gobernos galego e central que desencadearon esta venda fraudulenta e liquidación do Banco Pastor, que xa absorbera o Popular. E, polo tanto, á luz dos feitos, é absolutamente pertinente ampliar a coñecida como Comisión das Caixas e incluír como obxecto específico do seu estudo esta venda do Banco

Popular. Cómpre investigar, xa que logo, as causas e as consecuencias para o noso país, neste país, desde este ámbito.

Nós entendemos que isto llelo debemos a toda as xeracións presentes e futuras que van pagar esta grande estafa.

Non pode, ademais, xa o obxecto de investigación que tiñamos fixado culminar facendo coma que non existiu esta venda do Partido Popular, pois o alcance quedaría absolutamente furtado.

Remato a miña intervención e insisto en que non podemos confiar nin en que os supervisores que fallaron e que foron cómplices desta venda se autoinvestiguen nin en que o Estado español, que tamén ten moito que ver con todos estes movementos, se autoinvestigue. Temos que exercer desde Galiza a nosa capacidade política de saber qué pasou con esta cuestión, e de facer algo que en case dez anos de crise bancaria non se fixo desde ningún dos axentes, que é aprender, corrixir e intervir para que isto non volva acadar un novo resultado semellante, para que isto non se volva repetir e non volvamos estar diante dunha nova crise en poucos anos, cos mesmos resultados e cun empeoramento das condicións de vida de todas nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a verdade é que o que está acontecendo, o que aconteceu co Banco Popular-Pastor e o Banco de Santander é exactamente o daquela película de Hitchcock, *Crime perfecto*, na que hai, efectivamente, vítimas pero non hai culpables. E non hai culpables ata niveis, digamos, de escamotear a información absolutamente sorprendentes. Hoxe mesmo vemos nos medios de comunicación como se fala do informe da Xunta Única de Resolución de Bruxelas sobre este proceso de venda, un informe que en teoría estaba colgado na páxina web, entendo que cando todos os medios de comunicación deste país escribiron esas novas onte pola noite, por dicilo dalgunha maneira. E, desde logo, a este deputado esta mañá foille absolutamente imposible atopar o mesmo. É verdade que pode ser un problema de habilidade, pero o certo é que non está colgado, polo menos onde loxicamente debería estar colgado.

Hai unha iniciativa posterior do Grupo Socialista, do meu grupo, na que efectivamente imos incidir nos efectos negativos sobre Galicia, ao que, en fin, a voceira do BNG xa fixo referencia. E eu creo que se agrupan en catro bloques: a concentración oligopolística absolutamente brutal —75 % en mans de dous axentes—, o peche de oficinas e perda de postos de traballo, o problema da exclusión financeira e, polo tanto, o abandono do rural en termos de acceso aos servizos financeiros, e, por último, a desaparición ou as dificultades das fundacións vinculadas aos bancos.

Efectivamente, este é o marco xeral. Son efectos para Galicia que os socialistas somos plenamente conscientes de que son graves. E os socialistas comprometémonos a estar atentos neste Parlamento, a vixiar e a plantexar alternativas para solucionar os efectos negativos que poidan ter sobre os cidadáns. Pero é verdade que non queremos acumular máis frustración sobre o Parlamento galego.

O caso das caixas, da comisión das caixas, no que vimos sistematicamente, por moitas razóns, as comparecencias, o feito da estrutura e da subministración da información —nun caso en que había competencias, moitas ou poucas, de ámbito autonómico—, pois foi extremadamente complicado, longo, prolongado. De feito, seguimos en pleno proceso. E no caso do Banco Popular-Pastor indudablemente estas competencias a nivel autonómico non existen. Por suposto, existen as consecuencias desta venda. Insisto en que non cuestiono en absoluto iso. Pero eu creo que convén poñer o foco exactamente alí onde consideramos que debe poñerse; sobre todo para evitar repetir erros, por dicilo dalgunha maneira.

Probablemente houbos, e vou facer un percorrido rápido, case impresionista, da cuestión. Houbo probablemente problemas de xestión do propio banco, houbo obviamente problemas de regulación e de supervisión. E, desde logo, aquí todos temos que reflexionar sobre o discurso político da presunta independencia dos órganos reguladores e dos órganos supervisores. Porque todo parece indicar que esa presunta independencia non significa unha maior capacidade directa de actuación e, desde logo, non significa unha maior eficacia. Tamén temos que cuestionar o papel da política. Eu recordo cando se dicía que o problema das caixas era a inxerencia do poder político na xestión das mesmas. Bueno, no Banco Popular non houbo absolutamente ningunha inxerencia do poder político, e aí temos a situación.

Hai que cuestionar tamén —e, como ven, son plenamente consciente de que hai que investigar e que os responsables políticos temos que estar moi atentos a toda esta cuestión, e o único é que a razón pola que nos imos abster é que nos parece que non é o ámbito axeitado— o problema dos tests de estrés, xa que, efectivamente, nesa dicotomía solvencia-liquidez ao final atopámonos, no caso do Banco Pastor, cunha situación absolutamente inxestionable, atopámonos con ese baile de números inexplicable desde calquera racionalidade económica, cun banco no que en novembro do ano 2016 se avalía o seu valor en 6.000 millóns de euros e que en xuño de 2017 se fala dun valor negativo de entre -2.000 e -8.000 millóns de euros. É dicir, estamos falando de que, en aproximadamente sete meses, 14.000 millóns de euros se licúan, o cal é inexplicable en termos financeiros, inexplicable en termos de xestión e responde fundamentalmente á enxeñería financeira e contable, que, desde logo, eu creo que non é o labor deste Parlamento nin ten a capacidade de facer este tipo de investigación.

Hai unha vía aberta en termos xudiciais, en termos penais mesmo, desde estafa a investidores á falsidade contable, administración desleal ou apropiación indebida. Somos conscientes do engano en boa medida aos pequenos accionistas. Somos conscientes das enormes dificultades que no caso dos traballadores dos bancos, destes bancos —do Popular pero sobre todo do Pastor—, tiveron, presionados a mercar accións que logo pois indubidablemente acabaron valendo cero, e en moitos casos arrastrando créditos para telas mercado. Pero tamén teño que dicir que o Grupo Socialista non vai cuestionar as perdas de capital dos gru-

pos financeiros internacionais —dáme igual o grupo mexicano Del Valle, o grupo chileno Luksic ou o xestor de fondos PIMCO-Allianz— porque cremos que, efectivamente, forma parte da dinámica do sistema capitalista e, polo tanto, asúmese un risco. Entón eu prefiro que o asuma o grupo financeiro Del Valle, aínda que ameace con ir ao Tribunal Superior de Luxemburgo, a que o asuman os depositantes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...ou que sexa rescatado con diñeiro público.

E os pequenos accionistas, dende logo, en todo caso, tampouco todos son exactamente iguais. Hai moita xente... Eu mesmo recoñezo que me gusta o mercado bursátil pero recoñezo o risco que asumo cando merco accións dunha determinada empresa.

E logo hai unha cuestión na nosa opinión tamén moi importante. Aínda así estaremos vi-xiantes porque é verdade que o Banco de Santander ten créditos fiscais por valor de 5.000 millóns de euros, co cal ese presunto custo cero para as arcas públicas é discutible. E tamén aí estaremos atentos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Pero, volvo repetir, probablemente aquí non se trata de acumular máis frustracións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo, día.

Eu vou ser breve, porque son tantos os temas que, se se fala deles, en fin, non chegaría o tempo.

Eu vou apoiar a proposta do BNG. E teño que recoñecer que para iso me teño que inspirar na poesía, en Eduardo Galeano, cando di: «Homes e mulleres pequenas, facendo cousas pequenas, en lugares pequenos, son quen de cambiar o mundo». E ese creo que é o espírito —así o entendo eu— da proposta do BNG. A cidadanía tense que rebelar ante a permanente estafa que nos están facendo o bancos. É intolerable que suframos unha e outra vez unha estafa bancaria e que nos afixamos, leamos o periódico, que nos queixemos... Temos que rebelarnos. E un pobo, un país que ten un Parlamento, pois debe participar nesa rebeldía cívica contra a gran estafa financeira.

Eu vou dicir só tres ou catro elementos.

Primeiro, a liquidación do Popular-Pastor supón claramente que ese discurso de que o problema era das caixas de aforros é falso. Aqueles que o defendían, que pidan perdón. É o sistema financeiro español o que ten, o que tiña, o que segue tendo, un enorme problema.

Segundo, o que se produciu é a demostración do fracaso da reestruturación bancaria en España: 120.000 millóns de euros despois, 35.000 despedidos, o peche de 13.000 oficinas, e o sistema financeiro español segue sen resolver os seus problemas. Neste sentido, o proceso de reestruturación bancaria española tivo éxito nunha cuestión: en potenciar a concentración financeira, o oligopolio financeiro español e tamén a centralización do poder financeiro na capital do reino de España. Aí tivo éxito; e, en sanear o sistema financeiro, non. E vou dicilo: a banca española segue tendo os seus balances cheos de lixo financeiro. Porque na situación do Banco Popular, o seu risco, a súa exposición ao risco inmobiliario, non era moi superior ao que teñen outras entidades. Hai unha diferenza cuantitativa pero non cualitativa. Porque o tema de fondo no se aborda.

A terceira cuestión é o fracaso dos mecanismos supervisores e dos órganos de control. Este é un tema realmente alucinante. En xuño do ano 2016, o Banco Popular-Pastor fixo unha emisión de accións de 2.500 millóns de euros. Para facer esa emisión tivo que actuar aquí todo o mundo: a empresa auditora, a CNMV, o Banco de España, os mecanismos europeos, a EBA. E todo o mundo avalou, os supervisores avalaron, que o banco era solvente e que estaba ben. Todos eses supervisores tiñan que estar agora mesmo despedidos e encausados por ser cómplices desa estafa.

Quero terminar cunha idea, que é diferente á que plantexa o Partido Socialista. Eu creo que si hai unha estafa aos accionistas. Hai accionistas que estafan e hai accionistas que están estafados. E, como se dixo pouco, voume dar o gusto —como apoiamos a proposta do BNG— de dicir os seus nomes. Nesta historia, nesta película de Hitchcock, hai piratas, piratas estafadores, estafadores internacionais. E eu voume dar o gusto na sede do Parlamento de dar os seus nomes, dos que nos estafan. E ten que ver coa operación inaceptable dos fondos multinacionais especulativos que actuaron á baixa contra o Banco Popular-Pastor. Isto é intolerable. Supoño que todos os deputados e deputadas coñecen que actuar á baixa significa que ti tes beneficios se consigues devaluar o valor da empresa na que ti actúas. No Banco Popular-Pastor houbo a maior concentración de piratas financeiros da historia, ata tal punto que o paquete de accións que tiñan os especuladores á baixa rexistrados na CNMV chegou a ser do 12,5 %. Enténdase ben, o principal paquete de accións do Banco Popular-Pastor estaba en mans duns sinvergüenzas financeiros que actuaban, sendo os accionistas maioritarios, para devaluar o valor do banco. Teñen nomes: Marshal Wace, BlackRock, Melqart, Lansdowne, Smalyn, Oceanwood, PDT Partner, AQR Capital. Son fondos de investimentos norteamericanos domiciliados en paraísos fiscais que agriden a soberanía nacional do Estado español e que provocan unha perda insoportable en termos de postos de traballo. Fronte a iso, o BNG ten razón, temos que reaccionar. *(Aplausos.)*

Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Si, moitas grazas, señor presidente.

Eu, como onte houbo moito debate nesta cámara sobre o cumprimento do Regulamento, o primeiro que quixera dicir, sen que isto teña ningún condicionamento do que vaia dicir a

continuación sobre o contido da PNL, é que, habendo a Comisión de Caixas, que ten un regulamento e que, cando se quere modificar o plan de traballo, se reúne a ponencia e se convoca a comisión —cousa que fixo o Partido Popular e, de feito, mañá temos unha comisión de caixas precisamente para alterar o plan de traballo—, o de traer unha PNL pois soa máis ben a desculpa para falar aquí desta cuestión. E non temos ningún inconveniente. Simplemente que, como algúns parece que son tan exixentes á hora de cumprir o Regulamento nuns casos, pois deberían de respectalo en todos.

En relación co tema, nós estamos de acordo basicamente —espero que despois o sigamos estando— sobre que é unha mala noticia para Galicia a desaparición do Banco Popular-Pastor e que é bo, ademais, que haxa unha investigación. Coincidimos non só nós aquí en Galicia. Hai máis dúbidas. Os inspectores do Banco de España manifestaron tamén as súas dúbidas. E a Comisión Europea tamén ten manifestado que hai que facer un seguimento desta venda. É dicir, non son dúbidas de persoas preocupadas por cuestións políticas, senón que hai dúbidas máis de fondo.

O que si é certo, co que non estamos de acordo dos discursos anteriores é co que se dixo de que todo segue igual e que as cousas non mudaron. As cousas mudaron, e eu creo que mudaron para ben. Cando hai unha treboada é cando cruxen as cadernas. É precisamente neses momentos cando hai que volver axustalas para que non se fagan máis vías de auga e o barco se afunda. O certo é que cando empezou esta crise non había unha unión bancaria, e é certo que hoxe hai xa unha unión bancaria que ten, ademais, manifestacións importantes. Hai un mecanismo de supervisión europeo que foi exercitado nesta cuestión, hai un mecanismo único de resolución, que tamén foi exercitado neste asunto do Banco Popular-Pastor, hai unha Xunta Única de Resolución, que tamén operou neste caso. E afortunadamente non entrou a funcionar neste caso —polo que agora direi— o Fondo Único de Resolución, que vén substituír o antigo Fondo de Garantía de Depósitos, no que había cartos que aportaban as entidades financeiras, que eran parte dos depósitos e, polo tanto, que repercutían o custo dos rescates financeiros, ou das intervencións bancarias, sobre as entidades financeiras e, de rebote, nos clientes destas entidades financeiras.

Polo tanto, algo temos mellorado. E, efectivamente, a intervención do Banco Popular o que implicou foi precisamente que non houbo que poñer cartos dos cidadáns —primeira cuestión positiva—. A segunda cuestión positiva é que non afectou para nada ao conxunto do sistema financeiro, non houbo a máis mínima turbulencia financeira, ningunha repercusión, por exemplo, nos tipos de xuro que paga España. E, en terceiro lugar, salváronse todos os depósitos dos accionistas, todos, enteiros, íntegros; nin sequera co límite que vimos noutros países nalgún tipo de intervención bancaria.

E ao mesmo tempo, evidentemente, hai perdedores, hai perdedores. Fundamentalmente o risco do emprego e os accionistas. Nós compartimos a preocupación fundamentalmente polos pequenos accionistas, especialmente polos accionistas tradicionais e os traballadores do Banco Pastor, moitos deles propietarios de títulos do Banco Popular, e, evidentemente, os titulares dos bonos subordinados e convertibles, que, efectivamente, corrían un risco e sobre eles recaeu o custo fundamental desta operación.

Polo tanto, as cousas mudaron e non compartimos iso de que todo segue igual.

A segunda cuestión que non compartimos é que cremos que se fala con moita lixeireza do termo «estafa». Quizais sexa porque un ten certa formación xurídica e sabe que a estafa é un delito. En xeral, para acusar de delitos hai que ter un mínimo de probas. Xa sei que se utiliza con carácter coloquial. O certo é que eu non creo que sexa unha estafa que, con 11.000 millóns de euros, por exemplo, no caso de Abanca, se rescatasen depósitos —acaban de coñecerse, e máis ou menos era así cando se fixo a operación—. Estamos falando de 59.000 millóns de euros de depósitos de galegos nesa entidade. Xa dixen algunha vez que os italianos aos rescates lles chaman «rescate dos depósitos», e aquí pois parece que se rescata a gran banca, cando o que se estaba rescatando no caso das caixas, no que non había propietarios nin había multinacionais nin fondos voitre nin había nada de propietarios, senón que eran entidades sociais, é máis evidente que en ningures que eran os depósitos. Insisto, ten Abanca nestes momentos 59.000 millóns.

Ben, dito todo isto, cremos que, efectivamente, hai que investigar. O Congreso xa está investigando, xa está no plan de traballo da comisión correspondente do Congreso. E como acabo de dicir, tanto a Comisión Europea como o Banco Central, e incluso os inspectores do Banco de España, que están asociados co Banco Central Europeo, están falando de vixiar de cerca a compra do Banco Popular polo Banco Santander. E digo isto porque é importante non confundir o que é a Unión Europea co que é o mecanismo de resolución, os que están dicindo que hai que vixiar son membros na Comisión Europea que vixían o que fan os que regulan o mercado bancario e os que aplican os mecanismos de intervención.

E por iso tamén compartimos a idea de que non é este o ámbito no que se debe investigar isto. Certamente conlevaría un grao de frustración importante pedir comparencias, pedir documentos, e que nos pasase o que xa nos pasou nalgúns aspectos na Comisión das Caixas, por unha banda, ou o que xa comeza a pasar tamén no Congreso con algunhas comisións de investigación que a oposición no Congreso puxo en marcha. E, polo tanto, o lóxico é que se investigue alí onde se está a investigar e alí onde corresponde, e non na Cámara galega.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, bo día de novo.

Señor Puy, a verdade é que me decepcionou un pouco. Eu confeso que sempre que vostede fala neste Parlamento aprendo cousas moi interesantes. Pero, ¡home!, ter que recorrer ao argumento de se esta PNL é regulamentaria ou non... Eu non sei se está emendando a plana á Mesa do Parlamento, que foi a que a admitiu a trámite, ou que. En todo caso, se o Pleno foi quen creou a comisión, pois pensamos que non é nada disparatado que o Pleno poida ampliar esa comisión.



En todo caso, vostede sabe que tamén rexistramos esta petición na mesa da comisión, porque con vostedes hai que curarse de espantos. Ademais, para falar disto, para falar do Banco Pastor, sóbrannos PNL; sóbrannos PNL ata o punto de que na mesma semana na que se consumou a venda, malia os estritos prazos deste Parlamento, nós xa puidemos falar disto na Comisión 3ª, porque xa tiñamos unha rexistrada diante da preocupación que tiña para o BNG esta cuestión e o que se vía vir. En fin, se cadra deu no final da súa intervención a clave: as comparecencias, claro. ¡Que loucura que teña que haber comparecencias! Iso xa o dixemos tamén desde a miña organización, tamén o volvemos pedir á mesa da comisión e insistiremos mañá. Porque, á luz da ocultación de documentación que hai, será lóxico que haxa comparecencias. Non só debería habelas para falar do Pastor, senón tamén para falar do que temos pendente.

Di vostede tamén que as cousas mudaron. Ben, efectivamente o propio sistema financeiro e capitalista é intelixente e camaleónico, e mudou, mudou. O que está por ver é se eses reguladores que creou foron para regular algo ou para regular que siga todo sen mudar, e mudalo todo para non mudar nada.

Vou comentar algunha cuestión, antes de continuar con isto, a respecto da intervención do voceiro do Partido Socialista. Señor Losada, a min sorpréndeme que vostede non estea disposto, despois de tantos anos de parlamentario, a non acumular máis frustracións. Non sei se precisa unha excedencia sabática, porque non será que non temos que ter as persoas da oposición deste Parlamento o lombo cargado de frustración, xa que acumulamos moita. En fin... Agradezo tamén ao voceiro de En Marea o apoio, e lamento que o Partido Socialista siga instalado nesa cómoda abstención. Eu creo que non lles vai valer para xustificar unhas e outras posicións e que é hora de decantarse.

Antes de rematar a miña intervención —que me queda pouco tempo—, quería poñer un par de exemplos de por que a nós non nos vale o papel do Congreso nin o papel do Estado nin o papel dos reguladores autoinvestigándose, e de como ao final ese entramado camaleónico que foi mudando pois, á fin e ao cabo, favoreceu esa política de deixar facer e non regulou o que tiña que regular.

Por exemplo, podemos recordar que o propio informe do Tribunal de Contas conclúe que o rescate estatal das caixas de aforros se fixo sen criterio e sen control correcto para o uso dos fondos públicos. Ou o papel da CNMV, porque, claro, o informe do Banco de España é moi simpático, porque sobre o seu propio papel bota balóns fóra, pero di que, claro, que a CNMV é moi cuestionable porque permitiu que no Estado español se fora compracente coa comercialización de produtos de alto risco en clientes sen coñecementos financeiros, algo que, por certo, tivo maior incidencia no Estado español que noutros estados. ¿Por que será?

En fin, acábame o tempo e conclúo que botar balóns fóra para o Estado español a nós non nos vale. Estamos aquí, no Parlamento galego, que é soberano e debería ser responsable con esta cuestión. Non querer ampliar este obxecto de investigación é ser cómplices. E xa dixeran na miña primeira intervención que, diante dunha estafa, ou estamos do lado dos estafados ou estamos do lado dos estafadores.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular-Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas de todos os grupos parlamentarios.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Débese engadir un novo punto:*

*«6. Solicitar da dirección do Banco de Santander a compensación de perdas sufridas polos pequenos accionistas do Banco Pastor, tendo especial consideración cos que accederon á última ampliación de capital de maneira que poidan recuperar o seu investimento.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

*1. Manifestar a súa solidariedade con todas as persoas que traballan no Banco Pastor, na súa Fundación e nas numerosas empresas auxiliares, coas persoas afectadas, coa clientela e co seu accionariado, amosando a firme convicción da Cámara de defender diante do Banco de Santander que o Banco Pastor teña a condición xurídica de filial integrada dentro do grupo bancario, tal e como sucedía na actualidade no grupo Popular-Pastor.*

*2. Velar porque o cambio na propiedade no Banco Pastor teña para Galicia o menor impacto posible sobre a concesión de crédito e o emprego, e se é o caso, os axustes se fagan co maior acordo posible e defendendo os intereses dos traballadores no eido das competencias que ten a Xunta de Galicia.*

*3. Solicitar da dirección do Banco Santander a compensación das perdas sufridas polos pequenos accionistas do Banco Pastor, tendo especial consideración cos que accederon á última ampliación de capital, de maneira que poidan recuperar o seu investimento.*

4. Solicitar que o novo propietario, Banco Santander, manteña os compromisos adquiridos polo Banco Popular coa Fundación Barrié, para que poda seguir desenvolvendo a súa labor social e cultural con recursos suficientes.

5. Solicitar aos órganos de supervisión bancaria e do mercado a investigación da últimas ampliacións de capital e emisións de accións co obxecto de determinar se os subscritores contaron cunha información clara, nidia e precisa para poder levar a cabo os seus investimentos.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Propónse a modificación dos puntos 2, 4 e 5, que quedarían da seguinte forma:*

«2. Defender o mantemento en Galiza dos postos de traballo existentes e arbitrar as medidas a tomar en consenso cos sindicatos do ámbito de relacións laborais galego.

4. Investigar o papel dos organismos de regulación e supervisión bancaria, especialmente no referido ás últimas ampliacións de capital e á emisión de accións e instrumentos similares, así como as condicións en que moita xente mercou accións nas últimas ampliacións de capital do Banco Popular.

5. Proceder á creación inmediata de mecanismos de atención ás persoas afectadas, entre eles unha oficina específica para atender ás persoas afectadas polas recentes actuacións de concentración bancaria e facilitar aos pequenos accionistas e aforradores a presentación das reclamacións que permitan recuperar as perdas polas ampliacións de capital e operacións conexas.»)

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, realmente traemos unha iniciativa, o Grupo Parlamentario Socialista, que, aínda que non é exactamente a mesma, vai redundar un pouco na anterior proposición non de lei presentada polo Grupo do BNG.

Hoxe traemos unha PNL que entendemos que debería ser aprobada por unanimidade por todos os grupos parlamentarios desta Cámara, tal como aconteceu na Comisión 3ª desenvolvida este venres pasado.

Nós cremos que é importante que todos os grupos políticos nos poñamos de acordo co fin de trasladar unha mensaxe de apoio unánime aos traballadores e traballadoras, así como aos pequenos accionistas que perderon a totalidade do valor das súas accións. Tamén cremos que é importante trasladar unha mensaxe de solicitude unánime ante o novo propietario do banco comprador, o Banco Santander, con tres fins: primeiro, que se manteña a marca do Banco Pastor; segundo, que se minore o máximo posible o impacto do cambio da propiedade;

e, terceiro, que se manteñan as actividades da Fundación Pedro Barrié de la Maza, fundación moi importante na nosa comunidade.

Neste sentido, o noso portavoz xa se dirixiu por carta á presidenta do Banco Santander para que teña en conta estas inquiredanzas.

En Galicia, a venda do Banco Popular-Pastor foi unha moi mala noticia, posto que en Galicia se atopan o 28,9 % das oficinas de toda España do Banco Popular-Pastor. O Banco Pastor foi un banco de longa historia e arraigo na nosa comunidade. A súa venda ao Banco Popular e agora ao Banco Santander pon un punto e final ao tecido financeiro da nosa comunidade autónoma, a un banco que naceu no ano 1776.

No ano 2008, é dicir, soamente hai nove anos, o panorama financeiro galego estaba conformado por dúas caixas e tres bancos. Con esta venda prodúcese unha situación oligopolística moi forte, e en Galicia pasaremos a ter dous bancos que van dispoñer de máis de dous terzos do tecido do mercado financeiro —é dicir, o 75 % do tecido financeiro—, supoñendo isto un elevado risco para as persoas consumidoras.

As consecuencias deste proceso de venda do Banco Popular-Pastor ao Banco Santander lévanos aos socialistas a amosar unha grande preocupación en catro temas fundamentais.

Un primeiro é a preocupación polos empregados e empregadas destes bancos; un novo axuste laboral sobre 1.200 persoas traballadoras do Banco Pastor en Galicia, que van ser vítimas de deficiencias, regulacións, supervisións e xestións financeiras feitas polo Banco de España, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e pola Comisión Nacional da Competencia.

Preocupámonos tamén polas consecuencias negativas que vai ter para as persoas consumidoras a crecente concentración do sistema financeiro. Van ter maiores dificultades de acceso ao crédito tanto as familias como as peme, e vai haber un crecente proceso de exclusión financeira en moitos municipios do rural.

Preocúpannos tamén os pequenos accionistas, que van perder todos os seus aforros, o que está agravado pola «invitación» —entre aspas— que nalgúns casos tivo o persoal do propio banco para adquirir accións do banco. Estamos a falar de case 51.000 accionistas galegos que perderon 72 millóns de euros.

É verdade que a inviabilidade dunha institución financeira debe ser asumida polos seus accionistas, o que supón un risco para os investidores, pero non se pode concluír que unha acción que ten un valor de mercado pase por unha decisión da autoridade competente nunha noite a valer 0 euros, e que, por ter alcanzado ese valor, se proceda á súa amortización, cando hai unha liquidación e o banco segue funcionando con normalidade ás poucas horas.

Preocúpanos tamén porque estes pequenos investidores —xa digo que algúns foron invitados a adquirir accións— seguro que non tiveron a información necesaria e suficiente para poder valorar o verdadeiro risco que supoñía a adquisición destas accións, fundamentalmente dende a última ampliación de capital feita no ano 2016.

A nosa preocupación tamén está centrada na Fundación Barrié de la Maza. É unha fundación creada no ano 1966, unha das máis antigas do Estado español e que tiña —e ten, de momento— o obxectivo de impulsar o desenvolvemento económico e cultural de Galicia, centrando a súa actividade en catro áreas: educación, ciencia, acción social e patrimonio e cultura. No ano 2005, esta fundación dedicou 8,6 millóns de euros de euros a estas catro áreas: 1,5 millóns para acción social, 1 millón para o ámbito da ciencia, 2,5 millóns en educación e 3,6 millóns en patrimonio e cultura. Foi propietaria de máis do 40 % do antigo Banco Pastor, chegando a ter un capital de máis do 7 % do Banco Popular. Pero, coa última ampliación de capital no ano 2016, o seu patrimonio quedou mermado e reducido por baixo do 2 % tras a compra polo Banco Santander.

Preocúpanos tamén que o papel dos reguladores e dos supervisores bancarios queda moi cuestionado, infundindo unha tremenda desconfianza sobre estes instrumentos de control e sobre o sistema financeiro en xeral. Sabemos que agora hai un mecanismo único de resolución, un mecanismo creado en 2016 pola unión bancaria como un instrumento de superación da crise financeira na zona euro, co propósito de garantir a resolución ordenada dos bancos en quebra cun custo mínimo para os contribuíntes e a economía real, de maneira que a súa liquidación teña o menor impacto posible e que poidan previrse as crises sistémicas. É verdade que supón un paso máis na construción dos piares básicos de regulación na unión bancaria, e que os obxectivos son: reforzar a confianza no sector bancario, evitar o pánico bancario, o contaxio, minimizar a relación negativa entre os bancos e os emisores soberanos e eliminar a fragmentación do mercado interior dos servizos financeiros; e, como xa se apuntaba na anterior intervención, que non teña que ser o propio Estado quen teña que rescatar estes bancos. Está composto este mecanismo por un organismo de resolución a escala da Unión Europea, que se chama Xunta Única de Resolución, e conta cun fondo común de resolución financiado polo sector bancario.

Pero tamén é verdade que este mecanismo único de resolución debe proceder á fixación do chamado «requirimento mínimo de pasivo elixible», un pasivo que é subxectivo, aínda que está dirixido a fortalecer a capacidade de absorción de perdas das entidades. Polo tanto, a súa aplicación supón un cambio de comportamento por parte do regulador europeo, pero España é o primeiro país e este é o primeiro banco ao que se aplica este novo mecanismo único de resolución; e, polo tanto, estamos un pouco preocupados de cales van ser realmente as súas consecuencias.

Á vista desta situación, os socialistas traemos esta proposición non de lei para a súa aprobación por este Pleno do Parlamento galego. Os termos nos que imos plantexar esta proposición non de lei van ser idénticos aos que se propuxeron na Comisión 3ª celebrada o mércores pasado, na que xa houbo unha transposición entre todos os grupos. Polo tanto, nós cremos que é importante, que é interesante, que de aquí saia unha voz unánime, e que lles deamos, sobre todo, ese apoio unánime —como dicía anteriormente— aos traballadores e ás traballadoras, e tamén unha petición unánime ao novo posuidor do Banco Popular-Pastor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, como xa introducía na miña intervención anterior, nós compartimos con outros grupos parlamentarios a preocupación por esta cuestión do Popular-Pastor. Se unha cousa tivo como positiva é que, efectivamente, a priori todos os grupos parlamentarios compartiamos a análise de que era unha noticia negativa para o noso país. Outra cuestión é xa que analicemos as causas ou as medidas que haxa que tomar da mesma forma. Nós estamos preocupados e preocupadas por este asunto, e brevemente farei dalgunha das consecuencias —por non repetir demasiado coa voceira socialista— que entendemos que son preocupantes. Intentarei achegar algún matiz.

Entre as consecuencias que ten, a nós preocúpanos ese panorama de gran concentración bancaria que cada vez nos van deixando —tanto ás persoas consumidoras, usuarias individuais, como ás pequenas e medianas empresas—, con menos portas ás que chamar. En concreto, o Banco Popular-Pastor —como xa case o podemos denominar— sabemos que tiña unha forte implantación territorial no noso país, e que isto vai ter consecuencias; consecuencias en materia de exclusión financeira, porque cada vez sabemos que os oligopolios, os *lobbies*, pactan prezos e pactan condicións, e, polo tanto, vai ser máis difícil que en condicións de seguridade e de igualdade poidan acceder as persoas e as pequenas empresas ao crédito. Doutra banda, nós tamén temos xa case unha obsesión pola relación entre créditos e depósitos que hai no noso país. Temos xa cifrado moitas veces como ese aforro do noso país emigra en máis de 70 euros por cada 100 fóra do noso país. Entendemos que, sendo o Santander unha entidade de dimensión internacional que valoriza o seu capital nos grandes mercados financeiros especulativos, esta cuestión non vai deixar de aumentar e, polo tanto, incrementará o espolio que hai a respecto do noso aforro. E iso ten despois unha translación importante ao noso tecido produtivo.

E indo a outro plano, na cuestión máis laboral, entendemos que a triplicidade das entidades, xa non a duplicidade senón triplicidade, vai afectar negativamente ao emprego. Ademais, dúas destas tres entidades xa enfrontaran recentemente no noso país ERE bastante importantes; co cal, esa cuestión está aí. Tamén porque, ata onde nós sabemos, a colaboración por parte do Santander coas entidades sindicais está a deixar moito que desexar en materia de información e de previsión. Entendemos que isto pode afectar dunha maneira moi importante tamén as empresas auxiliares, as grandes esquecidas. Cando menos, xa só o Popular-Pastor, por cuestións de servizos vía telefonía móbil, ten, que nós saibamos, arredor de trescentos postos de traballo que poderían perigar, e que poderían perigar, ademais, nunha esfera laboral que xa ten unhas condicións moi complicadas.

Preocúpanos tamén todo o que saíu a respecto dos accionistas. Coincidimos cos matices que introducía antes o señor Losada, pois estamos a falar, sobre todo, de pequenos aforradores e persoas que foron enganadas nas condicións. Non entramos xa nos xogos que forman parte do risco en que calquera pode incorrer, pero creo que estamos de acordo en qué é o que centra a nosa preocupación.

Neste sentido, queremos engadir un matiz. Nós sabemos que hai persoas neste país afectadas polas preferentes, por esa estafa que o banco, estes bancos, pagaron mediante apli-

cación de bonos ou accións, e, polo tanto, poderíamos incorrer nalgún caso nalgunha tripla estafa. Diante desta situación, temos diferentes reivindicacións. E falaba agora a voceira socialista dun consenso que se acadou na pasada Comisión 3ª. É certo que nesa comisión chegamos a un acordo por parte de todos os grupos parlamentarios —a raíz dunha proposición de En Marea— que era bastante lixeiro, por así dicilo. Era un bo punto de partida. Enunciaba unha serie de compromisos co traballo, co mantemento da marca do Popular-Pastor, que é unha reivindicación básica para afondar nesa permanencia dos postos de traballo, e demais. E nós, aínda que non recolle as nosas máximas reivindicacións, votamos favorablemente. Pero a verdade, xa que estamos hoxe a falar tanto de regulamento, nós entendemos que a función deste Pleno non é referendar os acordos que xa se tomaron noutras comisións. Entón, gustaríanos que o de hoxe fose un pouquiño máis ambicioso. Nós votamos favorablemente, xa digo; fixémoslo como un xesto de vontade tamén, de que estamos abertos e abertas ao diálogo, de que esta cuestión nos preocupa e de que nos queremos sentar a falar para chegar a consensos. Pero, sinceramente, entendemos que é hora de ir máis adiante e evitar esas frustracións, todas, das que falamos na PNL anterior.

Polo tanto —moi brevemente—, as nosas emendas van máis alá no ámbito laboral. Entendemos que é importante centrar a negociación colectiva no ámbito galego. Non vou entrar en como nos vendeu ao sindicalismo galego algún pacto recente do sindicalismo estatal —poderíamos falar, por exemplo, do metal de Pontevedra ou doutra cuestión—. Nós entendemos que é importante, se precisamente queremos manter a filial galega para ter aquí o centro de decisión e ter unha ferramenta máis para manter eses postos de traballo, pois loxicamente que o ámbito de negociación haxa que circunscribilo sobre todo a Galiza para intentar que sexa máis favorecedor que o que veña do Estado. Entendemos que hai que investigar o papel dos organismos, como dicíamos na intervención anterior. E, finalmente, exiximos que se dean pasos no exercicio das competencias exclusivas en consumo. Estamos aburridos e aburridas de escoitalle ao Partido Popular que non hai competencias...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que tal e que cal. Pois en consumo si que as hai. Exercítenas, creen mecanismos de atención específica...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...para as persoas afectadas e non como se fixo nas cláusulas chan, que xa vimos o resultado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Eu vou ser breve outra vez.

Quero dicir que hai un consenso na Comisión 3ª nunha PNL que propuxemos nós e que hoxe se trae aquí. Imos votala. Está moi ben defendida por Begoña e, polo tanto, temos pouco que dicir en concreto dese asunto.

Pero o que dixo a portavoz do BNG lévame a unha reflexión nese sentido. Claro que esta é unha emenda triste, ¡triste! Quero dicir que nos acaban de liquidar o sistema financeiro galego e que o que estamos propoñendo é pedirlle ao Banco Santander que manteña a marca da entidade. Claro, son os restos do naufraxio, directamente. Agora, ¿por que nós fixemos esa proposta? Porque llelo debemos aos traballadores e traballadoras do Banco Pastor. Vai haber despedidos, vai haber peches de oficinas, vai haber exclusión financeira, vaise dar un proceso de enorme custo laboral e social en Galicia. E nós temos que axudar os traballadores e traballadoras e os seus representantes legais; que os elixen, por certo, os traballadores e traballadoras cando votan nas eleccións sindicais, elixen quen queren que os representen, que teñen ferramentas para defenderse diante do Banco de Santander. E, nese sentido, aínda que é unha proposta de mínimos, pensamos que é útil para que se defenda diante do Banco Pastor.

Unha pequena reflexión quero facer. O Banco Pastor ten 242 anos de historia. Foi quen de superar a Primeira Guerra Mundial, a crise do 29, o nazismo, a Segunda Guerra Mundial, a ditadura de Franco, a apertura da economía española á Unión Europea, a crise financeira dos anos 80. Foi quen de superar todo iso pero non foi quen de superar esta década prodixiosa de neoliberalismo, de troica, de austeridade, de concentración bancaria e financeira. E un tema sobre os accionistas que eu creo que é relevante, con dous datos: 167.000 accionistas do Banco Popular-Pastor teñen menos de 1.000 accións, que, ao prezo da emisión en 2015, 1,25 euros, supón que 167.000 persoas teñen de media 1.250 euros, o 2,5 % do capital do banco. Sen embargo, 126 accionistas —167.000/126—, que teñen máis de 800.000 accións, teñen un capital social do 65 % do banco. É evidente, ás persoas que son accionistas de antigo, que depositaron no Banco Pastor o seu capital hai vinte anos, que non compraron nin venderon, que non especularon, pois a eses non lles podemos facer, non se lles debería facer, que pagaran unha crise provocada por estes 126 especuladores financeiros —a familia Del Valle, a familia Luksic os fondos BlackRock, etc.—. Nós propoñemos, dende logo, que se debería dar un tratamento diferenciado a quen son aforradores tradicionais, a quen ten o seu aforro formateado nese produto da acción, respecto de quen é un especulador. Dicímolo, ademais, porque creo que non hai que ter dúbidas. A familia Luksic, os chilenos, e a familia Del Valle van recuperar os seus cartos, porque coa ampliación de capital de 2.500 millóns de euros que xa teñen contratada os afectados a grandes bufetes norteamericanos van cobrar todos, todos. A que non vai cobrar é esa persoa de Sarria... —escribiu un artigo José Precado, un periodista galego, que contaba os mil euros que tiña a súa nai de accións do Banco Popular—. Bueno, eses non van cobrar, e a eses tócanos a nós defendelos. A Luksic e a Del Valle vanos defender os grandes bufetes de avogados norteamericanos, pero a eses temos que defendelos nós. E eu creo que iso marca a idea desta proposta.

Imos votar a favor, e nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Permítanme que diga, antes de empezar sobre a cuestión, que no debate está permanentemente algo que se dixo varias veces, que é a concentración bancaria para os efectos do oligopolio financeiro que se está creando nalgúns mercados. Hai un acordo da Cámara precisamente para pedirlle á Xunta que analice se hai alteracións da competencia en Galicia como consecuencia desta concentración bancaria. Pero precisamente, ao mesmo tempo que denunciámos isto, hai que recoñecer que ¡que ben que haxa unha entidade financeira que é Abanca! Porque moitas veces esquecémonos, cando falamos de que xa está esnaquizado o sector financeiro, que, co esforzo de moitos, dalgúns máis ca doutros, afortunadamente hai unha entidade financeira radicada en Galicia que segue prestando crédito en Galicia (*Aplausos.*) e traballando en Galicia.

O obxectivo, evidentemente, que temos neste debate é manter e transmitir a idea de unidade con base en catro ou cinco obxectivos, sobre os que ademais foi posible chegar a un acordo o pasado venres, ¿non? Ben, o primeiro é manifestar a solidariedade cos traballadores, tanto do banco como da fundación e como cos das empresas auxiliares que traballaban para o Banco Pastor e o Banco Popular; e, ademais, cos centos de clientes e de pequenos accionistas, moitos deles tradicionais, do Banco Pastor.

En segundo lugar, compartimos un obxectivo, que é velar por que o crédito en Galicia non se vexa afectado, sobre todo o das pemes —que é onde traballaba fundamentalmente tanto o Banco Popular como o Banco Pastor—, e tampouco o emprego. E, en todo caso, se ten que haber algunha necesidade —que hai unha reforma estrutural do emprego na banca, como todos sabemos—, se ten que haber algún axuste, que se faga sempre de acordo cos representantes dos traballadores.

En terceiro lugar, compensar as perdas aos pequenos accionistas. O Banco de Santander parece que xa ten insinuado que pode haber unha solución nesta dirección, e nós estamos de acordo.

En cuarto lugar, que se manteñan os compromisos coa Barrié. Aquí xa hai que especificar, porque ás veces é confuso. Pero o certo é que o Banco Pastor ou o Banco Popular non tiñan unha fundación, era ao revés, era a fundación a que era accionista, primeiro do Banco Pastor e despois do Banco Popular. É certo que perdeu parte do seu patrimonio como accionista. É certo que iso pode implicar que teña menos ingresos. É certo tamén que hai tempo que o Banco Popular non reparte dividendos e que a propia fundación diversificou en parte os seus ingresos. Pero tamén o é que parte dos alugueiros seguen dependendo de acordos entre o que era o Banco Pastor e a fundación co Banco Popular.

E, finalmente, compartimos —xa o dixemos antes— que hai que investigar o que pasou exactamente con esas ampliacións de capital e con esa desaparición do Banco Popular.

Bueno, en resumo, é evidente tamén, das intervencións que escoitamos —permítanme isto a min—, que é a segunda vez que liquidamos o sistema financeiro galego. A primeira foi cando o Banco Popular adquiriu o Banco Pastor; daquela xa se falaba diso. E agora ponse de

exemplo o acordo alcanzado co Banco Popular, que mantivo a marca, que mantivo as sedes centrais e iso foi, hai que dicilo, intervención e traballo político por parte da Xunta e unha boa predisposición polo entón presidente do Banco Popular, que era, por certo, nado en Santiago de Compostela, e que tivo unha sensibilidade que ogallá teña o novo propietario, que non é nado en Santiago, senón que é nado en Santander, como todos sabemos.

Pero, en resumo, ogallá consigamos estes obxectivos. Creo que un acordo unánime reforzaría esta posición de Galicia. Nós estamos de acordo en arbitrar ou en negociar un consenso con base no xa feito o venres e, se non, por suposto, apoiariamos a PNL que nos presenta o Partido Socialista.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, darlles as grazas aos tres grupos políticos por apoiar esta proposición non de lei.

Eu creo que, fundamentalmente, na acción política que nos compete neste Parlamento galego, en temas en que en realidade non temos competencia, o noso deber é, como políticos deste país, tanto unirnos en determinados temas e manifestar firmemente o noso apoio ás persoas prexudicadas, como unirnos para facer esa petición ao propietario, neste caso do Banco Santander, para que teña en conta as nosas inxerencias e algúns dos problemas que nos preocupan, e que eles son quen de solucionar —como expuxeron todos os grupos políticos—: a situación dos traballadores e traballadoras, tanto directos como indirectos, do Banco Santander; os pequenos accionistas, a perda de entidades no mundo rural, o prexuízo que supón para os clientes que unha menor oferta merma tamén as posibilidades de negociación para eles e para as pemes e clientes que poden atoparse con maiores dificultades para o acceso aos créditos.

Polo tanto, se todos o temos claro, e todos manifestamos o noso apoio aos prexudicados e a nosa petición ao banco para que todo isto se teña en conta, creo que é importante así manifestalo en todos os medios e a estas entidades.

Polo tanto, o texto que nos aprobaríamos quedaría así:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

En primeiro lugar. Manifestar a súa solidariedade con todas as persoas que traballan no Banco Pastor, na súa fundación e nas numerosas empresas auxiliares, coas persoas afectadas, coa clientela e co seu accionariado, amosando a firme convicción da cámara de defender diante do Banco Santander que o Banco Pastor teña a condición xurídica de filial integrada dentro do grupo bancario, tal e como sucedía na actualidade no Grupo Popular-Pastor.

Punto número 2. Velar por que o cambio na propiedade no Banco Pastor teña para Galicia o menor impacto posible sobre a concesión de crédito e o emprego e, se é o caso, os axustes se fagan co maior acordo posible e defendendo os intereses dos traballadores no eido das competencias que ten a Xunta de Galicia.

O terceiro punto. Solicitar da dirección do Banco Santander a compensación das perdas sufridas polos pequenos accionistas do Banco Pastor, tendo especial consideración cos que accederon á última ampliación de capital, de maneira que poidan recuperar o seu investimento.

Punto número 4. Solicitar que o novo propietario, o Banco Santander, manteña os compromisos adquiridos polo Banco Popular coa Fundación Barrié para que poida seguir desenvolvendo o seu labor social e cultural con recursos suficientes.

E, por último, o punto número 5. Solicitar aos órganos de supervisión bancaria e do mercado a investigación das últimas ampliacións de capital e emisións de accións co obxecto de determinar se os subscritores contaron cunha información clara, nidia e precisa para poder levar a cabo os seus investimentos».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo para que, unha vez estudada a práctica desenvolvida nos Estados membros da Unión Europea en materia de xestación subrogada, e tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social deste asunto así como a dimensión transfronteiriza e as súas implicacións no exercicio dos dereitos humanos que a UE garante, este elabore un marco normativo homoxéneo no ámbito da Unión Europea, que deberá garantir o respecto da dignidade da muller e o interese superior dos menores, así como solventar a problemática da filiación dos menores concibidos baixo esta práctica en países alleos á Unión Europea.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi boa tarde a todos e a todas.

Hoxe desde o BNG traemos a debate unha cuestión importante como é a dos ventres de alugueiro. Nós sabemos que neste momento no Estado español esta práctica está prohibida, pero creo que a ningunha das persoas que estamos aquí nos escapa que este é un debate que está aberto, no que nós pensamos que non podemos poñernos de perfil, no que todos e todas temos que posicionarnos, porque a sociedade galega ten dereito a saber que opinamos sobre este tema os seus representantes no Parlamento de Galiza.

Se leron a proposición, xa ven que a opción pola que se decanta o BNG non é «Non sabe, non contesta». No Bloque Nacionalista Galego temos moi claro que hai que posicionarse dunha maneira clara e rotunda, e por iso propoñemos que hoxe neste Pleno o Parlamento se opoña á legalización, regulamentación e banalización da práctica dos ventres de alugueiro, por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerables. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica do alugueiro de ventres. E cremos que tamén é oportuno, dado que este tema vai debaterse no Congreso, que lle exixamos ao Goberno do Estado que as modificacións legais que se fagan neste ámbito vaian na dirección de prohibir os ventres de alugueiro; que se baseen na disuasión, na non legalización nin regulamentación e, por suposto, na non banalización do que supón esta práctica.

Polo tanto, este é un momento oportuno para o debate: hai circulando unha iniciativa lexislativa popular que esconde intereses económicos importantes, os das clínicas que están xa facendo neste momento negocio coa desigualdade, e tamén de moitos bufetes de avogado que viron aí un nicho de negocio moi importante. Pero tamén hai outras iniciativas xa rexistradas no Congreso, como a de Ciudadanos, que claramente, pola porta de atrás e cun debate falsificado, quere abrir a lexitimación dos ventres de alugueiro.

Desde o BNG temos claro que este é un debate que ten a súa complexidade, que afecta a ámbitos que teñen que ver coa cultura, coa sociedade; hai un debate ético, hai un debate xurídico; pero, por riba de todas estas cuestións, para nós é un debate que profundamente, con claridade, ten que ver sobre os máis elementais dereitos de dignidade que temos que ter as mulleres.

Sei que hai un intento por parte dalgúns grupos de reducir isto, simplemente, a un debate no ámbito médico ou a un debate que ten que ver cunha técnica de reprodución asistida; pero isto é falsificar o que estamos falando e, por iso, nós cremos que hai que chamarlles ás cousas polo seu nome. O BNG fala de *ventres de alugueiro* porque sabemos que detrás da linguaxe hai ideoloxía e, polo tanto, rexeitamos moitos dos eufemismos que se están utilizando neste momento: eufemismos, como *maternidade subrogada*, que o que nos pretenden agochar é, precisamente, o feito transcendental que está detrás desta práctica, que é que se van alugar mulleres para que outros poidan perpetuarse xeneticamente. E para nós isto é unha práctica de mercantilización, de obxectualización, de cousificación dos corpos das mulleres (*Aplausos.*), que, desde logo, non pode ter ningún amparo. Quen defende a maternidade subrogada

quere converter a capacidade reprodutiva das mulleres nun negocio: lexitimar, no fondo, a compra e venda de bebés.

Para o BNG, alugar o ventre dunha muller non é un acto de liberdade, non é un acto de altruísmo e non é un dereito. Quen están defendendo os ventres de alugueiro só amparan a liberdade dos que teñen máis cartos á custa das mulleres que teñen unha situación de maior vulnerabilidade, e á custa de pisotear os dereitos de dignidade e que deben estar por riba, como digo, das situacións de desigualdade. Polo tanto, do que estamos debatendo é de se nos parece lexítimo, se nos parece democrático mercantilizar os corpos das mulleres e facelo, ademais, nun contexto onde sabemos, e as experiencias están aí, que hai importantes bolsas de desigualdade e de pobreza; que ás que máis lles afecta a pobreza no mundo son ás mulleres; que, ao final, persoas ricas de aquí queren ir a países que teñen menos oportunidades alugar os ventres de mulleres e que, simplemente, están cometendo un atropelo nunha situación de desigualdade.

Eu tamén sei que pode haber moitas persoas que non teñen fillos; que non poden ter fillos de maneira biolóxica e que, claramente, ata poden crer de boa fe que esta pode ser unha alternativa. Entendo esa situación, pero non creo que as casuísticas particulares poidan ser as que determinen un marco legal no que nós temos que salvagardar dereitos de todas as persoas máis alá de problemas individuais. Pero, precisamente, este debate pon o acento noutras caras ou noutras focaxes que debemos de debater. E eu preguntolles, señorías, se vostedes cren que é un dereito ser nai ou ser pai, porque esta é unha parte da falsificación que se dá tamén neste debate: non existe o dereito a ser pai ou ser nai; existe a liberdade para decidir se nun momento determinado un ou unha quere utilizar esa posibilidade, pero non existe o dereito a ter descendencia biolóxica e, polo tanto, non se pode superpoñer o interese particular dunha persoa a ter descendencia con carga xenética a salvagardar o ben común e o dereito á igualdade e á dignidade das mulleres.

Hai que lembrar que, para as persoas que non poden ou non queren ter fillos bioloxicamente, existen outras alternativas, como é a adopción, onde nós claramente cremos que se deben axilizar todos os trámites, porque aí si que estamos salvagardando un ben superior como é o dereito das crianzas a ter un fogar e a vivir nun lugar onde realmente teñan unha vida digna e plena, e cremos que nese ámbito a adopción debe chegar a toda a diversidade de familias que existe na nosa sociedade.

E, por último, hai outra capa neste debate do que non queríamos fuxir, que introducimos ao principio, pero sobre o que me gustaría profundar un pouco máis, que é o debate sobre a maternidade subrogada altruísta: este novo engano ou esta modalidade coa que queren introducir o debate no Estado español. Nós temos moi claro que esta maneira de presentar o debate non deixa de ser un envoltorio —case diría— humanista, para intentar lexitimar unha práctica social de que nós dicimos que é reaccionaria e que vai contra os dereitos das mulleres; que o que se pretende realmente é lexitimar o ventre das mulleres. A mellor maneira de ver cal é o aspecto ou o ámbito de se existe ou non ese altruísmo podemos velo onde xa se regulou esta práctica: podemos coller o exemplo do Reino Unido, onde, ao final, a inmensa maioría das parellas que optaron polos ventres de alugueiro acabaron indo á India para poder satisfacer esa necesidade, porque non existía esa práctica de ventres de alugueiro

altruístas. E decátense, señorías, de que a India, un país que abriu no seu momento a posibilidade á adopción internacional mediante ventres de alugueiro, acaba de pechar esa posibilidade polas terribles consecuencias: polo tráfico de nenos e nenas e a explotación das mulleres que, no fondo, se estaba producindo detrás desa práctica. Ver o que estivo pasando, as desigualdades, o sufrimento que iso creou e analizar o que pasou tamén me parece que é importante, realmente, para que hoxe teñamos un posicionamento que sexa acorde cun ben que para nós é superior, que é defender a dignidade e os dereitos das mulleres.

Detrás do debate dos ventres de alugueiro o que se esconden son intereses económicos, unha ideoloxía neoliberal e patriarcal —que neste caso van da man— que quere explotar os corpos das mulleres e que, claramente, o único que lle importa é o prezo. De feito, verán que na maior parte dos países onde se regulou esta práctica o que se quere garantir son, precisamente, os dereitos de quen está alugando —e comprando no fondo— un neno ou unha nena. Vexan cales son as condicións ás que teñen que someterse moitas das mulleres que, polas circunstancias que sexan, tiveron que verse dentro desta práctica. Eses contratos que se fan regulan todos os detalles da vida da muller: que pode ou que non pode comer, que cosméticos pode usar ou se pode, ou non, ter actividade sexual durante ese embarazo. Poden, mesmo impoñerlle, ter que facer unha cesárea para que o neno non sufra estrés no parto ou —fíxense— mesmo recollen a obriga de que a muller que está embarazada ten que abortar no caso de que ese neno ou esa nena teña malformacións físicas ou psíquicas.

Vaian ás hemerotecas e alí verán como os casos que se teñen producido son realmente dramáticos. En Estados Unidos unha muller xestante tivo que fuxir porque a parte contratante a quería obrigar a abortar por 10.000 dólares porque o neno —a crianza— tiña unha malformación.

Polo tanto —xa esgotei o tempo—, simplemente, dicir que nos gustaría que hoxe este Parlamento dera un paso adiante na defensa da dignidade das mulleres, na defensa, tamén, da protección dos menores e en contra dunha práctica como son os ventres de alugueiro, que o único que esconde son intereses patriarcais e neoliberais, porque de verdade que non cremos que se poida regular esta explotación, nin que esta sexa unha vía. Hai outras explotacións no mundo que nunca se nos ocorrería regular, ¿verdade? A trata de persoas nunca se nos ocorrería regulala, a pesar de que existe.

Polo tanto, o feito de que exista esta práctica non pode ser nunca, ¡nunca!, a xustificación para querer coarnos pola porta de atrás un claro ataque aos dereitos e á dignidade das mulleres.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, benvida á non banalización do aborto.

Debateremos hoxe unha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego sobre un posicionamento simple como a xestión subrogada pero, en ningún caso, estamos ante o debate de fondo sobre se estamos de acordo ou non coa xestión subrogada, xa que é un tema da suficiente entidade xurídica, social, ética e moral como para ventilalo nun debate de tan só vinte e oito minutos. (*Aplausos.*)

Hai uns meses, na Asemblea de Estremadura, producíase un debate sobre a necesidade de regulación da xestión subrogada, e o Partido Socialista presentaba unha emenda a favor de constituír unha comisión de estudo, co obxecto de abrir un espazo de debate e reflexión sobre os dereitos das mulleres xestantes, dos menores, da paternidade e da maternidade, xa que a falla dunha regulación clara xera decisións contraditorias de xuíces, irregularidades, ilegalidades, así como conflitos sociais, éticos e morais. E o Grupo de Podemos en Estremadura coincidía coa emenda do Partido Socialista, e recriminaba ao Grupo de Cidadáns non aceptar esa emenda, porque Podemos consideraba tamén que había que dar un profundo debate social.

Señorías, no Grupo Parlamentario Popular coincidimos tamén con esa necesidade, e non nos parece suficiente dispoñer de tan só cinco minutos para un debate sereno e sosegado sobre un tema no que hai posicionamentos moi encontrados no seo da sociedade e unha lexislación dispersa e contraditoria, así que cinguirei o debate, unicamente, ao plantexamento proposto: oporse a calquera tipo de regulamentación en torno á xestión subrogada. O Grupo Popular comparte, de forma absoluta, o presuposto da non banalización xa que, sen dúbida, non se pode simplificar o debate. É preciso un debate serio, sereno e prudente.

Como cuestión preliminar tamén quero manifestar que no Partido Popular, e no Grupo Parlamentario, coincidimos co Parlamento Europeo e co comité de bioética nacional en prohibir todas aquelas prácticas que supoñan a explotación de mulleres sometidas a este proceso, pero tamén a compravenda de nenos e nenas. Nós consideramos preciso defender o interese superior do menor porque, señorías, na súa proposta non fan nin unha mínima referencia aos menores nados froitos desta práctica, nin tan sequera os mencionan na exposición de motivos, nin tan sequera a señora Pontón fixo ningunha referencia na súa exposición.

Hai países onde a xestión subrogada está permitida dende hai trinta anos. En Canada, por exemplo, de xeito altruísta, como unha práctica solidaria que en determinados ámbitos médicos se equipara á solidariedade da doazón de órganos. Noutros países, como o caso de Estados Unidos, está permitida a cambio dunha compensación económica. E noutros está absolutamente prohibida, como é o caso de España. Nós non podemos mirar cara a outro lado e obviar unha realidade como é que en España está prohibida, pero, a pesar diso, hai persoas que acoden a estes países onde si está permitida e traen nenos froito dunha xestión subrogada.

Polo tanto, señorías, o problema é: ¿que facemos con eses menores cando chegan a España? O Tribunal Supremo en febreiro de 2014 desbota o recoñecemento da filiación e nega a posibilidade de inscrición no rexistro civil e, ademais, plantexa o inconveniente que teñen estes menores unha vez que chegan a España. ¿E que fai o Tribunal Supremo?, pois di que non os vai mandar a un orfanato nin tampouco os vai devolver ao país de orixe —a Estados Uni-

dos— e dá unha solución: a única forma de regulamentación é o acollemento familiar ou a adopción. Pero, neste mesmo sentido, o Comité Español de Bioética —no seu informe do pasado mes de maio— tamén di que esta solución non é aplicable a todos os casos, como vostedes ben saben —non llo podo explicar en cinco minutos pero sei que vostedes están moi informados sobre este tema—. E a actual lexislación, di o Comité de Bioética, que tamén establece unha dobre discriminación, económica e de xénero. ¿Por que? Porque a Seguridade Social, por exemplo, recoñece en supostos de xestación subrogada no estranxeiro o dereito á prestación económica por paternidade —a baixa por paternidade está recoñecida na Seguridade Social— pero non está recoñecida a baixa por maternidade e, sen embargo, o Tribunal Supremo na Sala 4ª —en novembro de 2016— nunha sentenza a unha proxenitora, que trae un fillo por xestación subrogada noutro país, recoñécelle o dereito á prestación por maternidade, en base á xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Por iso, señorías, non podemos estar de acordo con vostedes no plantexamento de non regular absolutamente nada. Nós pensamos que estes defectos, dos menores que están vivindo en España, deben de ser corrixidos, e esa discriminación, económica e de xénero, tamén. No contexto europeo que garante os dereitos humanos, así como a liberdade de movementos das persoas dentro do ámbito Schengen, resultaría razoable que esa seguridade normativa se estendese ao conxunto de países que forman parte dese espazo de liberdade, que é a Unión Europea, e na que, actualmente, existe unha diversidade lexislativa que vai desde a gran permisividade á prohibición ou a unha indefinición legal.

Polo tanto, señorías, nós estamos ante unha cuestión que transcende ás competencias da Comunidade Autónoma e, tamén, das Cortes Xerais. Nós presentamos unha emenda co obxecto de instar ao Parlamento Europeo a que faga un estudo e análise da situación actual da diferente normativa dos estados membros, co fin de levar a cabo a harmonización lexislativa nesta materia dentro do ámbito da Unión Europea.

Señorías, é preciso que se produza un debate serio, sereno e responsable, e se estuden as implicacións nos dereitos humanos, non só das mulleres senón tamén dos menores, co fin de evitar o turismo reprodutivo e o que non se dá nun país se poida dar no do lado. Polo tanto, é necesario a harmonización lexislativa nesta materia dentro do ámbito da Unión Europea, con independencia da decisión que se adopte na corte internacional da Haia no próximo ano 2018.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos e, especialmente, ás persoas que hoxe nos acompañan —provenientes de varias asociacións feministas—, ás que quero agradecer —ás que están e ás que non— o traballo de debate e análise sobre a regulación dos ventres de alugueiro. Un esforzo que



queda recollido en documentos como o que onte nos achegaron a todos os grupos parlamentarios dende as asociacións AGaSEX, Fademur, Regai, o Soño de Lilith, Teenses pola Igualdade, así como profesionais independentes. Benvidas todas e grazas, de verdade, polo voso traballo e aportacións.

Quero comezar a miña intervención subliñando que, como xa se dixo aquí, este tema é de gran sensibilidade social. Son moitas as opinións, non só na sociedade senón tamén no seo dos propios partidos políticos e, por isto mesmo, penso que ten que ser afrontado, hoxe aquí por nós, con toda a claridade posible, pero, antes, a nivel persoal e como voceira do Grupo Socialista, quero trasladar o meu máis absoluto respecto ao desexo —digo respecto ao desexo— de todos eses homes e mulleres con intención de ser pais ou nais, e o respecto e cariño e petición de protección para todos eses nenos e nenas que xa naceron como resultado desta práctica. (*Aplausos.*) Que ningún, nin uns nin outros, sexan sinalados por este desexo.

Pero o que hoxe aquí se plantexa non ten que ver con ese desexo —que é totalmente lícito— senón na forma de conquerilo. Por todo isto, e porque cremos que non se pode dotar de esperanza certas prácticas, falemos sen rodeos. O Partido Socialista posiciónase en contra da legalización dos ventres de alugueiro e faino dende a posición que sempre mantivo de garante das liberdades, da igualdade e dos dereitos. Por iso, neste tema, mantémonos nesta posición e con oposición firme, pois consideramos que non podemos apoiar ningún tipo de práctica que favoreza a mercantilización das mulleres e, menos aínda, que apuntale á feminización da pobreza.

E, sobre isto último, non o presumimos, non estamos a falar dunha suposición, é un feito constatable que a pobreza ten xénero feminino. A brecha salarial entre homes e mulleres, a responsabilidade maioritaria das mulleres no coidado dos seus nenos —así como dos seus maiores— fálannos deste desequilibrio constantemente. Son as mulleres as que sacrifican constantemente o seu propio benestar, a súa estabilidade económica, e fano aquí, en España, non temos que ir a países lonxanos para constatar este feito. O uso dos ventres de alugueiro, e o mundo da mercantilización que se agocha detrás destes procesos, non posiciona ás mulleres nun lugar mellor e, moito menos, nun país onde se constata que a igualdade aínda é unha conquista social que tardará en chegar.

Deixémolo claro: unha muller nunca pode entenderse como un ben mercantil. As socialistas temos claro que a cousificación dunha muller nos apartaría do camiño da nosa histórica defensa das liberdades e dos dereitos polos que tanto temos loitado. A súa legalización poría, outra vez, o foco nas mulleres máis vulnerables e en situación de pobreza, inducíndoas a prestarse a ser xestantes por necesidade. Porque esa imaxe idílica de muller xestante, altruísta, que o fai sen buscar contraprestación económica é francamente escasa. Non imos afirmar que sexa inexistente, pero é francamente escasa. Unha muller que oferta o seu ventre de alugueiro sométese a un proceso de risco físico, emocional e psicolóxico. Estatisticamente faino por necesidade, porque atopa nesa opción unha posibilidade de subsistir. Como nós consideramos que a leis, as regulacións, deben velar polos dereitos dos máis débiles, non queremos para outras o que non queremos para nós.

Opoñémonos, polo tanto, á regulación da chamada maternidade subrogada altruísta porque, tal e como sinala o Comité de Bioética de España, a experiencia actual dinos que a xestión al-

truísta vén acompañada da comercial, ben porque se acaba aceptando no propio país onde se aceptou a altruísta, ou ben porque quen non pode atender ao seu desexo no seu país —mediante a xestión altruísta— tenderá a servirse da xestión comercial no estranxeiro.

E coidemos ben de chamarlles ás cousas polo seu nome, é importante non facer uso de eufemismos que non fan outra cousa que confundir e maquillar as mensaxes. A experiencia da maternidade non se subroga, como tampouco se fai coa morte. Polo tanto, falemos claramente de ventres de alugueiro, soa peor pero é o que é. E cando falamos do desexo de paternidade ou maternidade non falemos do mesmo como un dereito, pois non o é. É unha necesidade, pero o que non pode é anteporse nin vulnerar os dereitos e a integridade física das mulleres.

As mulleres somos seres enteiros, completos, e non se pode obviar esta cuestión diseccionando o noso corpo, mercantilizando con el —con partes del—, segundo os desexos e necesidades sociais do momento.

A mensaxe que hoxe trasladamos —de verdade, con toda a honestidade e cariño, ás familias ou persoas que non poden xestar biologicamente— é que a vinculación xenética non fai a ninguén máis pai ou nai. Por iso cremos que é preciso fortalecer e mellorar os procesos de adopción nacional e internacional para que, principalmente, o dereito dos nenos e nenas a satisfacer as súas necesidades afectivas emocionais, a facelo no seo dunha unidade familiar estable, atope nesas persoas unha oportunidade para conquerilo. E que, por outro lado, esa necesidade de moitas persoas de ser pais e nais poida ser cuberta.

Atendamos, polo tanto, esa declaración do Parlamento Europeo do 2011 na que se solicitaba aos estados membros reconecer o serio problema da subrogación, que constitúe —dicían— «unha explotación do corpo feminino e dos seus órganos reprodutivos» e opoñámonos a unha práctica que suporía un retroceso na loita pola igualdade das mulleres, así como dos seus dereitos. Preocupémonos de España, que é o que nos ocupa e corresponde, e non levemente a pelota a outros lares, agardando que outros e outras decidan por nós.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Antes de comezar, tamén quería saudar e darlles a benvida ás compañeiras dalgúns colectivos feministas que nos acompañan aquí hoxe.

Á hora de afrontar este debate para nós debemos facer dúas consideracións previas.

A primeira é, por suposto, que estamos ante un debate complexo. Claro que en cinco minutos non dá tempo para abordalo en toda a súa profundidade, pero si que nos dá tempo para dei-

xa claro o posicionamento dos diferentes grupos parlamentarios e os verdadeiros intereses que defende cadaquén.

A segunda consideración que debemos ter clara é que debemos ser conscientes de quen colocou na axenda política e mediática este debate, porque foi posto enriba da mesa única e exclusivamente por un sector minoritario da poboación e por unha serie de empresas intermediarias cun claro obxectivo de lucro. Foron estas empresas —as que están facendo negocio moitas delas xa cos ventres de alugueiro noutros países— as que están presionando para que se abra esta oportunidade tamén no Estado español.

E non foron simplemente estas empresas, apareceu unha organización política, Ciudadanos; pero tampouco foi só Ciudadanos o que o puxo enriba da mesa, senón que determinados sectores dalgúñas organizacións, por exemplo do Partido Popular, axudaron e favoreceron que este debate estea aquí. De feito, parécenos bastante incongruente —si, bastante incongruente—, porque hoxe apelan á cautela, apelan á reflexión, e foi o propio presidente Feijóo un dos que lanzou á palestra este debate. Se quería regular esta práctica e quería debatelos no seu último congreso, non entendemos por que hoxe, meses despois, pretende manterse absolutamente todo o tempo de perfil. De feito, as súas declaracións de xaneiro axudaron a impoñernos este debate, porque lles aseguro que na nosa axenda non estaba este debate, na axenda do movemento feminista tampouco estaba este debate e declaracións como estas foron as que banalizaron xustamente o proceso... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, señora Prado, vostede xa tivo o uso da palabra e, se me permite, agora estou eu. Pero foron declaracións do presidente Feijóo —si— as que axudaron a que Ciudadanos vira unha alianza fundamental no Partido Popular para abrir a porta á mercantilización da reprodución, aínda que agora queiran inhibirse e aínda que agora queiran negalo. Cautela e responsabilidade eu diríalles que lla pediran ao compañeiro de partido, ao presidente Feijóo, porque a verdade é que nos parece que están empregando neste debate unha escusa bastante mala, un discurso e unha emenda caracterizada sinceramente —creo— polo cinismo, porque claro que hai que falar do marco da Unión Europea, claro que é positivo falar do marco da Unión Europea... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, eu pídolle que me respecte mentres estou falando porque eu non abrin a boca e o tempo segue correndo. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ¡Home!, pois moito respecto non é. ¡Por favor! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, señor Puy. Imos terminar este debate. Silencio.

Prosiga, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Como dicía, por suposto, nós estaremos da man de que a Unión Europea traballe e vaia na liña de que, independentemente do lugar onde se resida, ningunha muller vexa vulnerados os seus dereitos. De feito, xa existen resolucións do Parlamento Europeo que avogan por prohibir esta práctica. Pero iso para nós non significa que

teñamos que inhibirnos do debate no marco do Estado español. E, como dicía —e volvo repetilo—, a min resúltame ridículo que apelen constantemente a iso, a que é un debate profundo, a que é un debate moi..., que necesitamos tempo, cando en xaneiro o presidente Feijóo fixo declaracións como as que fixo, e que están á vista de todos, só hai que entrar na hemeroteca, buscar e xa... —agora o digo, tranquilo; non se preocupe que agora digo unha das cuestións que dixó—, e sobre todo cando temos unha proposición de lei no Congreso dos Deputados pola que, obviamente, teremos que tomar partido, e o Parlamento galego terá moito que dicir ao respecto.

Entón, tamén unha cousa. Vostede falou de que a oposición non falaba dos menores. Preocúpannos; a nós tamén nos preocupan algúns menores, pero tamén nos preocupan as xestantes, e a esas vostede omitiunas neste debate porque non se falou delas.

De verdade, eu espero que non sexa estrito co tempo, porque en toda esta intervención notouse que non lles gustaba este tema. Non me están deixando falar. Entón, eu pediríalles un pouco de respecto, de verdade. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É que, de verdade, ¿é normal este...? *(Murmurios.) (Protestas.)* Si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vamos ver, silencio, por favor.

Imos terminar este debate con tranquilidade todos. Non, silencio para todos, ¡para todos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu xa sei que son frecuentes na Cámara as interrupcións dun lado e do outro, pero hoxe pídolles que non haxa interrupcións. Terminemos o debate.

Prosiga, por favor. E co tempo non se preocupe, señora Quinteiro, que eu sei como compensar os tempos.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Vale, pois espero.

Voules dicir agora mesmo as declaracións que me resultaron especialmente delirantes, que é mesturar o debate dos ventres de alugueiro co problema demográfico. É unha pena que hoxe non estea aquí o señor Feijóo porque eu lle preguntaría a que se refería cando falaba de que co problema de envellecemento que temos, que é o maior problema estrutural do país, debater sobre ventres de alugueiro non lle parece menor. Eu, de verdade, non entendo que ten que ver unha cousa coa outra. Entón, gustárame que estivera aquí. É unha pena que nos debates importantes sempre estean ausentes.

Para nós está claro que detrás desta práctica, detrás dos ventres de alugueiro, non hai unha auténtica liberdade de elección; poderíamos falar dela se houbera igualdade de rendas entre homes e mulleres, se houbera igualdade de condicións laborais e de dereitos entre todas as persoas e se non houbera xerarquías e situacións de sometemento. Pero como non temos as mesmas oportunidades nin a mesma capacidade de elixir, para nós falar de liberdade de elección neste contexto é unha falacia, porque en realidade o que se está pondo enriba da

mesa con este debate é a liberdade de quen pode pagar para adquirir o ben de consumo que desexa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Ben, remato. Por favor...

**O señor PRESIDENTE:** Mire o seu tempo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Miro o meu tempo, pero tiven dous minutos de intervención interrompida constantemente. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, perdoe. Perdón, estou vendo o reloxo, e ela tamén o ve: un minuto e doce segundos por encima do tempo. Creo...

Remate, señora Quinteiro, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Ben, mire...

**O señor PRESIDENTE:** Rematou o seu tempo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Vou rematar...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, remate.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Dende En Marea, despois de reflexionar ao longo de todo o país, témolo claro, tivemos tempo de debater con profundidade, o Partido Popular tamén tivo que debater con profundidade este tempo, opoñémonos por completo aos ventres de alugueiro e estaremos defendendo sempre os dereitos das mulleres...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...e por iso imos votar a favor desta iniciativa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Se non votan a favor desta iniciativa, non están pódose de perfil, están decantándose. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero darlles as grazas tanto á representante do Grupo Socialista como á representante do Grupo de En Marea non só por falar do debate no que estamos aquí,

senón tamén por ese apoio, que eu entendo que é o apoio a un sistema regulatorio dos ventres de alugueiro que realmente salvagarde algo que para nós é fundamental, que é a dignidade e os dereitos das mulleres. Non convertamos os corpos das mulleres en máquinas incubadoras, porque realmente iso non é un paso adiante, iso é un paso atrás que nos leva ao Medievo. Creo que alguén dixo nalgún momento que non podíamos pensar na reprodución desde o punto de vista dos canons do século XIX, senón do século XXI. Converter as mulleres en incubadoras non é ningún paso adiante, é un paso atrás de séculos, co que nós, desde logo, non imos colaborar.

En relación coa intervención que fixo a representante do Grupo Popular, eu lamento tamén que teñamos pouco tempo para este debate. Foi unha pena que non o plantexara vostede antes porque podíamos pedirlle ao presidente do Parlamento que, dada a transcendencia deste debate, os tempos foran outros. Non fixo ningún tipo de proposta. Estou absolutamente convencida de que se o fixera habería xenerosidade por parte da Presidencia.

Tamén vostedes veñen aquí única e exclusivamente a descualificar as propostas e os debates que traemos desde a oposición, e non sei por que están enfadados nin molestos porque debatamos sobre isto no Parlamento de Galiza. ¡É que están absolutamente enfadados! Traian vostedes as súas propostas e debaterémolas sen ningún tipo de problema, con toda a tranquilidade, porque nós pensamos que estamos falando de algo que é importante.

A súa emenda voulle dicir que é inasumible por moitas cuestións. Primeira, porque inhabilita o Parlamento para ter opinión sobre a maternidade subrogada. O Parlamento de Galiza non pode ter opinión. Os galegos e galegas non estamos á altura deste debate porque isto, segundo vostede, ten que decidilo o Parlamento Europeo. ¿Con base en que?, ¿na opinión das clínicas que están promovendo a maternidade subrogada, dos bufetes de avogados...? ¿Con base en que ten que opinar o Parlamento Europeo? Coa mesma lexitimidade que ten que opinar o Parlamento Europeo, debe opinar o Parlamento de Galiza, porque isto é algo que nos afecta a todos e a todas, que nos afecta como sociedade.

Volvo ler o que imos votar porque creo que é importante que se saiba. Nós hoxe propoñemos que:

«1. Este Parlamento inste a Xunta a opoñerse á legalización, regulamentación e banalización das prácticas dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica dos ventres de alugueiro.

2. Demandar do Goberno do Estado que as modificacións legais arredor da práctica dos ventres de alugueiro estean baseadas na disuasión, na non legalización, na regulamentación e na banalización dos ventres de alugueiro».

Vostedes teñen que decidir se están a favor disto ou se están en contra. E lamento profundamente que para non entrar no debate vostede se intente acoller na dor e nos problemas que poden ter moitas familias que, ao final, pola situación que fora —que eu non o xulgo, aínda

que non o defenda—, acabaron recorrendo a unha práctica que eu creo que non é lexítima dun estado democrático. Eu créoo así, pero vostede escondeuse detrás da dor e do problema...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que hai en relación con iso para non posicionarse sobre un tema que é un tema que nos afecta a todos e a todas, pero que, sobre todo, afecta a que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...papel teñen que ter as mulleres dentro da sociedade, e a se realmente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...amparan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que aquelas persoas que teñen máis recursos poidan alugar os corpos das mulleres con menos recursos para satisfacer o desexo de perpetuarse xeneticamente, porque é o do que hoxe estamos falando. As persoas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo xa.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Remato.

Señor presidente, dado que é un debate tan importante, por favor, pediríalle que non me cortara...

**O señor PRESIDENTE:** Si, pero mire o tempo. Mire o tempo, por favor, un minuto e trinta segundos.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Claro, dado que é un debate tan importante...

Eu creo que, efectivamente, vivimos nunha sociedade na que o que non podemos é...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...antepoñer os nosos intereses nin os intereses dunha clase podente para explotar unhas mulleres que en moitas ocasións están nunha posición vulnerable. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Procedemos a votar as proposicións non de lei.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e don José Manuel Pérez Seco.

Estaba pendente unha transacción... Se ma le.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Si.

Aceptamos dúas das emendas, a número 3 e a número 4 do BNG, que xa llas faremos logo chegar á Mesa, e o resto dos grupos xa as teñen.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos, polo tanto, ese acordo.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Guadalupe Murillo Solís.

Hai unha proposta de transacción. É longa e vou tratar de resumila. A ver se son capaz de resumila brevemente.

Ten catro puntos. O primeiro punto fala de dirixirse ao Goberno de España —estou sintetizando— para a reforma do Código penal, nomeadamente, de recuperar a figura da imprudencia e de revisar a figura do concepto de imprudencia; de dirixirse ás forzas e corpos de seguridade do Estado para dalgunha maneira intensificar o control naquelas zonas onde haxa una maior concentración de ciclistas.

O terceiro punto: dirixirse ás administracións titulares das estradas para que se fomente a sinalización ou os puntos estratéxicos que recorde a presenza de ciclistas.



E, por último, cuarto punto: dirixirse a todas as administracións para levar a cabo campañas sobre as grandes vantaxes do uso da bicicleta e as condutas responsables e seguras neste asunto.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e catorce deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e o establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea.**

Foi aceptada a emenda como engádega do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** **Votamos agora a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular.**

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en re-*

*lación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Socialista.

Xa foi lido pola propoñente un texto que é produto dunha transacción, e, polo tanto, votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular-Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Terminaron as votacións. Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no medio rural**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro, don Román.

Esta interpelación, dende logo, ten que ser unha continuidade do debate —intenso— de onte, un debate que foi unha mestura de ficción e realidade, tal como interpreto. Eu vou tratar sete puntinhos, tendo moi en conta opinións e afirmacións que vostede fixo e tamén compañeiras deputadas.

Comezou dicindo: o mellor xuízo é o tempo —dixo vostede—. Despois falou tamén de ruídos, falou do esquema de comunicación, de mapas cartesianos e mapas soviéticos. Non falou de modelos, realmente, do ensino rural. É dicir, vou falar de eivas e de cousiñas que se falaron. Non se falou nada de concertación. Si houbo moito disfrace de verdades. E vou rematar falando para, realmente, poñer en dúbida moitos dos argumentos que vos-  
tede barallou.

Con respecto a un centro do que hoxe falou o señor presidente desta Cámara e do Goberno galego dicindo que soamente había unha separación dun valo, polo tanto, titulemos o último apartado do meu percorrido: «o valo», «o valo de Ribadavia». Refírese a un colexio que coñece moi ben o señor deputado de Ribadavia, xa que, como nos dixo onte, a súa sobriña estuda alí —e vostede tamén estudou—. É un exemplo contundente e marabilloso para falar do ensino rural.

E como vostede comezou dicindo que o mellor xuíz era o tempo e que todo solucionado, dixeran: aquí estamos nun túnel tipo Alicia no País das Marabillas, ou estamos falando de Carapuchiña, porque en tal caso as lobas seríamos a oposición, xa que vostede falou de ferocidade, dirixida a nós. Tampouco me encaixaba como personaxe Pinocchio, de todo tampouco, algo si, pero non de todo. Tampouco se cadra o Gato con Botas —como hai unha nena alí arriba, vaimos entender moi ben—. Pero os contos tamén nos axudan aos adultos e ás adultas. Coñezo todos os contos, dicía León Felipe, e di un poema, que ten que ver coa historia, que ten que ver con este túnel do tempo: «¡Que mágoa se este camiño fose de moitísimas leguas / e sempre se repetisen / os mesmos pobos, as mesmas ventas, / os mesmos rabaños, as mesmas recuas! / ¡Que mágoa se esta vida tivese / —esta vida nosa— / mil anos de existencia! / ¿Quen a faría ata a fin levadeira? / ¿Quen a soportaría toda sen protesta? / ¿Quen le dez séculos de Historia e non a pecha / ao ver as mesmas cousas sempre con distinta data? / As mesmas xentes, as mesmas guerras, / os mesmos tiranos, as mesmas cadeas, / os mesmos farsantes, as mesmas seitas / ¡e os mesmos, os mesmos poetas! / ¡Que mágoa, que sexa así todo sempre, sempre da mesma maneira!»

¡Que mágoa, señor conselleiro, que non modifiquen, que non se arrepintan vostedes —xa que nos recomentan a nós, ¡se non cometemos pecado ningún!— un pouco das cousas mal feitas!

Onte falouse tamén de vostede. Eu síntoo moito, dáme igual se vostede é soberbio, se é humilde, se os seus amigos oxalá o adoren e o respecten moito. Oxalá ese respecto que compete a unha cámara como esta se espalle. Oxalá non se volvan producir faltas de respecto e atentado á igualdade cualificando dúas compañeiras deputadas como «mozas», iso si, competentes pero mozas (*Aplausos.*). Iso non é igualdade. Porque a idade, señor Carlos —perdoe, non quero trabucar o apelido—, é un construto e elas merecen o mesmo respecto ca min. Son mestras, mestras dun nivel excelente de argumentación, mestras dunha defensa do medio rural moi ben argumentada. E os cualificativos que tamén saíron da terceira fila da bancada aconsellando a compañeira Luca Chao que volvese ao colexio son indignantes, absolutamente indignantes, totalmente. (*Aplausos.*) Teño que dicilo así.

Perdoe, señora Encarna, eu non a oíra nunca, soamente hoxe un anaco, e le vostede ben, pero as dúas deputadas que onte expresaron con esa talla política os seus argumentos estaban ao nivel ou por riba do propio nivel do conselleiro, dende o meu humilde punto de vista. Non me deteño máis aí porque quero ir ao centro da cuestión.

Vostede dicía que tiña vocación docente. Encántame. E falou de algo do que moi poucas veces se fala: da afectividade, pero despois non foi congruente con ese discurso. Vostede é docente e profesor e non fixo unha soa mención do profesorado afectado con esta eufemística chamada remodelación, supresión, traslado —como queiran chamarlle—, con esta desfeita e este despropósito.

Despois falounos tamén da sorpresa que lle causaba esta reacción. Esta reacción é lóxica. Si hai rúidos na comunicación, si hai falta de escoita. Vostede sacou aquí un documentíño, un esquema, ¿un esquema de que?, ¿de diálogo?, ¿a partir de cando?, se non houbo tal diálogo, se todo está feito de costas á comunidade educativa. Hai un maltrato á comunidade educativa,

non hai diálogo, faise por decreto o día que acaban as clases. É un argumento, que xa coñecemos por *La Voz de Galicia*, que di: «é que non podemos, pobres nenos, estresalos». A min con isto vénme á cabeza *Máis Platón e menos Prozac*, pero ese é outro tema. E, naturalmente, o que non se ten en conta é como se estresa toda a organización dun centro, que é un ser vivo dinámico, e como se está alterando a vida e se está tratando moi mal o rural.

Naturalmente, estamos falando de dous modelos: o modelo que teñen vostedes, un modelo economicista —en termos de rendibilidade falan—, e un modelo de xustiza, un modelo de dereito. E teñen tanto dereito os alumnos do rural de Lugo —falamos coas asociacións de pais e nais— como os alumnos da zona metropolitana da Coruña.

E, ademais, a innovación pedagóxica claro que pasa por darlle a dimensión territorial, e vostede é un experto, claro que é xeradora de capital social, claro que é a escola do rural receptora de identidades e de emocións, claro que é un membro activo da institución territorial, claro que retén a colectividade, claro que está no imaxinario colectivo. Esnaquizando o rural, perdemos estabilidade, perdemos poboación, atentamos contra as nosas identidades, nada menos.

Entón, eu recomendaríalle que fale e que lea algo. Hai moitos estudos —eu son pedagoga tamén, á parte de teatreira— que falan dos beneficios das aulas multigrao. Como teño pouco tempo, vou ir ao grao, e vou falar dun modelo, un modelo que debería estar premiado, un modelo de equipo de traballo excelente, de equipo humano de primeira orde. Entón, voulle rebater os seus argumentos. Di: dá máis oportunidades, dá máis opcións creativas, beneficia, aumenta a calidade, fala moito de PISA. Moi ben.

Alumnado do CPI Plurilingüe Tomás de Lemos, que coñece moi ben o señor César Fernández Gil. Hai unha ferida, un castigo dirixido a este centro. En 2016-2017 había 178 alumnos matriculados.

Optatividade, a súa bandeira. Vostede fixo un discurso moi vacuo, pobre, dende o meu punto de vista —desculpe—. Vostede é o conselleiro, ten moita responsabilidade. Debera ser un orgullo absoluto. É moi bonito, moi interesante, moi fascinante, ser conselleiro de algo que sementa futuro e que está nos propios alicerces do noso ser social e vital: xerar futuro e crear cidadanía. Protexa, promova.

Entón, ¿que optatividade había neste centro? Lóxica e xadrez; non está mal, ¿verdade? Técnicas de investigación científica; tampouco está mal. Comunicación audiovisual. Pregúntolle: ¿van ter esta optatividade no centro que está a un pasiño, que hai un valo de separación? Non o sabemos.

Proxectos cara a vindeiros cursos, é dicir, o profesorado dese centro, grupo humano, que eu coñezo tres e poño a man no lume, a un deles coñezoo dende que ten 7 anos —ría, señor César—, esa xente comprometida, que está deixando a pel, cara aos vindeiros cursos tiña —non o vou dicir ben, porque son de francés— *mindfulness* —non o digo ben, pero vostede sabe a que me refiro—, e desenvolver grupos de traballo relacionados con esta nova técnica, na que participaba tanto o profesorado de primaria como da ESO, e que tiña a súa aplicación práctica nas aulas, tanto de primaria como de secundaria. E está moi ben esa simbiose.

Educación plurilingüe. A súa defensa plurilingüe.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Para o seguinte curso íase comezar a dar clases de educación física en inglés, e xa é plurilingüe.

Infraestruturas. Xa tiñan Abalar, xa tiñan pizarras dixitais.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, resultados: avaliación externa de varios cursos por riba da media de Galicia e por riba da media europea.

Repercusión de como se fixo: de costas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña, grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...á comunidade, de costas ao profesorado, de costas aos pais...,

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...dunha maneira que vostedes...

Para rematar, por favor...,

**O señor PRESIDENTE:** Mire o reloxo, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...a pregunta...

**O señor PRESIDENTE:** Non, pero mire o reloxo, por favor. Eu por min botaba aquí ata mañá, pero...

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, si, vale. Só unha pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** Se eu non teño problema, pero hai que manter unha norma.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Só unha pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, mire... Pois faga a pregunta, por favor, e remate, porque eu non teño problema, pero...

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Dígame: ¿cal é o seu plan para o rural e en que beneficia este colexio? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, eu non vou competir con vostede en artes escénicas, non teño a máis mínima intención, recoñézolle un gran percorrido neste ámbito, nin moito menos, (*Aplausos.*) pero creo que a súa intervención dalgún xeito empalmou directamente coa de onte e, dende logo, vostede, que fala moito de respecto, creo que hai respectar a esta Cámara, e cando hai unha interpelación, a interpelación ten que estar fixada no contido da mesma, e vostede falou moi pouco —si, de xeito colateral— do que se plantexa na súa interpelación, tanto na exposición de motivos como na parte resolutiva, e eu obviamente, por respecto á Cámara e por respecto ao procedemento, centrareime, como entenderá vostede, en darlle resposta á interpelación que vostede nos plantexa por escrito, porque, se non, estaríamos nun xogo que realmente non ten ningún tipo de sentido.

En todo caso, señora Cuña, eu comparto con vostede unha cuestión, e é que o ensino rural en Galicia é un bo ensino, ten calidade e ten equidade. En Galicia en xeral o ten, pero eu nego a maior, nego a maior no senso de que o ensino rural non ten calidade. Ao revés, o ensino galego ten unha altísima calidade, é un ensino ben dotado en recursos e en servizos e que ten bos resultados. Vimos hai moi pouco os datos da ABAU, da antiga selectividade, onde os concellos do rural estaban moi ben posicionados no conxunto de Galicia.

Si é certo que este debate enlaza, ten un fío condutor co que plantexamos onte na comparecencia, e que é a demografía. Sen dúbida, a demografía é o principal problema estrutural de Galicia, sen ningunha dúbida. Hai algún tempo a algúns parecíalles que a demografía era practicamente unha broma; *cosa de gente de derechas*, cheguei a escoitar eu nesta Cámara, *que eso es una cosa de los de derechas*.

Pois mire, sen dúbida, a demografía é o principal problema estrutural de Galicia, e ten tres matices fundamentais. Hai un problema de dinámica demográfica, un problema de estrutura demográfica e un problema de localización demográfica. Un problema de evolución, con saldos vexetativos negativos nas últimas tres-catro décadas, que se superpón absolutamente ás dinámicas políticas; un problema de estrutura, cun enorme envellecemento, máis forte nas áreas rurais debido a unha baixa natalista tremenda nos últimos vinte e cinco-trinta anos; e un problema de localización, cunha estrutura territorial onde hai un desequilibrio entre a costa e o interior, entre o rural e o urbano. E iso trasládase evidentemente a todo o ámbito de xestión política e de xestión pública.

Diciamos onte, xa que vostede citou a situación de presión demográfica e a necesidade de dar servizos educativos, crear novas prazas, novos centros nas áreas metropolitanas das principais cidades do país, como nas áreas rurais de Galicia temos unha carencia cada vez máis forte de alumnos para as aulas.

Pero, claro, aquí hai unha visión entendo que errada da súa parte, que é mesturar a causa coa consecuencia. ¿Non hai poboación porque non hai servizos ou non hai servizos porque

non hai poboación? Iso é un círculo bastante complexo. A visión de vostedes é monolítica, é dicir, non hai poboación porque non hai servizos. E eu creo que esa é unha visión moi cativa dun problema tremendamente complexo, que ten moitísimas variables, e esta é só unha delas. E, como non hai servizos educativos no ámbito rural, non hai poboación.

Hai experiencias, hai comprobacións empíricas, hai datos empíricos onde en determinados municipios hai dispositivo educativo absolutamente sobrante, absolutamente sobrante de oferta de prazas en relación coa demanda, e, sen embargo, iso non fai medrar a poboación. Esa é unha visión creo que bastante cativa.

Vostede pregúntame, na parte resolutiva da súa interpelación, sobre as unitarias. E eu voulle dar unha resposta, para que despois non digan que non se dixo nada das unitarias e que non colla a ninguén por sorpresa.

Mire, todos os anos, dende hai moitísimos anos, si se pechan unitarias, non —como dicían vostedes— dalgúns centros educativos. Levamos moitos anos pechando unitarias en Galicia. Pechounas o Bipartito, pechámolas no actual goberno e seguiremolas pechando, sen dúbida, no futuro, desgraciadamente, desgraciadamente.

Nos últimos dez anos o ano que máis unitarias se pecharon foi no ano 2006, con moita menor crise demográfica: 28; no 2007, 21; o ano pasado foron 13; no anterior foron 6, etc. É dicir, hai constantemente unha revisión da oferta das escolas unitarias, porque non hai demanda, basicamente non hai demanda.

Nestes momentos dígolle —para que despois non digan que non se di ou que non se fala no Parlamento destas cuestións— que estamos revisando os datos de matriculación; non os temos aínda pechados, sen dúbida no que queda de mes daremos os datos. Eu non lle vou dicir agora o número nin as localidades, porque non o sabemos dende o punto de vista administrativo, pero que vai haber peche seguro que si. Na segunda quincena deste mes posiblemente saian os datos. Non digan: vostede non avisou. Voulle dicir que van saír, non lle vou dicir nin a localidade. Tamén o dixen na anterior, na anterior tamén o dixen, o que pasa é que vostedes non o quixeron entender. Van saír sen dúbida, como saíron sempre nos últimos anos, cunha diferenza: que o actual goberno ten un criterio. O criterio é: 5 alumnos, péchase a escola; 6 alumnos, mantense a escola. Houbo épocas, houbo anos recentes no tempo onde, cunha despoboación moito menor e cunha situación económica moito mellor, se pecharon ata con 9 e 10 alumnos; tamén para que non leve a ningún tipo de erro ou mala interpretación posterior todo isto. Todos os anos hai axustes de unitarias.

Respecto aos agrupamentos, ¿por que se fan agrupamentos? Basicamente, para preservar o que poden ser ciclos completos, e tamén cun criterio: 18 alumnos por ciclo. Iso posibilita que non se pechen unidades, e iso posibilita que algúns centros educativos, algúns CEIP, aínda que teñan un cativo número de alumnos, moi cativo, pervivan no medio rural, tendo moi poucos alumnos.

E as ratios e a adecuación de profesorado, tanto ordinario como especialistas, están baixo un paraugas, baixo unhas normas fixadas no ano 2007, baixo un catálogo, que se cumpre



estritamente. E fíxese que é un catálogo do ano 2007, que non fixo este goberno e que foi feito en época alcista. Co cal a dotación de profesorado é unha dotación que está sempre cumprindo os ratios establecidos pola lei. Co cal creo que, señorías, plantexar esa cuestión é realmente, cando menos, sorprendente.

E despois hai o que entendemos por rural. Claro, imos falar do rural. ¿Que é o rural? É moi difícil. ¿Ribadavia é rural ou é urbano? ¿As Pontes é rural ou é urbano? Custaríame traballo chegar a unha conclusión específica. Si hai un dato estatístico, co que podemos estar de acordo ou non, pero que é comunmente aceptado. ¿Cal é ese dato? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Concello de 10.000 habitantes: superior, urbano; inferior, rural. Eu, como xeógrafo, cuestiónoo. En Galicia é moi discutible, pero estatisticamente é o dato oficial que existe. En calquera estatística —digamos— tanto autonómica como nacional, como europea, a cifra dos 10.000 é a cifra que se pon como referencia, aínda que é cuestionable, porque hai concellos de menos de 10.000 que poden ter unha natureza e unha función e unha economía urbana e concellos de máis de 10.000 —pensemos en Lugo— que ten un enorme territorio rural. Pero, para simplificar e para acollernos a uns datos, poñamos 10.000 habitantes.

Voulle dar uns datos que seguramente vostede non descoñece ou descoñece cando se fala do desmantelamento. Fíxese. A poboación galega en concellos de menos de 10.000 habitantes non chega a un terzo, é o 29,5 %. O alumnado é o 18,6 % en concellos de menos de 10.000 habitantes. E os centros educativos que existen no medio rural, entendido por medio rural 10.000 cara a abaixo, é o 44,3 %. É dicir, que hai unha densidade de centros educativos altísima no medio rural en comparación coa poboación total e en comparación coa poboación escolarizada.

Servizos complementarios. Transporte e comedor. En todas as parroquias, en todas as aldeas, en todos os lugares de Galicia existe transporte escolar, fundamentalmente no rural. Hai un servizo permeable absolutamente ao medio rural para transportar os alumnos ás localidades de referencia. É certo que pode haber concellos de menos de 10.000 habitantes onde nos cascos urbanos, nos pequenos cascos urbanos cabeceira de comarca ou cabeceira municipal, non haxa transporte e que os chavales vaian andando. Pero nas parroquias, nos lugares, nas aldeas de Galicia todos os nenos están transportados, e na inmensa maioría onde hai servizo de comedor acceden os nenos do rural. É dicir, hai unha cobertura moi importante tamén, hai unha cada vez máis importante presenza de plans novidosos, de plans innovadores, de plans vencellados ao plurilingüismo, ás novas tecnoloxías, etc., etc.

É dicir, creo sinceramente que o ensino rural en Galicia é un bo ensino. Agora, iso non implica ter que tomar medidas para reorganizar a estrutura e a oferta dese servizo, pensando, por unha parte, na sustentabilidade do propio servizo e pensando, por outra, na calidade do propio servizo. Porque un servizo non é estático, porque a demografía non é estática, porque a sociedade non é estática. Temos que ver como evoluciona e dar resposta á propia estrutura.

Pero si en todo momento, señorías, o ensino rural está garantido en Galicia, tanto a nivel de orzamento como a nivel de servizos, como a nivel de profesionais, e sempre tendo en conta e tendo que adoptar medidas para que este servizo sexa, como é, dunha gran calidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Señor Román, eu non vou competir con vostede como xeógrafa, pero gustaríame saber cal é a súa valoración, que opina da ordenación territorial deste país. E, dende logo, segue sen contestar á pregunta do millón, que é en que se beneficia. O exemplo, a mostra do botón para falar do rural en xeral que utilizamos, o centro de Ribadavia, está demostrado que vai perder calidade, que vai supor perda de postos de traballo, que vai supor profesores e profesoras que entraron en concurso de traslados e agora están no aire, e isto é un dano e isto é un impacto.

É certo que unha interpelación é unha petición de explicacións e de responsabilidades, e cremos que o rural, dende logo, estase tratando especialmente mal, polo menos na provincia de Ourense. Onde máis recortes houbo en alumnos máis vulnerables, de necesidades educativas especiais, foi na nosa provincia, que ten unha dispersión enorme. Se para outras cousas miran, por exemplo, a León, pois, fíxense, están moito mellor en PISA en León ca nós, e teñen dispersión poboacional. Pero iso non nos serve de nada. O importante é realmente que ese proceso que vostedes levan de desmantelamento se revista; esperamos que realmente dialoguen. O primeiro que hai que facer é dialogar coa comunidade educativa, cos axentes implicados, cos representantes e as representante do profesorado, coas asociacións de pais e nais, mesmo coas asociacións de veciños e mesmo coas administracións locais.

En realidade, a obriga da Administración é garantir o dereito —non a rendibilidade— de todos os nenos e nenas de Galicia a que teñan unha educación cos mesmos estándares de calidade. Discriminación positiva cara ao ensino rural para paliar precisamente ¿o que? O desequilibrio territorial.

Abandonen a lóxica economicista e collan esas novas gafas, a óptica dos dereitos, unha nova visión necesaria. Fixar poboación pasa por que non desaparezan escolas no rural.

E o tema das ratios é un tema tamén a discutir. Un pobo sen escola é un pobo morto. Pasémolo a positivo: un pobo con escola é un pobo vivo. Vostede falaba dun círculo, dun círculo que, de tanto aloumiñalo, está sendo vicioso; é o círculo que vostedes plantexan dende sacarlle relevancia á nosa escola rural. Non prevén as compensacións das desigualdades de acceso, non favorecen a permanencia. Canto máis se potencia a escola concertada, máis vai en detrimento da escola pública e, en concreto, da escola rural, que é a máis afectada.

Da escola concertada non se falou nada. Tal e como están as cousas e co devalo demográfico, posiblemente non sería case necesario. A escola pública podería absorber todo o alumnado porque cando naceu a escola concertada naceu para suplir carencias de centros e recepción de alumnos. Cando había poboación incrementábase moito. Fagan reflexión sobre isto e planifiquen de verdade que haxa un plan estratéxico real e que asentemos poboación no rural. Xerar futuro é non só incidir no ensino senón incidir na economía e incidir na socioloxía.

Tamén, como bo experto, teña este compromiso, señor Román, porque da escola concertada hai algo máis que dicir, e hai que dicir que hai dous dereitos; falamos de dereitos. A nosa visión sobre o noso modelo con respecto ao seu é diferente, a súa é economicista, en termos de rendibilidade, e a nosa é en termos de dereito, do dereito que teñen todos os nosos nenos e nenas, vivan no Courel ou vivan en Outes, a ter ensino e a telo coa mesma calidade que os nenos da cidade, ¡por favor!, ¿ou non pagan os mesmos impostos? Entón, isto non se está atendendo.

E respecto da concertación, diante do dereito a elixir centro, respectemos o dereito a elixir centro; diante do dereito á igualdade, vostedes que falan de innovación, ¿que están reclamando?, ¿a concertación que discrimina por sexos? ¿Que escola máis decimonónica, máis antianovación, que esa temos? Mantense na nosa comunidade, cando xa se cuestiona en moitas outras e non se acepta, porque é irracional. E se queren tela, quen queira tela, que a pague, que teñen moitos recursos concretamente as persoas, os pais e nais que levan os seus nenos a estes centros. E, se non, defensa do ensino...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...público.

O problema é, efectivamente, complexo, e como é complexo, non volva dar as costas, porque realmente non é crible que vostede dialogase, é mentira; está feito por decreto, está feito o día que acaban as clases, está feito de costas, de costas á sociedade, e é un clamor. Nós damos voz a eses colectivos...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...claro, que reclaman a dignidade dun ensino que vostede aínda non dixo en que beneficiaba. ¿Por que perder tres postos de traballo de profesores vai suplir un burato enorme a nivel económico?...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Explíquenos o porqué, aínda non o entendemos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, conselleiro de Cultura.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, a verdade é que unha administración —xa o dixen onte— ten que axustar e ten que xestionar os seus servizos públicos, porque os servizos públicos os pagan os cidadáns cos seus impostos, e ten que tomar decisións. Agora, o que non pode vostede dicir é que as decisións adoptadas no seu momento afectan o dereito á educación; en ningún caso afectan

o dereito á educación. E creo que en ningún caso o ensino rural ten menos dereitos que o ensino urbano, en ningún caso. É máis, eu diríalle que ten máis, máis dereitos, entendido desde o punto de vista cuantitativo —algúns ratios voulle dar despois—; ten máis dereitos que o ensino urbano, porque hai certa discriminación positiva cara ao ensino rural.

Vostede fala de ratios francamente sorprendentes. Galicia vostede debería saber que é a comunidade autónoma que ten a mellor relación profesor-alumno de España, a mellor de España, (*Aplausos.*) e estou seguro de que vostede sabe que hai centos de centros educativos espallados polo país nas comarcas interiores que teñen unhas ratios profesor-alumno baixísimas, que son un orgullo para a administración educativa e que son un orgullo para Galicia, que iso supón un esforzo económico tamén para Galicia altísimo e que teñen moi bos resultados, moi bos proxectos de innovación e que fan un traballo fantástico. Empezar a dicir ou dicir que no rural hai un ensino de mala calidade creo que é un absoluto erro e é intentar desprestixiar un ensino que funciona moi ben. (*Aplausos.*) Agora, se vostede di que iso implica non ter que adoptar decisións nas unitarias, xa lle dixen que se vai facer o que se fixo ao longo dos últimos anos. Cando chegue o momento anunciarse e dirase, e vostedes a partir de aí falarán de desmantelamento, pero nada máis lonxe da realidade.

Obviamente, señora Cuña, non falei da concertada tampouco porque a concertada no espazo rural é practicamente testemuñal. E voulle dar un dato referente ao que dicía vostede de discriminación positiva e de como esa relación causa-efecto, oferta de servizos-poboación ou demanda do alumnado non é real. Mire, para que se poña en marcha un ciclo de FP hai un número mínimo de alumnos, diferente nas cidades que no resto do territorio. Nas sete cidades son 12. Ten que haber 12 alumnos para que haxa un ciclo de FP —calquera ciclo de FP—, un número mínimo, porque se entende que por debaixo dese umbral non ten moito sentido. No medio rural —é dicir, todo o territorio, excepto as sete cidades—, a ratio pasa de 12 a 8. E voulle dar outro dato para que falemos da correlación que existe entre a demanda e a oferta. É así: no medio urbano, o 90 % das prazas que se ofertan cóbrense, tendo ratios de 12. Desgraciadamente, no espazo rural só se cobren o 60 % das prazas cando o nivel para ter unha liña, neste caso nos centros de FP, é de 8. Iso rompe o que vostede traslada, que a existencia do servizo trae a poboación. Non é certo, e este dato creo que é moi claro; é dicir, tendo en conta que a diferenza pasa de 12 a 8, sen embargo, nas zonas urbanas existe unha presión sobre os ciclos de FP e nas zonas rurais non, hai un exceso de prazas nalgúns casos. É posible que nalgún centro concreto pois falte, pero en xeral o dato estatístico é ese.

Pero tamén sei, señorías, que a explicación da Xunta en xeral pois non lle acaba de convencer, e eu tomei unha referencia dunha cita dunha persoa —que entendo que vostedes confiarán nel—, que é o ex-secretario xeral da CIG-Ensino, o señor Anxo Louzao. O señor Anxo Louzao dixo non hai moito —vou ler en castelán porque a cita está en castelán, aínda que sei que seguramente o señor Louzao a dixo en galego—: «*Reconoce Anxo Louzao que la crisis demográfica y el despoblamiento del rural son la principal causa del cierre de las escuelas, pero también apunta a que muchos padres deciden que sus hijos vayan a centros de referencia de la zona y no a la escuela unitaria porque quieren asegurarse una serie de servicios como el transporte, el comedor y también las actividades extraescolares*». Esta é unha explicación feita por unha persoa coa que podemos concordar ou non concordar, pero é unha persoa que entendemos que ten un coñecemento do sistema. Son as palabras do señor Anxo Louzao. (*Murmurios.*)

E mire, eu poderíalle poñer multitude de exemplos de centros educativos que son un auténtico luxo para Galicia e para o espazo rural, e voulle poñer só dous, dous concellos. Hai un concello de menos de 10.000 habitantes que, tendo pouco máis de 9.000 habitantes, ten 10 centros educativos, ten 1.007 estudantes e no que traballan 120 profesores; menos de 10.000 habitantes, 7 centros educativos, 1.000 estudantes, 120 profesores. Bote as contas. E voulle poñer outro, o doutro concello: un caso dun instituto nunha localidade de menos de 5.000 habitantes, 15 profesores, 72 alumnos, 5 aulas. Bote as contas e darase conta de que esa visión que nos intentan trasladar, que é economicista, non existe...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Dáse cobertura a un servizo público, fundamental, para a igualdade de oportunidades, a nivel individual e a nivel territorial.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Pode crernos que o ensino rural mentres este goberno teña responsabilidades de goberno está absolutamente garantido, e se vostedes pensan que o ensino rural é de peor calidade que o ensino urbano díganlo, e, se o din, estaremos nós en fronte, porque...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...nós entendemos que o ensino rural ten un nivel de calidade e de equidade altísimo e nós temos a responsabilidade de xestionalo, e así o estamos facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e bo día, conselleira.

Tamén, tocounos a peor hora, que é xusto antes de ir ao xantar.

Preguntámoslle hoxe por un servizo fundamental para este país, como é o tren de ancho métrico, o antigo Feve, e esta é unha das razóns polas que desde o Bloque Nacionalista Ga-

lego insistimos ao longo xa dos últimos meses, pero sobre todo ao longo das últimas semanas, en que ese Plan do transporte do que se está a falar tanto agora e que se debateu incluso nesta sesión plenaria na xornada de onte debería ser abordado desde unha perspectiva integral e non enfocarse única e exclusivamente no autobús, porque, como veremos, Galiza ten un problema estrutural na súa política de mobilidade e ten que abranguer tamén realidades como a que atinxe neste caso ao tren de ancho métrico, o antigo Feve.

É un servizo indispensábel —e sábeno, ademais, todas as persoas que estamos hoxe aquí— para a mobilidade das comarcas da Mariña, de Ortegal e de Ferrolterra. Falamos de poboacións de máis de 200.000 persoas, mais tamén para a conexión de Galiza coa cornixa norte no que ten a ver co transporte de mercadorías. E preguntámoslle a través dunha interpelación, que, como vostede podería comprobar, rexistramos hai uns meses, mais que continúa absolutamente de actualidade, concretamente o noso grupo rexistrou esta interpelación o 23 de marzo.

¿E que pasou durante todo este tempo? Pois imos facer unha rápida retrospectiva. O 26 de abril, é dicir, un mes despois de rexistrar esta iniciativa, publicaban os medios de comunicación as críticas polas demoras dos trens Feve por imposición dun axente único. Os atrasos van de entre 20 e 40 minutos. Nos trens só tripula o maquinista, polo que se detén en todos os apeadoiros, existan ou non persoas usuarias. Ao non viaxar revisor, moitas persoas non poden pagar o billete ou aproveitan tamén para non facelo. Sen pagamento, eses viaxeiros non contabilizan tampouco —hai que dicilo— nas estatísticas de usuarios.

8 de maio, primeira xuntanza entre a Consellería, representantes de Renfe e das alcaldías da Mariña, Ortegal e Ferrolterra. Renfe comprométese a mellorar a organización da liña, a realizar investimentos a curto prazo e a garantir, en definitiva, o mantemento do servizo —din—. Propón a creación, ademais, dun grupo de traballo de seguimento.

16 de maio, unha semana despois desa xuntanza. O tren Ferrol-Ribadeo das 8.20, suprimido durante toda a fin de semana; Ribadeo-Ferrol, das 3 da tarde, suprimido tamén; Ferrol-Oviedo, de mañá, con 25 minutos de retraso durante toda a fin de semana; cancelado un dos servizos Ferrol-San Sadurniño, o Oviedo-Ferrol avaríase e non pode pasar de Ribadeo; Ferrol-Ortigueira, cancelado ás 13.00 horas e ás 15.05. Unha fin de semana —di a prensa— desastrosa, mais —engadimos nós— certamente habitual.

O 7 de xuño as avarías somen no caos os servizos de Feve na comarca de Ferrolterra. “Dous días de caos absoluto”, di, de novo, a prensa. O luns suprímese a saída de San Sadurniño das 14.30 e das 19.03, tamén en sentido inverso ás 20.00 horas e ás 21.40. Tampouco operou o Cerdido-Ferrol ás 20.00 horas e o Ferrol-Cerdido ás 21.40. O rexional quedou bloqueado na Mariña. A maior parte dos servizos foron cubertos por estrada posto que só funcionaron dous dos nove trens adscritos a esta liña. Á última hora da mañá había oito trens avariados dun total de nove. Dito doutra maneira: de nove máquinas só funciona unha.

O 7 de xuño, un mes despois, vostede ponse en contacto coas alcaldías desas tres comarcas polas que transcorre o antigo Feve e proponlles que nomeen senllos representantes para conformar ese grupo de traballo por proposta daquela primeira xuntanza. Ese mesmo día a

alcaldesa de Moeche, Bea Bascoy, Beatriz Bascoy, traslada esa solicitude de configuración dese grupo de traballo tanto a vostede, á Consellería de Infraestruturas, como ao xerente do Servizo Público da Cornixa Cantábrica. Cónstame que en días sucesivos foron trasladándolles senllos correos electrónicos para nomear os correspondentes portavoces para ese grupo de traballo. Nunca máis se soubo, até o momento, do asunto.

O 9 de xuño, un día despois, Renfe comunica que reforzará a frota de Feve e recuperará dous trens. Ademais, asegura que incorporou sete maquinistas e di que este ano non houbo supresións de servizo por falta de condutores. Ademais, Renfe dá a coñecer o seu plan de actuación de ancho métrico que todas e todos podemos ter, polo menos desde o BNG si que o temos.

O 18 de xuño, dez días despois dese anuncio de Renfe, novas cancelacións, esta vez por falta de maquinistas no servizo de proximidade de Feve —polo menos catro dos servizos foron cancelados nos traxectos Ferrol-Xubia, Ferrol-San Sadurniño e á inversa—. A razón: a falta de maquinistas, ao que hai que engadir os continuos fallos das máquinas —as vellas porque van vellas, e as novas porque dan problemas desde que as mercaron—. Renfe continúa anunciando investimentos a partir —agora si— do 1 de setembro e até febreiro do 2018.

O 4 de xullo: máis incidencias pola escaseza de persoal para cubrir as vacacións.

O 5 de xullo: incendio do tren 2715 no apeadoiro de Apalla, transbordo por estrada, e a vía permanece cortada durante, polo menos, dúas horas.

O 6 de xullo: suprimido o Ribadeo-Ferrol, 655, por avaría en San Cibrao; suprimidos tamén o Ferrol-Ortigueira das 13.00 horas, o Ortigueira-Ferrol das 15.20, o Ribadeo-Ferrol das 15.00 horas e o Ferrol-Ribadeo das 19.05. Fixo o traxecto Xubia-Ferrol por estrada.

O 7 de xullo: Ribadeo-Ferrol das 18.55, por estrada tamén; cercanías das 11.15 horas, suprimido; Oviedo-Ferrol, 11.15, suprimido; Oviedo-Ferrol das 07.30 con máis dunha hora de retraso; o Ferrol-Ribadeo das 10.45 circula até Viveiro, cancelase Viveiro-Ribadeo, e o Ribadeo-Ferrol das 15.00 horas tamén cancelado.

E así até hoxe mesmo. Poderíamos seguir. Eu preparei a miña intervención e até aquí collín as incidencias. Pero pode vostede consultar as redes sociais; entre outras, a da Plataforma na Defensa do Antigo Feve.

Estas son as consecuencias. Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos absolutamente convencidas do progresivo desmantelamento deste servizo, que non vén de agora —tamén hai que dicilo—, senón que leva desenvolvéndose durante moito tempo. O Feve agoniza desde hai anos por mor, entre outras cuestións, dunha organización horaria que non atende ás necesidades da poboación, agoniza tamén pola falta de mantemento, como reflicten as constantes avarías das máquinas, pola falta tamén de mantemento das propias vías, a falta de persoal —o do axente único é absolutamente impresentábel—; por avarías constantes, retrasos, supresións, cancelacións e unha ausencia absoluta de planificación e de promoción do servizo. E ¿saben por que? Porque ao Goberno español non lle interesa nin o máis mínimo

o Feve, e leva anos desmantelando o servizo para xustificar a súa desaparición, ou quen sabe se a substitución da operadora por outra privada despois da división da xestión entre Renfe e Adif.

Pero resulta que aquí na Galiza é o único que temos entre Ferrol e Ribadeo. Garante a mobilidade dunha poboación, como dicía ao comezo, de máis de 200.000 persoas repartidas en tres comarcas, e atende ás necesidades de sectores económicos tamén fundamentais para estas zonas do noso país, no concreto para as comarcas da Mariña, como pode ser o transporte de mercadorías de Alcoa. Por certo que, desde xuño deste ano, a alúmina conta con dous trens menos á semana, pasan de cinco que había semanalmente a apenas tres; e menos mal, porque a alternativa sería de desaparecer e que se trasladasen por estrada os centos de miles de quilos que semanalmente saen de San Cibrao con destino a Amorebieta.

A pregunta que lle facemos é: ¿que está a facer o Goberno galego para garantir o servizo ferroviario da cornixa norte do noso país? ¿Que hai do grupo de traballo que se ía constituír entre as alcaldías, Renfe e a Consellería de Infraestruturas? ¿Cales son os seus plans para que Galiza conte cunha conexión ferroviaria da cornixa norte á altura das necesidades deste país e das persoas que viven e traballan nel? Porque a confianza que ten a poboación no servizo de Feve —xa lle digo— é practicamente absoluta.

Certamente nós cremos que, entre as moitas responsabilidades, vostede, como máxima responsable das infraestruturas deste país e da política de mobilidade do Goberno galego, ten unha parte grosa de responsabilidade en todo isto. Así que, case lembrando unha das frases eu creo máis famosas da prensa no noso país, eu vou facerlle a mesma pregunta que un xornalista deportivo lle fixo a Arsenio Iglesias no seu momento —chamámoslle, polo menos entre os xornalistas, «a pregunta total»—: conselleira ¿que? (*Murmurios.*) ¿Van seguir mirando para outro lado, facendo como que a cousa non vai con vostedes, ou vai tomar as rendas para rescatar un servizo fundamental ao que a este paso lle quedan apenas dous telediaros, diante do desleixo de Renfe e do Ministerio de Fomento, da falta de investimentos durante anos, da falta de persoal, da progresiva perda de calidade do servizo, mais da imperiosa necesidade, polo menos para as comarcas da Mariña, Ferrolterra e Ortegal, de contarmos con conexións ferroviarias adaptadas á nosa realidade? ¿Pensa a Xunta reclamar a transferencia dos servizos ferroviarios de ancho métrico, como xa fixo Euskadi ou xa fixo Cataluña, que puxeron en valor, ademais, este medio de transporte grazas a iso? ¿Traballan en políticas de intermodalidade que permitan planificar os distintos medios de transporte de maneira eficiente e eficaz de maneira combinada, servizos que sexan útiles para a poboación? —remato xa— ¿Traballan, ou pensan facelo, sobre campañas de promoción do servizo, de divulgación dos horarios, de adaptación do servizo e dos horarios ás necesidades da poboación para, en definitiva, poder contarmos no noso país, e, sobre todo, nas comarcas da cornixa norte, cun sistema ferroviario que atenda ás nosas necesidades?

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.



**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señora Rodil, señoría, eu agradézolle que traia esta iniciativa ao Parlamento para falar dos servizos da liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo, que nos preocupa e que consideramos que é preciso mellorar, na que temos o máximo interese dende hai moitísimo tempo e na que, dende logo —vostede xa o sabe e xa o dixo tamén—, non temos competencias. Pero estamos a traballar porque é un asunto que nos preocupa. Levamos traballando tempo e por suposto que queremos que os veciños de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña teñan acceso aos servizos ferroviarios axeitados ás súas necesidades e por iso traballamos, por iso vimos traballando.

Temos trasladado de forma reiterada, de forma constante, ao Ministerio e a Renfe que se doten de servizos ferroviarios máis competitivos. E, deseguido, pasarei a indicarlle as xestións exactas que fixemos dende o Goberno galego, aínda que vostedes dun día para outro seguro que o resolverían.

Pero permítame apuntarlle que eu creo que as preguntas que fai vostede nesta iniciativa concretamente están practicamente resoltas. Por tanto, contéstolle que si, que nos temos dirixido ao Ministerio de Fomento e tamén a Renfe en reiteradas ocasións para que melloren a liña ferroviaria de Feve Ferrol-Ribadeo —con cartas, con escritos e telefonicamente—, de forma constante. Estamos en contacto permanente con Renfe, especialmente nos últimos meses, cunha canle de comunicación fluída; especialmente, insisto, nos últimos meses. E acordamos, como dicía vostede, a constitución dese grupo de traballo para abordar a mellor adaptación destes servizos. É un grupo de traballo que consideramos importante.

Polo tanto, contéstolle en concreto a esas preguntas que facía. Creo que están aí os feitos e temos vontade, vontade de traballo para ofrecer solucións. E creo que esa vontade para ofrecer solucións é incuestionable por parte do Goberno da Xunta.

Creo que consideramos, dende logo, na Xunta de Galicia que as solucións se ofrecen traballando conxuntamente, exixindo o xusto e considerando que se invista o necesario; exixindo o xusto para os galegos. E cremos que é prioritario traballar día a día e mellorar día a día, neste caso, na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo.

Como vén vostede relatando, celebramos xuntanzas, temos convocado e celebrado xuntanzas cos diferentes alcaldes das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e da Mariña. Hai un ano, o 22 de abril de 2016, tiven a oportunidade de reunirme cos dezaioito alcaldes, xuntámonos cos dezaioito alcaldes para abordar a situación do transporte ferroviario na zona. Tal e como me comprometín, de modo inmediato, canto antes, aos catro días, recompilando a información que me trasladaron nesa xuntanza, deille traslado a quen era a anterior ministra, á ministra de Fomento, de toda a documentación que me achegaron os representantes municipais, as súas propostas de mellora, solicitando, por suposto, que se tiveran en conta, xa que estabamos preocupados, e que mostraran interese e atenderan e analizaran as demandas formuladas.

No mes de xuño do ano pasado tamén me dirixín de novo ao Ministerio de Fomento. A alcaldesa de Moeche, que fai de representante de determinados concellos, achegoume docu-

mentación complementaria que tamén atendemos e que trasladamos ao Ministerio de Fomento; polo tanto, comunicación e xestións para trasladar a Renfe e ao Ministerio de Fomento.

Eu creo que, dende logo, se fixeron xestións por parte de Renfe. Incrementaron os recursos humanos, incorporaron seis maquinistas máis. Vostede mesma acábao de explicar, o pasado mes de marzo, no mesmo momento en que tivemos coñecemento de incidencias, púxenme en contacto directamente, de forma inmediata, co presidente de Renfe —por carta o 15 de marzo de 2017 e tamén falando con el persoalmente— para trasladarlle a nosa preocupación e reclamar novamente actuacións e que resolvesen a falta de operatividade da liña.

Non se pode dicir que non haxa implicación e que non actuemos por parte da Xunta de Galicia. Nós actuamos e nós implicámonos. Polo tanto, non se pode dicir en ningún momento que non haxa implicación nin actuación por parte do Goberno galego.

Un mes despois, o 7 de abril de 2017, volvíñ poñerme en contacto co Ministerio de Fomento, co secretario de Estado en concreto, para reiterar a nosa preocupación polos problemas de funcionamento dos que iamos tendo constancia. E soliciteille unha reunión, unha xuntanza a tres bandas, coa finalidade de tratar esta problemática e tratar de avanzar en dar solucións aos problemas da liña Feve en Ferrol.

Eu creo que ten dado algúns dos seus froitos, señoría. E tamén o pasado mes de abril se aprobaba por unanimidade nesta Cámara, sábeo vostede, solicitar ao Ministerio de Fomento os investimentos necesarios para mellorar esa liña ferroviaria. E como é a nosa obriga, con ese compromiso e coa preocupación que temos na Xunta de Galicia, démoslle traslado de forma inmediata ao secretario de Estado. Aproveitamos tamén para trasladar novamente ao secretario de Estado as incidencias que se rexistraran, insistindo na urxencia de manter xuntanzas e insistindo na urxencia de que os veciños de Ferrolterra, de Ortegá e da Mariña lucense dispuxeran de melloras nesa liña ferroviaria que consideramos fundamental, e de facer que esa liña se faga competitiva e que responda ás demandas de mobilidade nesas comarcas.

Comunicámoslle que tiñamos prevista unha nova xuntanza cos alcaldes desas comarcas e que considerabamos totalmente necesario contar coa presenza de responsables e de representantes do Estado e responsables de Renfe. Obxectivo: poder contar de primeira man, informar de primeira man aos concellos, da problemática, dos posibles plans e das propostas para poñer en marcha a mellora desa liña ferroviaria. E así foi, unha semana despois, o 8 de maio, mantivemos un encontro entre Xunta, concellos e responsables de Renfe —en concreto, o director xeral de Renfe de viaxeiros, que foi o que asistiu—. E por certo que tamén falamos do Plan de transporte público de Galicia, por suposto que si, nese marco de diálogo que vimos tendo desde hai moito tempo.

E dende a Xunta actuamos, traballamos de forma proactiva, demandando medidas efectivas co obxectivo de chegar a acordos e de que se implanten actuacións para mellorar a liña ferroviaria. Nese encontro encontramos sensibilidade e implicación por parte da Administración estatal. Creo que entre todos selamos certos acordos, nunha xuntanza que eu creo que foi construtiva, entre Xunta, alcaldes e responsables de Renfe. Púxose de manifesto a nece-

sidade de traballar conxuntamente, colaborando e con lealdade, para resolver os problemas que realmente son precisos e que verdadeiramente importan para resolver os problemas do día a día, traballando día a día para resolver eses problemas.

Eu creo que, señora Rodil, saíron avances importantes: a creación dese grupo de traballo para mellorar a adaptación dos servizos; o representante de Renfe informou da recente adopción de medidas para a mellora organizativa, o reforzo de persoal e material rodante para garantir unha mellora na prestación dos servizos; logrouse un compromiso de que o Feve Ribadeo-Ferrol contara con máis maquinistas, máis trens, dous trens máis este mesmo verán.

Neste momento estamos a avanzar na configuración dese grupo de traballo no que nos diriximos a todos os concellos. Eu agardo constituír ese grupo de traballo canto antes.

Con posterioridade, despois de falar deste grupo de traballo, tamén remitimos aos diferentes concellos o plan de actuación de Renfe, démoslle traslado a todos os concellos unha vez que o remitiu Renfe á Xunta de Galicia. Remitímosllo aos dezaioito concellos desa comarca, informando das actuacións que ten previsto realizar, actuacións en estacións, en trens, en talleres —4 millóns de euros—. Esperamos que dean froito máis pronto que tarde, posto que xa están incorporados de xeito estable, por exemplo, novos traballadores na estación de Ferrol.

Señora Rodil, somos conscientes do esforzo que está a facer o Goberno do Estado. Así o demandamos. Teñen que ser extensivas todas as medidas á liña de tren do norte de Galicia. Eses esforzos na modernización do ferrocarril teñen que ser extensivos a esta liña. Hai total disposición, polo tanto, da Xunta de Galicia para mediar, para colaborar, e, entre todos, sumar. Estaremos vixiantes e velaremos, dende logo, polo compromiso de Renfe e que se ofrezan esas garantías para que as comarcas deses concellos dispoñan dun transporte ferroviario atendendo ás demandas dos veciños, ás necesidades dos veciños.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Nós a pregunta que lle facemos é, despois de todo iso que nos acaba de relatar —en parte algunhas cuestións xa as expuxeramos nós aquí—, se mellorou algo o servizo ou se empeorou. E eu creo que na miña intervención, na que intentei ir facendo un repaso desde o momento en que nós rexistramos esta interpelación até practicamente a semana pasada, do que demos conta foi de que das promesas de Renfe, como xa nos ten acostumadas —e tamén hai que dicilo porque este é un tema recorrente nesta Cámara, e cónstame que aquí hai persoas que tiveron ocasión de debater en anteriores lexislaturas sobre isto, e vostede falaba dun acordo unánime que se adoptou nesta Cámara e que foi por impulso dunha iniciativa

presentada polo Bloque Nacionalista Galego—, o que vemos é que todo queda, pois, niso, nun documento de catro páxinas con promesas, promesas e promesas que nunca chegan.

Mire, para Renfe había comprometidos hai anos, nos orzamentos do Estado español, 12 millóns de euros que de repente desapareceron. E agora o que temos no plan de Renfe son 2.546.000 euros durante os próximos catro anos.

Temos tamén un plan de pintura para facelas máis acordes, para o pintado exterior, exactamente, de sete estacións de cercanías. Pero a nós o que nos parece é que o que necesitamos é un servizo, necesitamos un plan bastante máis profundo e bastante máis serio, cun grao e un nivel de investimento bastante máis importante que o que se pretende comprometer por parte de Renfe. Despois o que necesitamos é un Goberno galego non para que medie, senón para que asuma que, se este país quere contar cun sistema ferroviario na cornixa norte de calidade e adaptado ás necesidades desta poboación, vai ter que asumir a capacidade de decidir sobre esa competencia.

Vostede díxoo ao principio. Nada máis chegar aquí deu no quid da cuestión: non temos competencias, temos que estar chamando por teléfono ao Ministerio de Fomento para que nos fagan, para que nos apoiem, para que nos pinten, para que nos arranxen as máquinas, entre outras cuestións. Como medida inmediata nese plan comprometido por Renfe, falábase da recuperación, con data máxima o 30 de xuño de 2017, de dous vehículos en Ferrol cun investimento de 52.000 euros. Esa máquina, unha delas, a primeira vez que entra en vías é o 9 de xuño. ¿Sabe onde estaba ao día seguinte? No mecánico outra vez. Temos un problema. E o que necesitamos é botarlles man ás máquinas de maneira integral, porque a todas luces —eu podo volver repararlle a hemeroteca de arriba para abaixo, de abaixo para arriba, como vostede queira— o que temos son máquinas que, incluso as máis novas, fallan de maneira constante e de maneira reiterada.

Nós repetímolo xa naquel debate anterior e volvemos insistir agora: o único territorio, os dous únicos territorios, onde o que era o antigo Feve funcionan son Euskadi e Cataluña. Póñolle o exemplo do caso Santander-Bilbo, que tarda tres horas e chegas tan tarde como de Ferrol a Ribadeo. ¿Quen ten a competencia na xestión dese servizo? O Ministerio de Fomento. ¿Que acontece no caso do territorio vasco? Que diante, por exemplo, dos últimos informes de contabilidade do propio servizo do euskotren —que se pode consultar na páxina web, eu recoméndolle a todo o mundo que entre dentro dese portal web— o que vemos é que lles dá beneficios. Pero ¿por que? Porque hai un goberno preocupado por disponibilizar un servizo que atenda as necesidades da súa poboación e, ademais, que lle sirva como elemento de dinamización non só social senón tamén económica, desde o punto de vista turístico pero tamén no transporte de mercadorías. E aí temos esa cornixa norte do país con factorías como Alcoa, que poderían estar vendo unha oportunidade para o transporte das súas mercadorías a través do Feve. E o que vemos é que, a partir deste pasado mes de xuño, pasou de cinco trens a tres.

Nós non podemos seguir acreditando no que nos di Renfe porque á vista está o resultado dos seus incumprimentos. E o que nós lle pedimos —e así o formularemos tamén na moción que acompañe esta interpelación, no seguinte período de sesións— é o compromiso de que

asuman a responsabilidade e que digan: nós somos o Goberno galego, queremos ter un servizo ferroviario na cornixa norte deste país adaptado á nosa realidade e ás necesidades da nosa poboación, e imos, como persoas adultas, asumir a xestión directamente desas competencias. Porque eu xa lle digo que, como non tomemos as rendas do noso futuro, do Goberno español á vista está que non podemos esperar absolutamente nada.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señorías, señora Rodil, por suposto que non temos competencias. Vostede solicita que teñamos as competencias, supoño que tamén o déficit, e que todo o déficit que ten este servizo pois sexa pagado por todos os galegos. Iso é o que queren, que o déficit de todo este transporte o paguen todos os galegos.

Pero bueno..., permítame que insista, señoría —quero deixalo ben claro—, en que nós estamos traballando de forma continua, constante e de forma reiterada, traballando día a día por suposto, para que conten cun transporte competitivo. Vostede quererao, pero eu tamén. Non podo permitir que pense que non estamos traballando, que non queremos que se mellore a liña ferroviaria. Porque nós estamos traballando para mellorar esa liña ferroviaria. Seguiremos buscando solucións a través dese grupo de traballo, porque entendemos que a forma é traballar conxuntamente, todos xuntos colaborando, para lograr que as medidas se cumpran, que se implanten. E velaremos por ese cumprimento, mediaremos para que esas medidas se implanten, e cantas máis, mellor. Porque queremos e apostamos por que é preciso mellorar esa liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo.

Son medidas que están neste plan de actuación, con 4 millóns de euros; medidas que xa foron iniciadas no ano 2016, medidas que son importantes. Por exemplo, a dotación de dous trens máis este verán —acordada o 8 de maio—, o reforzo de maquinistas coa incorporación de sete novos operarios, novas bases en Galicia para que sexa en Galicia a xestión directa, e o reforzo de material rodante, que permitirá máis calidade, e a adecuación e renovación do taller reforzando o cadro de persoal.

A mellora non queda aquí. Renfe vai pór en marcha novos plans de mantemento de grande alcance en estacións ferroviarias, en estacións de cercanías, noutras estacións de segunda fase, incrementando tamén a seguridade nas plataformas e en favorecer a accesibilidade.

E, señora Rodil, á parte destas medidas que deben supoñer melloras tanxibles nesta liña ferroviaria, o grupo de traballo debería comezar canto antes. A intención é convocar unha reunión, tan pronto se teñan designados os seus representantes, para analizar, velar polo cumprimento e incluso pedir novas propostas para exixir conxuntamente novas propostas.

Na Xunta estamos traballando, pero o certo é que son cinco concellos os que aínda non teñen designado o seu representante. O alcalde de Ferrol —casualidade— contestou hoxe, o alcalde de Ferrol. San Sadurniño —do seu grupo político— non contestou. (*Murmurios.*) Non o temos remitido. Iso si, ten tempo para vir a Santiago, a San Caetano, a unha xuntanza que sabía que non podía ser, porque sabe que non ía estar, para facer un circo, para sacar unha foto. Ten tempo para iso e non ten tempo para mandar un *email* contestando sobre o representante do grupo de traballo. (*Aplausos.*) Esa é a súa política, señorías.

Antes de protestar, proben a traballar dunha vez por todas. Antes de protestar, proben a traballar. Demandan e logo impiden traballar conxuntamente no grupo de traballo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría ¿que?...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, por favor!

Escoiten a quen está no uso da palabra.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Que nos conteste o alcalde de San Sadurniño e o resto dos alcaldes que faltan por contestar para traballar... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Por favor, silencio para todos! Escoiten a quen está no uso da palabra.

Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** E tamén nesa xuntanza por suposto que falamos do Plan de transporte público. Aproveito para referirme ao Plan de transporte público de Galicia, no que estamos traballando coordinadamente coas diferentes liñas ferroviarias. Dentro da primeira fase do Plan de transporte público, as comarcas e os concellos da Mariña lucense, de Ortegal e Ferrolterra por suposto que se poderán beneficiar, e vanse beneficiar. Forman parte do proceso de reordenación e modernización desta primeira fase do Plan de transporte público. Porque non só garantirá os servizos senón que incrementaremos substancialmente os servizos de autobús, coordinados, por suposto, cos diferentes medios de transporte, o que beneficiará o 95 % das comarcas de Ferrolterra, de Ortegal e da Mariña; permitirá incrementar en máis de 200.000 os quilómetros percorridos para poder mellorar a mobilidade da xente en todas as comarcas. Multiplicaremos o número de paradas porque os veciños poderán acceder ás facilidades que dá o transporte escolar con esas prazas baleiras. Os veciños terán unha parada moi preto da súa casa, e eu creo que, dende logo, con estes novos servizos de transporte e coas melloras que veremos exixir nese grupo de traballo —a ver se podemos convocar ese grupo de traballo—, dende logo, permitirá mellorar o transporte e a mobilidade dos veciños das comarcas de Ortegal, Ferrolterra e da Mariña lucense.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión, se lles parece, ata as 16.45.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e seis minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Reiniciamos a sesión.

**Interpelación de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes de novo.

A estas horas, despois deste pleno tan intenso, eu creo que imos ter unha interpelación na que agardo que poidamos ter un gran acordo que se plasme nunha moción no próximo pleno, xa despois do verán, no que espero que tamén poidamos estar todos de acordo.

A interpelación xira sobre as insuficiencias e a necesidade dunha política rexional en España, porque hoxe non a hai. Hoxe a política rexional instrumentase a través dos fondos europeos, e, aínda que participan as autoridades españolas, no fondo está planificada e dirixida desde o ámbito comunitario.

Eu creo que o obxectivo das políticas rexionais é facilitar a converxencia das rexións atrasadas, reducir a desigualdade —sobre todo, sobre a base dun crecemento máis intenso nas zonas, nas áreas, nas rexións, nas comunidades que parten dunha situación, digamos, dun atraso relativo—, e facelo, ademais, medrando tanto o perímetro da súa economía como, sobre todo, en termos de renda ou de produción por habitante. E cremos, ademais, que esta política rexional vai ser máis necesaria no futuro. A crise introduce unha interrogación sobre a continuidade dos procesos de converxencia. A saída da crise seguramente vai dificultar que isto se produza de forma espontánea. Previsiblemente as forzas do mercado provoquen un reforzamento do cuadrante nordeste, que é onde se concentran as rexións máis adiantadas en España, entre outras cousas pola forza que ten, polo tirón que ten, o ámbito europeo, o ámbito central europeo, de maior capacidade de produción, de maior produtividade. Pero outros procesos, como o propio cambio tecnolóxico, van dificultar que áreas como a nosa sexan capaces de aguantar ese ritmo.

E, ademais, a política rexional española é máis necesaria ca nunca porque, nun contexto onde a estabilidade fiscal e a sustentabilidade financeira das comunidades autónomas siga sendo unha das claves da nosa política —non debe de ser a única, pero debe seguir sendo

unha—, as capacidades de endebedamento van estar máis limitadas e previsiblemente os fondos europeos a partir do próximo período de programación signifiquen menos recursos para o noso país na medida en que temos que competir con áreas —sobre todo do leste de Europa— moito máis necesitadas ca nós. E, ademais, o *Brexit* vai provocar unha merma en termos netos dos recursos comunitarios, que se calculan no entorno dos 10.000 millóns de euros. Por tanto, todo iso vaise traducir en dificultades para manter o nivel de fondos que recibimos hoxe, entre outras cousas.

Entón a cuestión é —eu supoño que ata aquí estaremos basicamente de acordo—: ¿que podemos facer? E eu creo que temos algunha baza, temos algunha baza que xogar.

O Fondo de Compensación Interterritorial, que está no texto da iniciativa, xogou un papel importante nos últimos anos do século XX; sobre todo na última década do século XX en España. Por tanto, é un instrumento que segue vivo —aínda que moi debilitado, como explicarei agora—. Segue vivo e, por tanto, necesítase que recupere o seu papel como eixo dunha política rexional que ten que ter máis intensidade e outras características respecto das que tivo nestes últimos anos. E unha vantaxe para que isto se poida producir é que o Fondo de Compensación Interterritorial forma parte das previsións do texto constitucional. Está inscrito na Constitución española do ano 1978 e, por tanto, é máis fácil poder usar ese instrumento, que ten un respaldo constitucional, para construír a partir de aí unha política de desenvolvemento rexional en España que combata os desequilibrios territoriais internos digna dese nome.

A verdade é que o fondo estivo conxelado normativamente practicamente desde o ano 1990. Houbo unha pequena reforma no ano 2001 que eu creo que non mellorou substantivamente este instrumento. Seguramente empeorou aínda algunhas cousas, ou complicounas algo máis. En todo caso, mantense dende 1990, pero, ao mesmo tempo que hai estabilidade, o fondo perdeu progresivamente importancia ata caer hoxe na irrelevancia. E convén saber por que. Isto procede de dous fenómenos.

O fondo é unha porcentaxe calculada sobre o investimento civil novo contemplado pola Administración xeral do Estado, e esa é a variable de referencia. E esa variable é a que cae substancialmente, e cae por dous motivos estruturais e un motivo de carácter conxuntural. Os estruturais son que, na medida en que se produce unha descentralización forte das competencias de gasto en favor das comunidades autónomas, o Estado cada vez ten menos competencias e, por tanto, tamén o investimento que fai se reduce, porque fai o investimento a propia comunidade autónoma de referencia. Entón isto debilita o fondo. Pero a segunda —e quizais máis importante que esta, sobre todo na última década— é que progresivamente a Administración xeral do Estado externaliza os seus investimentos. É dicir, quen fai os investimentos é Adif, non o Ministerio de Fomento, en boa medida. Pero os investimentos que fai Adif non computan na base do fondo e, por tanto, non dan lugar a encher esa bolsa que despois se distribúe entre as comunidades autónomas beneficiarias, entre as que está Galicia. E, como consecuencia, o volume de recursos que se atribúe a esa política rexional instrumentada a través do Fondo de Compensación Interterritorial baixa moito, ten unha tendencia a baixar.

E a isto súmase unha cuestión conxuntural, que é que, desde o ano 2008, como consecuencia do axuste nas finanzas públicas, o primeiro que se recorta é o investimento. E, por tanto,



tamén os recursos atribuídos a través do FCI ás comunidades autónomas con menor nivel de desenvolvemento, como Galicia, caen de maneira substancial.

Por tanto, temos un instrumento inscrito na Constitución, que é o principal —non o único, pero o principal— instrumento de política rexional que ten nestes momentos España, o Estado español, e ese instrumento debilítase progresivamente ata caer na irrelevancia como consecuencia destes fenómenos.

As comunidades beneficiarias, entre elas Galicia, sen embargo miraron para outro lado. Realmente isto non formou parte case nunca do debate político entre as comunidades autónomas e a Administración do Estado. Primeiro porque non son todas, as máis adiantadas están fóra. Están fóra o País Vasco e Navarra, as do sistema de cupo. Pero tamén moitas do modelo común, porque superan a renda media por habitante, e isto debilita a posición conxunta das comunidades autónomas. Pero tamén porque, ao mesmo tempo que se debilitaba o fondo, os recursos do fondo, tiñamos os recursos procedentes de Europa, os fondos Feder, fondos de cohesión —fundamentalmente os fondos Feder— e outros que cubrían as mesmas necesidades que o Fondo de Compensación Interterritorial, que cubrían as necesidades dunha política rexional e que en media multiplicaban por máis de catro os recursos do FCI —e hoxe seguramente por máis de oito e ás veces por dez—. Por tanto, como tiñamos estes recursos dispoñibles, ninguén se preocupaba dos outros, pero, claro, no futuro seguramente non vai ser así.

E, por tanto, nós cremos que hai a necesidade de volver discutir a política rexional e de revitalizar o Fondo de Compensación Interterritorial. E esta é unha posición que pode ser liderada por Galicia, e convertelo nun instrumento potente de desenvolvemento rexional que outorgue un novo impulso á converxencia real entre territorios. Deberíamos discutir e ser capaces de chegar a un acordo sobre como determinar cantos recursos se deben destinar a esta finalidade e que comunidades autónomas deben ser as beneficiarias. Hoxe hai algunhas que reciben o FCI que teñen un nivel de renda por habitante superior á media, porque as comunidades fixéronse no seu momento e non se volveu tocar, e non hai unha determinación con criterios establecidos sobre cales deben ser as receptoras. Por tanto, séguenselles dando recursos a aquelas que os recibían inicialmente, e isto non parece un criterio moi sensato. E, sobre todo, deberíamos discutir como debemos inscribir este instrumento nunha política rexional planificada, cunha estratexia, cunha avaliación a posteriori dos resultados, que incorpore por tanto as mellores características da xestión dos fondos europeos e que evite algunhas outras, como a excesiva, ás veces, burocratización, que os dificulta de maneira moi considerable.

Entón, a interpelación ten como obxectivo coñecer a opinión da Xunta de Galicia sobre esta cuestión, que a nós nos parece relevante de cara ao futuro, e, ao mesmo tempo, empezar a construír a partir deste debate unha política rexional na que poidamos estar todos conformes, na que poidamos participar e que teña o respaldo do conxunto da Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

En primeiro lugar, quero agradecerlle incluso o comportamento persoal que hai quince días tivo comigo, porque, en principio, esta interpelación ía ser substanciada hai quince días e, por motivos persoais, eu non podía estar aquí, cousa que agradezo de verdade en termos tamén persoais.

No relato que acaba de facer vostede, en principio, sobre o que significa o Fondo de Cooperación Interterritorial como un dos principais instrumentos de política rexional que temos en España, pouco máis que añadir; quizais determinadas matizacións. Permítanme que tamén utilice este foro, este debate, para introducir quizais non tanto apreciacións, senón o noso parecer respecto deste tema. Un tema que, como moi ben dicía vostede, ten un correlato que xa comeza no propio 158.2 da Constitución, ¿non?, onde se contempla dunha maneira moi clara a necesidade de constituír un fondo que faga efectivo o principio de solidariedade. Polo tanto, nace dunha diferenza interterritorial constatable en parámetros obxectivos.

Efectivamente, tamén vostede introduciu o cambio —se ben certo, dun teor sensiblemente menor— do ano 2001 pola Lei 22 xa a final de ano, onde se introducían determinadas cuestións que teñen que ver coa consideración ou aplicación destes fondos a investimentos novos, pero tamén á posta en marcha deste tipo de investimentos.

Non se referiu aquí vostede, non cuantificou —quero dicir— exactamente, pero si que se referiu, como a partir da década dos anos noventa, sobre todo na primeira década deste século, si que tivo unha importancia cuantitativa menor, e por distintos avatares, bastante ben relatados por vostede, que teñen que ver con dous efectos: co efecto, efectivamente, de centrifugación, que se produce tamén en determinados organismos non considerados no perímetro sobre o cal se atopa o nivel deste fondo de compensación e, sobre todo, é innegable, polo efecto maiúsculo que tivo a crise económica a partir de 2008 sobre o investimento da Administración Central e os seus organismos autónomos, á parte desa centrifugación, que o que provoca é que a día de hoxe, efectivamente, o FCI non chegue a representar para esta comunidade autónoma nada máis que o 0,5 % do que son os seus ingresos non financeiros. Polo tanto, unha cuestión na que estamos totalmente de acordo é que para corrixir, se a opción é unha política de corrección de desequilibrios territoriais, política rexional en termos maiúsculos —que si debería ter afrontado o Reino de España—, si que coincido con vostede en que o primeiro que necesitamos é determinado nivel, nivel que non temos nestes momentos.

Pero tamén me gustaría poñer unha pequena apreciación sobre as palabras que vostede dixo. Unha das caídas tamén importantes, pero non tanto, como acabamos de comentar —pero si que completa o relato feito por vostede—, ten que ver cos criterios de repartición. E os criterios de repartición obedecen, sobre todo, a dúas cuestións. En primeiro lugar, efectivamente, hai determinados números clausus nas comunidades merecedoras deste tipo de fondos, pero, por outra parte, do que estamos falando é da renda per cápita, de renda per

cápita e por outra parte tamén taxa de paro —ou, á inversa, do emprego—, que son as dúas variables sobre as que actúa a repartición do nivel determinado para cada ano.

O que se constata tamén dende o ano 2008 é que, partindo dun nivel de renda per cápita do 87,4 %, nestes momentos a Comunidade Autónoma de Galicia é dous puntos superior, aproximadamente o 89,2 % ou 89,3 %. Polo tanto, houbo unha correcta evolución, se ben é certo que todos aspiramos a ter unha evolución incluso un pouco máis acelerada sobre este parámetro, como tamén no parámetro de paro. No parámetro de paro, o dato do último mes, hai un paro rexistrado de 191.000 persoas, sendo un número verdadeiramente alto, moi alto, e non podemos estar en modo algún convencidos de que é a mellor das situacións —incluso tamén na súa composición, como outros grupos teñen manifestado nesta Cámara. Si hai que dicir que presenta unha evolución claramente mellor que o resto de comunidades autónomas que son merecentes deste tipo de fondos.

Polo tanto, son dúas apreciacións que debemos ter en conta, como tamén o gran cambio que se produce, tamén adiantado por vostede, que ten que ver cun factor —outro quizais, que non foi introducido, supoño que non tanto porque lle esquecera senón porque verdadeiramente aquí non se vén dar unha clase— que é por unha parte a importancia cuantitativa que para a nosa comunidade autónoma, cos seus riscos, teñen todos os fondos estruturais europeos, tanto Feder como Feader, que son o gran bloque que permitiu manter, tanto no que era o marco 2007-2013 como no 2014-2020, o que son os nosos investimentos e o noso gran cambio, cos mesmos obxectivos incluso que ten a política simplemente a través, en principio, do Fondo de Cooperación Interterritorial.

Pero vostede tamén coñece coma min que houbo outro gran cambio, que tamén en esencia coincide cos parámetros e cos obxectivos que se tentan acadar con este tipo de instrumentos de equilibrio interterritorial, como é o nacemento no ano 2009 do Fondo de Cooperación. O Fondo de Cooperación no ano 2009, cuns parámetros similares, xa empeza sendo sensiblemente superior, o que significa en termos cuantitativos para esta comunidade autónoma nese primeiro ano aproximadamente case un 25 % superior ao que foi o Fondo de Cooperación Interterritorial. E no ano 2014, pois, compararán vostedes, cando falamos dun fondo que para o conxunto de España se achega aos 2.200 millóns de euros e o FCI daquel ano malamente superaba os 430 millóns de euros.

Polo tanto, hai unha simetría cuantitativa no nivel. E isto o que nos trae a colación é que non podemos tampouco prometérnolas excesivamente felices cunha opción soamente, polo que poida ser ou o que poida representar a política rexional, acadando incluso volumes moito máis importantes que os que temos nestes momentos, que non chegan a 50 millóns de euros para a comunidade autónoma de Galicia nun exercicio. E deberíamos facer un esforzo, como xa empezamos —cousa que lle estamos moi agradecidos desde este grupo—, sobre todo o que ten que ver, porque non deixa de ser unha peza máis, aínda que é un correlato añadido, pero que non está exento da gran influencia do que significa a revisión do sistema de financiamento. A revisión do sistema de financiamento, con este tipo de fondos na situación actual, está condicionando moi moito.

Tendo en conta o anterior, as preguntas que formulaba vostede respecto do nivel, creo que calquera comunidade autónoma das que nestes momentos somos receptoras deste tipo de

fondos non se pode de modo ningún sentir satisfeita polo nivel acadado. E tamén lle comentarei algunha cuestión do que en principio consideramos para o futuro. O futuro debe de empezar, efectivamente, tratando de atopar a base común —e, se pode ser neste Parlamento, mellor que mellor—, pero sabendo que temos que promover este tipo de iniciativas para incrementar estes recursos. Pero, con todos os meus respectos —eu, que incluso sendo unha persoa relativamente exaltada estou falando nun ton moi baixo—, non se trata tanto de alzar a voz como de armarnos dos argumentos suficientes para poder explicar e promover este tipo de iniciativas a partir, sobre todo, de que coinciden moi ben no tempo. Sobre todo, porque tamén está avanzando o tema do financiamento autonómico. Coincide moi ben no tempo para tratar de arrouparnos destas iniciativas, promover este tipo de iniciativas cos recursos suficientes e tamén poder sumar outros territorios que basicamente están nas características nas que está a nosa comunidade con disinta intensidade.

Polo tanto, si que estamos terriblemente a favor de incrementar os recursos do FCI como principal instrumento, recuperar un pouco o que foi. Sobre todo, porque efectivamente existe un risco importante sobre o que poden ser os fondos europeos de cara ao futuro e tamén pola saída do Reino Unido, que provocará determinados axustes, ou pode provocalos, en próximos exercicios.

Pero tamén o que somos é terriblemente partidarios doutro concepto. Vostede na súa interpelación tiña por escrito o concepto do carácter plurianual. Nisto creo que hai un concepto un pouco máis xeral. Non é tanto o concepto plurianual, con todos os meus respectos, senón que o concepto no que creo que estaremos tamén de acordo é o de estabilidade dinámica. Creo que é moito máis interesante o concepto de estabilidade dinámica, que nos marca un chan, que nos dá un horizonte de futuro. Para iso temos que facer as nosas previsións de carácter plurianual pero sempre nun nivel máis operativo. Pero o máis importante de todo é ter as estratexias suficientes para o desenvolvemento, algo que esta comunidade autónoma e este goberno xa leva feito, sobre todo, desde a pasada lexislatura, cando nos demos a nosa folla de ruta empezando no nivel máximo —como pode ser o Plan estratéxico 2015-2020—, pero tamén con cantidade de plans e programas que tanto no eido económico como social ten implementado este goberno. Coma sempre, cos plans e os programas o que hai que facer é seguiilos, melloralos e completalos con outros que a día de hoxe non están. Pero, sobre todo, o que temos que ter claras son as estratexias de desenvolvemento para, con distinto tipo de fondos —incluso fondos propios—, poder levalas a cabo.

Tamén, un pouco como dicía vostede —e para rematar esta primeira intervención—, creo que é bo fixarnos en como funcionan os fondos europeos. Pero, con todos os respectos, eu creo que non debemos mimetizar os procedementos dunha maneira taxativa, tal e como se veñen facendo nos fondos europeos. Porque hai que ter en conta que, cando falamos, por exemplo, do fondo deste último marco, do 2014-2020, resulta que non foi aprobado o marco ata o 2015 e os programas operativos ata o 2016.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Á parte desa burocracia, pois, comprenderán vostedes que...

Polo tanto, a nosa disposición a poder abrir o suficiente debate, porque a política rexional creo que é moi importante para tratar de dinamizar a nosa sociedade, tanto na parte social como económica, que é o que nos trae aquí, ou, polo menos, o que nos move a este goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Martínez.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes de novo, para algunhas matizacións, ou non diría tanto para a discrepancia como para a apertura dunha liña un pouco diferente: a cuestión do fondo de cooperación que plantexa de forma máis ampla a relación do FCI e da política rexional co sistema de financiamento autonómico. Eu non son partidario de ligar ambas cousas. Sei que hai outras visións sobre isto e que incluso seguramente noutras comunidades autónomas —porque isto é un tema que non só afecta a Galicia senón que vai implicar boa parte das comunidades autónomas de réxime común— hai visións distintas. Pero está claro que o sistema de financiamento autonómico o que debe é dotar as comunidades autónomas dos recursos ou das posibilidades de obtención de recursos que permitan financiar servizos básicos en condicións de igualdade entre todas elas. E isto debe ser con independencia do nivel de renda por habitante, en función das necesidades dos servizos. Mentres que a política rexional debería colaborar, debería contribuír, a que aquelas comunidades que teñen unha posición de partida máis débil, máis atrasada, poidan superar os atrancos que isto plantexa, para o seu crecemento diferencial, para poder converxer coas outras. E isto non ten que ver co nivel de servizos exactamente, é outra cousa. Porque, se non, podemos atoparnos con que nalgúns aspectos hai comunidades que teñen unha renda máis baixa pero un nivel de servizos superior á media; e, sen embargo, posiblemente necesiten aínda dalgúns instrumentos de política rexional para poder converxer.

Por iso, na miña opinión modesta —é unha opinión—, o Fondo de Cooperación do ano 2009 introducido no sistema de financiamento autonómico foi un error, un error que debe ser corrixido e que é preferible non perseverar nel de cara ao futuro. E iso, ademais, permitiríanos con claridade dicir que a política rexional se fai á marxe disto e que se fai por medio doutro instrumento.

Segunda cuestión —para non esgotar o tempo— que ten algo que ver con isto: as cantidades de referencia. Este ano para Galicia son 44 millóns. Se estamos falando de cantidades deste tipo, eu xa sei que non convén perder demasiado o tempo en ver como deseñamos, o que facemos, etc. Porque isto non dá para montar unha estratexia. O fondos europeos, entre 400 e 500 millóns cada ano, pois son unha cifra moito máis razoable e sensata. Eu sei que dificilmente podemos aspirar a chegar ata aí co Fondo de Cooperación Interterritorial, pero quizais un punto intermedio que nos permita volver ao nivel de recursos cos que se dotaba Galicia hai dez anos, sobre 220 millóns de euros, cinco veces a situación actual, pois sexa unha aspiración bastante razoable. E eu creo que posiblemente ese nivel é ao que deberíamos aspirar. Hai que pelexar por isto, que non é fácil, porque hai que convencer outras comunidades e hai que convencer a Administración xeral do Estado, e xa sabemos que na situación

actual iso vai ter algunhas complicacións. Pero diso se trata, de utilizar as bazas que teñamos como país para conseguir a mellor situación financeira posible.

Terceira cuestión: os criterios de repartición. Efectivamente, non entrei porque son dez minutos, e agora cinco. Nos criterios de repartición, como ben sabe, hai dous niveis: un que ten que ver coa renda media en relación coas comunidades beneficiarias, digamos o que se chama un criterio redistributivo —que iso pois posiblemente debe manterse—, e despois criterios distributivos, algúns dos cales son razoables e sensatos pero hai algúns outros que non o son e que deberían ser substancialmente reformados cando nos enfrontemos a isto —e aí podemos falar máis na moción, agora non dá moito tempo—. Pero, ademais, provocan algo que conecta coa cuestión da estabilidade dinámica, provocan unha variación anual dos recursos dos fondos para algunhas comunidades que é excesiva. Por iso a estabilidade relativa está ben, pero iso ten que ver co deseño dos criterios de distribución entre comunidades autónomas, no que eu creo que podemos avanzar.

Adicionalmente, a plurianualidade ten que ver máis coa estratexia e coa xestión. E eu creo que a estabilidade relativa está ben, pero a plurianualidade tamén. Porque, se non, isto obríganos a un exercicio ano a ano que eu creo que é excesivo. Deberíamos... Non sei se cinco anos ou sete anos, coma no caso dos fondos europeos. Seguramente hai que eliminar unha parte da burocracia, dicíao antes. Pero esta idea de dicir: sabemos onde queremos chegar nun prazo de sete anos, ¿garántesenos que durante ese tempo imos dispoñer de recursos —non exactamente, pero si dunha cantidade aproximada de recursos— e por tanto non se van revisar todos os criterios ano a ano? Cuestións deste tipo parecen razoables porque permiten unha mellor xestión dos recursos que se atribúan ás comunidades autónomas.

E estas son basicamente as puntualizacións. En todo caso, teremos oportunidade en setembro de discutir máis en concreto sobre o que lle reclamamos exactamente á Administración central para darlle sentido a este debate.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Teño aquí unhas notas tomadas. A verdade é que, este tema, como me interesa moi moito, pois téño un pouco traballado a nivel persoal. Quizais vou empezar polo final, porque eu creo que é o máis importante do que acabamos de falar no día de hoxe, polo menos para saír en positivo. E creo que hai un gran punto en común con vostede, co grupo que representa, polo que acaba de plantexar sobre este tema tan importante, tamén para a comunidade autónoma. Pero creo que o pode haber tamén con outros grupos representados nesta cámara. Entón, polo tanto, esperamos contar coa axuda suficiente para armarnos dos razoamentos, para que a partir de Galicia, xunto con outros territorios, sen alzar demasiado a voz —porque non creo que sexa unha cuestión de alzar a voz senón de arrouparnos dos razoamentos suficientes—,

tratar de lograr que o FCI recupere un nivel suficiente para cada comunidade autónoma e, a partir da súa autonomía, poder deseñar esas políticas; que era o que lle dicía anteriormente, que o verdadeiramente importante é que esas estratexias de desenvolvemento conflúan.

Porque un chascarrillo si que lle vou facer, con todos os meus respectos e coa solemnidade deste lugar onde nos atopamos nesta tarde no día de hoxe. O que é importante non é tanto dotarnos do nivel suficiente para unha correcta política de desequilibrios territoriais, para tratar de vencelos, por parte dun goberno autonómico senón que o que espera este goberno é, nun horizonte de oito ou dez anos, non estar falando en negativo do que pode significar a política territorial. ¡Que máis quixeramos nós! Porque si que cremos no 158.2, pero é innegable que, se as cousas as facemos moi ben poderíamos estar falando, nun horizonte de oito ou dez anos, de non ser receptores netos deste tipo de políticas.

E tamén outro pequeno chascarrillo: non creo tanto que fora un erro o concepto do fondo de cooperación tal como tal. Digamos que introduce elementos de distorsión moi graves, moi graves no que pode ser. E estase, por outra parte, efectivamente, mezclando nivelación co que pode ser política de desenvolvemento. Niso si que coincidimos plenamente con vostedes. Polo tanto, partindo do razoamento máis propio deste grupo, como é o seu respecto ao contido no 158.2, o principio de solidariedade, no que cremos non soamente por ser nestes momentos receptores, senón incluso porque poidamos nun futuro, canto máis próximo mellor, ser debedores —é dicir, axudar nós a outro tipo de comunidades autónomas—, somos partidarios deste tipo de políticas, deste tipo de instrumentos.

Efectivamente, houbo unha variación moi acentuada durante a crise. O Goberno galego, no que son as nosas competencias, en principio creo que dunha maneira cada vez máis áxil, partindo incluso dun nivel de xestión onde non chegaron ao 50 % de execución do FCI —como, por exemplo, no ano 2009, sen tirar ningúns paos á cabeza, que supoñían 190 millóns de euros non executados no seu momento—, estamos a niveis, nestes momentos, que nin tan sequera chega aos 12 millóns de euros non executados, e cunha execución relativa do 50 % ao 85-88 %; creo que algo por aí tamén estamos facendo ben. Somos profundos partidarios do concepto de suficiencia dinámica para ter previsto a plurianualidade. Para nós non deixa de ser máis que unha cuestión operativa. Pero, como lles dicía antes, o gran reto que nos debemos marcar como sociedade a través da estratexia que creo que está no esencial —e no non tan esencial— bastante predeterminada por este goberno nos últimos oito anos, é ter a estratexia suficiente para chegar algún día, dentro de oito ou dez anos, a dicir que este tipo de fondos non fan falta en termos positivos. Ese é o reto ao cal nos debemos e que como Goberno afrontamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado, pero, se espera cinco segundos, dinme que entra agora o conselleiro de Sanidade.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...non vaia ser que estar un minuto e pico antes no pleno dea urticaria... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É o da austeridade, que así xa veñen menos e gastan menos en aire acondicionado. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Se lles parece aos portavoces, metemos unha pregunta... Non está o seguinte conselleiro tampouco. (*Murmurios.*)

Nada, Julio, non metemos nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor TORRADO QUINTELA:** Quero aproveitar, señor presidente, e fágoo dende a tribuna, ¿que ocorrería se o que non está é un membro dos que ten que facer a interpelación? (*Murmurios.*)

¡Claro! Non, se estou seguro de que non hai ningún problema.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Suspendemos o pleno cinco minutos.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Eu estou aquí e non dixen nada...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Suspendemos o pleno cinco minutos.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Eu estiven aquí e non fixen ningunha apreciación. O presidente trasládame unha apreciación e entón eu pregúntolle. De feito puideron comprobar que eu saín da tribuna amablemente para deixar facer a seguinte pregunta. Trasládaba unha pregunta nada máis, non pasa nada. Se non podo nin preguntar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Suspendemos entón cinco minutos o pleno.

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Infórmanme de que o conselleiro de Sanidade está de camiño, que tarda moi pouquiños minutos, pero se lles parece, se a autora da pregunta está de acordo, podemos pasar á pregunta número —vamos a non equivocarnos— 7.4, que é do Bloque Nacionalista Galego, que lla fai ao conselleiro de Educación.

¿Está de acordo? ¿Si? (*Afirmación.*)

Vale, pois entón pasamos á pregunta 7.4 e despois, cando veña o conselleiro de Sanidade, retomamos a interpelación.



**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para dedicalo a museo, como estaba previsto**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde, señor conselleiro.

Na noite do 9 ao 10 de xuño deste ano 2017 producíronse uns feitos gravísimos no concello de Moaña. Perpetrouse un atentado contra o conxunto que compoñen os estaleiros de ribeira de Carlago e Casqueiro; un incendio a estas alturas xa claramente intencionado, que rematou coa destrución da carpintería de Casqueiro e provocou danos importantes na de Carlago.

Este conxunto tiña un importante valor, sendo un dos exemplos mellor conservados a nivel etnográfico e de patrimonio da carpintería de ribeira de Galiza. Ese atentado require unha resposta institucional unánime, clara e directa de condena sen paliativos. Supón a ruptura das regras democráticas das que nos temos dotado, cunha falla de respecto evidente ás decisións democráticas que teñen adoptado as institucións.

A carpintería de Casqueiro xa tiña sufrido outros ataques precedentes: un primeiro intento de queima, aparición de pintadas anunciando a súa destrución, pero este atentado da noite do 10 de xuño é máis grave, se cabe, por varias razóns. A primeira, porque está en proceso de declaración de ben patrimonial, cunha protección establecida, xa vixente, tanto para as edificacións como para o seu contido. Está en proceso de inclusión no Catálogo de patrimonio cultural de Galiza, iniciado a finais do ano 2016. Cometeuse o mesmo día da publicación no DOG da resolución da Xunta de catalogar as técnicas e coñecementos da carpintería de ribeira como patrimonio inmaterial galego, e quedou patente que a intención non era só destruír o conxunto protexido, senón ademais evitar a súa catalogación por parte de Patrimonio como ben cultural a protexer. Un atentado contra os sinais de identidade e a memoria colectiva do pobo de Moaña en particular, e mais do conxunto do pobo galego en xeral.

A cuestión é que hai que facer agora, que toca facer agora. Como dixen antes, condenar este atentado, que constitúe un delito cunha intencionalidade evidente e como tal debe cualificarse por todas as forzas políticas. Exixir unha acción policial e xudicial que identifique as persoas autoras e que respondan por este feito. E logo, evidentemente, o prioritario ten que ser realizar un plan de continxencias para actuar no estaleiro e desenvolver un plan de actuación para protexer, restaurar e conservar o conxunto etnográfico; traballos de limpeza e desentullo, procurando na medida do posible a recuperación, catalogación e inventario dos restos que poidan ter valor etnográfico; e mantemento da protección.

O atentado e destrución dunha parte importante do estaleiro de Casqueiro non pode impedir que continúe o proceso de declaración de ben de interese cultural. E por parte da consellería que vostede dirixe consideramos que debe resolverse canto antes o expediente de protección para non permitir que os terroristas que atentaron contra o patrimonio de todos e todas poidan saírse coa súa.

Co cal, señor conselleiro, o que lle preguntamos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego é se vai implicarse o Goberno galego, a súa consellería, na reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro e tamén na parte do de Carlago.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cores, eu quero, no nome do Goberno galego, lamentar claramente o suceso acaecido esa noite no pobo de Moaña, no estaleiro de ribeira de Casqueiro, que todos sabemos que está baixo investigación xudicial e policial. Creo que a vontade da Xunta de Galicia respecto deste conxunto etnográfico, cultural ou como lle queiramos chamar está moi clara, tanto é así que hai dúas resolucións publicadas no Boletín Oficial e no DOG que dalgún xeito manifestan claramente a intención da Xunta de Galicia respecto deste conxunto.

A primeira —como vostede ben sabe— é a proposta de incoación do procedemento de inclusión deste ben no Catálogo de patrimonio cultural de Galicia, do conxunto dos estaleiros de Casqueiro e de Carlago, que —como vostede dixo— están na parroquia de San Martiño de Moaña, en Moaña.

E a segunda ten que ver tamén coa incoación do procedemento para declarar BIC, ben de interese cultural, o patrimonio inmaterial; é dicir, o que son as técnicas construtivas vencelladas neste caso á carpintería de ribeira.

Dicir —segundo vostede plantexou— que en ningún caso a destrución física do contedor —para entendernos— do ben inmaterial que se quere protexer, que é a carpintería de ribeira, vai afectar ao procedemento administrativo para poder incoar e resolver todo o que ten que ver coa chegada ao punto final, que é a declaración de BIC —BIC inmaterial neste caso— desta tipoloxía, deste oficio. Porque aquí o que importa non é tanto o edificio en si, que tiña un valor relativo, senón o que se facía dentro dese edificio.

Vostede díxonos que toca facer, que hai que facer agora. Dende que se comezou a tramitar este expediente, e dende que se coñeceu a situación desgraciada do incendio, o primeiro que toca facer é resolver as alegacións administrativas ao procedemento para incluír no Catálogo estes bens. Temos no conxunto 433 alegacións que, obviamente, temos que resolver seguindo o dereito democrático; resolver neste caso as alegacións.

O segundo que toca, tamén vencellado á declaración de BIC, é censar todas as carpinterías de ribeira que temos no país. As carpinterías de ribeira estaban no conxunto do litoral, obviamente algunhas manteñen certa conservación do oficio, outras estaban xa desaparecidas.

Neste procedemento de declaración de BIC temos que facer un censo das carpinterías de ribeira que se manteñen.

E, en terceiro lugar, temos tamén que agardar ao que son as resolucións da investigación xudicial e policial para impoñer, de ser o caso, as conseguintes multas respecto deste feito, atentado, ou como se lle queira chamar, respecto do patrimonio. Estamos falando, pois, dunha multa que sería, de confirmarse e de detectarse o causante, de entre 150.000 e un millón de euros. Obviamente, aquí temos que agardar á resolución do que é o procedemento policial e xudicial.

E, en cuarto lugar, unha cousa que xa se fixo tamén é velar pola seguridade do cotorno...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...vencellado a esta intervención. Nese sentido, xa tivemos contactos co Concello de Moaña para velar por acoutar e por garantir a seguridade neste espazo —como supoño que vostede saberá que así se fixo— entre a Consellería e neste caso o Concello de Moaña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Dende logo, dende o BNG parabenizámonos da contestación que está a dar, que vai haber unha continuidade no proceso de catalogación deste estaleiro de ribeira, e parécenos obvio, porque estes estaleiros son un tesouro cultural. Embarcacións de madeira, dornas, botes, pailebotes, traíñas, gamelas... Trátase dun conxunto valioso de recursos ligados á historia da vida da xente do mar, testemuño do seu pasado e tamén do presente.

Vaime permitir que discrepe de que o edificio en si non tiña valor. Ten o valor en si e ten o valor do enclave onde está situado, que está no medio do casco histórico e ten o acceso directo ao mar porque funcionaba, e entón esa non é unha cuestión menor. Non se trata de facer un museo noutro lado, trátase de mantelo onde estaba, e agardo que isto sexa así.

E logo, á parte de que sigan coa tramitación da catalogación e do estaleiro, gustaríame que hoxe tamén dixera en que máis se vai implicar a Consellería. Se se vai implicar na reconstrución, cantos recursos vai destinar, porque xa transcorreu un mes desde este atentado e gustaríanos ter visto unha actuación por parte do Goberno galego cando menos similar á que houbo, por exemplo, cando infelizmente tamén se queimou o santuario de Muxía, que se queimou un 25 de Nadal e o día 27 o Goberno galego estaba dicindo que a construción ía facerse custara o que custara, que se asumía o cen por cento do proxecto construtivo, que xa se destinaban de 700.000 a 850.000 euros para realizar os labores, que se ía rehabilitar en

poucos meses..., e nós, dende logo, agardamos que haxa un compromiso cando menos igual, porque estamos falando dun patrimonio de altísimo valor na cultura galega, no patrimonio galego, na nosa idiosincrasia e no que somos como pobo, co cal quedei satisfeita da súa primeira contestación. E non só eu, senón que estou convencida de que o Concello de Moaña, os veciños e veciñas de Moaña, quedan satisfeitos, pero, dende logo, agardan da Consellería que vostede preside ir máis alá que continuar soamente co labor de preservación.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Neste caso, señora Prado, entenderá que haxa que guiarse por un principio de prudencia. Aí hai unha investigación aberta, xudicial, policial, e, obviamente, ata que estea resolta hai que ter certa prudencia neste ámbito.

É certo que dende o Concello de Moaña se manifestou a intencionalidade de facer unha especie de museo, un museo vencellado aos oficios mariñeiros, á carpintería de ribeira. Tamén é certo que, neste caso, a titularidade deste ben construtivo, como vostede sabe, era de Costas ata hai moi pouquiño tempo, e non sei se exactamente agora está rematado o procedemento, se caducou xa a concesión administrativa á familia que tiña esa concesión, porque o Concello quería, dalgún xeito, recibir para si esta concesión. Non o sei exactamente, porque é unha cuestión que non ten nada que ver co ámbito administrativo autonómico, senón que é estatal, é local, e a Administración autonómica aí non ten participación nese proceso.

En todo caso, sabemos que tamén —pola información que temos— por parte do Concello hai interese en facer un museo, un museo vencellado a este tipo de actividade. Eu quero dicir que por suposto o Concello ten todo o dereito do mundo a facer un museo vencellado á carpintería de ribeira, vencellado á historia do mar, vencellado á tradición pesqueira desta localidade, obviamente ten todo o dereito do mundo. Tamén lle direi —e dígoallo con total franqueza— que obviamente a Xunta de Galicia xa conta con equipamentos nesta liña. É dicir, nós temos en fronte, en Alcabre, o Museo do mar de Galicia, e temos detrás o Museo de Bueu, que son dúas instalacións museísticas onde se recolle claramente todo o que se podería recoller neste museo, que ten, sen dúbida, unha significativa importancia local, pero, obviamente, dende o punto de vista da Consellería, nós temos ese ámbito do servizo perfectamente cuberto.

Nós, se dalgún xeito se nos pide colaboración —entendemos que non económica, pero si técnica—, poderíamos falalo, poderíamos discutilo, pero partindo da base de que preservando o dereito do Concello a plantexar esa actividade, que entendemos moi lexítima, nós, como Administración autonómica, xa temos nun caso o Museo de Alcabre, o Museo do mar de Galicia, que está en Vigo, en fronte xusto, e detrás temos o museo Massó, e todo o que podería estar vencellado ao patrimonio inmaterial que se podería recoller nesta instalación,

está perfectamente recollido tanto nun como noutro, e tampouco imos triplicar equipamentos ou ofertas museísticas nas que no fondo se di o mesmo.

En todo caso, creo que isto é un problema de convivencia, un problema de convivencia entre diferentes actividades e diferentes usos, e creo que hai espazo, sen dúbida, para poder compatibilizar todos os usos que se poidan plantexar nesa franxa do territorio. Eu creo que se podería plantexar, sen dúbida, facer un museo, facer un equipamento cultural, facer un equipamento educacional, rematar o paseo... Eu creo que aí, con boa vontade por parte de todos, sen dúbida se pode compatibilizar, se pode sumar e se pode converter ese espazo nun espazo aínda máis atractivo do que xa é.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Agradecendo de novo a xenerosidade dos deputados para poder alterar a orde do día, volve-mos á interpelación —esta vez si— 5.4.

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Agora si imos afrontar a interpelación, señor conselleiro, que por un momento pensei que os recortes de persoal chegaban ata o conselleiro e non ía ter a ningúen para contestarme a pregunta.

Hoxe traemos aquí un debate sobre o intrusismo sanitario porque consideramos que é un problema de gran relevancia e que está en gran crecemento, lamentablemente. Existen, é certo, dous debates sobre o intrusismo; un que para nós é o prioritario, que é a entrada no eido sanitario de persoas sen formación, sen capacitación para facer calquera labor, e que, aínda así, se publicitan e as desenvolven, coas consecuencias que pode ter en termos de atención supostamente sanitaria. E existe outro debate —no que hoxe non cremos que sexa produtivo entrar— que á a competitividade entre profesionais, que ás veces produce —si que é certo— algún tipo de problema. En todo caso, falamos do primeiro tipo, que nós consideramos que é o preocupante.

O intrusismo afecta a pacientes. Todos coñecemos, e fomos conscientes, seguro, a través dos medios de comunicación, de casos reais graves e con consecuencias moi duras. E tamén afecta, obviamente, aos profesionais, que alertan constantemente ás asociacións de pacientes e aos colexios oficiais deste problema. Aproveito para saudar algúns representantes dos colexios oficiais que están hoxe acompañándonos dende a tribuna.

Falamos de homeopatía, reiki, coaches varios, incluso videntes, curandeiros, colocadores e toda unha serie de supostas profesións que se vanglorian de resolver problemas cando non o fan realmente, e cando se introducen de maneira absolutamente ilexítima e inaceptable no sistema.

¿Onde está a orixe? Dende o noso punto de vista, hai tres puntos de orixe: nun caso social, nun caso legal e nun caso político. No eido social, a saúde é unha necesidade tan vital para as persoas que xera incluso certa irracionalidade. Cando a xente está mal, de verdade moi mal, non entra dentro do proceso racional habitual, e polo tanto as dificultades pasan a ser unha prioridade tan grande que incluso se aferran ao que se chama facilmente «cravos ardendo». Nesas situacións de necesidade hai xente que se aproveita, e iso é triste e lamentable, pero existe.

Existe tamén certo descoñecemento. Hai unha falta de concienciación real sobre a situación e hai unha sobreinformación, que xera mala información. Aí podémolle botar moitas veces culpa ao gran avance da rede e dos puntos de información sen filtro e á incapacidade moitas veces de controlar toda a información que se xera, pero tamén a certa lexitimación que se fai.

Podemos empezar por aí xa, e fago a miña primeira crítica. Non se deben lexitimar certos discursos. Por exemplo, penso no tristemente famoso discurso antivacinas dun suposto presentador ou mal comunicador, que, por certo, falando dos antivacinas dixo auténticas barrabasadas, pero díxoas nun medio público, e ninguén fixo nada.

Os medios públicos de difusión de información están precisamente para colaborar na difusión de información tamén sanitaria, pero cando un presentador de televisión española di algo e ninguén fai nada, eu preguntome quen lles pide contas aos presentadores e quen lles pide contas aos directores dos informativos e dos contidos da Televisión Española. Pero é certo que o control das televisións públicas tanto en España como en Galicia deixa moito que desexar.

Hai unha certa tolerancia con esa lexitimación que acabamos de mencionar, incluso cunha aceptación social de certas prácticas. Eu son científico por formación, pero tamén por convicción. Non me gustan nin os «cárdenas» de turno, nin me gusta o primo de Rajoy, nin sequera —porque son científico— me gustan os sacerdotes no Sergas, pero iso xa foi motivo doutro debate.

Hai un problema tamén legal, ademais de social. Hai unha lei de ordenación de profesións sanitarias. Podemos citar moi brevemente, no seu título I, exercicio das profesións sanitarias, artigo 4, principios xerais: «O exercicio dunha profesión sanitaria, por conta propia ou allea, requirirá a posesión do correspondente título oficial que habilite expresamente para iso».

O artigo 40 fala das modalidades e dos principios xerais do exercicio privado, e no punto 3, no artigo 40.3, dos elementos de control, que cita bastante explicitamente.

O Real decreto 1277/2003, das bases xerais de autorización de centros, fala especificamente, no seu artigo 4, dos requisitos dos centros, servizos e establecementos. No artigo 6, de iden-

tificación de centros, servizos e establecementos sanitarios autorizados. Hai unha descrición bastante ampla das necesidades, e sinala que as autoridades sanitarias das comunidades autónomas son as que autorizarán a instalación e funcionamento dos centros.

Esta base legal complementábase ademais incluso con algunha PNL que foi traída aquí a este pleno, non hai moito tempo, sobre publicidade enganosa. Todo este conxunto di que existe base legal pero non se aplica. E non só non se aplica, senón que, para a nosa sorpresa, despois de traer esa PNL sobre publicidade enganosa, encontrámonos con que o propio Goberno da Xunta contribuíu a difundir problemas e casos de intrusismo sanitario, con axudas dende a propia institución autonómica, no caso do Igape, a gabinetes profesionais de quiromasaxe-reiki que dirixían persoas e que practican persoas sen ningunha titulación, ás que ningún lles exixiu ningún comprobante, ningún título oficial, e teñen axudas públicas a través de programas, neste caso, do Igape.

Ou é un intrusismo amparado ou unha economía irregular amparada tamén. Polo tanto, gustaríanos que nos comentara, aproveitando esta interpelación, se ten algunha opinión a respecto de que o Goberno autonómico financie, a través dos programas de axuda a emprendedores —unha palabra na que, como vemos, cabe de todo—, e axude a gabinetes profesionais que fan tratamentos terapéuticos —como citan— no plano físico e emocional —segundo citan— sen ter titulación, ou polo menos que a nós nos constara, de fisioterapia ou psicoloxía.

Polo tanto, nós cremos que é imposible defender realmente unha lexislación boa en contra do intrusismo cando se axuda e se poñen cartos enriba da mesa para que se desenvolvan este tipo de supostas clínicas que enganan. Porque é unha lexitimación moi grande que a Administración autonómica ampare, legalice, dea cobertura e incluso axude financeiramente a empresas ou emprendedores que fan precisamente traballos de intrusismo sanitario. ¿Quen vai desconfiar de que a súa Administración sanitaria non vixíe a quen axuda? Aínda que, bueno, sobre iso poderíamos opinar noutro momento.

Existe base legal pero non se aplica, como noutras ocasións. Trátase en realidade máis de aplicar o existente que de legislar. Temos unha sensación relativamente acomodada: é posible modificar, pero trátase de aplicar unha lexislación que non se está aplicando.

Pero, como dicía, hai tamén un plano político. Redúcense servizos, pechamos camas durante o verán, concéntranse os servizos nas cidades, recórtase persoal na sanidade pública, temos 2.500 profesionais menos dende o ano 2009 e temos unha das ratios máis pobres de profesionais sanitarios en Galicia con respecto ao resto de España. Hoxe mesmo, o conselleiro de Educación presumía de ter a ratio de profesores por alumno máis alta de España. E eu digo, pois entón alguén me terá que explicar cal é a valoración de que en sanidade teñamos unha das peores de España, incluso coa mesma dispersión, pero cun problema engadido, que temos un maior avellentamento da poboación, polo tanto, deberíamos ter especialmente mellor ratio, que non temos.

Se se recorta en investigación, hai un 40 % menos de orzamentos en I+D dende 2011 dende o Goberno do Estado que acompaña fielmente o Goberno de Galicia. Só acompañan ao Go-

berno do Estado no que non deben. Se a sanidade pública se ve minorada, as persoas habitualmente, cando teñen unha situación de dificultade, teñen que buscar unha saída. Normalmente, a súa saída é as promesas de resolución dos problemas, e vostede sabe coma min que, ante promesas de resolución ás que a sanidade non lles dá resposta, teñen ás veces que acudir, cometendo erros, a supostos profesionais que din que lles axudan pero aos que ningún despois lles pode pedir contas. Non son culpables, as persoas que van, de facelo, polo menos na maior parte das ocasións.

Dende a nosa posición política existe base legal pero non se aplica, non sabemos por que, e gustaríanos saber por que; e cremos que é necesario traballar en elementos de concienciación. Máis pedagogía, en realidade máis ciencia e menos paciencia, que vemos moi paciente ao Goberno da Xunta con estes problemas. Incluso as cousas que sabemos que fai son axudas que non debería de dar.

Polo tanto, facemos esta interpelación, na que —como vostede coñece porque foi presentada— lle preguntamos pola crecente aparición e como valora este problema, crecente desde o noso punto de vista. Se existen algunhas medidas previstas para afrontalo. Se ten algunha idea o Goberno da Xunta do problema fiscal que supón, porque a nós preocúpanos fundamentalmente o problema sanitario, pero é tamén un problema fiscal, porque se está avalando que existan persoas que cobren por supostos tratamentos que non dan, polo tanto, é un problema fiscal. Están cotizando mediante sistemas que non deben ou non están facendo en moitos outros casos. E ademais vemos que se axuda e se poñen cartos para programas ou empresas que nacen e que están traballando nun eido para o que non están autorizadas.

Preguntámonos como é posible que a Xunta ampare problemas de intrusismo e de ilegalidade en termos fiscais.

Preguntamos tamén se coñecen ou teñen unha estimación das persoas que poden estar asumindo ou participando deste tipo de pseudociencias, por chamalo dalgunha maneira que incluso nin sequera é de todo correcta, que demostraría en realidade que teñen algún estudo ou algunha idea sobre o tema. Se non sabemos canta xente existe que pode estar saíndo do sistema público para resolver ese problema, entón temos un problema.

E ademais, por último, preguntamos se non cren dende o Goberno da Xunta que o problema da sanidade en Galicia está contribuíndo a aumentar o uso ou a práctica deste tipo de supostos profesionais, porque Galicia é un dos lugares de España onde máis se desenvolven este tipo de prácticas, e nós cremos que, sen ser unha culpa cen por cento exacta, ten que ver con que o noso sistema sanitario non está dando as respostas necesarias.

Neste sentido, agardamos as súas respostas e agradecemos, por suposto, todo o debate que poidamos plantexar en termos propositivos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.



Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente.

En primeiro lugar, pido desculpas ao presidente da Mesa, ao señor Torrado e aos parlamentarios por un erro meu, nada máis que meu, por chegar tarde. Síntoo de verdade.

A comunidade científica reconece como medicina académico-oficial aquela que basea os seus coñecementos e as súas actuacións na evidencia científica. Cando a práctica se separa destes fundamentos, ben sexa por profesionais ou por persoas que carecen da correspondente titulación, falamos de pseudociencias ou pseudoterapias. As consecuencias destas prácticas son diferentes, pero a máis grave é que os pacientes deixen de ser tratados de maneira científica e abandonen os tratamentos establecidos.

Para evitar a proliferación deste tipo de prácticas pseudocientíficas é preciso promover a mellor educación, incluída a sanitaria, a información e mecanismos adecuados de control.

Eu coincido coa análise inicial que fixo o señor Torrado, creo que é unha descrición bastante boa a primeira parte, despois coa segunda xa non estou tan contento.

Neste labor estamos implicados tanto as autoridades sanitarias como moitos outros organismos e institucións públicos e privados. Hai que recordar que o exercicio dunha profesión sen o título que habilite para practicala é un delito. Falábase hai un momento do tema da publicidade enganosa, que estamos traballando precisamente niso. A publicidade enganosa fundamentalmente é practicada por xente que ten titulación, pero o que presenta, o que di conseguir, non é exactamente a realidade, por iso o intrusismo é un punto aínda máis grave, porque, evidentemente, non hai titulación ningunha para poder realizar eses labores.

Aquí hai que recordar que o exercicio dunha profesión sen o título —como dicía antes— é un delito. O Código penal establece no artigo 403 que o que realice actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título académico recoñecido en España, de acordo coa lexislación vixente, incorrerá na pena de multa de 12 a 24 meses. Se a actividade profesional desenvolvida exixise un título oficial que acredite a capacitación necesaria e habilite legalmente para o seu exercicio, e non estivese en posesión de dito título, imponse-lle pena de multa de 6 a 12 meses.

Polo tanto, o Código penal vén establecer o marco no que se pode ou non se pode exercer unha profesión sanitaria, e iso como consecuencia dos graves prexuízos que se lle poden causar a unha persoa que utilice os servizos do intruso.

A Lei de ordenación das profesións sanitarias —como ben dicía o señor Torrado— establece que o exercicio dunha profesión sanitaria, por conta propia ou allea, requirirá a posesión do correspondente título oficial que habilite expresamente para iso ou, se é o caso, da certificación prevista no artigo 2.4 de dita lei.

A Lei de ordenación das profesións sanitarias engade no seu articulado que para garantir de forma efectiva e facilitar o exercicio dos dereitos a que se refire o apartado anterior, os colexios profesionais, os consellos autonómicos de colexios profesionais e os consellos xerais, nos seus respectivos ámbitos territoriais, establecerán os rexistros públicos de profesionais, que, de acordo cos requirimentos desta lei, serán accesibles á poboación e estarán á disposición das administracións sanitarias.

Os indicados rexistros, respectando os principios de confidencialidade dos datos persoais contidos na normativa de aplicación, deberán permitir coñecer o nome, titulación, especialidade, lugar de exercicio e outros datos que nesta lei se determinen como públicos.

A mellor medida que se pode adoptar é a de informar á poboación de quen está autorizado para poder realizar unha actividade sanitaria. Esta é a cuestión clave para evitar o intrusismo.

Evidentemente, a Administración sanitaria debe cumprir coas súas responsabilidades e debe perseguir a fraude en todo caso, xa que a lei exige que as garantías de seguridade e de calidade que se establecen no exercicio público dunha profesión son aplicables a todas as actividades sanitarias privadas.

Engade esta mesma lei que lles corresponde ás administracións sanitarias públicas, respecto dos profesionais e centros establecidos no seu ámbito xeográfico, velar polo cumprimento de garantías establecidas, para o que poderá recabar a colaboración de axencias de calidade ou organismos equivalentes, ou dos colexios profesionais no caso das consultas profesionais.

Os colexios profesionais son corporacións públicas. Iso quere dicir que realizan actividades que son paralelas á actividade da Administración, ademais de defender o exercicio das profesións.

Todos os colexios profesionais das titulacións sanitarias teñen nos seus estatutos normas para perseguir o exercicio fraudulento da profesión. A modo de exemplo, os estatutos do Consello xeral de colexios oficiais de médicos, aprobados polo Real decreto 300/2016, establecen no artigo 2, relativo ás funcións do Consello xeral, a de adoptar as medidas necesarias conducentes a evitar a competencia desleal no exercicio da profesión entre as diferentes entidades integrantes da organización corporativa, así como velar pola dignidade e decoro do exercicio profesional e denunciar o intrusismo e a clandestinidade.

Outro exemplo son os estatutos do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra, por exemplo, aprobados por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 28 do 8 de 2013, que establece que entre as funcións do colexio está a de adoptar as medidas que conduzan a evitar o intrusismo profesional.

Outro tanto se pode dicir dos estatutos doutros colexios profesionais, de enfermaría, podólogos, fisioterapeutas, etc. É importante a colaboración entre a consellería e os colexios profesionais, xa que eles asumen a función de defender os intereses lexítimos nas profesións sanitarias.

Recentemente, a Organización médica colexial fixo pública a creación dun observatorio para facilitar a información adecuada á poboación e evitar situacións enganosas relacionadas co intrusismo e a publicidade irresponsable.

O desenvolvemento das actuacións propias da Inspección de servizos sanitarios pode ser ben de oficio, ben por instancia de parte, fundamentalmente de colexios profesionais e particulares. Se como consecuencia da actividade inspectora se detecta unha situación de intrusismo profesional, levántase a correspondente acta de inspección e darase traslado, xunto con todas as actuacións complementarias, á Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios. Unha vez realizada esa valoración, procederase á incoación do procedemento sancionador ou, de ser o caso, ao seu arquivo.

Acordada a incoación, en caso de remitir as actuacións practicadas ao Ministerio Fiscal, poderase suspender o procedemento administrativo sancionador. Se non é así, continuarase coa instrución do procedemento ata a fase de proposta de resolución.

Segundo a información facilitada polos servizos de inspección dos servizos sanitarios, no período 2015-2017 realizáronse 30 actuacións de inspección relacionadas con esta materia. O cen por cento das reclamacións recibidas son atendidas oportuna e fielmente polo persoal da inspección. Cómpre subliñar que en febreiro de 2017 recibimos a resolución recaída no proceso penal instruído contra o propietario dun centro de podoloxía que foi condenado por delito de intrusismo profesional. Así mesmo, estarase valorando a remisión ao Ministerio Fiscal e as actuacións realizadas.

Con respecto aos recursos humanos empregados, calquera dos profesionais da Inspección de Servizos Sanitarios poderá realizar este tipo de actuacións. Ben é certo que, despois de nós abrir ese expediente e pór unha sanción, pode ocorrer e ocorre que a persoa á cal se lle abriu ese expediente recorra á xustiza ordinaria, e meses despois pode haber unha resolución favorable ou non favorable. Pero dicir que tamén moitas veces, cando os feitos son máis claros e graves, como ocorre estes días, non chega directamente á Consellería de Sanidade nin á Inspección Sanitaria, senón que directamente a denuncia a pon o particular na Policía. Hai un caso que estes días está na prensa dun falso odontólogo, que hoxe tamén se di que é un falso taxista, que foi denunciado polas persoas que foron, evidentemente, estafadas. Cando así ocorre, que é un número determinado —como ben dicía o señor Torrado—, moitas veces é a persoa que se sente estafada a que presenta esa reclamación directamente xa á Policía, e normalmente a Policía ou o xulgado recorre a nós, á consellería ou aos colexios profesionais, como creo que ocorreu neste caso, que foi ao colexio de odontólogos. Polo tanto, a partir de aí instrúese un caso que ten unha sanción. Evidentemente, non vai ser unha sanción da Consellería de Sanidade, senón unha sanción, neste caso, pola parte xudicial correspondente, e que —como dicíamos antes— é un delito grave.

Polo tanto, nós non podemos estar de acordo, estamos en contra, absolutamente en contra, de calquera acción de intrusismo e estamos preparados para poder actuar sobre el, pero, como digo, é un problema que afecta á toda a sociedade e debe ser o conxunto da sociedade quen poida pór sobre a mesa estes casos. E, desde logo, para nada coincido coa opinión do señor Torrado de que se deba a que o servizo sanitario non dá resposta.

Eu creo que o señor Torrado critica abertamente o sistema sanitario galego, e, sen embargo, estou convencido de que non acode a un menciñeiro a resolver os seus problemas de saúde. Polo tanto, unha cousa é unha cousa e outra é outra, creo que son cousas diferentes. Pero, evidentemente, a Consellería seguirá facendo o que ten que facer, que é velar pola revisión e estar atento a calquera problema que poida xurdir de intrusismo, que para nós é un delito e un delito grave.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Eu —repetireino mil veces— non critico o sistema sanitario, critico a xestión que vostedes fan do sistema sanitario. (*Aplausos.*) De feito, eu creo profundamente neste sistema sanitario. Foi unha lei socialista a que implantou a sanidade universal neste país. Por certo, co seu voto en contra, ¡eh! Co seu voto en contra.

En todo caso, compartimos algunhas cousas. Como vostede dixo, algunhas non. E tamén é certo que da que lle preguntei máis concretamente non me comentou nada. O seu goberno acaba de amparar, axudar, dar cobertura, contribuír incluso —voulle ler— axudaron a definir algo tan importante como as tarifas do gabinete terapéutico. Con isto, que o fixo o seu goberno, están axudando, financiando, gabinetes que teñen logos de terapeutas, que teñen carteis de terapeutas —vostedes teñen un experto en carteis—, teñen carteis de gabinetes terapéuticos, e son non terapeutas. É máis, é que estamos ante unha situación de ilegalidade, e non sei por que o Goberno galego o fai e non fai nada ao respecto.

O único que fixo, iso si —xa que vostede non me dá a resposta, dígollo para que non ma dea despois, cando non teño máis turno de réplica—, foi contestar o 1 de xuño de 2017 a unha petición dun colexio oficial que denunciaba a situación. Despois meteron a PNL sobre publicidade enganosa, pero contestou —leo en castelán porque contestaron en castelán—: «*En ningún momento se analizan o se evalúan los epígrafes profesionales en los que se enmarcan.*». Vostedes convocaron un programa, a xente concorreu, déuselle unhas axudas, prestóuselle axuda para facer o seu labor, pero non analizan os epígrafes profesionais en que se enmarcan.

Dende o noso punto de vista, non é moi axeitado financiar emprendedores se un non sabe o que está financiando, pero bueno, esa é a nosa posición, a súa non é e, polo tanto, pásanlles esas cousas, que financian persoas que están desenvolvendo un problema de intrusismo sanitario grave.

Como lle dicía antes, un dos elementos lexitimadores máis importantes é que a propia Administración autonómica financie empresas que están facendo un traballo para o que non están capacitadas. Se eu, usuario, acudo a unha clínica privada que ten autorización, e esa autorización ou unha axuda pública vexo que é da Administración autonómica, fíome, porque

os usuarios normalmente se fían da súa Administración, incluso da Xunta ás veces. O que pasa é que acoden e teñen unha certa seguridade de que están acudindo a un traballo profesional, sanitario, terapéutico, e non é así, e vostedes financian e axudan.

Non sei cantos cartos foron. Non diría que non o quero saber, pero en realidade case me dá igual a cantidade. Vostedes ou non filtraron ou filtraron que non quixeron saber. Non me contestou sobre iso e paréceme preocupante. En todo caso, axudáronlles á contabilidade, a calcular gastos, a establecer tarifas, pero non se meten nos epígrafes das cuestións que tocan. Xa me dirá vostede como poden non entrar nos epígrafes profesionais e non avaliar os temas dos que tratan aqueles emprendedores aos que vostedes queren axudar, pero, iso si, axudalos a facer un plan de contabilidade e a establecer tarifas. Axudan a establecer tarifas de negocios dos que din que non saben nada, o cal é sorprendente. Os técnicos que o fixeron son heroes do sistema.

En todo caso, vostede di que a publicidade enganosa basicamente se fundamenta en traballos de xente que ten titulación pero que supostamente —entendín— invade outras competencias. Non estamos totalmente de acordo. Existe moita publicidade non necesariamente publicitada en medios de comunicación. Existen moitos tipos de publicidade de persoas que non teñen titulación para facer o que din. E faise e existe porque existe un amparo.

Como —insistimos— existe base legal, non actuar é abrir a man para que todo o mundo o poida facer. Se alguén sabe que pode aproveitarse da necesidade allea e beneficiarse moito con iso; que aínda que non estea capacitado para facelo ninguén lle vai dar ningunha represalia legal —por dicilo dalgunha maneira—, lamentablemente hai moita xente capaz de facelo. Nós o que defendemos é que iso é ilegal e, ademais, é un problema moito máis grave que a súa propia ilegalidade en si e moito máis grave que o propio problema fiscal en si, porque estamos falando de sanidade, e exiximos que o Goberno autonómico ampare este problema e se poña mans á obra para traballar en ser capaz de desenvolver a lei.

Ademais vostede, polo que percibo, parece que lles pasa moitísima responsabilidade aos colexios oficiais, e os colexios oficiais, entre outras cousas, están tamén compostos normalmente por persoas que desenvolven alí parte do seu tempo pero non son profesionais dos colexios. Algún caso hai, pero non sempre, polo tanto, é a propia Administración autonómica quen ten que facer ese labor. Non descarguen a súa responsabilidade sobre os colexios. Amparen ese problema legal e ademais traballemos na concienciación.

Insístolle no mesmo. Se estamos defendendo que —como vostede di— hai que traballar con base en criterios científicos, non amparemos dende medios públicos discursos antivacunas nin teñamos —xa sei que é moito pedir— presidentes que falan de que o cambio climático non está demostrado cientificamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Non, evidentemente nós non defendemos ningún discurso antivacinas. Creo que Galicia deu sempre un exemplo de poboación moi responsable, a diferenza doutros países, que se están plantexando neste mesmo momento facer obrigatorias as vacinas. Eu creo que Galicia está no termo equilibrado. É dicir, a nosa poboación defende claramente a vacinación, e os nosos profesionais; o sistema funciona e, polo tanto, nós non estamos a iso. Pero as competencias deste conselleiro non chegan a Televisión Española, para poder decidir sobre os comentarios que fai un ou outro presentador de televisión. Evidentemente, non o comparto para nada, pero non entra dentro das miñas competencias.

E mire, sacou o tema, deulle moito xogo. Parece que esa axuda que deu o Igape, que vostede dicía aquí... Vostede sabe que en moitas subvencións hai unha declaración responsable de que os datos que se dan son certos ou non son certos. Polo tanto, evidentemente, para iso están, para revisar, e se hai algún tema que non se cumpre dentro dunha subvención, pois haberá que actuar sobre el. Eu creo que iso o conta como unha anécdota, porque a repetiu tanto na primeira intervención como na segunda, e pouco máis aportou sobre casos.

Evidentemente, como dicía ao principio, para nós é un tema serio, un tema importante, e seguimos traballando porque entendemos que debe ser así. Pero mire, volve ler un artigo do profesor Javier Cudeiro Mazaira, catedrático de Fisioloxía da Universidade da Coruña, director do Centro de Estimulación Cerebral de Galicia, que neste artigo, publicado hai uns días en *La Voz de Galicia*, di: «*La responsabilidad, aparte de la personal, que recae en cada uno de los mercachifles que venden humo, es coral. Compete a los científicos, incapaces de educar y divulgar bien sobre aquello que hacemos, sobre la ciencia sujeta al método, al control, a la propia ciencia, y que no hemos sabido alzarnos como barrera de contención, bisturí separador, ante los brotes de desinformación interesada. Atañe a las sociedades científicas y colegios profesionales, que deberían mostrar una actitud vigilante más continuada y más contundente.*». Y señala tamén a los políticos, «*que parecen ignorar que la pseudociencia no solo es una majadería alarmante, sino que debiera ser considerada como un fraude, una mala práctica social que se pueda perseguir*».

Totalmente de acordo. Eu creo que vostede tamén. O que dicimos é que hai unha responsabilidade coral dunhas persoas, dunhas asociacións, máis que doutras, pero, evidentemente, todos estamos aí.

E tamén recalca —e creo que é importante— que xa dicía Charles Darwin: «*La ignorancia genera confianza. Cuanto menos se sepa, es más probable que usted se crea un experto. A la inversa, cuanto más se sepa, más probable es que dude de su propia competencia, y es ahí donde los científicos fallamos.*»

E acaba o artigo —creo que é un artigo moi bo para poder ler— dicindo: «*Amigos, luchen por la ciencia, divulguen la ciencia. Sean ciencia y cultura.*».

Como dicía na primeira intervención, evidentemente o Sistema público de saúde de Galicia está configurado por diversos principios reitores dos que hai que destacar, por un lado, a calidade do servizo que se presta e, por outro, a acreditación e a avaliación continua dos propios servizos.

A calidade ten como finalidade a de outorgar seguridade na atención clínica e na organización dos servizos sanitarios. E a acreditación e a avaliación teñen como fin último dispor de centros, establecementos e servizos controlados e garantidos pola Inspección de servizos sanitarios.

En definitiva, a Administración sanitaria ten establecido un réxime de autorizacións de funcionamento de centros e establecemento de servizos que, ao facerse públicos, garanten que todas as persoas poidan comprobar se un determinado centro dispón ou non de autorización.

A Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento a realidade dun centro sanitario. Ás veces a realidade é moito máis crúa. O último caso que comentamos parece ser que facía extraccións de dentes na vía pública. Ou sexa, claro, isto non hai forma de acreditalo nin de deixalo de acreditar.

Por outro lado, dicíamos que a Inspección de servizos sanitarios realiza a comprobación de que os centros, establecementos e servizos dispoñen desta autorización de forma continuada, actuando igualmente nos casos en que ten coñecemento da realización de actividades sen o control adecuado.

Non é posible dispor dos datos do número de persoas que recorren a estes servizos nomeados na pregunta, pero existe información suficiente para que calquera persoa que o desexe poida coñecer se un centro, establecemento ou servizo dispoñen de autorización sanitaria.

A eficiencia do Sistema público de saúde de Galicia é ben coñecida polos usuarios, así o manifestan nas enquisas que se publican. En todo caso, a mellora dos obxectivos de calidade e de transparencia é unha finalidade propia da Administración sanitaria que contribúe a incrementar a confianza dos usuarios do sistema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Retomamos as preguntas.

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

O 25 de xaneiro deste ano publicouse a Resolución do 3 de xaneiro, da Consellería da Presidencia, pola que se licitaba mediante regulación harmonizada o servizo de limpeza de edificios administrativos e outros locais da Administración autonómica polo procedemento aberto. O valor estimado deste contrato ascendía a 45.103.000 euros, sen división en lotes, e por un prazo de 24 meses prorrogable por outro prazo máximo igual ao contrato. Estes datos dan conta da magnitude desta licitación.

O prazo de presentación de ofertas rematou o día 13 de febreiro, e xa no inicio desta licitación o comité de empresa de Compostela Grupo Norte Limpeza, Xunta de Galicia, manifestara diferentes situacións que consideraban irregulares nesta licitación; nomeadamente, a falta de información laboral suficiente e correcta.

Por outra parte, as catro asociacións provinciais de empresarios de limpeza das catro provincias galegas xa se dirixiron a vostede, señor conselleiro, o día 12 de xaneiro para expoñerlle os graves danos que para as pemes galegas supuña unha licitación coma esta, presentando as asociacións, o 25 de xaneiro, un recurso especial en materia de contratación para que este macroconcurso volviera ser licitado mediante a súa división en lotes.

A non división en lotes desta clase de concurso conculca —como saben— a Directiva 2014/24 da Unión Europea, de aplicación, pero é que mesmo é contraria á propia Lei galega 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público, que —como saben— no artigo 29.3 indica: «Cando o obxecto dun contrato admita fraccionamento, procurarase a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes».

E se é certo que este recurso das asociacións empresariais foi desestimado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais o día 3 de marzo, ao considerar acreditado o requisito formal no expediente de xustificación da non división en lotes, non é menos certo que este pronunciamento de mera formalidade debe conxugarse co principio necesario de oportunidade, de xeito que se favoreza a participación real, non só formal, das pemes na contratación pública autonómica, como exige tanto a normativa europea como a propia galega.

De feito, e con motivo das anteriores consideracións, a propia Consellería de Presidencia viuse na necesidade de auditar os termos desta licitación, paralizandoo concurso e tendo que renunciar o pasado 9 de xuño a subscribir este contrato polas razóns de interese público expostas, debendo compensar, polo demais, os licitadores polos gastos nos que incorreran, conforme ao artigo 155 da Lei de contratos do sector público, decisión da que, polo demais, debe darse conta á Comisión Europea.

Por estas razóns e polas expostas formulamos a pregunta, no sentido de saber que medidas está adoptando ou ten adoptado o Goberno galego para facilitar a participación das pemes na contratación pública autonómica.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.



Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señor Villoslada, vostede rexistrou esta pregunta por urxencia no mes de marzo. Debe ser que urxencia non había ou volveu de repente, porque agora, no mes de xullo, cando as cousas cambiaron moito, volve acordarse de que este tema é importante.

Era importante naquel momento e é importante agora, polo menos para a Xunta de Galicia. Era tan importante —e tamén para outros grupos parlamentarios— que eu xa resposteí unha pregunta sobre este particular que me fixo o señor Villares. Naquel momento a súa pregunta —ao final penso que todos están preguntando polo mesmo— era por que non queríamos contactar coas pemes ou por que o Goberno galego quería prexudicar as pemes. Vostede pregunta que estamos facendo para favorecerlas. Eu creo que ao final, aínda que sexan dúas preguntas diferentes, a resposta é exactamente a mesma: creo que estamos facendo moitas cousas.

Logo na réplica, se teño oportunidade, falamos deste contrato en concreto. Como vostede pregunta que estamos facendo para favorecer a contratación das pemes, moitas cousas dende hai moito tempo, dende o ano 2010, practicamente dende que chegamos á Xunta de Galicia, e algunhas, por certo, coa oposición do Grupo Socialista neste Parlamento.

No ano 2010, señor Villoslada, púxose en marcha a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, onde hai unha información moito máis completa da que había ata ese momento, moito antes de que houbera normativas de transparencia que obrigaran, e isto permitía a todo o mundo, pero tamén ás pequenas e medianas empresas, que tiñan máis dificultades para acceder a esta información, ter información en tempo real sobre os procedementos de licitación abertos na Xunta de Galicia. Iso é a primeira cousa.

No ano 2013, 26 de decembro, Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, artigo 29, primeiro mandato legal expreso nunha normativa autonómica. ¿Que había que telo feito antes? Pode. Pero ninguén o fixera, nin os gobernos anteriores, incluído o Bipartito. Fíxoo este Goberno, que estableceu a obriga de fomentar e facilitar o acceso ás pequenas e medianas empresas nos procedementos de contratación pública. Vostedes isto votárono en contra, por certo.

Seis meses despois puxemos en marcha o Plan de mellora da contratación pública, na liña coas directivas europeas de obrigada transposición, pero moito antes de que fora necesario, e o 7 de xullo de 2016 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a *Guía para unha contratación pública aberta a pemes*.

A partir de aquí, pódeme dicir: todo isto é normativa. ¿En que se traduce na práctica? Pois mire, no ano 2016 —por darlle o último dato de ano pechado de contrato—, no Rexistro de Contratos, constan 180 contratos asociados ao servizo de limpeza, xa que vostede se refire

na súa pregunta especificamente ao servizo de limpeza —logo falamos desta en concreto na réplica, como lle dicía, se teño oportunidade—. Repito, un total de 172, de 180 —é dicir, un 96 % practicamente—, tiveron un importe inferior a un millón de euros, que —vostede seguro que coñece tamén ese dato— é o límite que poñen as pemes —as pequenas e medianas empresas— como asumible para poder licitar. A partir de aí fáiselles todo moito máis difícil. É, polo tanto, case o 96 %. O importe medio destes contratos é, por certo, arredor de 195.000 euros, que é aínda moito máis accesible.

Polo tanto, se me pregunta que é o que estamos facendo para favorecer a licitación e a posibilidade da adxudicación de contratos ás pequenas e medianas empresas galegas, dígolle que lexislamos onde antes non o fixera ninguén e despois demostramos na práctica que esta lexislación ten efectos no 96 % dos contratos de limpeza —falamos do sector de limpeza—. Menos dun millón de euros; prezo medio, menos de 200.00 euros. Creo que isto é legislar na teoría...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...seguiremos a pensar que as leis son teoría, e despois a aplicalas na práctica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten o seu turno para a réplica o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, señor conselleiro, efectivamente, nós xa presentamos as preguntas case no momento en que se producira esta licitación, porque tanto o comité de empresa afectado como as asociacións empresariais a primeiros de marzo, vistos os infrutuosos intentos de explicarlle á súa consellería a problemática que suscitaba esta licitación, deron lugar a que presentamos varias iniciativas. Pero teño que recordarlle que ata o 30 de xuño pasado —hai catro días, por dicilo dalgunha forma— non respostaron, polo menos de forma escrita, a estas iniciativas que tiñamos presentado anteriormente. (*Aplausos.*)

Resulta que por moitas iniciativas que tomaran están incumprindo, por unha banda, a propia lexislación contractual de servizos públicos, a Directiva 2014/24, polo que tamén se permiten o luxo de incumprir a propia lexislación que vostedes mesmos aproban, como fora a que lle citara anteriormente.

Neste sentido, a min, máis que coñecer a cronoloxía desta licitación —que xa a coñecemos todos e que, por certo, ata o día 9 de xuño, estivemos seguindo o perfil do contratante, ata que tivemos nós, as asociacións empresariais, a certeza de que renunciaban definitivamente a esta licitación porque se deran conta de que se equivocaron de forma radical, por moita auditoría que tiveran que facer de forma externa—, como digo, por moitas prácticas que nos comenten que están a levar adiante, nós, xunto con estes contratos, temos exemplos traídos

a este pleno, ou traídos en comisión doutras polo menos podemos cualificar de malas prácticas, que precisamente o que nos están indicando é que existe unha mala forma de contratar ou de levar adiante a contratación pública autonómica. Trouxemos a este pleno os exemplos da contratación, precisamente, desa consulta preliminar para poder contratar os medios aéreos de salvamento marítimo, despois de que quedara unha licitación de 40 millóns de euros deserta o día 12 de abril. Temos os exemplos —que tamén citamos na sesión de onte e noutras iniciativas— deses contratos da Dirección Xeral de Mobilidade en materia de asistencia e de contratos de servizos en materia de planificación do transporte público de viaxeiros, a priori favorecendo determinadas posicións dominantes de determinadas empresas, ou, sen ir máis lonxe, esas contratacións no ámbito das emerxencias...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...e protección civil; os responsables de protección civil do Concello da Estrada en absoluta situación insostible de colisión de intereses e posibles incompatibilidades. Non son exemplos de boas prácticas en materia de contratación pública, señor conselleiro.

Moitas grazas. Nada máis.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villoslada.

Ten a réplica do Goberno o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Si.

Señor Villoslada, mire, exemplo de malas prácticas en contratación pública foron os 1,8 millóns de euros que atopamos de déficit. Non había cartos no orzamento do ano 2009 para pagar aquel ano o servizo de limpeza que vostedes adxudicaran.

Por certo, no ano 2008, practicamente co mesmo importe co que saíu inicialmente o contrato do 2017, adxudicábase á mesma empresa que despois lle adxudicou este goberno, pero ¡oh, casualidade!, con moitos menos centros para limpar. Custaba o mesmo, pero limpábanse menos centros. Resulta que naquel momento era bo centralizar, pero despois non é bo que centralicemos nós. Estou de acordo en que non é bo que centralicemos en determinadas causas, en determinadas circunstancias nin nós nin vostedes. Polo tanto, o que non pode ser é moi bo nalgún momento. Supoño que vostede está de acordo en que o Bipartito o facía moi ben, pero despois resulta que se o facemos nós é atentar contra as prácticas de licitación e de contratación.

Por certo, tampouco me pode dicir, sinceramente, que incumprimos a normativa de contratación e ao mesmo tempo ten que recoñecerme, porque outra cousa non pode facer, que houbo, como vostede dixo, un recurso ante o Tribunal de Recursos Contractuais e dixo que todo estaba ben. Vostede di que si, que dixeron que se acreditou, porque non había división

en lotes, pero aínda así que incumprimos todo. ¡Oia!, ¿en que quedamos?, ¿en que quedamos, señor Villoslada? Ou facemos as cousas ben ou facemos as cousas mal. Para iso están os recursos, para iso están os tribunais, que se pronuncian, e se os tribunais se pronuncian dicindo que as cousas se fixeron ben, pois as cousas están ben feitas. Claro, se a vostede non lle vale porque non lle dá a razón, así perde, na miña opinión, bastante coherencia o seu discurso.

¡Oia!, hai un recurso, díxose que estaban ben feitas as cousas, e así foi. Tamén lle podía falar do que dixeron os traballadores respecto da representatividade que lle outorgaban ao comité de empresa, que foi falar con vostede. Tamén poderíamos falar diso pero, ao final, eu creo que o que importa son as decisións que se toman, e, polo tanto, efectivamente, nós rectificamos, porque, como eu expliquei aquí con toda a transparencia que é necesaria, decidimos encargarlle unha auditoría externa para ver se era posible facer esa división en lotes, a pesar de que non estamos facendo —insisto— nada diferente ao que fixeron vostedes e a pesar de que o Tribunal de Recursos Contractuais lle deu a razón á Xunta dicindo que as cousas estaban ben feitas.

Polo tanto, esta auditoría externa o que concluíu é que si que era posible facer unha división en máis dun lote, facer unha división concretamente en tres lotes, e é o que imos facer. Mañá o Consello da Xunta de Galicia aprobará unha nova licitación para este ano 2017 de contrato e limpeza dividido en tres lotes. E eu, sinceramente, alégrome de que sexa así e de que este goberno sexa quen de ter a capacidade de rectificar sen ningún problema, pero quedando claro —e iso si que non llo podo admitir— que cumprimos a lei en todo caso, primeiro, porque o dixo un tribunal, e segundo porque, se nós incumprimos a lei, vostedes tamén a incumpriron, porque facían o mesmo cunha diferenza: saía moito máis caro, limpábanse moitos menos centros e encima deixáronnos un pufo dun millón e medio de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da Área Metropolitana da Coruña**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, boa tarde.

A creación dunha área metropolitana coa participación de concellos do contorno da cidade da Coruña vén sendo un tema que de xeito reiterado sae á luz pública cada certo tempo. Po-

deríamos dicir que xa fai décadas que se fala deste tema como unha posible solución a algúns dos problemas da área urbana que non atopan doada solución dentro das competencias e límites municipais.

Recentemente volveu saír á palestra, á política, este tema, e algún dos alcaldes, alcaldesa e responsables políticos municipais amosaron interese en retomar esta demanda. Incluso o tema foi tratado na reunión que o alcalde da Coruña e o presidente da Xunta de Galicia tiveron no Parlamento galego o pasado día 6 de febreiro, amosando ambos os dous a disposición a seguir falando do tema e avanzando no seu estudo.

Neste senso, algún dos concellos que poderían chegar a formar parte da dita área tiveron aprobacións en pleno de asuntos ou mocións na liña de sumarse a esta demanda e solicitar á Xunta de Galicia que inicie os trámites necesarios para a creación da dita área metropolitana, aínda que na maior parte dos casos se trata de mocións e non de acordos plenarios que exige o artigo 122 da Lei 5/1997, da Administración local de Galicia.

Se ben é certo que non existe ata o momento unanimidade dos concellos nin o mesmo xeito de ver este organismo, si son xa un número de concellos significativos os que mostraron dun ou outro xeito a disposición a seguir avanzando na creación da área e demandaron da Xunta o comezo dos traballos; entre outros están A Coruña, Oleiros, Cambre, Culleredo, Carballo, Bergondo, Betanzos, Sada, Abegondo ou Carral. Noutros concellos está tamén previsto tramitar proximamente mocións ou declaracións en senso similar.

Por iso, ante a falta de coherencia destas declaracións e a desorganización existente, que está prexudicando unha posible tramitación ao crear confusión sobre o tema, e tendo en conta as competencias deste Parlamento para aprobación da lei que a crearía, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta oral en pleno: ¿cal é o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da Área Metropolitana da Coruña?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor Fernández Prado, nós, a Xunta de Galicia, estará encantada de, se os concellos da Coruña queren ter unha área metropolitana, colaborar, igual que colaboramos cos concellos da área de Vigo para que houbera unha área metropolitana en Vigo. *(Murmurios.)*

É certo que houbo unha reunión entre o alcalde da Coruña e o presidente da Xunta de Galicia e que se tratou este tema, igual que houbo unha reunión entre o alcalde de Vigo e o presidente da Xunta de Galicia e que se tratou este tema. A Xunta de Galicia cumpriu a súa parte e aprobouse a lei, o problema é que despois o Concello de Vigo incumpriu o que dicía a área

metropolitana. O alcalde de Vigo — máis ben un tribunal— parouno e estamos como estamos. Pero eu espero que isto se solucione, igual que, se se fai unha área metropolitana na Coruña, tamén pode ir para adiante. Total colaboración e total disposición da Xunta de Galicia.

Efectivamente, é competencia deste Parlamento aprobar, no seu caso, a lei, pero tamén é competencia e obriga da Xunta de Galicia, se así o solicitan os concellos futuros integrantes desta área metropolitana da Coruña, ofrecer a súa colaboración, ofrecer toda experiencia acumulada durante estes anos coa anterior área metropolitana e, polo tanto, darlle para adiante a este asunto, iso si, con absoluto e estrito respecto á autonomía municipal. Isto díxemolo desde sempre: a área metropolitana non é máis que unha situación moi cualificada, moi potente e con moitísimas posibilidades, con moitísimo futuro. Se se quere estudar este futuro, sobre todo a cidade está chamada a lideralo, pero ao final é unha decisión, é unha competencia exclusiva dos concellos, polo menos a iniciativa para a súa creación. Polo tanto, nós agardamos.

Efectivamente, xa houbo movementos, xa houbo manifestacións públicas. Vostede referíase a esa reunión entre o presidente da Xunta e o alcalde da Coruña, pero tamén doutros concellos potenciais integrantes desta área, no senso de que se constituía e de que se lles dea aos traballos para adiante. Polo tanto, nós esperamos que manifesten expresamente esta vontade. É certo que hai que determinar tamén o ámbito e é certo que nesa chamada Declaración de María Pita había unha serie de concellos integrantes. Despois está como base outra posible base territorial, os concellos que integran o Consorcio das Mariñas e despois están tamén os que están integrados no Plan de transporte metropolitano en toda a área da Coruña, que é a competencia fundamental. Hai outras, por suposto, que sempre nós defendemos, como a que vincula, a que lle dá sentido e a que estrutura toda unha área metropolitana, e, polo tanto, poderían ser potenciais integrantes desta área.

Son os concellos os que teñen que decidilo. A Xunta de Galicia estará á espera. Total colaboración. E o que lle podo dicir, e dígoo neste Parlamento, é que se temos constancia expresa e manifestación expresa —entendo que a través das correspondentes declaracións plenarios— dos concellos que queiran integrala, cunha base obxectiva, cumprindo o que di a Lei de Administración local, como necesario requisito para formar parte dunha área metropolitana, a Xunta de Galicia estará á altura, a Xunta de Galicia traballará cóbado con cóbado con estes concellos e a Xunta de Galicia ofrecerá a súa lealdade para chegar a un obxectivo. Despois será —e volvo ao caso de Vigo e á actitude do alcalde de Vigo— responsabilidade de cadaquén explicar por que as cousas non van para adiante cando todo se fixo ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, señor vicepresidente pola explicación e claridade, especialmente de dous aspectos: por unha parte, a disposición por parte do Goberno

galego a impulsar a constitución desta área metropolitana, porque entendemos que a participación da Xunta é imprescindible, e tamén grazas por esa referencia expresa ao tema do transporte, que tamén entendemos desde o Grupo Popular que debe ser peza angular deste proxecto.

Como dicía na pregunta, na explicación da pregunta, eu creo que nesta ocasión non se comezou da mellor forma posible.

Falaba vostede de consenso, participación e diálogo. Creo que non foi exactamente un modelo destas cousas. Estamos aínda a tempo de recuperalo, na miña modesta opinión, e cremos que, neste caso, ao contrario, está sendo utilizado, quizais como unha cortina de fume moitas veces para tapar algún tema. Cada vez que hai unha votación perdida aparece este tema no Concello da Coruña, pero entendemos que se pode seguir avanzando se se fai con ese rigor xurídico e con seriedade e non, como dicía, con anuncios, fotos, propaganda, pero sen eses contidos, que é o que estamos vendo ata agora.

Tamén pensamos que neste consenso é necesario que participen todos: Xunta, concellos, a sociedade civil..., a cidadanía en xeral. Evidentemente, gustaríanos que ese consenso fose máis amplo do que esa Declaración de María Pita que vostede falou recollía, porque non ten, evidentemente, ningún valor xurídico ou administrativo; e político entendemos que bastante pouco, porque nin sequera os concellos que forman o Consorcio o firmaron, soamente sete, e nin sequera conseguiu obter a maioría absoluta no Pleno da Coruña, a cidade central desta posible área metropolitana.

Polo tanto, compartimos que é un tema importante e que debe traballarse con consenso, agradecemos ese compromiso da Xunta a participar, se existe ese consenso previo e a vontade dos concellos, e entendemos e queremos deixar claro que neste grupo non cremos que se deba intentar capitalizar por algún alcalde que non é capaz de xestionar a súa propia cidade como para querer xestionar a dos outros ou as competencias da Xunta ou do Parlamento. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor Fernández Prado, insisto en que aquí está a Xunta de Galicia, e fago este ofrecemento onde creo que hai que facelo, a onde chegará finalmente o proxecto de lei, se entre todos facemos as cousas ben, para dende o principio aportar non só a experiencia dos técnicos da Xunta de Galicia, que xuntamente cos técnicos dos diferentes concellos traballarán na elaboración da lei, senón sobre todo, xa como goberno, a petición de consenso político e de que todos aqueles concellos que se sintan vinculados dun xeito ou outro á área metropolitana aquí teñen a súa oportunidade de manifestar

esta vontade e de dirixirse á Xunta de Galicia para que comecemos este proceso, que é un proceso longo, que é un proceso complexo, pero que é un proceso que pode ter un final satisfactorio.

Insisto en que o único que sería necesario —porque así o exige a lei— é que haxa unha vinculación que de xeito obxectivo dea razón a que todos aqueles concellos que se queiran integrar na área metropolitana, na Lei da Administración local, formen parte xa desa conurbación urbana á hora de ser receptores de servizos para poder potencialos, para poder melloralos, para que baixen as tarifas, para que se presten mellor; en definitiva, para que a xente perciba que a área metropolitana realmente ten utilidade, como pensamos dende a Xunta de Galicia, e que está xestionada sen personalismos e sen incumprir —insisto, como pasou na área vixente por parte do alcalde, que non do Concello de Vigo— os compromisos adquiridos. A área metropolitana si que pode ter futuro, en calquera sitio, e por suposto na Área Metropolitana de Vigo e por suposto na Área Metropolitana da Coruña.

Polo tanto, benvido sexa este interese manifestado por moitos concellos. Por parte da Xunta de Galicia, simplemente ese requisito de consenso, de ter algún vínculo en común. Insisto en que a estruturación que supón o servizo básico do transporte pode ser un magnífico punto de partida para a partir de aí establecer, por así dicilo, un público obxectivo, en canto a concellos que poderían integrar a área metropolitana.

Depende da autonomía municipal de cada concello, depende da vontade de todos os grupos municipais, porque creo que no proceso de elaboración terán que estar todos os grupos municipais, e non ten por que lideralo ningún grupo en concreto, nin sequera o grupo de goberno en cada concello, que de todo hai, porque poderían ser moitos concellos, pero esa vontade, se non unánime, si maioritaria dos grupos políticos que integran os diferentes concellos, será, de verdade, a clave de bóveda que poida levar adiante a Área Metropolitana da Coruña. Estamos diante dunha gran oportunidade e a Xunta de Galicia non pode, senón estar aí, intentar estar á altura —que estou seguro de que estaremos—. E quero dicir que se este gran proxecto vai para adiante será porque a Xunta de Galicia ofreceu toda a súa colaboración, pero sobre todo porque os concellos, todos os concellos —cada un no seu papel e de acordo coa súa dimensión—, quixeron levar adiante un proxecto que pode ter moitísimo futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coas propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, no concello de Vigo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Villares Naveira.



**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a razón de presentar esta pregunta pola vía de urxencia é o anuncio feito a semana pasada de que a asociación promotora do desenvolvemento dun complexo, supostamente de carácter de ocio e empresarial no monte veciñal de Porto Cabral, no ámbito de Liñeiriños, está anunciada e interpela directamente a súa declaración de interese supramunicipal para o seu desenvolvemento.

¿Cal é a historia? A historia é coñecida, ben coñecida en Vigo. Tratábase duns terreos cobizados por un fondo de investimento, por Eurofund, que o que buscaba era a transformación de máis de 300.000 metros cadrados de monte veciñal que ata ese momento tiñan natureza rústica e que estaban sendo dedicados polos veciños a finalidades conforme esa natureza rústica, para a súa transformación e a súa especulación nun centro de carácter comercial e de ocio.

No seu momento, durante a denominada «primavera de Cabral», a veciñanza impediu esta transformación, impediu este uso que se pretendía especulativo e que atentaba radicalmente contra os valores que conformaban ese monte veciñal. Era, por outra parte, un proxecto incerto do que nunca se chegou a dar conta dos termos en que consistía, nin do desenvolvemento de carácter empresarial, nin dos réditos que tería para o conxunto da comunidade e moito menos para o conxunto da cidade de Vigo.

Esta situación foi frustrada pola anulación do PXOM no ano 2015. Sen embargo, novas incertezas viñeron sobre a cuestión tanto unha vez que se modificou a Lei do solo no ano 2016 como posteriormente na Lei de acompañamento aos orzamentos de 2017 tamén en materia urbanística.

¿Cal é a problemática que xace detrás de todo isto? En primeiro lugar, un monte veciñal que acubilla unha serie de valores, de valores de carácter ambiental, de valores de carácter forestal, de servizo á comunidade e que son acordes coa súa natureza rústica, e, polo tanto, non susceptibles da súa transformación para ningún outro tipo de uso de solo, nin residencial, nin industrial, nin empresarial.

En segundo lugar, que se trata dun monte comunal. Os montes veciñais son un tipo de titularidade de montes específica do noso país, de carácter privado pero colectivo, que serve ao conxunto da comunidade; non son susceptibles de apropiación por ningunha das partes nin tampouco son susceptibles de alienación a terceiros. Son bens inalienables. ¿Por que razón? Porque serven ao interese xeral da comunidade na que están enclavados.

E, en terceiro lugar, porque entendemos que non existe ningún tipo de interese xeral —e así o manifestaban tamén no seu momento os comuneiros por maioría na asemblea— na transformación destes terreos e tampouco existe un interese xeral de carácter empresarial, nin mesmo de carácter laboral, que xustifique esta transformación. E dicimos isto por dúas razóns: en primeiro lugar, porque xa o comercio local de Vigo está neste momento saturado en relación coa oferta de grandes superficies e polo feito de que nos últimos anos pechou unha parte non menor do pequeno e mediano comercio, en primeiro lugar, por consecuencia

da crise e, en segundo lugar, pola proliferación das grandes superficies. O feito de que haxa algunhas hoxe en día tamén proxectadas, como é o caso da de Adif en Urzáiz, fai que sexa especialmente inidónea a busca dunha transformación de solo para a implantación dunha nova grande superficie, como parece ser que son os obxectivos aquí buscados.

Polo tanto, ante este anuncio dunha busca da complicidade da Xunta para o establecemento desta declaración de incidencia de carácter supramunicipal do proxecto de Liñeiríños, a pregunta ao Goberno é clara: ¿cal vai ser a súa posición? ¿Van defender os valores do monte veciñal en man común de carácter rústico...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...ou, pola contra, van permitir o uso especulativo do monte?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, este goberno sempre estará coa legalidade e co interese xeral. Vostedes volven traer aquí a súa política do veto, do veto a Galicia, do veto á economía e, lamentablemente, do veto a Vigo. E sorpréndenos; sorpréndenos porque non entendemos esa posición de confrontación cara a esta cidade, cando Vigo precisaba de solucións concretas para proxectos que eran fundamentais para a súa economía, como era o caso de Citroën, ao que vostedes votaron que non. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

E agora que están a debater outro proxecto xa se queren adiantar e queren vetar, e queren vetar, señoría, as propias competencias do Concello, porque, como vostede ben sabe, a competencia para ordenar e para decidir sobre a planificación dentro do seu ámbito territorial é do Concello. E, polo tanto, o Concello é o que ten que decidir, efectivamente, sobre esa utilidade pública, sobre ese interese público e, polo tanto, sobre a planificación do terreo. E o Concello, a través do seu alcalde, xa se pronunciou e dixo que, efectivamente, impulsaría unha modificación do Plan xeral. A Xunta de Galicia, señor Villares, estará co Concello de Vigo. E, polo tanto, na medida en que o Concello de Vigo plantexe unha modificación do Plan xeral e que a través desa modificación do Plan xeral, loxicamente, se garanta o interese público e a utilidade pública, pois, loxicamente, a Xunta de Galicia xa digo que estará co Concello de Vigo e que estará con Vigo.

Polo tanto, señor Villares, creo que non é este o lugar para terxiversar a realidade e terxiversar a normativa urbanística; pode ser que outros lugares nos cales vostede intervén sexan axeitados, pero creo que o Parlamento, sinceramente, non. No Parlamento hai que remitirse, como vostede sabe, á normativa e á legalidade.

E dende o punto de vista urbanístico, a legalidade de calquera proxecto do que vostede está a falar sabe perfectamente que se garante a través do Plan xeral de ordenación municipal e que o que ten a competencia para ordenar ese ámbito territorial é o Concello, e, polo tanto, na medida en que o Concello plantexe unha modificación dese plan xeral, loxicamente a Xunta estará con Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten o turno, para a réplica, o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Talvez non me expliquei ben ou talvez vostede non quixo entender ben.

A iniciativa que motiva esta pregunta urxente é precisamente que vai interpelar á Xunta para a declaración do carácter supramunicipal, de interese supramunicipal. Supramunicipal significa que quen vai ter a competencia para esa aprobación vai ser a Xunta de Galicia, non o Concello de Vigo, se non, non sería necesaria esa declaración de supramunicipalidade. Creo que se entende bastante ben. ¿Si ou non, señor conselleiro? (*O señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Conde López, pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, pois por iso estamos aquí nesta segunda volta, para que o entenda mellor, porque a interpelación é á Xunta, porque a interpelación da propia iniciativa é a Xunta de Galicia, non ao Concello de Vigo, por esa razón nos diriximos ao Goberno galego. Esa é a razón, porque falamos de urbanismo, pero falamos de urbanismo en relación cunha declaración de incidencia supramunicipal con quen ten as competencias, que son vostedes, se non, dirixiríámonos directamente ao Concello de Vigo e esa iniciativa iría dirixida ao Concello de Vigo e non á Xunta de Galicia. E esa é a razón pola que estamos preguntando hoxe aquí, isto en primeiro lugar.

En segundo lugar, en relación coa normativa urbanística e en relación co PXOM que, efectivamente, o que establece é os usos do solo, teño que recordarlle que o PXOM de Vigo está anulado desde o ano 2015. Polo tanto, non hai PXOM, e, como non hai PXOM e ese PXOM era o que se quería utilizar para o desenvolvemento deste macrocentro de Liñeiríños, é polo que a situación está como está. Polo tanto, é necesario que as autoridades con competencia na materia tutelen os valores que son dignos de protección no caso de Porto Cabral. Como se trata de valores de carácter forestal, de valores acordes coa súa natureza rústica, a Lei do solo de Galicia —esa que aprobaron vostedes no ano 2016— remite á lexislación sectorial e remite tamén ás autoridades competentes, neste caso á consellería do ramo, para facer a tutela deses valores conforme a cualificación dos valores que ten ese solo. Iso, en primeiro lugar.

En segundo lugar, en relación cos terreos que forman parte de montes veciñais en man común, tamén se comisiona a Consellería do Medio Rural para a tutela específica dos valores que recollen eses montes veciñais, e é a razón tamén pola que lle estamos preguntando a vostede. Polo tanto, competencias, de sobra. Os valores do monte veciñal en man común e dos comuneiros en Porto Cabral, que xa expresaron na súa acción, sostida no tempo, por

outra parte, que se denominou «primavera de Cabral», tamén están claros. O único que non está claro, ou parece que si, é cal...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—si, remato— é a actitude da Xunta de Galicia: estar do lado da especulación ou estar do lado da protección dos valores ambientais e dos valores rústicos que a cidadanía, neste caso expresados por medio dos comuneiros e comuneiras de Porto Cabral, ten expresado reiteradamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o que queda claro é que vostedes non están con Vigo e o que si está clarísimo é que este goberno está con Vigo. Esa é a diferenza entre vostedes e este goberno. (*Aplausos.*)

Miren, o Goberno galego —porque xa se ten pronunciado o Concello— coincide plenamente co Concello de Vigo no senso de que unha modificación do Plan xeral de ordenación municipal adaptado á legalidade ambiental e urbanística vixente dende logo sería o único instrumento que podería dotar de seguridade e de estabilidade xurídica esta iniciativa. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Polo tanto, creo que estou respostando moi claramente.

A partir de aí, loxicamente, un proxecto destas características terá viabilidade tanto en canto o Concello de Vigo introduza unha modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Vexo que dende o punto de vista urbanístico vostede non ten moitos coñecementos. Lamentablemente, eu o que lle traslado é que estude un pouco a normativa e verá que, efectivamente, a competencia... (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) para ordenar e decidir sobre a planificación, dentro do ámbito territorial dun concello, a ten o propio concello. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Vostede sábeo perfectamente.

Polo tanto, a partir de aí, creo que xa lle traslado que este goberno coincide co Concello de Vigo. Vexo que vostede non está moi de acordo co Concello de Vigo, o cal está ben e debería de trasladarlllo, a través do seu grupo municipal, ao propio Concello.

A Xunta xa lle ten trasladado ao Concello, loxicamente, a decisión de poder colaborar con el tanto en calquera tipo de modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana como tamén no desenvolvemento dun novo PXOM, e loxicamente a Xunta de Galicia sempre estará

na solución e nunca nos problemas. Vostedes están no veto; nós estamos, señor Villares, na solución.

En canto a ese proxecto, loxicamente, a Xunta pronunciarase no momento en que se poida solicitar unha autorización comercial autonómica, que é cando ten as competencias. E, polo tanto, nós acreditaremos no seu momento a viabilidade urbanística, social ou medioambiental.

Polo tanto, señor Villares, as competencias neste eido están claras. As competencias, loxicamente, tenas o concello e, loxicamente, a Xunta de Galicia estará co Concello de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro. (*Murmurios.*)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde da implantación do Plan Ictus**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boa tarde.

Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, a enfermidade do ictus afecta anualmente en Galicia —segundo datos da Sociedade Galega de Neuroloxía— unhas 7.000 persoas, con distintos graos de intensidade e de gravidade. Ocupa o primeiro lugar entre as causas de mortalidade nas mulleres e o segundo nos homes.

A repercusión do ictus no seo da familia, no campo profesional, no laboral e no social é moi elevada. Comporta, ademais, unha gran morbilidade e é a principal causa de discapacidade permanente na idade adulta e a segunda de demencia, ademais do alto custo social e sanitario.

Na evolución desta patoloxía é fundamental, primeiro, o seu recoñecemento, facendo unha diagnose precoz, no menor tempo posible, para que unha vez recoñecido e diagnosticado o problema se faga un tratamento correcto. Para o seu tratamento é fundamental o diagnóstico precoz da enfermidade.

O Servizo Galego de Saúde implantou no pasado verán o Plan Ictus na comunidade autónoma co obxectivo de mellorar a accesibilidade, a atención sanitaria, diminuír as demoras en tempo da súa diagnose e incrementar así a calidade diagnóstica e terapéutica. Polo que coñecemos, a finalidade do plan é prestar unha atención neurolóxica aos pacientes que sofren un ictus, unha atención de calidade coa maior capacidade de resolución posible.

Por todo isto a nós gustaríanos saber cales son e como valora a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde os primeiros resultados tras a implantación do Plan Ictus.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Boa tarde, señor presidente, señores deputados, señora doutora Amigo.

A verdade é que si, é certo, que os datos dados pola doutora Amigo son certos e preocupantes nunha sociedade occidental onde ás veces temos a idea de que o cancro é a primeira causa de morte e realmente sono as enfermidades cardiovasculares, e, concretamente, o ictus. Hai dous tipos de accidentes cerebrovasculares: o hemorráxico e o isquémico. E o que tratamos e podemos tratar neste momento con técnicas invasoras, técnicas que nos poden cambiar a morbimortalidade, son os isquémicos, pois vimos iso hai un ano ou ano e pico, que tiñamos que intentar cambiar. O que xa en cardioloxía se fixera anos atrás queríamos implantalo en neuroloxía; un órgano, o cerebro, que é fundamental e que, loxicamente, é moito máis sensible incluso que o corazón; a falta de rego sanguíneo.

E por iso propuxemos a implantación do Plan Ictus, no que un dos obxectivos era organizar un modelo baseado na cooperación dos distintos servizos e niveis asistenciais nunha área única para toda Galicia. Creo que un dos cambios máis importantes que estamos a facer neste momento é a coordinación entre todo o territorio galego para que haxa equidade e accesibilidade, para que calquera cidadán de Galicia, independentemente de onde viva, poida recibir o mellor tratamento.

Había unha experiencia previa xa no Hospital Clínico de Santiago co Hospital da Barbanza, que, loxicamente, nos serviu para desenrolar esta actividade. Pero o 4 de xuño de 2016 decidimos facelo para toda Galicia e implantamos tamén algo novidoso —o que indica esta coordinación—, creamos a Central de Atención ao Ictus —o CAI—, que é un centro onde o responsable é un neurólogo para toda Galicia. É un responsable das diferentes Eoxi, que nese momento analiza o caso que chegue a través normalmente do 061, dos hospitais ou dos TAC, para tomar unha decisión que sexa equivalente. A partir de aí é enviado a un servizo de urxencias, realízanse unha serie de probas, a exploración con videoconferencia, que pode este neurólogo supervisar, e un TAC que nos dá a diferenza de se é isquémico ou hemorráxico.

A partir de aí tómase a decisión de que é o que hai que facer. Pode ser non facer nada porque pasara un tempo excesivo. E, se é posible, pódese facer unha fibrinólise, que se pode facer en calquera dos hospitais galegos, ou derivar a un centro con radioloxía xa intervencionista onde, como digo, se realiza a trombectomía, que é equivalente ao que en cardioloxía facemos coa colocación incluso dos *stent*.

Creo que é un avance moi importante...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...con tres grandes unidades, do que é a cardioloxía intervencionista —A Coruña, Santiago e Vigo— pero, como digo, o que busca fundamentalmente é que todos teñan o mesmo tratamento. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa ampla resposta.

Vemos que a creación da Central de Atención ao Ictus, dentro do Servizo Galego de Saúde, onde —segundo escoitamos— organizou un modelo baseado na cooperación dos distintos servizos e niveis asistenciais e onde un neurólogo experto en ictus dá soporte a un facultativo dun centro hospitalario, sempre que este o solicite, supón un importante avance no desenvolvemento das ferramentas da telemedicina, das que Galicia é unha das comunidades líderes en España e supón para a sanidade galega outro importante traballo de coordinación de recursos, tanto dende o 061 á atención primaria ou hospitalaria.

Segundo nos explicou, a finalidade do plan é prestar unha atención neurolóxica aos pacientes que sofren ictus, igual que nos dixo que pasaba antes cos pacientes de infarto de miocardio; unha atención de calidade e coa maior capacidade de resolución posible. Para isto pártese dos recursos dispoñibles das distintas áreas sanitarias, establecendo un sistema mediante o emprego das novas tecnoloxías, tan importantes na nosa sanidade pública.

¿Poderíanos dicir cantas consultas se fixeron neste primeiro ano tras o inicio do Plan Ictus e que centros, dentro dos da nosa comunidade, son os que requiren máis este tipo de servizos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

Ten o turno, para a réplica do Goberno, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, presidente.

A verdade é que é un tema complexo porque houbo que facer un plan de formación para máis de 150 persoas. Creouse tamén un Rexistro do Ictus; é dicir, non só estamos facendo actuacións sobre os pacientes senón tamén vendo os resultados, analizando, igual que o fixemos co infarto de miocardio, para así logo tomar as consideracións normais de mellora en todo caso para diminuír os tempos de resposta.

Mire, o número de interconsultas realizadas polos profesionais da Central de Atención ao Ictus foi de 909 intervencións no primeiro ano, o que supón unha media de 75 interconsultas

por mes; é dicir, o neurólogo, que está localizado e preparado para dar resposta, xa tivo este número, practicamente 1.000 intervencións neste primeiro ano.

Os hospitais que máis recorren á coordinación local son hospitais comarcais: o da Barbanza, 205 veces —que, como dicía, tamén foi, como o Clínico de Santiago, onde se iniciara ese primeiro proxecto piloto—; O Barco, con 198; O Salnés, con 165; Virxe da Xunqueira, con 133; Monforte, con 125; Verín, con 40; e o Hospital da Mariña, con 5. É unha mostra da eficacia do CAI e, como digo, recorre todo o amplo espazo de Galicia, tratando de dar resposta a calquera tipo de paciente.

En relación cos traslados desde os centros hospitalarios ás unidades de ictus, realizáronse un total de 118 traslados durante estes doce meses. O maior número de traslados foi realizado polo Complexo Universitario de Ferrol, con 37; seguido do da Barbanza, con 19; do do Salnés, con 19; do de Monforte, con 9; e do de Pontevedra, con 9. O CHUAC, 7; Virxe da Xunqueira, 5; o Álvaro Cunqueiro, 4; o HULA, 3; o CHOU, de Ourense, 3; o Hospital da Costa, 2; e Verín, 1. O traslado aos hospitais de unidades de ictus como unha área única para toda Galicia tamén é unha mellora importante, xa que permite aproveitar —como dicía— dunha forma máis eficiente os recursos dispoñibles do Sergas.

O neurólogo —como dicíamos— decide en tempo real a onde hai que dirixir a persoa, porque pode ocorrer que unha persoa estea en tránsito ou estea nunha situación na que unha destas unidades non a poida atender porque está atendendo a outro e derivaa á máis próxima. É unha coordinación, como digo, en tempo real.

O número total de código ictus activado durante o primeiro ano da existencia deste plan galego é de 2.237 pacientes.

As fibrinólises intravenosas —é dicir, este primeiro tratamento que se pode dar en calquera centro noso— foron a un total de 418 pacientes e as trombectomías mecánicas realizadas nestas tres unidades son 128.

Polo tanto, cremos que xa neste primeiro ano —que é un primeiro ano onde temos dado información á poboación para recoñecer o que é un ictus— empeza a dar os seus froitos. E estas persoas, sobre todo, claramente, as 128 das trombectomías, poden pasar dunha morte ou dunha enfermidade cunha tetraplexía importante, a ter unha vida normal, coma calquera de nós. Por iso creo, sinceramente, que imos ir mellorando co Rexistro, pero a liña é a adecuada, coordinando todos os servizos para a poboación galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ás seguintes preguntas, que se acumulan para efectos do debate. Son as preguntas do Goberno números 6 e 7, ao abeiro do disposto no artigo 159.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención da cirurxía pediátrica en Ourense**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías, e moi boa tarde tamén para vostede, señor conselleiro

Ata setembro de 2013 había no Complexo Hospitalario de Ourense un total de 3 cirurxiáns pediátricos para os 30.000 nenos e nenas de toda a provincia. E digo ata setembro porque a partir de aí a xubilación dun deles e o traslado a petición propia do outro deixounos en toda a provincia cun cirurxián para unha poboación total —repito— de 30.000 nenos e nenas.

Cando os menores en Ourense enferman e se teñen que operar fano fóra do horario que a Xunta de Galicia considera apto para iso; é dicir, de luns e venres en horario de mañá. O que teñen que facer é desprazarse eles e as súas familias ata Vigo. É dicir, onde había un servizo, a Xunta de Galicia o que creou foi un feixe de problemas: comprometeu os prognósticos das patoloxías, incrementando o risco dos desprazamentos por estrada, é dicir, pais e nais que se teñen que desprazar nalgúns casos máis de 200 quilómetros desde, por exemplo, as localidades de Viana do Bolo, A Mezquita ou Carballeda de Valdeorras; dificultou a conciliación de pais e nais, que teñen que ingresar os seus fillos e fillas no Complexo Hospitalario de Vigo, así como lles fai ter que facer fronte aos custos económicos que supón o desprazamento e a estancia nalgúns casos tamén noutra cidade ou noutra provincia; deixou sen asistencia os menores que están ingresados, os que xa foron operados; diminuíu a formación dos residentes; e incrementou as listas de agarda en operacións que non son urgentes. Aproximadamente 100 nenos e nenas están á espera de ser operados agora mesmo en Ourense.

Esta situación, este desleixo da Xunta de Galicia, o que xerou é todas estas medidas, que non as di o PSdeG, anunciouno e prevíao a propia valedora do pobo no Informe do ano 2013. O que ela predixo cumpriuse, por desgraza, e a Plataforma da Sanidade Pública vai recorrer agora mesmo —e nós, o PSdeG, con ela— tanto á Fiscalía como á Valedoría do Pobo. Imos recorrer porque con vostedes está claro que non podemos contar, polo menos ata o que temos entendido. Porque o 11 de maio votou o Partido Popular en contra dunha PNL do Partido Socialista para restablecer este servizo, e hoxe quérolle preguntar se houbo algún cambio de posicionamento, posto que, segundo me din os compañeiros do Concello de Ourense, á iniciativa que presentaron eles para instar a Xunta de Galicia, neste caso no mes de xullo, o Partido Popular votou a favor. E, claro, tenme que perdoar, señor conselleiro, pero esta

deputada e este grupo están contrariados, posto que o alcalde de Ourense era membro do Goberno da Xunta de Galicia cando se suprimiu este servizo.

Co cal, a pregunta é clara: ¿hai algún tipo de cambio de posicionamento a respecto do Servizo de Cirurxía Pediátrica no Complexo Hospitalario de Ourense?

E máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Para formular a pregunta acumulada ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, imaxino que vostede sabe —se vive neste planeta— que Ourense é unha cidade, é unha provincia, que vive unha auténtica sangría poboacional. Entendo eu que debера ser parte dos deberes dos poderes públicos facer o posible por corrixir esta situación. Pero vostedes, sinceramente, parece que teñen como estratexia camiñar en absoluta dirección contraria.

Cando falamos da sanidade, falamos dun piar fundamental para calquera sociedade, falamos da saúde e da vida das persoas. Pero é que neste caso é máis grave aínda, porque cando lle falamos de cirurxía pediátrica estamos a falar de nenos e nenas da nosa sociedade, das persoas máis vulnerábeis e polos que todos e todas deberamos velar. Non sei se a vostede lle parece que podemos incentivar a fixación de poboación e que as persoas teñan crianzas nesta latitude do noso país cando nin sequera se lles pode garantir unha atención para calquera circunstancia en calquera momento do ano e a calquera hora do día, como entendemos que debера ser un servizo elemental como a cirurxía pediátrica.

Señor conselleiro, nós, de verdade, é que non pedimos a lúa. O único que pide a sociedade ourensá é un servizo 24 horas ao día, 365 días ao ano, como había antes de 2013; un momento no que vostedes decidiron aplicar un deses eufemismos que empregan no recorte dos servizos públicos e establecer unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza. Esa decisión non sei se vostede é consciente do que supón na práctica. Na práctica supón que moitas familias de Ourense se teñan que desprazar a Vigo. Pero é que, mire, entre Ourense e Vigo hai aproximadamente 100 quilómetros, unha hora e dez ou e cuarto de coche, pero isto supoñendo que alguén poida empregar un automóbil particular. En caso de que un día coma hoxe, con folga de transporte, decidan ir en bus non é posible. Pero é que se intentan ir desde a cidade a Vigo en tren a situación non é moito máis sinxela. Isto que lle traio son os horarios de tren de hoxe. Como podería ver se profunda nisto, hai apenas dous rexionais de hora e pico que son absolutamente incompatibles en calidade de horarios e logo hai unha chea de trens que envían as/os ourensáns por Santiago e que custan máis de 20 e de 25 euros. Xa me dirá que familia se pode permitir, cos salarios que hai en Ourense, 50 euros por ir ver os seus fillos e fillas ao hospital.

Agora imaxine esta situación en alguén que é do Barco de Valdeorras: 212 quilómetros, dúas horas e media en coche, a única alternativa; de Xinzo: 140 quilómetros, hora e media, coche, a única alternativa. En fin, esta situación no seu día xa foi demandada polos grupos da opo-

sición, mesmo o Valedor do Pobo deu a razón a esta situación que catro anos despois só fixo empeorar. Sabemos por familias e por profesionais que a situación foi a peor, hai cirurxías atrasadas, hai días nos que en Ourense non hai ningún profesional de cirurxía pediátrica, hai preoperatorios caducados e listas de espera que incumpren as normas legais. Ata tal punto que, como xa se dixo aquí, as familias e moitos partidos políticos acudimos á Fiscalía de Ourense para que isto se corrixa. E eu pregúntolle: ¿por que os nenos e nenas de Ourense, de Valdeorras, de Viana, de Xinzo, de Cualedro...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...son galegos e galegas de segunda? ¿E que vai facer o seu goberno para corrixir esta situación? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, a verdade é que oín falar de case todo menos de calidade de servizo aos rapaces e rapazas de Ourense. Falaron de tren, falaron de conciliación, falaron de moitas cousas, pero realmente, do máis importante, do servizo sanitario, da calidade do servizo sanitario, non se falou. E creo que é importante falar porque a demagogia é fácil levala neste hemiciclo pero na realidade non é así.

Mire, desde novembro de 2013 está constituída a Área de Servizo compartido de Cirurxía Pediátrica do Sur de Galicia, polo que a asistencia de cirurxía pediátrica está garantida con máis medios e mellor organización. No ano 2000 —hai dez anos— na provincia de Ourense había 36.562 nenos menores de 15 anos e neste ano o censo recolle 30.800, unha diminución do 15,7 % de nenos. Neste momento, Ourense é a sexta por frecuencia e por número de nenos con respecto ás sete EOXI de Galicia; de sete, a sexta que menos nenos ten. É un dato a ter en conta.

A sección de Cirurxía Pediátrica do CHOU rexistra unha actividade cirúrxica programada e urxente dunhas 200 intervencións anuais —186 o pasado ano 2016—, o que representa a práctica totalidade da demanda cirúrxica de consultas que se rexistran. En 2014 e 2016 realizáronse 563 intervencións e 3.249 consultas. Para asumir esta actividade ata o pasado mes de febreiro o CHOU contaba con dous cirurxiáns pediátricos propios a tempo completo, co apoio dos servizos de Uroloxía e de Cirurxía Xeral. A partir dos sete anos eran intervidos polos servizos de Uroloxía e Cirurxía Xeral, e os pequenos eran derivados pola súa especial complexidade.

Co traslado dun deles por petición propia desde o pasado mes de marzo, conta cun só especialista. É un tema voluntario. Nós non podemos atar os especialistas a un lugar concreto. Teñen posibilidade de mobilidade e, lóxicamente, é un dereito que teñen os profesionais. Coa colaboración do Servizo de Cirurxía Pediátrica de Vigo o pasado día 21 reiniciáronse as

intervencións de cirurxía pediátrica directamente no CHOU. Ademais, continuouse realizando unha activa procura para contratar un cirurxián pediátrico máis, pero existen moi poucos especialistas e ningún deles estaba dispoñible. O obxectivo irrenunciábel do responsable da Xerencia de Xestión Integrada do Sergas de Ourense mantén no CHOU este servizo de xeito integral resolutivo autónomo, polo que explotará todas aquelas opcións posibles para evitar o traslado dos rapaces de Ourense a outra provincia para ser intervidos.

Por iso, para manter un servizo de calidade e seguro en Ourense, garantindo que os profesionais realicen a actividade necesaria, creamos o servizo compartido con Vigo. En Ourense, realízase toda a actividade que poida realizarse con criterios de calidade e seguridade, o que supón o 100 % da actividade programada e a maior parte da urxente. Polo tanto, a creación desta área posibilita sumar os recursos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e do Complexo Universitario de Vigo para atender os nenos das súas áreas cun servizo de calidade e seguro. Con esta modalidade dáse resposta ás necesidades dos profesionais de Ourense de ampliar a casuística e a variabilidade diagnóstica e cirúrxica que atenden e fai posible cumprir coas ratios de volume e seguridade, pois aumentan as súas horas de quirófano.

Con estas medidas a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense considera e valora as indicacións do Informe elaborado pola Valedora do Pobo sobre a creación desta área e proxecta continuar traballando no seu desenvolvemento e mellora continua, permitindo así que o dispositivo contribúa a potenciar a calidade global dos servizos de Cirurxía Pediátrica do sur de Galicia.

Pero os cirurxiáns, calquera cirurxián e especialmente os pediátricos, necesitan ter un número importante de intervencións ao ano. Se non fan intervencións, loxicamente, non están capacitados para facelo. E, de feito, durante moitos anos moitos nenos galegos tiñan que derivarse a outros centros de España —de Madrid, Barcelona— buscando a seguridade e a calidade do servizo. Polo tanto, o que temos que dar é un servizo de calidade e seguro para os nosos nenos e nenas, e iso é o que estamos tratando de facer.

E, como dicía anteriormente, hai outras áreas con máis nenos que Ourense que non teñen Cirurxía Pediátrica, pero teñen unha referencia clara, e sábese como e cando se van intervir. Por certo, hai que dicir que na Coruña temos dous CSUR, que son centros de referencia a nivel nacional, concretamente, o centro de referencia de Traumatoloxía Infantil, ao que poden vir nenos de toda España. Iso non é un demérito para ninguén senón que contamos con xente que ten un número suficiente de nenos para ter a experiencia, o que chaman os cirurxiáns «mans cunha calidade extraordinaria»: a ortopedia infantil e a asistencia integral de neonato con cardiopatía conxénita do neno e con cardiopatía conxénita complexa. Ademais, temos outra unidade CSUR referencia para toda España tamén en enfermidades metabólicas conxénitas aquí, no Clínico de Santiago.

Polo tanto, o que temos que dar aos nenos, ás nenas e a calquera cidadán de Galicia é un servizo médico de calidade. A ser posible, evidentemente, temos que localizalo onde poida ser; pero cando os números, a frecuentación e as indicacións non o fan posible, levarémolo ao sitio máis próximo, sempre procurando que sexa dentro do noso territorio. Pero, se algún ten que saír fóra para mellorar o resultado final, desde logo imos seguir facéndoo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para a réplica, en primeiro lugar, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Estamos de acordo con vostede, señor conselleiro, en que a calidade do servizo é importantísima. O que nos parece preocupante é escoitar, dicir e botar de lado a un membro do Goberno a importancia da conciliación. ¡En pleno século XXI, no ano 2017, un membro do Goberno galego dando a entender e dicindo que a conciliación non é importante! Polo menos, señor conselleiro, disimulen un pouco, por favor. (*Aplausos.*)

Vostede dixo que diminuíu a poboación un 15,7 % entre os menores de 14 anos. É un dato irrefutable. Eu estou de acordo con vostede, por suposto que si. Pero, claro, entón, o que nós non sabemos é que o que están facendo é castigarnos, é poñer contra a parede a provincia de Ourense e a súa cidadanía por ter un grave problema demográfico. Iso é o que está facendo o Goberno galego, e parece mentira e parece increíble na que ía ser a lexislatura do rural, señor conselleiro.

Falou da Coruña, e nós queremos falar hoxe da Coruña tamén e de por que os nenos e nenas da provincia de Ourense están xogando en terceira rexional a respecto desta provincia, porque é que na Coruña hai 1 cirurxián pediátrico cada 4.000 e en Ourense hai 1 cada 30.000, señor conselleiro; co cal, hai unha certa, unha clara discriminación, ao medio rural.

Vostedes volveron cometer unha vez máis fraude ás institucións e fraude á cidadanía. Votou no Concello de Ourense o seu partido a favor de Cirurxía Pediátrica as 24 horas e aquí, en contra. Estanse rindo da cidadanía, están ultraxando as institucións e tomándolles o pelo a todos os ourensáns. Non lle estraña a esta deputada e non lle estraña a este grupo que un alcalde que aprobou —repito, sendo membro do Goberno— esa medida, que pende agora mesmo dun fío no Concello de Ourense e que está moi preto de estar fóra del non se atrevera a votar en contra dunha medida como esa que puña o Grupo Socialista... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** O Grupo Socialista, señor conselleiro, vai seguir pelexando e vai seguir loitando, xunto coa plataforma, con aquela campaña que se iniciou hai catro anos, onde unha nena lle preguntaba á súa nai: «Mamá, ¿por que me trouxeron a Vigo?». Os nenos de Ourense ségueno preguntando. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** E nós imos facer para que non o pregunten máis. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. Escoiten a quen está no uso da palabra.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Non son números, señor conselleiro..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...son persoas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, para o turno de réplica, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, eu estaba preocupada porque parece que definitivamente o conselleiro de Sanidade vive noutro planeta, pero, tal e como se alporizan os colegas da bancada do Partido Popular, pois vexo que é extensible absolutamente a todos. (*Aplausos.*)

En fin, ten a cara dura de dicirnos que non falamos de calidade porque, claro, non é nada parecido á calidade nin ten nada que ver coa calidade falar de ter que percorrer dúas horas e pico en coche e gastar máis de 50-60 euros no transporte para ver a túa crianza, en caso de que o necesites.

Eu, desde logo, non teño fillos nin fillas, afortunadamente..., (*Murmurios.*) pero non me quero nin imaxinar o que é a situación de calquera nai ou de calquera pai que teña que pasar por esa situación tendo en conta tamén como é a situación económica na nosa provincia. De verdade, eu só lle pido unha cousa: cando veña aquí respondernos, non nos tome o pelo. ¿Que faltan especialistas?, ¿que non os poden atar? Non os poden atar, loxicamente, pero o que poden facer é crear condicións para que hoxe as especialistas en Cirurxía Pediátrica queiran vir formarse a Ourense. Porque, desde logo, hoxe en día é moi normal que non queiran facelo, ¡claro! E vostedes ben que rotan especialistas e non pacientes cando lles convén, que é o que fan con outras especialidades sanitarias entre os tres hospitais da provincia, ¿ou non? E vostedes ben que teñen capacidade de pedir que haxa máis prazas de formación no MIR para esta especialidade, ¿ou non? Ou onte, por exemplo, que aprobamos unha modificación orzamentaria —quero recordar—, unha ampliación de 228 millóns, ¿que pode supoñer con esa contía para unha administración a creación de dous ou tres postos de traballo máis? Non supón nada, o que pasa é que non lles importa nin o máis mínimo o que lles pasa aos nenos e nenas da provincia de Ourense, e, como somos o último no que se pensa neste país, pois non teñen pensado facer nada. (*Aplausos.*) Pero, desde logo, eu creo que 30.969 nenos e nenas en toda a provincia, 12.870 na cidade, é para pensalo; e é para pensalo máis aínda cando se nos pretende vender que vostedes teñen por diante o reto demográfico. Porque ¿que queren que fagamos definitivamente en Ourense?, ¿pechar a provincia e para iso non molestalos e non ter que acudir á sanidade pública? ¡É que de verdade...!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E remato xa. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a réplica, por parte do Goberno, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Mire, señora Presas, o problema da natalidade é que alguén, unha muller, poida dicir que está contenta de non ter fillos. Ese é o problema da natalidade. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Ese é o problema da natalidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

O Servizo Galego de Saúde... *(Interrupcións.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, escoiten a quen está no uso...

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e a Xerencia de Ourense... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...teñen como obxectivo irrenunciabile ofrecer unha asistencia sanitaria segura e de calidade a todos os pacientes e cidadáns aos que prestan servizos. Pero nós temos que prestar servizos, temos que mirar polo número de cidadáns que teremos que atender: nenos, nenas, maiores e mediana idade, dá exactamente igual. A calidade e a seguridade é o máis importante para todos nós. E niso estamos traballando continuamente.

Como digo, no caso da Cirurxía Pediátrica de Ourense prima tamén a calidade e a seguridade dos nenos atendidos coa mellor organización nas circunstancias e cos medios dispoñibles. A creación de servizos compartidos responde á necesidade de organizar a prestación dun servizo cos profesionais máis competentes. O servizo compartido entre Vigo e Ourense fai posible que moitos casos poidan ser atendidos en Ourense, ás veces por profesionais que se desprazan desde Vigo para as intervencións e desprazando a Vigo aqueles casos que, pola súa complexidade, requiren doutras instalacións e equipos. A experiencia de servizos compartidos non é unha novidade no ámbito da cardioloxía ou, por exemplo, tamén da radioterapia, é bastante habitual.

Respecto do Servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, é a referencia para as áreas de Ferrol e Lugo, polo que a poboación pediátrica acada 117.000 nenos menores de 15 anos —117.000— e hai 6 cirurxiáns pediátricos. Vigo e Ourense suman 104.000, menos que a referencia, e, como digo, en Lugo ou en Ferrol non hai cirurxiáns pediátricos.

Pero, desde logo, estou convencido de que teñen un gran servizo, e non só se demostra por eses datos, senón tamén porque, como digo, somos referencia a nivel nacional para traumatoloxía infantil ou para cirurxía cardíaca en prematuros. Polo tanto, temos bos profesio-

nais, temos un bo sistema e, desde logo, imos ter que seguir mellorando porque esa é a opción que temos no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)*

E son moitas cousas importantes. Para nada falamos de que non é importante a conciliación, o transporte e outras cousas, pero, como digo, o máis importante para nós é que sexa un bo servizo, un servizo de calidade e, como digo, para todos os nenos e nenas de Galicia, con áreas de servizo compartido, cos CSUR a nivel nacional ou con servizos específicos para determinadas patoloxías. Falabámolo antes do Plan Ictus, do Plan Ictus para toda Galicia, e estamos falando dunha coordinación central, que non ten que estar pivotando nun sitio concreto, senón de que estea organizada para dar, como digo, o servizo necesario a todos os galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

*(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)*

Señora Presas, ¿para que quere a palabra?

Si, déanlle voz ao escano da señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pois, conforme o recollido no artigo 76, quero pedir a palabra porque considero que unhas alusións que fixo o conselleiro de Sanidade atentan contra a miña honorabilidade como muller e contra a do meu grupo. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, silencio. Imos escoitar a señora Presas, que está solicitando a observancia do Regulamento.

Adiante.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Eu pregaríalle ao señor conselleiro que rectifique e que recorde que non estamos no franquismo e que as mulleres somos algo máis que meras vasillas para reproducirnos. Desde logo, non ten nada que enxuzar sobre as consideracións políticas do meu grupo, sobre que eu sexa ou non nai e sobre que me alegre ou non de selo. Desde logo, coa situación económica do noso país, como para manterme a min mesma, se non estivese aquí mesmo traballando, e como para manter algunha crianza. *(Murmurios.)* Estarán vostedes contentos das políticas que aplican.

E se lles molesta que as mulleres poidamos decidir se somos ou non somos nais, pois volvan intentar prohibir o aborto. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, creo que xa quedou perfectamente explicado.

Pasamos á seguinte pregunta...



Si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*(O señor conselleiro de Sanidade, Vázquez Almuíña, pide a palabra.)*

Perdón, dígame, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** O que teño que dicir é que, evidentemente, non buscaba desde logo nin insultar nin... A min chamáronme «caradura». Pero non era iso para nada..., senón que temos que facer un profundo estudo de que está pasando en Galicia. E, desde logo, hai un problema, que uns din que é económico, outros din que é cultural, e eu creo que é iso.

Se a deputada se sente insultada por min, desde logo, retiro iso. Pero, desde logo, non ía con ese fin...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** O fin é que as causas da falta de demografía non son a non existencia dun ou dous servizos de Cirurxía Pediátrica. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Creo que quedou explicada a petición de retirar as palabras.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

Non hai moitos anos un bo número de camiños rurais eran feitos polos veciños. Non me move a melancolía prehistórica, non son culpable de ter a idade que teño, pero comprenderá que corenta anos non son nada. Non son nada, pero permiten ter unha visión moito máis completa no tempo.

Logo viñeron as obras comunitarias da Deputación, os convenios e pouco antes do 2005 plans de cooperación que eran daquela maneira, repartían talladas aos amigos e dúas frebas aos demais. Deron para facer ata algún que outro tanatorio.

No Bipartito, afirmando a nosa vocación municipalista, púxose orde e sensatez ao asunto, utilizáronse fondos agrarios con base en criterios obxectivos, anulando os convenios ante-

riores que deron lugar a descubrir que os alcaldes do PP tamén sabían manifestarse e poñer en solfa o Estado de dereito. Recorden que se apaciguou todo cando viron que a maioría saían mellor cos novos criterios equitativos e consensuados por primeira vez coa Fegamp, ¡por primeira vez!

A democracia que tanto pregoan tivo e ten entre outros un gran tema pendente: o financiamento local, a actual condena aos alcaldes e equipos de goberno a mendigaren en institucións superiores financiamento fraccionado. Este financiamento inxusto ten como consecuencia que os concellos non dean cumprido coas súas obrigas. O PEIM primeiro e logo o Plan marco deran un respiro, e con eses cartos os concellos ían exercendo esa competencia de obras necesarias para manter vivo o rural. O Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 20 millóns case, reduce os fondos dispoñibles en máis dun 60 % e pasa a 16 millóns en dous anos. Para velo en cifras entendibles: Boimorto, que tiña en 2016 de asignación 72.457 euros, pasa no 2017 a 29.388,50 e no 2018 ten previstos outros tantos.

Con esta política de diminución de fondos vitais aos concellos para investimento no rural o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que vivimos no medio rural e que ademais contribuímos a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación.

¿Cales son os motivos para reducir os fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018 mentres se manteñen dotacións para gasto en propaganda da actividade do Goberno? Porque, ¿estamos ou non estamos no ano do rural? ¿Vostedes seguen exhibindo o carné de militantes de Galicia ou é puro conto? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Para contestar, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Señor Rivas, este ano, efectivamente, hai un plan bianual, tal e como nos pediron os alcaldes. Efectivamente, o ano pasado sacamos un plan anual, 19 millóns de euros, e teño que dicirlles que se certificaron 16 millóns de euros.

Tamén teño que dicirlle que parte da non certificación correspondeu a varios concellos, e creo que non foi o de Boimorto, que ese si que certificou. Co cal, o ano pasado era un plan cofinanciado a través do PDR e este ano son fondos propios libres. É a primeira vez que se destinan 16 millóns de euros de fondos propios libres; é dicir, un 150 % máis que endexamais para poder ter un plan marco. Co cal, se o pasado ano se certificaron 19 millóns de euros, comprenderá que de fondos propios libres non podía ter máis dos certificados, que eran 16 millóns de euros, o cal non quere dicir que nos vindeiros orzamentos non vaiamos volver ter outro plan bianual. Pero está bianualizado porque varios dos alcaldes nos dicían que tiñan certos problemas para a redacción dos proxectos, para a consecución dos permisos e para poder certificar no ano en curso, de aí que o fixeramos bianual. É simplemente para clarificar que, efec-

tivamente, os demais tamén temos historia, os demais sabemos cando os veciños se unían e se seguen unindo, non para a apertura de novos camiños, que non está permitida, e porque ano tras ano, despois de distintos plans, e xa dende o ano 2013, se investiron só en plans de camiño en Galicia 75 millóns de euros. É máis, teño que dicir que entre este ano e o vindeiro ano a pretensión é o arranxo —non a apertura, senón o arranxo—, o acondicionamento, de 650 quilómetros de camiños; camiños que non van só a través deste plan marco, senón que saben que demos un impulso máis que importante e transcendental ás distintas concentracións parcelarias. E ademais cambiamos a metodoloxía, e esa metodoloxía é por un novo sistema que nos ampara e que tamén demanda a sociedade que vive no rural, que é non facer cuadrículas, senón ser quen de que aqueles camiños xa existentes se amplíen, se melloren e, polo tanto, que non haxa necesidade de novos camiños que despois haxa que acondicionar, haxa que desbrozar e nos que sexan moi difíciles eses servizos, á parte de non ser necesarios.

Co cal, hai un plan marco de camiños; por suposto que está consensuado coa Fegamp, teñen opción a el 313 concellos e a determinación do orzamento vén en función da poboación, da superficie, do grao de despoboamento, do grao de envellecemento e do nivel agrario de cada concello.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu non saio do meu asombro, de verdade, señora conselleira, porque me deixa en *órsay*. Eu non lle falei de apertura de camiños, eu faleille de mantemento de camiños, imprescindibles para aquelas explotacións gandeiras, de leite, de carne, para aquelas explotacións de porcino, para aquelas explotacións que, a Deus grazas ou grazas a outras cousas, temos no concello de Boimorto e en moitos máis concellos. Eu estoulle falando de mantemento necesario, estoulle falando de que ao carecermos dun financiamento lóxico os concellos —e este é un débito da democracia que ten co local—, vostedes teñen que poñer diñeiro. E se seguen propagandeando que estamos no ano do rural, fágano efectivo, pero fágano efectivo en car-  
tos. Obras son, ademais de amores, diñeiro.

E a min abráiame con tantas cifras. As cifras manéxanse facilmente, manéxanse para un lado e para o outro, enceréllanse e confúndense. Eu estoulle falando de realidades, e a realidade é que os alcaldes e os equipos de goberno vense negros para poder manter os camiños en pé. Vense negros porque hai explotacións de madeira que, cando pasan, arrasan e deixan lombos, ¿eses si que son lombos nos camiños!, nos camiños que necesitamos para extraer a madeira, para levar a maquinaria para ensilar o millo e para todas esas actividades que vos-  
tede e mais eu coñecemos ben.

Polo tanto, ¿non se me vaia polos cerros de Úbeda!, e desculpe a dureza. Vaíamos ao concreto. ¿Canto diñeiro van investir, van dar aos concellos? Diñeiro que se lles debe aos cidadáns do

rural. ¿Cando llelo van dar, e en que medida e como, para solucionar estes problemas? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, non falo de cifras, falo de realidades. Teño que falar de contías económicas, ao igual que vostede me pon enriba da mesa as contías económicas, co cal eu lle estou dando unha explicación lóxica e razoable.

O pasado ano había un orzamento de 19 millóns de euros que era cofinanciado a través do PDR, a través dunha medida que xa esgotamos porque facemos ben as cousas, polo tanto, investimos todo aquilo que primeiro conseguimos grazas ao esforzo de moitos.

O PDR conformouse con moitas asociacións, con distintos grupos políticos. Había unha contía orzada, esa contía esgotouse e, polo tanto, a Xunta de Galicia tiña que facer un esforzo, porque non podía consentir a Xunta de Galicia, e moito menos a Consellería do Medio Rural, que os nosos concellos non tiveran de novo un plan marco, de aí que hai 16 millóns de euros de fondos propios libres. Pero non só hai eses 16 millóns de euros de fondos propios libres, senón que tamén temos máis de 20 millóns de euros para as distintas reestruturacións agrarias, parte das cales van para acondicionar os camiños, van para reorganizar eses camiños, van para adecentar eses camiños, non só son eses 16 millóns de euros.

Ben é certo que os camiños son fundamentais no rural galego, temos moitísimas entidades de poboación. Os concellos fan un esforzo importante e transcendental, e dende a Consellería do Medio Rural habilitamos programas varios e distintos para poder ser quen de atender, e atender en varios eidos. Incluso cando existe algún tipo de emerxencia, a Consellería do Medio Rural establece convenios con concellos para arranxar, e neste momento temos un no concello de Boimorto, xunto co concello de Mesía, do arranxo dunha ponte que, efectivamente, era un perigo para os cidadáns que por ela ían. Son dous concellos con ideoloxías totalmente distintas, pero nós perseguimos un fin, e ese fin é dar servizos aos concellos.

Son catro plans consecutivos: ano 2013-2014, ano 2014-2015, houbo outro no ano 2016 e agora estamos no ano 2017, e créame que xa confeccionando e habilitando para que os 313 concellos galegos dispoñan, a través dun sistema totalmente transparente consensuado coa Fegamp, dun novo financiamento para os concellos, non só a través de arranxos de pistas, senón a través de desbroces e en distintos ámbitos que eles nos están a demandar.

Co cal, dende o ano 2013 foron 75 millóns de euros; en dous anos chegaremos a 650 quilómetros; e o financiamento de fondos propios é este ano un 150 % máis que o ano anterior.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Gustaríame aproveitar a miña intervención para denunciar nesta Cámara o novo aprazamento do xuízo-farsa dos 25 presos políticos saharauís que están no Gdeim Izik, ante a complicidade e a pasividade do Consello de Seguridade Nacional da ONU, en relación cos dereitos humanos da poboación saharauí nos territorios ocupados polo Reino de Marrocos. (*Aplausos.*)

Dito isto, señora conselleira, boa tarde.

A Consellería do Medio Rural pon en marcha o convenio de colaboración entre Consellería e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais, cofinanciándoo parcialmente co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

No seu punto 3, participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, estes convenios presentan actuacións en dúas liñas.

A primeira, os labores preventivos. Nela dinos que se desenvolverán traballos manuais en faixas de xestión de biomasa en terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario coñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade, cando non sexa posible mecanizar estes traballos. A Consellería do Medio Rural achega para a realización destas actuacións un máximo de 11.250 euros por brigada ao ano. Os prezos de superficie varían en función da pendente e do tipo de vexetación.

Noutra liña está a actuación de defensa contra incendios forestais, onde nos di que as brigadas colaboran prioritariamente, con respecto a outros traballos, na defensa contra os incendios, integrándose no mando único da Xunta de Galicia. As brigadas poden estar compostas por catro, por cinco ou por seis membros por xornada de traballo. Para todo isto, a Consellería fai unha achega dun mínimo de 11.481 euros por ano para a brigada de catro compoñentes, e de 20.000 para brigadas de seis compoñentes.

Moitos concellos deixaron de formar estas brigadas nos últimos anos por mor de que, primeiro, a subvención da Xunta non dá cuberto os seus custos, e, segundo, porque os labores de roza teñen que executalos en época de máximo risco, algo que contradí o propio Pladiga.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta: ¿Cal foi o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron dito convenio coa Consellería do Medio Rural dende o ano 2013 ata este ano 2017?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra para contestar a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Señorías, xa que estamos no mes de xullo e ademais creo que hoxe é día 12, quero aproveitar a oportunidade que se me brinda diante de todos vostedes para insistir na importancia que ten a loita contra os lumes en Galicia; unha loita que, sen dúbida, é de todos e unha loita que nos fai que cumpramos a lei para previr os incendios.

Neste sentido, temos que lembrar a normativa, a lei de incendios do ano 2007, que establece que os primeiros responsables de xestionar debidamente os terreos forestais son os seus propietarios.

En segundo lugar, correspóndelles tamén aos concellos, de xeito subsidiario, manter en condicións a vexetación nas franxas próximas aos núcleos, e fala polo menos deses 50 metros que nos dan seguridade para que non teñamos grandes desgustos.

E por outro lado está a Xunta de Galicia, que ten que facer —como non podía ser doutro xeito— un esforzo importante para axudar os concellos nestes labores e asinamos convenios de colaboración para os que destinamos en tres anos 33 millóns de euros, 11 millóns de euros cada ano, e ademais facémolo con estabilidade; estabilidade que agora teñen os concellos para contratar as súas brigadas, estabilidade dende o ano 2016 ata o 2018.

Hai un incremento orzamentario do 30 % respecto do ano 2013. Digo 2013 porque é a pregunta que vostedes me fixeron, e xa non quero ir atrás á historia e empezar a facer comparativas porque non sairían moi ben esas comparativas; non polo que estamos a facer agora, que si nos sairía ben, senón polo anterior.

Ademais de formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa e extinción, as brigadas municipais, efectivamente, realizan traballos de prevención como rozas ou desbroces de xeito manual.

Xa son coñecedores, señorías, de que dende a Consellería do Medio Rural nos puxemos en contacto con todas as administracións, estatais e locais, remitindo escritos aos distintos ministerios, ás deputacións provinciais, á Fegamp, aos concellos e tamén ás empresas eléctricas, lembrándolles a norma de aplicación e instándooos a que cumpran e fagan cumprir a lei, porque —como dicía— na loita contra os lumes temos que estar todos, e todos temos unha

responsabilidade. A prevención dos incendios forestais non só a executamos nós, e é certo que hai que lembrarilles aos particulares, que son o 97 %, cales son as súas obrigas.

No caso da Consellería do Medio Rural, as dúas terceiras partes do seu orzamento dedícanse a labores preventivos ou de valorización, e un terzo á extinción de incendios. Ademais, 11,25 millóns de euros foron este ano para axudas de acción silvícola de prevención; 4 millóns de euros para sociedades de fomento forestal e montes veciñais en man común, para o control selectivo de combustible e tamén para puntos de auga; e hai outra parte destinada a sensibilización, vixilancia preventiva e detección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra para a réplica o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas.

A pregunta era doada, que era dicir cantas brigadas por ano subscribiron eses convenios, pero non nolo dixó.

Hai pouco máis dunha semana presentaron vostedes o Pladiga 2017, un documento que se lles enviou ás organizacións escasos días antes dende o seu gabinete, práctica que xa parece ser habitual nos últimos anos. Un documento moi extenso, de máis de 300 páxinas entre anexos e planos, de gran complexidade técnica e que debería ser consultado, debatido e traballado en conxunto dende o comezo do ano.

Estas prácticas entorpecedoras non son esporádicas, senón que constitúen un *modus operandi* habitual na súa consellería. Desta maneira, o seu departamento leva os temas ao Consello Forestal como feitos consumados, e moitos destes membros do Consello Forestal entéranse antes polo comité de propaganda que teñen instaurado no noso país que en tempo e forma, como debería de ser.

Non é de recibo que non puideran participar no Pladiga. Falo do Pladiga porque nel vostedes anuncian que Galiza vai ter 275 brigadas montadas nos concellos por medio destes convenios. Non imos entrar a valorar se a brigada dos concellos si, se a brigada dos concellos non, aínda que non está de máis recordar aquelas datas do verán do ano 2006, cando Galicia vivía a peor vaga de incendios forestais. En plena vaga de lume, un medio de comunicación sacaba á luz un informe remitido polo Partido Popular da Coruña aos seus alcaldes na provincia, na que o partido incluía as instrucións que deberían seguir os rexedores e as rexedoras á hora de asinar os convenios para constituír as brigadas municipais de incendios que se viñan organizando en colaboración coa Xunta.

Vostedes admitían que a verdade non existían grandes diferenzas entre as condicións que impoñía o Bipartito e as que anteriormente estipulara o Goberno do señor Fraga, pero instábanos a desenvolver unha estratexia baseada na dilación, para atrasar a posta en marcha do dispo-

sitivo cando o país estaba en lapas. Quen asinaba aquela instrución era a secretaria da Organización Provincial do seu partido, María Faraldo, que despois sería alcaldesa de Betanzos.

Vólvolle formular a pregunta, é moi sinxela: ¿cal foi o número de brigadas de prevención e de extinción de incendios nos concellos que subscribiron estes últimos anos? O número exacto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Cantas no 2013, cantas no 2014, etc.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Ten a palabra, para o turno de réplica, a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Señor presidente.

Señoría, a verdade é que eu antes dicía que non quería facer comparativas porque sempre nos din que estamos adiante e atrás co Bipartito, pero si lle podo dicir que no ano 2006 eu era alcaldesa, e prefiro non recordar o que pasou con aquel operativo de incendios. É máis, non vou utilizar politicamente o que aconteceu naquel momento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o estou facendo, non o estou facendo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Recórdame vostede o... Estame recordando vostede o Bipartito, eu nin sequera llo nomeei, centreime dende o ano 2013 ata agora, é vostede. Polo tanto, eu teño que dicirlle que era alcaldesa, e prefiro calar o que alí aconteceu.

Independentemente disto, dígolle o número de brigadas. Vostede preguntame dende o ano 2013, pero se quere que vaíamos ao ano 2006, tamén poderíamos ir. Ano 2013, 292; ano 2014, 265; ano 2015, 265; ano 2016, 271; ano 2017, 295. Eses son os números que teño para darlle e que vostede pode coñecer. (*Aplausos.*)

Á parte pódolle dar a coñecer outros números como os seguintes: construímos nos últimos cinco anos 412 novos puntos de auga, claves no traballo do medio de transporte aéreo e no dispositivo antiincendios de Galicia e, deste xeito, 5.919 depósitos están repartidos por toda a comunidade.

Se quere tamén lle digo onde. Na provincia da Coruña, 1.696; en Lugo, 1.496; en Ourense, 1.447; e en Pontevedra, 1.274. Pero ademais, dentro do plan que presentou o conselleiro de Facenda, incrementamos substancialmente os recursos para combater o lume. Polo tanto, independentemente doutros proxectos, tamén van incluídos novos puntos que nos demandan en certas zonas.



Temos agora mesmo 10.500 hectáreas de cortalumes, repartidas nos 19 distritos, e o tempo de reacción ante un incendio que se atopa agora mesmo, como máximo, a 21 minutos, imos loitar para que sexa de 15 minutos.

Estes son os datos que eu lle tiña e que agardaba dicirlos, pero vostede igual cría que non llos ía contar. Pois si, só faltaba iso. E contamos ademais —como saben— con eses 30 medios aéreos, 360 motobombas, das cales 69 son novas, de entre o ano pasado e este ano.

Sen máis, porque supoño que quedará clarexado, dicirlle que ademais este ano as brigadas municipais desbrozan un total de 2.400 hectáreas; e os GES, que son 24 e tamén están conveniados, e polo tanto teñen que facer estes labores porque son unhas brigadas máis, 850 hectáreas, que me estaba preguntando a señora Pontón e, por suposto, eu lle contesto.

Sen máis, eu só lle desexo a toda Galicia un bo verán, porque os incendios non dependen só de como veña o verán, senón que tamén dependen dos incendiarios. E eu si que lles tendo a man, como conselleira do Medio Rural, para que todos dentro das súas posibilidades fagan cumprir a lei e, polo tanto, Galicia deixe de ser noticia polos incendios. E por favor non o tomen a broma nin sopren, porque é un gran problema.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para tentar acadar a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

Facemos a pregunta máis impopular, porque é a última e despois deste Pleno todo o mundo ten ganas de marchar. Preguntamos hoxe por unha cuestión que ter que ver coas consecuencias do *Brexit*, case todas elas moi negativas en xeral, pero algunhas, aínda que negativas precisamente para os que alí habitan, poden ser positivas por efecto reflexo noutros lugares de Europa.

Falamos particularmente —como vostede sabe— da Axencia Europea de Bivalvos, ou CEFAS, como é coñecido, polas súas siglas en inglés. Nós o que vimos comprobando é que esta situación da derivación de axencias europeas, que estaban ubicadas en Gran Bretaña e que agora teñen que reubicarse noutro lugar de Europa, pasou xa en Galicia por un episodio bastante negro ou bastante preocupante incluso, que foi a petición do Goberno galego en par-

titular —que digamos que capitaneou o señor Núñez Feijóo— da Axencia Europea do Medicamento. A pesar das nosas preguntas seguíronnos dicindo que estaban traballando nesa cuestión. «*Estamos trabajando en ello*», dixeron. E a pesar diso vimos como o Goberno de España segue apostando, ou apostou no seu momento xa, antes desas declaracións, por Barcelona; ademais tamén será difícil que puidera levar esa axencia por motivos xa coñecidos. A pouca relevancia do Goberno galego en Madrid fainos preocupar: non só a AP-9, non só o AVE, senón que tamén levaron unha importante bofetada neste caso.

Na Axencia Europea de Bivalvos nós comprobamos que existe aínda unha aposta tibia. Galicia ten unha potencialidade enorme para poder acoller este centro, sen embargo existiu unha petición tibia, como dixemos, de media reunión, para pedir ou plantexar esta cuestión.

Creemos que Galicia é un lugar idóneo. Ten —coñecemos hoxe por algún medio de comunicación— competidores difíciles e duros pero que non son necesariamente mellores que Galicia. Aquí temos —e foi sinalado dende a Consellería— algúns lugares máis referentes. Facéndonos eco dalgunhas noticias que —como dicía— foron publicadas hoxe, a propia consellería fala de Vigo, que ten a Axencia Europea de Pesca e que ten a Facultade de Ciencias do Mar. Fala tamén a Consellería da ría de Arousa, que ten —como todos sabemos— unha rede de centros de formación como o IGafa, na Illa de Arousa; de investigación como o CIMA, en Vilanova, ou o Intecmar, en Vilagarcía. Habería máis lugares incluso en Galicia para acoller.

Pero xa que a consellería falou e empezou a falar de lugares, nós recordámoslle que existen incluso propostas de concellos que están dispostos a falar. Invítamola a que acolla as propostas para falar e o diálogo para colaborar entre administracións. Invítamola en definitiva, señora conselleira, a que faga unha aposta seria, a que a súa consellería sobrepare o fracaso que tivo a Consellería de Sanidade e o presidente Feijóo coa Axencia do Medicamento e poidan facer unha aposta clara. O noso grupo vai estar nesa aposta, e nós queremos confiar en que o seu traballo —e nós podemos invitala a que o faga de verdade— poida traer para Galicia esa Axencia Europea, que nós creemos que é moi importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Goberno, a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, despois da súa exposición, e logo de vista a pregunta formulada por escrito, creo que cómpre facer algunhas matizacións.

En primeiro lugar, a aposta do Goberno de Galicia para que o laboratorio comunitario de referencia para contaminantes bacteriolóxicos e virais poida vir para Galicia é firme e decidida.

Así o fixemos constar xa cando lle encargamos ao profesor Sobrino o estudo sobre o impacto do *Brexit*, e pedímoslle precisamente que fixera referencia, se o consideraba oportuno, á posibilidade de que o laboratorio comunitario de referencia —o CEFAS—, que estaba no Reino Unido, puidera trasladarse a outro país da Unión Europea. Polo tanto, así se fixo referencia nese estudo, e así se valorou positivamente, que era importante que Galicia se posicionara para solicitar este laboratorio comunitario de referencia, que non é unha axencia, nin ten nada que ver o laboratorio comunitario de referencia coa Axencia Europea de Pesca, que está en Vigo. Si pode ter que ver co laboratorio comunitario de referencia de biotoxinas que está en Vigo, e nós temos tamén —como me ten oído falar—, o Intecmar, que é un centro de control da produción dos moluscos bivalvos e das augas que rodean as nosas costas.

Un centro que é un centro de referencia como centro de control. Nós o que estamos a facer é traballar dende o minuto un para ser capaces de convencer a todo o mundo de que Galicia reúne as condicións necesarias e suficientes para que aquí, no noso territorio —non nun concello determinado, digo en Galicia; non estou falando de ningún centro en concreto, estou falando das capacidades que ten Galicia—, se o considera así a Aecosan, a Axencia Española de Consumo e Nutrición, poidan poñer a Galicia como referente á hora de solicitar este laboratorio.

Eu non sei a que se refire vostede con que temos peticións timoratas. A miña fórmula de traballar é argumentando, é posicionándonos e é acreditando todas as capacidades que temos na nosa comunidade autónoma. Así o fixemos dende o minuto un, así o solicitamos tanto á ministra de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, como á ministra de Sanidade, por ser a responsable última da Axencia Aecosan. E por iso nós seguimos a traballar desta maneira e desta fórmula. Aínda a semana pasada volvíñ remitir documentación ao Ministerio de Sanidade para que sigan estudando e avaliando as fórmulas que nos permitan posicionarnos en lugar privilexiado fronte a outros países que nestes momentos tamén estean solicitando o traspaso deste laboratorio comunitario de referencia, non de ningunha axencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Evidentemente é un laboratorio. Utilizo o termo de axencia porque é o comunmente utilizado, incluso o utilizou vostede nalgunha declaración en prensa, pero certamente é un laboratorio. Se quere referímonos a el polo acrónimo enteiro en inglés, pero creo que sería pedantería absoluta, e eu, dende logo, non vou presumir do meu inglés, que probablemente tampouco será moito mellor ca a media.

En todo caso, nós compartimos que é necesario que sexa unha aposta firme e decidida, dende logo, e iso supera un informe; un informe non é unha aposta firme e decidida. Vostede sabe

con toda seguridade, señora conselleira, o difícil que é que as apostas sexan firmes e decididas, pero cando se fan exixen moito diálogo, moita negociación, os condicionantes, sentar e falar con diversos axentes, sábeo con certeza. Eu o único que lle pido, e o que lle planteamos o noso grupo, é que sexa de verdade firme e decidida, que non quede nunha mera declaración de intencións, porque ese foi —digamos— o precedente do que nós temos na referencia, a Axencia Europea do Medicamento, que foi un fiasco, unha pretensión de ter tres titulares magníficos e ao final aínda non escoitei dicir ao Goberno galego que renuncia a esa petición, bueno dixo que continuaba a petición sen incordiar outras propostas do Goberno de España, o cal é o mesmo que dicir que non nos están facendo nin caso pero non queremos admitir que nos quixemos colgar unha medalla.

En todo caso, argumentar —como di vostede— con todos os argumentos que ten Galicia, que os ten, é tamén a nosa convicción. Polo tanto, se ese é o camiño —como lle dicía—, vai ter o noso apoio. Nós cremos que é importante acelerar o paso. Consideramos que é importante que exista máis ímpeto nas negociacións, e que as ministras, incluída a de Sanidade —como vostede di—, que foi precisamente a que nin veu a Galicia cando se falou da Axencia do Medicamento, neste caso o poida escoitar brevemente, porque Galicia é unha potencia e vostede o sabe. Eu non lle referencio ningún sitio tampouco, pero son cuestións que saíron na propia consellería. Xa sei que a Axencia Europea de Pesca, que está en Vigo, non ten nada que ver, pero probablemente será mellor ubicala en Vigo que no Carballiño, que é un bo sitio pero non ten mar.

Facendo menos brincadeira, imos estar no apoio a esa aposta firme e decidida se é de verdade a vontade da Consellería. Cremos que é unha oportunidade, cremos que Galicia ten grandes oportunidades para ter esta axencia, e, dende logo, sería unha boa noticia. Polo tanto, con toda vontade dígolle que traballe e que considere as peticións e as propostas que se traian, que seguro que terá máis, de moitos concellos, para colaborar entre administracións.

Moitas grazas, *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a réplica por parte do Goberno a señora conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, repito, non creo que nunca me oíra a min nomear este laboratorio comunitario de referencia como unha axencia, son dúas cousas totalmente distintas. Vostede segue chamándolle Axencia de bivalvos. Non, non é unha axencia, é un laboratorio, co que iso significa, e cunhas funcións moi determinadas nun regulamento.

Pero mire, quede tranquilo, nós desde Galicia faremos unha aposta firme e decidida para que ese laboratorio comunitario de referencia poida vir para Galicia. Fago a salvidade de que en Vigo hai a Axencia Europea de Control da Pesca e tamén hai o laboratorio comunitario de

referencia para biotoxinas. Son dúas institucións europeas, con diferente rango cada unha, e as dúas están ubicadas en Galicia.

Nós seguimos traballando deste xeito, con argumentos. Non me diga que son timorata, digo que eu traballo con argumentos, fíxeno así dende o primeiro día. Agradezo o seu apoio, agradezo a súa colaboración, gustaríame que este apoio decidido, que esta colaboración decidida, que agora están acreditando a demostrasen tamén cando nos propuxeron dende Bruxelas cambiar o método de referencia para a detección de biotoxinas, pero vostedes naquel momento, por plegarse ás directivas que viñan da Unión Europea, aceptaron como método de referencia o método químico.

Naquel momento, cando eu cheguei ao Goberno no ano 2009, dixen que non era o mellor método, nin era o máis fiable, nin era o máis económico, puxémonos en contra dese método e fomos ata as últimas consecuencias como hai que ir, con argumentos, e chegamos ata o Tribunal de Estrasburgo.

Neste caso seguimos traballando na mesma liña. Cremos que en Galicia temos capacidade e potencialidade suficiente para manter o laboratorio comunitario de referencia para contaminantes bacteriolóxicos e virais, por iso nos puxemos a traballar dende antes de que se elaborara o propio informe que ditaminou o profesor Sobrino.


Polo tanto, quede vostede tranquilo, nós seguiremos traballando ao noso estilo, non ao seu. Nós sempre co sector, sempre argumentando e sempre buscando as bases científicas, (*Aplausos.*) que é como hai que facer estas cousas, con argumentos e con bases científicas, non dependendo de como nos veña o vento e de como nos veñan os intereses.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Rematados os puntos, levantamos a sesión.

*Remata a sesión ás sete e corenta e sete minutos do serán.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25